



VALEDOR DO CIDADÁN

Informe ao Pleno do Concello 2004

ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE
CONSULTAS, ENTREVISTAS, EXPEDIENTES



Edita: Valedor do Cidadán

Maquetación: Diego Durán

Imprime:

Depósito legal:

Índice

Presentación	7
Introducción	9
PARTE I: Actuacións a instancia de parte do ano 2002 con incidencias no ano 2004	19
- Introducción	21
- Capítulo 1: Mobilidade e Seguridade	22
- Capítulo 2: Urbanismo	22
- Resumo estatístico	34
- Requirimentos	36
PARTE II: Actuacións a instancia de parte do ano 2003 con incidencias no ano 2004	37
- Introducción	39
- Capítulo 1: Auga, Saneamento e Limpeza	39
- Capítulo 2: Medio Ambiente	40
- Capítulo 3: Mobilidade e Seguridade	42
- Capítulo 4: Urbanismo	58
- Capítulo 5: Vías e Obras	71
- Capítulo 6: Xestión Municipal	74
- Resumo estatístico	76
- Requirimentos	79
PARTE III: Actuacións a instancia de parte: ano 2004	81
- Capítulo 1: Auga, Saneamento e Limpeza	83
- Capítulo 2: Benestar Social	85
- Capítulo 3: Cultura, Deportes e Normalización Lingüística	87
- Capítulo 4: Desenvolvemento Local	92
- Capítulo 5: Economía e Facenda	94
- Capítulo 6: Medio Ambiente	99
- Capítulo 7: Mobilidade e Seguridade	117
- Capítulo 8: Parques e Xardíns	152
- Capítulo 9: Urbanismo	154
- Capítulo 10: Vías e Obras, Infraestructuras	187
- Capítulo 11: Xestión Municipal	194
- Capítulo 12: Outros:	207
- Exencións segundo o Regulamento do Valedor do Cidadán	207
- Expedientes remitidos ao Valedor do Pobo	210
- Expedientes remitidos ao "Defensor del Pueblo"	211
- Resumo estatístico	213
- Requirimentos	216
PARTE IV: Entrevistas	223
PARTE V: Consultas correo electrónico	229
PARTE VI: Resumo estatístico	235



PRESENTACIÓN

Este Informe anual elaborouse en relación coas actividades da Oficina do Valedor do cidadán, abarcando o labor realizado ao longo do ano 2004.

O contido do Informe que se presenta foi estruturado nos apartados seguintes:

Introducción, a modo de prólogo.

Parte I: actuacións a instancia de parte do ano 2002 con incidencias no ano 2004.

Parte II: actuacións a instancia de parte do ano 2003 con incidencias no ano 2004.

Parte III: actuacións a instancia de parte iniciadas no ano 2004.

Parte IV: entrevistas levadas a cabo no ano 2004.

Parte V: consultas realizadas por medio do correo electrónico no ano 2004.

Parte VI: resumo estatístico.

A normativa básica aprobada para a Institución que temos a honra de representar, reflicte a filosofía da mesma. O seu articulado fai fincapé nos principios básicos de independencia e autonomía, os cales son os piares básicos de calquera Valedor e que foron guía e norte das súas actuacións, fundamentalmente mediadoras. Interpretando o labor de Mediador como un intento de atopar solución aos problemas que lle son presentados por calquera persoa, ante a existencia de presuntas irregularidades ou arbitrariedades, tanto dos responsables, como dos restantes membros dos diferentes órganos ou servizos municipais nas súas actuacións.

A solución de problemas por diferentes vías como son as entrevistas e as consultas, as actuacións de mediación e conciliación, os expedientes ou as recomendacións e as suxestións, son a parte máis importante do labor que o Valedor do Cidadán debe realizar para cumprir coa súa misión, sempre dentro do ámbito do Municipio.

Por outra parte, o feito de que esta Institución, pola súa propia filosofía, non teña poder executivo e só dispoña da capacidade de Recomendación recibida polo Pleno Municipal, require do apoio dos responsables de tal órgano para poder exercer as súas funcións, así como para que poda producir a eficacia nas súas xestións.



INTRODUCCIÓN

Da análise do conxunto das 134 queixas analizadas durante o ano 2004 conclúese o seguinte:

- Actuacións a instancia de parte do ano 2002 con incidencias no ano 2004: 10
- Actuacións a instancia de parte do ano 2003 con incidencias no ano 2004: 27
- Actuacións a instancia de parte iniciadas no ano 2004: 97

Dos informes solicitados por esta Institución aos órganos municipais, as actuacións que non tiveron resposta ningunha, no momento do peche deste Informe foron:

1. Ano 2002: 1 , relacionada coa Área Urbanismo (1)
2. Ano 2003: 4, relacionadas coa Área de Mobilidade e Seguridade (2), Medio Ambiente (1) e Vías e Obras (1)
3. Ano 2004: 22, relacionados coa Área de Mobilidade e Seguridade (14), Urbanismo (5), Medio Ambiente (2) e Vías e Obras (1).

Esto vén a contradicir o artigo 18.2 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, podendo cualificarse tal actitude como entorpecedora e, nalgúns supostos, podería entenderse como hostil, dado as negativas ou dilacións inxustificadas. Téñase en conta que, en tódolos casos, as solicitudes de información fixéronse cando menos tres veces, chegando ata seis en casos que tiñan unha transcendencia social máis relevante.

Temos que repetir o exposto na Memoria do ano 2003 : é obvio que os regulamentos son o resultado da potestade normativa municipal e forman parte do seu ordenamento xurídico, polo tanto susceptibles de aplicación reiterada; os regulamentos innovan o ordenamento xurídico e responden ás nocións de xeneralidade e obrigatoriedade, con suxeición ao principio de xerarquía normativa.

A experiencia, en especial dos últimos anos, ten demostrado que a política local, é dicir, o sistema político local, ten unha dinámica que lle é propia e non é un mero calco da situación nacional, concluíndose que o espazo político local non se pode considerar como un espazo autónomo, con referentes exclusivamente localistas. Diversas influencias conduciron a que o local se sitúe na órbita do nacional e, deste xeito, perdeu autonomía.

Hoxe son moitas as liñas polas que o local cobra relevancia. As propias características sociodemográficas da elite local contribúen a darlle un maior poder e máis protagonismo; estas características téñense que entender nun contexto de

evolución. Os datos permiten afirmar que estamos a pasar lentamente dun modelo no que predomina a representatividade social a outro con maiores compoñentes técnico-profesionais. A elite política local troca, faise máis moderna e máis profesionalizada.

Non debemos esquecer que nos atopamos ante unha actividade encamiñada a conseguir un funcionamento harmónico dos distintos elementos que integran a organización, evitando así as friccións competenciais; as tarefas téñense que deseñar mediante regulamentos orgánicos que deben ser obxecto da máxima atención por tódolos dirixentes municipais, que terán que poñer ao servizo das mesmas toda a imaxinación e a capacidade, pois diso depende o bo funcionamento.

A estrutura organizativa e a xestión municipal viuse ampliada notablemente nas súas funcións, os cidadáns esixen cada vez máis á súa Administración máis próxima, o que obriga aos Concellos a considerables esforzos, adoptando decisións que superan as súas competencias pero que se viron na necesidade de asumir para non afastarse da realidade que lle é máis próxima; aínda así, a visión que o cidadán ten dos Concellos non é realmente positiva. A entidade local é máis permeable ao contorno que as outras Administracións Públicas.

Hoxe ponse de manifesto a necesidade de repensar os mecanismos de formulación das políticas públicas e de xerar vieiros de participación que reforcen os tradicionais.

Dunha Administración autoritaria pasouse a unha Administración obrigada a responder das súas accións ante uns cidadáns que son, simultaneamente, electores e contribuíntes, depositarios dunha serie de dereitos recoñecidos constitucionalmente (clientes).

Os gobernos locais terán que potencia-la idea de comunidade, da que exercen o liderado. No ámbito local é onde as posibilidades de desenvolvemento da iniciativa de participación cidadá e profundación da democracia son máis fáciles de levar a cabo e a un menor custo dende o punto de vista do conxunto do sistema político-administrativo.

Entre o goberno local e os grupos presentes no seu territorio establécese unha relación simbiótica, de mutuo beneficio, que racha coa fronteira entre a acción pública e os axentes sociais.

A formación en materia de xestión pública, en tódolos niveis de goberno, debe reflectir un universo de valores congruente cos requirimentos do sistema político-administrativo no seu conxunto. A formación en valores constitúe un factor crítico

de éxito para a xestión e, indirectamente, para a lexitimación e o futuro nun Estado das Autonomías.

Lémbrese ao profesor D. E. Tierno Galván, cando declara: "A política perde a súa pureza cando deixa de ser administración do colectivo para transformarse en litixio en torno ao poder".

Afondando na realidade da conducta entorpecedora ou hostil, á vista dos expedientes non rematados, malia os numerosos requirimentos levados a cabo, é preciso facer alusión a dous temas que consideramos prioritarios:

- A) A complexidade dos procedementos
- B) A cualificación do persoal

A) Complexidade dos procedementos:

O procedemento administrativo en calquera Administración Pública supón unha garantía, unha protección simple para os dereitos e intereses dos cidadáns, que obriga á Administración a actuar e a proceder con atención ás normas de economía, celeridade e eficacia.

O procedemento, ou no seu caso o proceso, non é máis que unha serie ordenada de actos mediante os que os órganos competentes deciden as actuacións que procedan en relación coas pretensións que se lles presentan polos cidadáns.

No senso das teorías mixtas, o fin do proceso é tanto a preservación da orde xurídica como a protección do dereito do individuo. Sen un bo funcionamento da Administración Pública non se poden considerar efectivas moitas liberdades, é dicir, moitos dereitos públicos, sendo o interese primordial do cidadán que os servizos de competencia municipal sexan prestados de xeito eficaz. Estas prestacións comezan coa axilidade na resolución dos expedientes e trámites e rematan coa adopción das medidas tendentes a resolver os problemas da vida cotiá.

O verdadeiramente transcendente é que a Administración Pública sexa efectivamente un instrumento da sociedade ao servizo dos intereses xerais, tal como proclama o artigo 103 da Constitución Española, artigo do que derivan os dous piares constitucionais: a eficacia e o control.

Para que se podan acadar os propósitos constitucionais é preciso potencia-la eficacia administrativa e acadar a correcta prestación dos servizos que a Administración ten encomendados; un bo funcionamento, en termos de calidade, axilidade e rapidez, supón inevitablemente un maior acercamento na procura da credibi-

lidade. A lexitimidade reside no carácter servicial que ten a Administración, que non representa a ninguén, só serve aos intereses xerais: o que máis lle interesa ao cidadán é que o principio de eficacia se converta en fórmulas precisas.

Esa conversión das premisas constitucionais en feitos reais depende, en gran medida, da profesionalidade, da ética e da responsabilidade persoal dos empregados públicos, de aí a denominación de funcionarios; tamén importa o clima de traballo, os medios idóneos, as retribucións adecuadas, os sistemas de selección e promoción, é dicir, a elección axeitada dun sistema de calidade, preciso para aliviar a lentitude e inoperancia de tantos procedementos que, a modo de exemplo, podemos citar:

- Licenzas de obra nova e licenzas de apertura de locais.
- Defensa axeitada da protección da legalidade urbanística.
- Protección eficaz ante os axentes perturbadores do medio ambiente.
- Falta de resposta nos supostos de recursos de reposición formulados polos cidadáns, sen esquecer a falta de información sobre todo tipo de solicitudes por escrito.
- Uso excesivo dos prazos máximos establecidos pola lei. A Administración pode, sen dúbida, adoptar nos seus procedementos prazos máis curtos que redundarían en beneficio da axilidade e, polo tanto, dos cidadáns.

Faise preciso recordar as motivacións reflectidas na Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, onde se declara que a eficacia nas Administracións Públicas resulta un principio activo, non só desexable, senón indispensable no seu funcionamento.

Nun ámbito máis próximo ao cidadán, é dicir, na vida de ámbito local, a doutrina máis moderna subliña que a mellora das Corporacións Locais debe buscarse, sobre todo, pola vía dos rendementos. Neste eido, as estratexias son inesgotables: dende a modernización da xestión nos concellos grandes, ata o desenvolvemento dos papeis de identificación e orientación das demandas dos cidadáns para os concellos pequenos.

A lexitimidade por rendimento está inexorablemente vencellada á capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas do contorno, non é máis que a mellora da situación material dos actores que demandan a acción pública. A coordinación municipal é fundamental e debería ser a máxima preocupación a recoller nos regulamentos orgánicos, diso depende o bo funcionamento municipal, entendendo por coordinación aquela aplicación de medios e sistemas que fagan posible a información recíproca, a homoxeneidade técnica e a acción conxunta no exercicio das respectivas competencias que acade a integración dos actos parciais na globalidade do sistema, segundo a doutrina do Tribunal Constitucional.

Hoxe, incluso no ámbito da xestión pública, con exemplos notables e reais, estanse a vivir unhas situacións de afán renovador: acadar mellores resultados mediante un axeitado emprego dos medios pertinentes. O que comezou sendo unha experiencia privada, empresarial, puramente mercantil, e polo tanto, competitiva, empeza a manifestarse e plasmarse en realidades dignas de coñecer no ámbito da xestión pública local, non é outra cousa que a denominada calidade.

O perfil ao que atende a actividade administrativa non é outro que o interese público, e as distintas formas desa actividade non son compartimentos estancos, senón que se atopan en íntima correlación, todas se poden empregar alternativamente.

A Administración Local, como toda Administración, ten que producir, termo que comezou sendo unha fórmula eminentemente técnica, para transformarse logo nunha verdadeira doutrina económica, instrumentalizándose como un proceso con tres fases:

- Racionalización.
- Mecanización.
- Automatización.

Fálase de mellora de métodos de traballo, supresión de trámites inútiles, supresión de rutinas, renovación documental, realización de operacións con intervención de máquinas de alta tecnoloxía, etc.

Hoxe, e volvémoslo a citar, a política local no ámbito doutrinal envórcase na mellora da lexitimidade das Corporacións Locais pola vía dos rendementos. Para isto, é imprescindible a modernización da xestión, sendo as tarefas de coordinación as que maior preocupación espertan.

Cómpre que se adopten sistemas de calidade na xestión e autoconscienciarse en adoptar unha metodoloxía de mellora continua que facilite e permita unha avaliación da calidade dos servizos tendo presente os seguintes parámetros:

- Satisfacción dos clientes, externos e internos.
- Profesionalización da xestión.
- Formación continua do persoal.
- Mellora de procesos.

Deste xeito poderanse acadar os fins pretendidos e garantidos pola lexislación básica (artigo 103 da Constitución Española, artigo 6 da Lei de Bases de Réxime Local).

Xa existe, así se anotou anteriormente, un modelo europeo para a xestión da calidade, adoptado noutros municipios. Todo municipio ten que apostar por configurar unha nova Administración, máis áxil, sinxela e eficiente, cun só referente esencial, cal é o cidadán, que esixe con razón uns servizos públicos máis eficaces, de maior calidade e mellora permanente, incorporando as transformacións derivadas das novas tecnoloxías e da sociedade, e para acadalo, téñense que priorizar as estratexias. Hai que aceptar, con sinceridade e valentía, que a Administración Local se actualice, se incruste no século XXI e se renove, introducindo a calidade como criterio fundamental da xestión e como principal compromiso co cidadán, integrando as novas tecnoloxías como ferramenta de transformación da organización administrativa actual.

Só así se poderá facer fronte aos retos que dimanan da Lei 57/2003, de 16 de decembro, e que impulsa a adopción das reformas tendentes á súa racionalización e modernización.

O proceso sería unha cadea integrada pola seguintes fases:

- Exame dunha situación social de feito.
- Comparanza cun estado óptimo ideal ao que se aspire, subliñado polos programas políticos ou planificadores xerais.
- Determinación das medidas a adoptar para modifica-la situación de feito no senso desexado, contando cos medios dispoñibles.
- Aplicación desas medidas.

Como mostra de operacións de asistencia técnica a realizar sublíñanse:

A) Temas xerais de goberno:

- Deseño e posta en práctica de accións sectoriais.
- Deseño de coalicións (pactos de converxencia que permitan o mantemento dos programas).
- Redacción de modelos de potestade normativa municipal.
- Análise e segmentación sociolóxica poboacional.
- Grupos de traballo para a localización dos problemas e acordos sobre planos de mellora e control de resultados.
- Deseño e xestión de actividades de participación cidadá e voluntariado.
- Comunicación e publicidade.

B) Calidade/Relacións Cidadáns:

- Xestión de calidade de procesos de traballo.

- Xanela única.
- Sistema de seguimento de queixas, reclamacións e suxestións.
- Enquisas sobre o grao de satisfacción cidadá.
- Avaliación da calidade dos servizos.
- Equipos de mellora.
- Medición da satisfacción dos usuarios.

C) Organización:

Organización, dirección e calidade dos servizos:

- Cultura.
- Economía.
- Educación.
- Medio ambiente.
- Seguridade cidadá.
- Social.
- Transporte.
- Urbanismo.
- Vías e obras.

D) Recursos humanos:

- Deseño de políticas.
- Valoración de postos.
- Catálogo de postos.
- Regulamentación e réxime retributivo.
- Comunicación interna.
- Formación continua.

Non se pode esquecer que o incremento dos asuntos a tratar e resolver polas Administracións Locais é enorme e débese a variadas razóns, incluíndo o cambio de actitude dos cidadáns, a súa maior capacidade de reacción como efecto dun sentido democrático, sen esquecer a complexidade das propias normas, e as complexas estancias organizativas engadido ás propias competencias, con fronteiras, ás veces, difíciles de deslindar.

De aí a necesidade de simplificar e racionalizar as estruturas e os procedementos buscando que o seu funcionamento sexa máis axeitado e fluído do que agora se coñece.

Os expertos neste ámbito declaran que no proceso que nos ocupa é unha acción prioritaria a da mellora da calidade nos servizos das Administracións Públicas. O cidadán é un suxeito informado, coñecedor do seu dereito, maduro e reflexivo, o que fai que tamén sexa máis esixente ante unha Administración que, por esencia, presta servizos, que ten que xestionar de xeito eficaz e eficiente, e que ademais deberá ter en conta as súas expectativas, a súa opinión e as súas demandas.

A medición da calidade de atención ao cidadán farase medindo o nivel de satisfacción dos mesmos e, á súa vez, comprobando en que grao a prestación dos servizos se axusta aos estándares de calidade previamente fixados pola propia Administración coa colaboración dos cidadáns.

B) Cualificación do Persoal:

O profesor Álvarez Corbacho (Rebelión Municipal, unha esperanza para Galicia, 2003) apunta que unha das liñas de transformación máis urxente é incidir directamente na cualificación do persoal ao servizo das entidades locais, modernizando, á súa vez, os procesos de xestión.

Considérase que a xestión do persoal é fundamental para acadar a prestación eficiente dos servizos públicos. Na Administración Local é unha cuestión crucial, invéstese pouco en capital humano, é máis importante o cemento e os festexos.

Dentro do Dereito continental, a función pública concíbese como un servizo, é dicir, como unha especial profesión, regulada por un estatuto xurídico especial que, xa dende hai tempo, defíneo dentro dun conxunto de criterios. A esta actividade como conxunto acuñóuselle cun termino coñecido como "burocracia", que posteriormente, dende o século XIX e ata mediados do XX, utilizouse para cuestións distintas:

- Rémore e lentitude da Administración debido ao exceso de trámites e á multiplicidade de órganos.
- Configuración como grupo de presión ou como detentora auténtica do poder público.

Co paso do tempo o burócrata acadou a súa inamobilidade, pero non por iso conquistou a súa independencia política, non acadándose esta neutralización política ata os estados contemporáneos.

Actualmente, as medidas adoptadas para a reforma da función pública son fundamentais para suprimi-los obstáculos dunha lexislación vella, preconstitucional, afrontándose de xeito realista os problemas da carreira administrativa, racional-

zando a estrutura dos corpos e escalas da Administración Pública, promovéndose a esixencia dos servizos públicos en orde á consecución dun testemuño de exemplaridade ante os cidadáns, constituíndo un importante avance cara á solidariedade, á moralización da vida pública e á eficacia da Administración.

No ano 2001, Galicia no sector público operante daba emprego a 50 persoas por cada 1000 habitantes, sendo as Administracións Locais as que ofrecen o 20% do emprego público na nosa Comunidade Autónoma.

Os seus déficits máis significativos, con repercusión directa na calidade dos servizos prestados, concentráronse na capacidade para adaptarse ás novas tecnoloxías e na curta cualificación profesional. Os postos de traballo con titulación universitaria representan o 4% do cadro de persoal nos municipios con poboación inferior a 50 mil habitantes.

Se a isto se engaden as irregularidades detectadas nos procesos de selección (segundo a opinión do Consello de Contas), ademais dun sistema retributivo ríxido e alleo aos resultados (eficacia), promocións internas baseadas en simples razóns de antigüidade, así como tamén a asfixia dunha cultura administrativa máis centrada no proceso que no produto, fai concluír que xestionar recursos humanos na esfera pública con criterios de eficiencia, é dicir, con capacidade resolutive no traballo, segue ofrecendo grandes dificultades.

O futuro das Administracións Locais, segue dicindo o profesor Álvarez Corbacho, esixe urxentemente esa racionalidade e cualificación profesional.

As diferentes programacións estratéxicas, como son: economía, planeamento, servizos sociais, patrimonio, medio ambiente, cultura, infraestruturas, participación cidadá, etc., outórganlle á entidade local unha dimensión cualitativa e complexa tan evidente que custa entender como se descoñece ou infravalora a xestión de recursos humanos.

Esto fainos lembrar a Antonio Gramsci: "O vello non acaba de esvaecerse, e o novo non termina de consolidarse".

Para acadar a súa racionalización e modernización, estimamos que, tal como pretende a Lei 57/2003, de 16 de decembro, é preciso que a mellora inescusable na prestación dos servizos públicos pase pola adopción de sistemas de calidade na xestión; é indispensable concentrarse nunha metodoloxía de mellora continua que facilite e permita unha evolución da calidade dos servizos que, por forza, terá que ter presente os seguintes parámetros xa citados: satisfacción de clientes, externos e internos, profesionalización da xestión, formación continua do persoal e mellora de procesos.

Dentro do ámbito da cualificación do persoal, preténdese facer partícipes a tódolos membros na prosecución de resultados e melloras de organización mediante unha selección axeitada do mesmo, desenvolvendo as súas capacidades segundo criterios de:

- Planificación e mellora do persoal.
- Desenvolvemento da capacidade do coñecemento e desempeño do persoal de cada unidade.
- Delegación de funcións e comunicación.
- Atención e recoñecemento ás persoas.

Segundo recoñece a Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, as novas correntes da Ciencia da Organización achegan un enfoque adicional en canto mecanismo para garantir a calidade e transparencia das actuacións administrativas, defendendo unha racionalización dos traballos burocráticos e o emprego de "máquinas adecuadas". As técnicas burocráticas formalistas, supostamente garantistas, xa caducaron.

Ten que primar a eficacia sobre o formalismo, cedendo só no suposto caso de que exista un interese xeral prevalente.

As estruturas municipais presentan dúas vertentes diferenciadas, unha política e outra administrativa; as dúas conviven nunha mesma estrutura, aínda que teñen procedencia, permanencia e puntos de vista distintos sobre a propia institución. Trátase dunha organización mixta, coexisten dúas culturas antagónicas: a política e a funcional.

O corpo administrativo íntegro os funcionarios e o persoal contratado, co encargo de transformar a vontade política nos servizos que demandan os cidadáns. O seu papel non é a fixación dos obxectivos, senón a elección dos medios, se ben esta asignación formal é máis aparente que real, o que non deixa de presentar conflitos.

Todo isto leva a considerar aos Concellos como organizacións burocráticas, o cal xera a proliferación duns mecanismos de control que se traducen nuns elevados custos en información e nunha lentitude na actividade, así como nunha notable acumulación de documentos a tramitar (papelorio). Todo este conxunto implica que os criterios de eficiencia, é dicir, o rendemento, non sexan os desexables.

De aí a necesidade de acomete-las medidas que fagan posible unha cultura administrativa presidida pola calidade continua da xestión.



PARTE I

Actuacións a instancia de parte
do ano 2002 con incidencias no ano 2004



INTRODUCCIÓN

Nesta Institución téñense rexistrados un total de 10 expedientes correspondentes a solicitudes de cidadáns formuladas en 2002 que tiveron incidencias durante o ano 2004, e que por sectores cífranse en:

- Mobilidade e Seguridade: 1
- Urbanismo: 9

Do seu contido cabe concluír:

A) Reiterado incumprimento do principio de legalidade imposto polo artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, en canto que reflicte que o organismo ou dependencia administrativa correspondente deberá, no prazo máximo de quince días, remitir o informe escrito que pola Institución do Valedor do Cidadán se lle require.

O regulamento é un colaborador da lei que aclara, desenvolve, concreta e dita normas de procedemento e, ademais, regula unha organización.

Neste mesmo senso é preciso recordar o disposto no artigo 47 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no que se explicita que os termos e os prazos establecidos nesta ou noutras leis obrigan ás autoridades e ao persoal ao servizo das Administracións Públicas competentes para a tramitación dos asuntos.

Esta lei é recoñecida como unha norma de cabeceira reguladora do réxime xurídico da actividade, do procedemento e da responsabilidade de tódalas Administracións Públicas.

B) Na memoria correspondente ao ano 2003 xa se puntualizaba, e agora é preciso reiterar, que a potestade normativa municipal encamiñase a unha actividade de xestión, é dicir, á realización duns fins mediante o axeitado emprego dos medios pertinentes; esta actividade exerceuse, case sempre, respecto de bens ou intereses que lle son alleos, trátase dun perfil no que a actividade a desenvolver é o interese público.

A mellora da lexitimidade da actividade pública municipal tense que buscar pola vía dos rendementos e, neste eido, as estratexias son inesgotables; esta lexitimidade por rendimento está ligada á capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas de mellora da situación material dos actores que solicitan a acción pública.

Esta acción pública ten que estar presidida, tal como proclama a Constitución, polos principios de legalidade e eficacia. As demandas, as solicitudes e os recursos interpostos polos cidadáns, téñense que resolver, hai que dictar as resolucións pendentes. A eficacia deriva do desterro das actuacións non suficientes.

Non esquezamos ao filósofo dinamarqués cando di "Luego vendrá la congoja a despertar al soñador" (S. Kierkegaard).

CAPÍTULO 1: MOBILIDADE E SEGURIDADE

EXPEDIENTE 52/2002

Tema relacionado coa queixa sobre a falta de follas de reclamación e de marteolos nos autobuses de VITRASA.

Tras varias actuacións durante o ano 2003, e posteriormente no 2004, o interesado declara que por fin, en outubro de 2004, pódese considerar o problema como solucionado.

CAPÍTULO 2: URBANISMO

EXPEDIENTE 7/2002

Queixa relacionada co incumprimento das ordes de derruba dun muro de contención. A petición vense interesando dende o ano 1996.

Con data 13/05/2004, máis de seis meses despois do actuado pola Concellería de Urbanismo, recíbese notificación do promotor da queixa na que nos indica que seguen sen executarse as ordes de derruba, sen impoñerse, cando menos, as multas coercitivas procedentes, e sen actuación subsidiaria tal como prescribe a lei.

Solicítase información actualizada o 14/05/2004, que ten que ser reiterada o 2/06/2004, e de novo o 21/06/2004. Recíbese a información o 19/07/2004, da que se deu traslado o 20/07/2004. No precitado informe dise: "*...o vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, mediante resolución de 7 de xullo de 2004 impuxo a ... multa coercitiva en contía de 1.200 euros polo incumprimento da demolición ordenada no acordo da Comisión Municipal de Goberno co apercibimento da posibilidade da imposición dunha nova multa coercitiva se transcorrido o prazo dun mes a derruba non se tivese realizado*".

Transcorrido un prazo prudencial, o 1/09/2004 solicítase información actualizada, que se reitera o 5/10/2004, téndose recibido o 8/09/2004, no que se nos informa o seguinte:

"En resposta ó seu escrito de 5 de outubro de 2004, (ref. Expte: 7/02), en relación coa queixa de ..., infórmolle que por parte de ... procedeuse a rebaixar a altura do muro de contención e a retirar terras do recheo.

Segundo informa o arquitecto municipal o 22 de outubro de 2004 non se ten recuperado a rasante natural do terreo nos puntos de referencia P-1 e P-2 do levantamento topográfico realizado pola oficina de Cartografía municipal. Nos puntos P-3 e P-4 recuperouse a rasante natural do terreo.

O denunciado en data 28 de outubro personouse na oficina de Inspección Técnica de Obras manifestando a súa vontade de acatar o ordenado, pero presenta o problema de que as terras, ó haber un forte desnivel, van a caer sobre o camiño e non quere ter problemas cos veciños."

A doutrina é coñecida nos temas en que a Administración Municipal tería que poñer máis dilixencia na actuación que nos ocupa, o que é obvio que se traduce nunha falta de eficiencia, é dicir, calidade do que é eficiente, que é eficaz, que dá o resultado esperado, que é resolutivo no seu traballo, competente, eficaz.

A tal efecto, é preciso citar unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (outubro de 2003) que expresa a súa repulsa ao Concello de Vigo pola pasividade ante unha orde de derruba que significa unha medida de restauración da legalidade urbanística. Advertindo que o Concello tratou de xustificar a dilación "polo elevado número de asuntos que se abordan", o Tribunal, coherentemente, considera que esta non é xustificación dabondo, condenando ao Concello ao pagamento das costas. Non é preciso subliñar a quen realmente se lle detraeron as costas: aos cidadáns.

Por outra banda, en maio de 2004, tense noticia da execución dunha orde de derruba de data de setembro de 1998. Sobre este particular o Xulgado do Contencioso Administrativo, en xullo de 2001, recrimina ao Concello, é dicir, critica con dureza e rigor, por non ter levado a cabo a derruba no tempo transcorrido, rexeitando a validez do argumento de que se tiñan imposto multas coercitivas ao titular da obra.

O xuíz non considera válida a imposición de dúas sancións, unha en febreiro de 1999 e outra en marzo de 2000, estimando que as multas son unha mera cantidade simbólica aceptada polo administrado a modo de taxa ou contribución perió-

dica, e que "non cumpren o previsto na lei", declarando que o Concello debe derrubar subsidiariamente.

Volvendo ao cualificativo principal, cal é a eficacia, é de subliñar que a Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, nas súas motivacións declara que o termo resulta un principio activo non só desexable, senón indispensable no seu funcionamento. A propia Constitución Española, no seu artigo 103, establece a eficacia como un dos seus piares.

Non se esqueza que hoxe a entidade local é máis permeable ao contorno que as outras Administracións Públicas.

Retomando de novo a Constitución, tense que precisar que o primeiro interese do cidadán soe centrarse en que as Administracións Públicas presten con eficacia tódolos servizos que son da súa responsabilidade e competencia. Estas prestacións van dende a axilidade na resolución dos expedientes e trámites, ata a adopción das medidas tendentes a resolver os problemas da vida cotiá, citándose a continuación unha serie destes servizos, entre os que figura o urbanismo. Segue o texto legal a dicir que ao cidadán interésalle o bo funcionamento da Administración en termos de calidade, axilidade e rapidez. Isto supón tamén un achegamento na procura da credibilidade.

Xa en xaneiro de 2003, a prensa local facíase eco da opinión do Valedor do Pobo sobre este caso, sinalando a ineficacia da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo.

EXPEDIENTE 10/2002

Queixa relacionada cun muro de peche. Tras diversas actuacións, o 7/04/2004 recíbese informe da Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo no que se conclúe: *"...e realizada visita de inspección, o inspector municipal, con data 22 de marzo de 2002, informa que as obras se axustan á licencia, polo que se procede ao arquivo das actuacións"*.

Co que se dá por concluído o expediente iniciado o 20/08/2002.

EXPEDIENTE 17/2002

Queixa relacionada cunha instalación de talleres sen licenza urbanística.

Con data 28/04/2003 incoouse atestado por desobediencia ante a negativa do responsable da actividade a que se precintara o local. Con data 15/12/2003 esta

Institución solicitou informe actualizado, que se reitera o 9/02/2004, e que se recibe o 24/02/2004, no que se explicita que: *" al parecer dicho taller ejerce actividad a puerta cerrada, las vigilancias se realizarán por agentes de paisano "*.

Con data 24/03/2004, dado o tempo transcorrido, solicítase informe actualizado, que se reitera o 27/04/2004, o 2/06/2004, e posteriormente o 17/06/2004. Recíbese o 29/06/2004 e comunicásenos que, con data 3/05/2004, o denunciado *"presenta escrito de alegacións contra a resolución de 7 de abril de 2004 que a data de hoxe (17/06/2004) se atopa pendente de resolver. No mesmo manifesta que non realiza ningunha actividade, pero si pode realizar tarefas para o mantemento da súa vivenda"*.

Con data 15/07/2004, é dicir, dous meses despois do escrito de alegacións, interésase informe actualizado sobre a situación exposta, que se reitera o 18/08/2004, o 15/09/2004, e por último o 25/10/2004. Sen resposta ningunha.

Atopámonos ante outro suposto no que se fai patente, por un lado, a falta de colaboración e polo tanto o entorpecemento das actuacións desta Institución, xa que tras catro requirimentos sobre a resolución das alegacións feitas en relación cun expediente iniciado en 2002, en novembro de 2004 aínda non se tiña recibido resposta, e por outra banda, é de resaltar a falta de dilixencia, que non é outra cousa que eficacia e responsabilidade na execución dalgunha cousa.

Deste xeito resulta claro que o cidadán afectado non pode ter unha valoración positiva con respecto á actuación do seu Concello.

Todo procedemento administrativo ordénase con vistas á conformación e exteriorización dunha declaración de vontade que produce o efecto de declarar, constituír ou modificar situacións xurídicas concretas. Coa lei nada é imposible, só hai que coñecer contra que clase de inxustiza se quere loitar. Os procedementos son situacións que obrigan á Administración a actuacións presididas polas normas de economía, celeridade e eficacia; tense que actuar con axilidade na resolución dos expedientes e trámites ata que se adopten as medidas tendentes a resolver os problemas da vida cotiá, hai que superar radicalmente a indisciplina e os comportamentos primarios que en materia de urbanismo mantén a Administración, a eficacia da norma xurídica require da coactividade.

En ningún outro ámbito se sinte máis involucrado o cidadán que no ámbito municipal.

Con data 23/11/2004 recíbese informe da Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, no que se di:

"Con data 3 de novembro de 2004 desestimouse o recurso de reposición interposto por... contra a resolución da vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 7 de abril de 2004 por canto nos informes da Policía local resulta probado que desobedeceu a orde de suspensión da actividade dictada polo presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de 2 de outubro de 2002.

Toda vez que no informe do inspector municipal de data 1 de outubro de 2004 indica que no establecemento denunciado non consta o exercicio de actividade de taller de chapa e pintura, procede o arquivo de expediente".

Con data 25/11/2004 dirixímonos novamente á Xerencia Municipal de Urbanismo indicando que, segundo manifesta o interesado, a actividade denunciada segue a desenvolverse a porta pechada e en horarios non habituais de apertura ao público, incluso de noite, polo que se insta nova visita de inspección procurando que a mesma se efectúe en horarios non habituais.

Non é preciso estenderse máis en canto á axilización dos procedementos e á eficacia e axilidade da actividade pública do organismo en cuestión:

1º) Expediente iniciado en setembro de 2002, pero o interesado xa tiña presentado escrito de alegacións na Xerencia de Urbanismo en febreiro de 2001.

2º) O atestado por desobediencia incóase en abril de 2003 e remata en novembro de 2004.

Nun dos últimos traballos sobre a actividade municipal, feito polo profesor Álvarez Corbacho (*Veinticinco años después*), fálanos dos factores que explican a crise municipal e, entre outros, subliña:

- Debilidade de organización.
- Reducida cualificación profesional nas distintas áreas de xestión.

EXPEDIENTE 20/2002

Queixa relacionada coa solicitude de licenza de obras por unha empresa de carburantes. Tras diversas actuacións, o tema queda en suspenso por mor da interposición dun recurso contencioso-administrativo.

Non obstante, esta Institución formulou unha petición ante a falta de resposta ao recurso previo de reposición por parte do Concello, con data 28/10/2003, reiterándose o 19/04/2004, o 1/06/2004, e posteriormente o 21/06/2004.

Recíbese resposta o 12/07/2004, sen facer alusión ao tema do silencio na vía de recurso, só se di: "*non foi resolto*"; non obstante, con data 5/10/2004 solicítase informe en relación coas actuacións levadas a cabo con posterioridade, sen resposta ao peche do informe.

En data 28/10/2003, esta Institución explicitaba o seguinte:

a) Unha vez máis estamos ante unha actividade urbanística presidida por unha "actividade pasiva", cunha serie de dilacións inxustificadas. Non é de recibo aducir, como noutras ocasións, que se carece de medios persoais para poder xestionar.

b) A Constitución Española (artigos 9 e 10) consagra os principios de legalidade e eficacia nas actuacións públicas. Téñense que resolver os recursos dos cidadáns; o feito de resolver vén dado polo artigo 42.7 da Lei 4/1999 que reflicte as obrigas dos funcionarios que teñen ao seu cargo o despacho dos asuntos, para instruír e resolver en prazo.

Dende outra óptica, o artigo 41 do mesmo texto legal impón a responsabilidade da tramitación para o persoal, que deberá adoptar as medidas oportunas para remover os obstáculos que impidan, dificulten ou atrasen o exercicio pleno dos dereitos cidadáns, dispoñendo todo o necesario para evitar e eliminar toda anormalidade na tramitación do procedemento. E para rematar con este enfoque da Lei 4/1999, baste xa con subliñar o artigo 42, que como fronte importante subliña a "obrigación de resolver".

Doutrinalmente, conclúese que a razón de non responder a unha solicitude é sinxela: a desestimación por silencio dunha petición non se considera un acto, é unha ficción legal para permitir ao cidadán o acceso ao recurso. Pero no tema que nos ocupa concorre que non é a petición o que non se responde, senón que o desleixo é ante o propio recurso, o que empurra ao cidadán a dirixirse á vía xudicial, con todo o que iso comporta, o que racha co fundamento do recurso, que non é outro que o carácter de control e garantía que permite revisa-los actos.

c) Actualmente, a doutrina moderna, nunha análise da actividade pública municipal, conclúe que a mellora da lexitimidade das Corporacións Locais tense que buscar, sobre todo, pola vía dos rendementos, dando resposta satisfactoria ás demandas do contorno.

EXPEDIENTE 21/2002

Queixa relacionada cunha licenza de actividade e instalación dun taller mecánico con repercusión no acceso aos garaxes da veciñanza.

Iniciouse a tramitación do expediente o 3/10/2002. Tras diversos requirimentos e posteriores solicitudes aclaratorias a varias respostas insuficientes, recíbese o informe definitivo o 27/02/2004, facendo referencia ao último pedimento feito o 23/10/2003, no que se di que a situación do establecemento e o uso de artesanía e pequena industria é un uso permitido no PERI IV-14.

Dáse por concluído o expediente, sen esquecer que a axilidade non se fixo patente no momento axeitado, tendo en conta a data de inicio do expediente.

EXPEDIENTE 25/2002

Queixa presentada en relación coa construción dun tellado sobre un patio. Iniciado o expediente de protección da legalidade urbanística, acordouse e ordenouse a derruba das obras.

Das actuacións realizadas polo Concello, dáse este por satisfeito atendendo ao principio de proporcionalidade, engadindo que a execución subsidiaria das obras de derruba resultaría moi gravosa para a institución municipal.

Esta afirmación resulta contraria aos principios emanados de sentencias xudiciais de supostos similares. A obriga do Concello pasa pola execución subsidiaria da derruba, asemade, a solución dada polo Concello dá a entender que non é necesario o cumprimento da normativa. Non se esqueza que "lex est quod notamus"; enténdese que a eficacia da norma deriva da eficacia da xestión e, polo tanto, o Concello terá que repoñer a legalidade infrinxida. Existe un decaemento da falta de rendemento.

Esta Institución, dende o 9/03/2004 ata o 5/10/2004, presentou sete requirimentos de información sobre a situación real de derruba, non obstante as multas coercitivas, sobre as que existe suficiente doutrina xurisprudencial, sen ter resposta ningunha.

Renúciase pola nosa parte a seguir na pescuda deste expediente.

EXPEDIENTE 35/2002

Queixa relacionada coas obras realizadas nunha vivenda que modifican o seu volume. Iníciase o expediente o 15/11/2002 e, tras diversos requirimentos, a resposta é que se ten iniciado o expediente de protección da legalidade urbanística con data 14/01/2003.

O 21/01/2003 solicítase ampliación do informe referente ao período que vai dende febreiro de 2002 ata esa data, xa que na referida data de 11/02/2002 se nos indica: *"a arquitecta municipal remite o expediente ós inspectores municipais atopándose nestes intras (20/12/2002) o mesmo pendente de informe"*.

Esta solicitude de ampliación reitérase o 19/03/2003 e con data 23/05/2003 recíbese escrito, no que se indica: *"achégase fotocopia do informado polo inspector municipal tras realizar nova visita ó edificio. O expediente pásase de novo á arquitecta municipal para a emisión do correspondente informe técnico"*.

Á vista do anterior, con data 17/09/2003, solicítase informe actualizado do expediente, recibíndose a resposta o 6/04/2004, é dicir, case oito meses despois, onde se nos participa o seguinte:

"O procedemento incoado está caducado ó non ter sido resolto no prazo sinalado no artigo 42 da LRXPAC, non obstante, ó terse continuado as obras de execución dunha terraza transitable segundo lle manifestan o presidente e secretario da Comunidade de Propietarios, o inspector municipal procede á incoación dun novo procedemento de protección da legalidade urbanística".

Con data 21/04/2004 dirixímonos ao Sr. Concelleiro de Urbanismo expresándolle o seguinte:

"Independentemente da data do informe da sra. Arquitecta municipal (17/07/2003), do que se dá traslado a esta Institución o 18/03/2004, resulta que a Administración Pública Municipal é obvio que non actuou coa dilixencia requirida e que, de acordo co parágrafo 7 do artigo 42 da Lei 30/1992, se subliña que o "persoal ao servizo das Administracións Públicas que teña ao seu cargo o despacho de asuntos, así como os titulares dos órganos administrativos competentes para instruír e resolver, son directamente responsables, no ámbito das súas competencias, do cumprimento da obriga legal de dicta-la resolución expresa en prazo."

O mesmo artigo subliña que o incumprimento da citada obrigaón dará lugar a esixir responsabilidade disciplinaria, sen prexuízo da que houbese lugar de acordo coa normativa vixente.

A propia Lei 30/1992, segundo Resolución de 20 de marzo de 1996 da Secretaría de Estado para a Administración Pública, subliña que se ben ten carácter informativo, establece o marco xurídico no que se desenvolve a actividade administrativa e no que destaca a consideración do cidadán como suxeito activo e protagonista naquela, lonxe xa de consideracións dogmáticas nas que o administrado era o mero consignatario das actuacións da Administración Pública, e subliña como elementos centrais da Lei a "transparencia da actividade administrativa e unha adecuada información ó cidadán como fundamento e presuposto para asegurar a súa participación e o eficaz exercicio dos seus dereitos." Se ben esta resolución afecta exclusivamente á Administración do Estado, cada Administración pode publicar unha resolución semellante, tal como xa teñen feito algunhas Comunidades Autónomas.

Para maior abondamento é conveniente recordar que "lex est quod notamus", é dicir, a lei existe para que a observemos; coa lei nada é imposible, hai que coñecer contra que clase de inxustiza se quere loitar e, neste suposto, como en tantos outros, o prexudicado só lle queda o seu pasado e, recordando a Montesquieu, é preciso subliñar que "facendo leis inútiles, o que se acada é debilitar as leis necesarias".

Por outra banda, o profesor Álvarez Corbacho no seu libro "A rebelión municipal" subliña que dentro das liñas de transformación urxente tense que considerar a superación radical da indisciplina e os comportamentos primarios que en materia de urbanismo mantén a Administración.

A Administración non representa a "ninguén", só serve aos intereses xerais (artigo 103.1 da Constitución Española).

Por todo, préggolle dea as instrucións que estime a fin de que se nos faga chegar informe acerca da situación do novo procedemento incoado de protección da legalidade urbanística."

Con data 2/06/2004 reiterouse a petición do informe que se recolle anteriormente, petición que se ten que reiterar novamente o 23/06/2004, recibíndose o aquel o 1/07/2004 co que se achega copia da proposta de acordo remitida ao Concello da Xerencia Municipal de Urbanismo, e no que se conclúe:

"Declarar como realizadas sen licencia e compatibles coa ordenación urbanística vixente, sempre que se xustifique o axuste da cuberta á envolvente definida no apartado 3.3.1.c das normas urbanísticas do PXOU-93, as obras obxecto do presente expediente consistentes en..."

Ademais, requírese aos denunciados concedéndolles un prazo de tres meses para que soliciten licenza, co apercibimento de que, en caso de incumprimento, procederase polo Concello á súa demolición, ben mediante execución subsidiaria por conta do interesado, ben mediante a imposición de multas coercitivas reiterables ata logra-la execución polo suxeito obrigado.

Con data 16/09/2004 solicítase, á vista do anterior, informe actualizado, petición que se reitera o 25/10/2004, e sen resposta na data desta información.

Para finalizar, bástenos con engadir que unha vez máis nos atopamos ante un caso no que os principios constitucionais de eficacia e, por suposto, de celeridade non se acadan, máxime tendo en conta a doutrina existente no eido da reposición da legalidade urbanística.

EXPEDIENTE 42/2002

Queixa relacionada cun local dedicado a hostalería que ao parecer incumpre coa normativa vixente: insonorización, horario de peche, saída de emerxencia, pista de baile sen licenza.

O expediente iniciouse o 14/11/2002, comunicándose a esta Institución que as numerosas denuncias foron trasladadas dende Urbanismo a Medio Ambiente. Con data 16/02/2004 o denunciante insiste en que practicamente non se fixo nada. Con data 20/02/2004 instase a Medio Ambiente a que informe das actuacións levadas acabo, petición reiterada o 10/03/2004, e de novo o 21/04/2004, suspendéndose toda actuación pola nosa parte a instancias do denunciante, que solicita un relatorio das actuacións levadas acabo por esta Institución e que se reflicten así:

"a) Con data 22/11/2002 esta oficina dirixiuse ao Sr. Alcalde expoñéndolle a queixa de D..., sobre as condicións e deficiencias do local, así como das molestias causadas polos rúidos e solicitando informe.

b) Con data 15/01/2003 reitérase, ante o Sr. Alcalde, a queixa anterior e insítese na petición de informe.

c) Con data 5/02/2003 recíbese informe da vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo no que se indica que o local ten concedida licenza de actividade e instalación a nome de D...; consta un cambio de titularidade a favor de ..., expediente entón en trámite.

Por este motivo, a Xerencia Municipal de Urbanismo traslada a denuncia, con data 16/01/2003, á Concellería de Medio Ambiente, por ser a competente, xa que a instalación se atopa coa licenza municipal adecuada.

d) Con data 7/02/2003 dáse traslado da información, como é preceptivo, ao interesado ou denunciante, indicando na mesma que a Institución do Valedor do Cidadán queda á súa disposición para calquera consulta ou actuación adicional sobre o tema obxecto da queixa.

e) Esta Institución entende, rematado o ano 2003, que as actuacións que tería que promover Medio Ambiente foron satisfactorias para o interesado, xa que transcorreron case once meses dende a transmisión da información sen que se efectuara actuación adicional ningunha.

f) Con data 16/02/2004, é dicir, un ano despois da información citada, recíbese escrito do interesado manifestando a súa desmoralización e pesar pola ineficacia de "tódolos organismos, incluída a Institución do Valedor do Cidadán".

g) Con data 17/02/2004 comunicase ao interesado cal é a misión do Valedor do Cidadán e maniféstaselle, novamente, a dispoñibilidade da Institución para levar a termo a tarefa iniciada pero interrompida, segundo o exposto no punto e).

h) Non obstante, esta Institución, á vista do desánimo lóxico do interesado, con data 20/02/2004 reinicia a súa misión de impulsar á Administración Pública para que as súas actuacións se acomoden aos principios de legalidade e eficacia.

Neste senso cursa un escrito ante a Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente, segundo o actual organigrama de competencias municipais, manifestando a súa protesta pola ineficacia da oficina de Medio Ambiente no caso que nos ocupa, facendo especial referencia aos artigos 3, 9 e 12 da vixente Ordenanza Municipal contra a Contaminación Acústica.

Trátase dun tema que se puxo en coñecemento da Administración Pública Municipal hai máis dun ano. Apuntándose unha falta esencial de axilidade e eficiencia na adopción de medidas tendentes a resolver problemas cotiás, nun tema que pon en serio perigo a saúde das persoas.

Reclámase que a eficacia das Administracións Públicas resulta un principio activo non só desexable, senón indispensable no seu funcionamento, configurándose como un principio que debe presidir o exercicio de tódalas competencias compartidas ou das que se exercen sobre un mesmo espazo físico, indicando ademais que estes piares derivan da propia Constitución cando se refire á eficacia e ao

control (artigo 103).

Ínstase, finalmente, a que se expidan as ordes oportunas a fin de que se informe a esta Institución do resultado das actuacións levadas a cabo pola oficina de Medio Ambiente dende o 16/01/2003 no local causante da contaminación acústica.

Estase á espera do informe correspondente para adoptar as propostas que sexan necesarias de acordo coas competencias atribuídas a esta Institución no marco do seu Regulamento de Organización e Funcionamento."

EXPEDIENTE 51/2002

Queixa relacionada coa legalidade dun muro en propiedade lindante á do interesado, segundo denuncia presentada o 16/12/2002. Con data 2/01/2003 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 7/02/2003, e que se recibe o 12/03/2003, indicando que se procedeu á apertura de expediente de protección de legalidade urbanística, pendente do informe técnico para incoación, se procede.

Posteriormente, xa en xaneiro de 2004, o interesado fainos chegar copia dunha resolución do Sr. Alcalde (data 1/07/2003) pola que se ordena a incoación do expediente de protección de legalidade urbanística, polo que se solicita informe actualizado con data 9/01/2004, informe recibido o 23/03/2004, no que se indica que se solicita a Vías e Obras o axuste das obras ás determinacións do PXOU.

O 27/04/2004, dado o tempo transcorrido, solicítase informe actualizado en relación co citado axuste, que se reitera o 2/06/2004, o 24/06/2004, o 21/07/2004, o 18/08/2004, o 15/09/2004 e o 25/10/2004, sen recibirse á data do peche deste informe.

Todo esto vén a remarcar o feito exposto na Introducción referente ao período do ano 2002.

RESUMO ESTATÍSTICO

ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE: 1

MOBILIDADE:

Aparcamento/Vados: 0

Multas: 0

Tráfico: 0

Transporte: 0

Vitrasa: 1

Outros: 0

SEGURIDADE:

Seguridade cidadá: 0

ÁREA DE URBANISMO: 9

Execución de ordes de derruba: 2

Infraccións urbanísticas (obras ilegais): 5

Licenzas: 2

Afectados PERI/ PEPRI: 0

PXOU e ROLDA: 0

Outros: 0

TOTAL EXPEDIENTES: 10


Nº EXPEDIENTES 2002 POR ÁREAS	
ÁREAS*	Nº EXPEDIENTES
AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA	0
BENESTAR SOCIAL	0
CULTURA, DEPORTES E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	0
DESENVOLVEMENTO LOCAL	0
ECONOMÍA E FACENDA	0
MEDIO AMBIENTE	0
MOBILIDADE E SEGURIDADE	1
PARQUES E XARDÍNS	0
URBANISMO	9
VÍAS E OBRAS, INFRAESTRUCTURAS	0
XESTIÓN MUNICIPAL	0
VARIOS	0
TOTAL EXPEDIENTES	10

*Segundo orde alfabética

**REFERENCIA PORCENTUAL DE EXPEDIENTES**

ÁREAS*	PORCENTAXES
URBANISMO	90%
MOBILIDADE E SEGURIDADE	10%
AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA	0%
BENESTAR SOCIAL	0%
CULTURA, DEPORTES E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	0%
DESENVOLVEMENTO LOCAL	0%
ECONOMÍA E FACENDA	0%
MEDIO AMBIENTE	0%
PARQUES E XARDÍNS	0%
VÍAS E OBRAS, INFRAESTRUCTURAS	0%
XESTIÓN MUNICIPAL	0%
VARIOS	0%

*Ordenadas porcentualmente de maior a menor

Referencia porcentual de expedientes

REQUISITOS DE EXPEDIENTES INICIADOS NO ANO 2002 CON
 INCIDENCIAS NO ANO 2004 QUE FORON COMPLEMENTADOS E TRAMITADOS

ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
52/2002	Falta de follas de reclamación e martelos nos autobuses de VITRASA	18-02-04 31-03-04 10-06-04/06-07-04	18-11-04

ÁREA DE URBANISMO

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
7/2002	Incumprimento da orde de derruba dun muro	14-05-04 02-06-04/21-06-04 01-09-04/05-10-04	19-07-04 08-11-04
10/2002	Queixa relacionada coa construción dun muro	*1	07-04-04
17/2002	Queixa relacionada coa instalación dun taller sen licenza	09-02-04/24-03-04 27-04-04/02-06-04 17-06-04/16-07-04 18-08-04/15-09-04 25-10-04/25-11-04	26-01-04 24-02-04 29-06-04 23-11-04 Sen resposta
20/2002	Solicitud de licenza de obras por unha empresa de carburantes	19-04-04/02-06-04 21-06-04/05-10-04	12-07-04 Sen resposta
21/2002	Queixa en relación coa instalación dun taller mecánico	*1	27-02-04
25/2002	Queixa en relación coa construción dun tellado sobre un patio	26-01-04 09-03-04/30-03-04 27-04-04/02-06-04 23-06-04/23-07-04 25-08-04/05-10-04	17-02-04 Sen resposta
35/2002	Queixa relacionada con obras realizadas nunha vivenda	19-04-04 02-06-04/23-06-04 15-09-04/25-10-04	06-04-04 01-07-04 Sen resposta
51/2002	Queixa relacionada coa legalidade dun muro	09-01-04/27-04-04 02-06-04/24-06-04 21-07-04/18-08-04 15-09-04/25-10-04	23-03-04 Sen resposta

*1 Petición de informe realizada no ano 2003



PARTE II

Actuacións a instancia de parte
do ano 2003 con incidencias no ano 2004



INTRODUCCIÓN

Nesta Institución téñense rexistrados un total de 27 expedientes correspondentes a solicitudes de cidadáns formuladas no 2003 que tiveron incidencias de actuación durante o ano 2004, e que por sectores cífranse en:

Auga, Saneamento e Limpeza: 1
Medio Ambiente: 2
Mobilidade e Seguridade: 13
Urbanismo: 8
Vías e Obras: 2
Xestión Municipal: 1

Do seu contido cabe concluir do mesmo xeito literal que o exposto na introducción relativa á Parte I: actuacións a instancia de parte do ano 2002 con incidencias no ano 2004.

CAPÍTULO 1: AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA

EXPEDIENTE 28/2003

Expediente relacionado coa inundación nunha vivenda ocasionada por atasco de canos a cargo da empresa concesionaria do abastecemento e saneamento.

As actuacións inicianse o 3/04/2003, reiterando a petición de informe o 26/05/2003. Con data 8/07/2003 recibese informe de Vías e Obras mediante remisión do correspondente da concesionaria de augas, que se manifesta en desconformidade co interesado. Con data 5/08/2003 dende esta Institución indícaselle que a situación derívase dun incorrecto funcionamento dun servizo público, recibíndose resposta o 11/08/2003 indicando que o interesado damnificado debe presentar reclamación patrimonial, cousa que se fixo o 24/09/2003.

Con data 15/04/2004, tendo en conta o tempo transcorrido, solicítase a Xestión Municipal (Patrimonio) informe sobre a resolución recaída, indicádosenos, o 5/05/2004, que o expediente está aínda en trámite.

Con data 7/06/2004 solicítase novo informe actualizado, co ánimo de impulsar a tramitación, recibíndose resposta o 7/07/2004 indicando que, en breves días, o interesado recibirá no seu domicilio escrito dándosele trámite de audiencia.

Con data 25/08/2004 solicítase informe acerca da situación actual do expediente, que se recibe o 10/09/2004, no que se nos informa que está pendente de redactarse o informe de resolución para o seu posterior trámite ante o Consello Consultivo de Galicia para dictame.

Tense que reflexionar que un expediente, non realmente complexo, para chegar á situación descrita, é dicir, sen finalización, foi preciso que transcorresen 17 meses. O rendemento das actuacións públicas non resulta apropiado ao requisito de capacidade de dar resposta satisfactoria á demanda xustificada do cidadán; demoras como esta provocan tamén situacións de exclusión social e polo tanto desacougo inxustificado.

Tense que recordar o tema da simplificación e axilización nos procedementos, co ánimo de acadar a calidade satisfactoria.

CAPÍTULO 2: MEDIO AMBIENTE

EXPEDIENTE 18/2003

Queixa presentada por unha asociación de consumidores en relación cos malos olores producidos por unha planta de residuos sólidos, asemade da acumulación de diverso material na beirarrúa.

As actuacións inicianse con data 5/03/2003 ante a Concellería de Infraestruturas e Medio Ambiente, solicitude que ten que ser reiterada o 30/04/2003, o 14/07/2004, e posteriormente o 6/08/2003. Con data 16/09/2003 recíbese informe co que se achega o informe do Inspector Municipal de 27 de agosto e se nos indica que "*o expediente continúa en trámites*".

No informe de Inspección Municipal, entre outros dise:

"Na planta existe un forte cheiro, provocado posiblemente polos restos orgánicos que veñen nos contenedores e o lavado de estes. Non podendo observar se a planta conta cun sistema de recollida de augas da choiva e de lavado, e se procede a pasalas por un separador de aceites grasas, debido á cantidade de contenedores almacenados, e o xefe de loxística tamén o descoñece. Debido a que a persoa responsable da oficina está de vacacións non poden presentar a documentación: licenzia de apertura, autorización do vertido".

Con data 22/10/2003, e ante o tempo transcorrido, solicítase informe actualizado sobre a situación. Con data 20/01/2004 dende Medio Ambiente comunicásenos

que a actividade desenvolvida non se axusta á licenza concedida e polo tanto dirixen as súas actuacións a disciplina Urbanística, é dicir, a dez meses de iniciado o expediente.

Á vista do anterior, e en espera de que a acción urbanística tomase o rumbo requirido, dirixímonos á Concellería de Urbanismo esperando que xa se tería comprobado todo o exposto na queixa, indicándolle que é evidente que as comprobacións ou non da existencia legal dunha actividade, denunciada en febreiro de 2003, non debe atoparse pendente do aproveitamento das vacacións (setembro de 2003) dun empregado da empresa. A Constitución Española, artigos 9 e 10, consagra os principios de legalidade e eficacia na actuación da Administración Pública. Téñense que evita-las actuacións insuficientes, como neste caso, e axiliza-los trámites legalmente previstos. A xestión que lle é propia debe exercerse eficazmente, máxime cando a mesma ten por obxecto preserva-los dereitos constitucionais dos cidadáns.

Con data 23/03/2004 solicítase novamente informe actualizado, que se reitera o 20/04/2004, o 5/07/2004, o 17/08/2004, o 8/09/2004, e finalmente o 6/10/2004, sen resposta á data de peche deste informe.

EXPEDIENTE 71/2003

Queixa presentada por mor da contaminación acústica que vén perturbando a unha Comunidade de Veciños pola actividade dun pub.

Iniciase o trámite da queixa o 17/09/2003, reiterándose o pedimento do preceptivo informe o 28/10/2003, que se recibe o 25/11/2003, no que se indica a falta de coincidencia entre o manifestado polo propietario do local e os partes da Policía Local, rematando que, con data 7/10/2003, recíbense no Concello novas alegacións do propietario.

Con data 3/12/2003 instamos á Concellería competente a emisión de informe actualizado, indicando que o ruído é unha das contaminacións máis insidiosas que perturba o descanso e polo tanto a saúde dos cidadáns, máxime cando existen medicións sonométricas que superan o límite permitido, sen que se teñan adoptado as medidas correctoras que a normativa contempla, polo que se fai imprescindible dar unha resposta satisfactoria ás demandas do contorno que acreditan dabondo a necesidade de ver mellorada a súa situación, cando tal mellora só é susceptible de acadarse mediante a acción pública. Esta petición reitérase o 21/01/2004, sen resposta.

Remátase o expediente a petición do denunciante a quen se lle expide informe relatorio de tódalas actuacións levadas a cabo por esta Institución na procura dunha solución do problema presentado, seguramente por vías alleas ás da xestión municipal.

CAPÍTULO 3: MOBILIDADE E SEGURIDADE

Neste capítulo faise preciso ter en conta unha serie de reflexións:

A) No total de 13 expedientes con actuacións no ano 2004, esta Institución non ten coñecemento de resposta ou solución definitiva na súa totalidade, o que nos leva a concluír a falta de cumprimento do disposto no artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán que veuse a traducir nunha estimación hostil e entorpecedora da súa actuación. Isto invita, tal como expoñiamos na Memoria do ano 2003 aínda que sen resultado, a promover un cambio de actitude, o que non implica un traballo adicional, só se require vontade de dar cumprimento ao propio regulamento que non é máis que unha manifestación da potestade normativa da Administración Municipal.

B) Nun número sensible de actuacións, obsérvanse conductas impropias por parte dos axentes municipais, con mencións tales como: "actitude despectiva, actitude inadecuada, acción groseira, malos xeitos, non concordante coas normas de educación cívica".

Ante estas actitudes é preciso reiterar a obriga de observa-lo disposto na normativa vixente. Así o artigo 35.i) da Lei 30/1992, reformada pola Lei 4/1999, no que claramente se explicita que os cidadáns teñen dereito a ser tratados con respecto e deferencia polas autoridades e funcionarios.

A citada Lei refírese non só aos órganos administrativos, senón tamén á actividade da Administración, inclusive a local, e ás súas relacións, así como á potestade sancionadora e ao sistema de responsabilidade; e cando se fala de relacións tamén se refire ás relacións cos particulares. Esta Lei é realmente unha lei de cabeceira, é dicir, normativa de referencia.

Dende outra perspectiva legal, téñase en conta o Real Decreto 208/1996, de 9 de febreiro, que regula os servizos de información administrativa e atención ao cidadán, que no seu artigo 4.e) fai mención ao termo "desatencións" ou por calquera outro tipo de actuación irregular, é dicir, por actuacións desconsideradas, non facer caso, falta de atención ou falta de amabilidade, que non se axusta á regra ou orde, é dicir, non é conforme á lei, regra ou uso establecido.

Sería moi importante retomar unha motivación especial destes funcionarios, de constante permanencia nas rúas e cos que é preciso que os cidadáns se sintan non soamente protexidos, senón que tamén requiren sentirse concidadáns.

A eficacia da actuación pública, en última instancia, depende dos empregados públicos e dunha política funcionarial que, por riba dos intereses privados ou corporativos, prime o competente e estimule o mérito e a capacidade.

C) Tense que puntualizar que tódolos escritos que se remiten dende as dependencias de Mobilidade e Seguridade adoecen dun defecto importante en relación coas normas xerais que rexen a actividade da Administración Pública, cal é o seguinte:

- O artigo 38 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, esixe que os órganos administrativos terán que levar un rexistro xeral no que se practicaré o correspondente asento de tódolos escritos que se expidan con carácter oficial a outros órganos ou particulares.

Ata o de agora, dos poucos escritos recibidos nesta Institución ningún cumpre co exposto, non obstante terse feito, en tempo e forma, reclamación ao respecto.

- A maior abundamento, subliñase que o Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais), na Sección 2ª do Capítulo I (Procedemento Administrativo), explicita que en tódalas entidades locais haberá un rexistro xeral para que conste con claridade a entrada dos documentos que se reciban e a saída dos que fosen despachados (artigo 151); no artigo 152 expónse que o Rexistro Xeral estará establecido de modo que garanta a constancia, é dicir, a certeza ou seguridade, de tódolos documentos que teñan como destinatario ou expida a entidade local; e o artigo 153 relaciona os extremos que fan referencia exacta dos documentos que se reciban e dos que se remitan dende as oficinas locais; aínda máis, o artigo 154 subliña que no Rexistro de Saída anotaranse tódolos oficios, notificacións, ordes, comunicacións, certificacións, expedientes ou resolucións que emanen das Corporacións, autoridades ou funcionarios locais.

Todo isto parece indicar que non tódolos departamentos do Concello de Vigo están suxeitos á obriga de cumprila legalidade, ou ben semella que determinadas notificacións ou non merecen ter carácter oficial, ou non interesa acreditarlle tal condición.

EXPEDIENTE 25/2003

Queixa relacionada cunha multa por parada de vehículo, sen abandona-lo mesmo, e para recoller a un viandante.

Iniciase o expediente o 25/03/2003, reiterándose a petición de informe o 26/05/2003, e novamente o 15/07/2003, recibíndose o mesmo o 11/02/2004, é dicir, sete meses despois, no que se nos di o seguinte: *"...comunicase que o expediente de referencia instruído contra o interesado por aparcar en dobre fila, atópase en fase de resolución do recurso presentado, e unha vez resolto se lle comunicará o mesmo debidamente"*.

Con data 20/04/2004 interesamos a resolución do recurso precitado, dous meses despois da notificación de que o mesmo "atópase en fase de resolución", indicando pola nosa parte que segundo a Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, o prazo de resolución do recurso de reposición é de un mes (artigo 117).

Con data 9/06/2004 reitérase a petición anterior, e novamente o 6/07/2004, o 17/08/2004 e o 8/09/2004.

Esta Institución, á vista da colaboración prestada, desiste de reitera-los pedimentos que lle asisten en virtude do seu Regulamento de Organización e Funcionamento que, de novo, é obxecto de esquecemento.

EXPEDIENTE 30/2003

Queixa relacionada cos aparcamentos masivos nunha travesía que conta con dúas sinais verticais e que, a pesar das mesmas, se atopa case permanentemente ocupada por vehículos particulares, imposibilitando o acceso ás vivendas e atención de servizos públicos imprescindibles, como ambulancias, bombeiros e taxistas.

Iniciouse o expediente o 14/04/2003, recibíndose informe da Policía Local o 18/06/2003, no que se explicita que se ten incrementado o servizo de vixilancia.

Con data 3/10/2003 recíbense novamente queixas de que as transgresións das prohibicións, a pesares da vixilancia policial, son constantes, polo que o 6/10/2003 diriximos escrito á Concellería de Mobilidade e Seguridade, indicando que o escepticismo non se detén e apodérase, coma unha doenza, do espírito da colectividade sorbéndolle tódalas enerxías, o que esto supón en contra do seu benestar, solicitando un incremento da acción policial.

Con data 28/06/2004, por parte do promotor da queixa comunicásenos que a persistencia do estacionamento indebido segue afectando á veciñanza, reiterando o estado da situación con data 29/07/2004, e novamente o 2/09/2004, sen ter recibido máis información ao respecto.

É sobradamente coñecida a doutrina do Valedor do Pobo naqueles termos que afectan aos dereitos dos cidadáns que sofren polos ruídos, a calidade de vida, a intimidade, a saúde e o descanso, así como as situacións como a que nos ocupa, cando se ven afectados en servizos tan precisos como os do taxi, ambulancias e bombeiros, o que fai necesario accións decididas e decisivas para a aplicación da normativa coa efectividade que se precise.

EXPEDIENTE 40/2003

Queixa relacionada cunha sanción por non respectar a luz vermella non intermitente dun semáforo. O interesado presenta escrito de alegacións no que subliña que na denuncia só se fai referencia ao modelo e color do vehículo, tendo a convicción de que non circulaba naquel momento polo lugar que se determinou. Na resposta que se recibe do Concello non se rebaten os argumentos alegados, polo tanto para interpor recurso contencioso-administrativo solicitou do Concello copia do expediente, non recibindo resposta á súa petición.

Iniciase o expediente con data 22/05/2003, petición reiterada o 30/07/2003, e posteriormente o 18/11/2003, recibíndose resposta o 11/02/2004, é dicir, nove meses despois de iniciado o expediente, no que se di:

"O expediente de denuncia resolveuse desestimando o mesmo, toda vez que o axente denunciante ratificouse integramente no contido da denuncia, asegurando ser certos os feitos denunciados".

É obvio que a resposta non responde ao contido básico da queixa, que non era outro que a falta de remisión da documentación solicitada polo interesado e non recibida. Ante esta resposta, con data 13/02/2004 dirixímonos á Concellería de Mobilidade e Seguridade poñendo no seu coñecemento o seguinte:

A) Falta de cumprimento do disposto, de maneira xeral, no artigo 38 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, así como dos artigos 151 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, sobre o tema xa apuntado na introducción deste capítulo referido a Tráfico.

B) O cidadán ten recoñecido como dereito, artigo 35 da Lei 30/1992 - 4/1999, a obtención das copias dos documentos que obran en todo procedemento no que

teña a condición de interesado. A maior abundamento, é de citar o disposto no Real Decreto 208/1996, de 9 de febreiro, que regula os servizos de información administrativa e atención ao cidadán, onde se regulan as funcións de información e organización administrativa.

A Constitución Española refírese detalladamente a que o primeiro interese do cidadán soe centrarse en que as Administracións Públicas presten eficazmente tódolos servizos que son da súa responsabilidade e competencia; estas prestacións van dende a axilidade na resolución dos expedientes e trámites, ata a adopción das medidas tendentes á resolución dos problemas da vida cotiá.

Agora temos que insistir que entre as funcións de atención ao cidadán están:

- Recepción e acollida aos cidadáns co obxecto de facilitarlle a orientación e a axuda que precisen.
- Orientación, información e axudas que faciliten as xestións sobre procedementos, trámites, requisitos e documentación para as actuacións ou solicitudes que se propoñan realizar.
- Xestión en relación cos procedementos administrativos.

A finalidade do procedemento administrativo é tanto a conservación da orde xurídica como a protección do dereito do cidadán, protéxese de maneira inmediata a orde xurídica e inmediatamente o dereito do particular.

Coa actitude do órgano municipal estase realmente ante unha situación de desviación de poder, en tanto en canto se exercita unha potestade administrativa con finalidades distintas ás fixadas no ordenamento xurídico; trátase dun acto que non responde na súa motivación ao fin da actividade administrativa orientada á promoción dun interese lexítimo.

Por todo, instase con data 15/07/2004 informe sobre os pormenores aludidos, así como en relación ás consideracións alegadas polo interesado, dos que non se fai mención no escrito de desestimación. Pedimento reiterado o 23/08/2004, o 22/09/2004 e, posteriormente, o 25/10/2004.

Finalmente, con data 18/11/2004, é dicir, oito meses despois do requirimento feito por segunda vez (13/02/2004), recíbese resposta do departamento de Seguridade e Transportes no que se di:

"En contestación ó seu escrito de referencia solicitando copia do expediente administrativo instruído contra... adxuntámoslle copia dos documentos que integran o mesmo e reiterámoslle que o escrito de alegacións foi desestimado coa

consecuente continuación do procedemento sancionador, posto que o axente denunciante ratificouse integramente no contido da denuncia; ademais con esta mesma data, remitiráselle ó interesado fotocopia dos mesmos.

O que se pon no seu coñecemento ós efectos oportunos".

Pola nosa parte quedan claros "ós efectos oportunos", é dicir, que ao interesado vánselle remitir os documentos do expediente que tiña solicitados en decembro de 2002; acredítase así un defecto de axilidade, eficacia e eficiencia tal como require a lexislación vixente (Constitución Española e Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999).

EXPEDIENTE 45/2003

Queixa en relación cunha sanción por estacionar en dobre fila, cando o interesado acredita que na data da infracción se atopaba no estranxeiro e o vehículo permanecía inmovilizado no garaxe.

Iniciouse o expediente o 26/05/2003, indicando a posibilidade da concorrencia dun erro que a Administración Pública pode corrixir mediante a oportuna revogación.

Reitérase o pedimento o 12/08/2003, e posteriormente o 19/11/2003, recibíndose o informe o 13/02/2004, é dicir, seis meses despois, no que se di: *"o expediente resolveuse desestimando o mesmo, toda vez que o axente denunciante ratificouse na denuncia, alegando ser certos os feitos denunciados e existindo a posibilidade de que aínda que o propietario estivese de viaxe, podería ser outro o conductor do vehículo nese momento, tendo a obriga nestes casos o titular do vehículo de proceder á identificación do conductor de conformidade coa normativa vixente".*

Trasládase a información subliñada ao interesado con data 17/02/2004. Non se teñen dado actuacións posteriores.

EXPEDIENTE 52/2003

Queixa relacionada coa retirada dun vehículo polo guindastre por estacionamento en lugar autorizado sen prohibición expresa de aparcamento nin suxeición á Ordenanza Reguladora do Servizo de Aparcamento na Vía Pública (ORA). Non obstante, no momento da retirada do vehículo existía un valado provisional que indicaba prohibición temporal de aparcamento por asfaltado da rúa, non existente no momento en que se estacionou o mesmo. Foille retirado o vehículo e tivo que aboar a taxa de retirada e depósito do mesmo.

Faise constar que non existen probas que determinen a data do estacionamento, nin exhibición do parte instruído pola Policía Municipal que o acredite, tendo presentado recurso de reposición no que se expón a circunstancia da ausencia de feitos probatorios que indiquen que no momento da instalación do valado o vehículo estivese estacionado.

Entendemos que non consta a colocación dos correspondentes avisos no parabrisas dos vehículos estacionados con dous días de antelación como mínimo, agás en casos de urxencias xustificadas (O.M. artigo 15.12). Neste senso, preséntase o expediente con data 17/06/2003, reiterando o pedimento o 13/08/2003 e de novo o 11/11/2003, recibíndose o informe o 11/02/2004, é dicir, case oito meses dende o inicio, no que se di:

"O expediente ... atópase en trámite toda vez que o axente denunciante ratificouse na denuncia e ten sido notificado ao interesado para examinar as fotografías obrantes no expediente, achegándose fotocopia, sen que ata a data o interesado, tralo exame das mesmas, presentara alegación algunha".

Trasladada a información subliñada ao interesado con data 13/02/2004, non se teñen dado actuacións adicionais posteriores.

EXPEDIENTE 57/2003

Tema relacionado coa solicitude dun vado para entrada de garaxe nun edificio con doce baixos máis, no que xa existe unha licenza neste senso.

Iniciase o expediente o 1/07/2003, reiterando o pedimento de informe o 11/11/2003, e de novo o 28/01/2004, recibíndose a información o 19/02/2004, no que se di: "...desestima-la solicitude... ó non ter o ancho de entrada de acceso ao garaxe a medida estimada de 4 metros e non cumprir coas disposicións legais vixentes esixidas", segue o informe e conclúe: " en relación co escrito presentado polo interesado (reclamación), infórmase que si é posible que existan na cidade entradas de vehículos con outras medidas distintas ás esixidas actualmente por seren concedidas ao amparo dunha lexislación anterior e distinta á actual".

Dáse traslado da información ao interesado con data 23/02/2004, quen con data 6/05/2004 indicanos que a normativa élle discriminatoria, xa que non é lóxico aplicala a construcións novas e antigas á vez, e que non se aplica co mesmo rigor para todos. Indica ademais a existencia nun edificio de nova construción (dirección e medidas de acceso, e número de licenza municipal), polo que pide explicacións ao Concello, sen resposta ningunha.

Á vista do anterior, con data 11/05/2004 solicítase da Concellería de Mobilidade e Seguridade información sobre as achegas feitas polo interesado, pedimento reiterado o 14/06/2004, o 13/07/2004, o 23/08/2004, o 22/09/2004, e finalmente o 25/10/2004, sen resposta ningunha.

EXPEDIENTE 65/2003

Queixa relacionada cunha multa por mor dunha suposta condución de motocicleta cun menor sobre o depósito de gasolina. O interesado expón que o seu cónxuxe sentou co fillo de ambos enriba dunha moto da súa propiedade que estaba parada e en situación de aparcamento dentro dun recinto privado dunha comunidade.

Un dos axentes entregoulle unha denuncia por "circular en motocicleta cun menor entre o conductor e o guiador", subliñando como lugar da denuncia unha rúa que non é realmente a correspondente. Posto este dato en coñecemento da autoridade, esta resposta de xeito inadecuado, o que provocou que o interesado manifestase a súa intención de denunciálo.

Con data 23/07/2003 o interesado recibe a denuncia, e con data do día seguinte recibe unha citación xudicial, incluíndo ao seu cónxuxe, para un xuízo de faltas a celebrar o 31/10/2003.

Iniciouse o expediente o 28/07/2003, comunicándoselle ao interesado que o mesmo quedaba en suspenso en tanto non se resolvese a resolución administrativa ou xudicial pendente.

Recibida a sentenza, favorable aos interesados, con data 10/12/2003 instase á Concellería competente a emisión do preceptivo informe. Con data 16/02/2004 recíbese comunicación dende Seguridade e Transportes na que se di: "*que con data 26 de xaneiro pasado deuse traslado do mesmo ao xefe da Policía Local, solicitándolle informe sobre o motivo da queixa*".

Con data 1/03/2004, e dado o tempo transcorrido, reitérase o pedimento de informe, que de novo se reiterou o 30/04/2004, o 31/05/2004, o 15/07/2004, o 27/08/2004 e o 23/09/2004.

Con data 18/11/2004 fáisenos chegar o preceptivo informe, achegando o da Policía Local de 5/09/2003 (Parte do Servizo), é dicir, que un Parte de Servizo, feito en setembro de 2003, faise chegar a esta Institución o 18/11/2004, en total 14 meses despois.

No referido informe de Seguridade e Transportes (11/11/2004) dise: *"É de salientar ademais o comportamento incorrecto proferido hacia dito axente da Policía Local pese a que se cita que do xuízo de faltas instruído contra ... e mailo seu esposo resultaron absoltos"*.

Resulta alarmante que na sentenza en cuestión se declaren absoltos dous cidadáns dunha falta de insultos aos axentes que se lles imputaba, e séguese no informe recibido nesta Institución insinuando veladamente a culpabilidade dos cidadáns ao non ser firme a sentenza.

O proceso é unha serie de actos mediante os cales os órganos dotados de xurisdicción chegan a decidi-las pretensións que, fundadas no dereito obxectivo, son interpostas ante os mesmos, e o seu fin non é outro que, ademais da conservación da orde xurídica, a protección do dereito do individuo.

Existe un deber das partes de axuda ao tribunal, con tódalas súas forzas, no descubrimento ou investigación da verdade, sen que ninguén poida alegar feitos falsos ou admitilos, nin aínda o silencio, ou feito de non falar, débese tampouco considerar como admisión dos feitos. O poder público non debe nin pode desligarse, é dicir, rachar cos vínculos de que o proceso resulta unha necesidade.

Que ocorre, polo tanto, neste suposto, cando se cita un xuízo de faltas, con resultado favorable aos denunciados, e se persiste en informar dos malos tratos verbais por parte dos cidadáns obxecto da sanción de tráfico.

Que ocorre, coas varias manifestacións de cidadáns, citadas na introducción deste capítulo referido a Tráfico, nas que se pon de manifesto o inadecuado e insolente comportamento por parte dos axentes policiais.

EXPEDIENTE 73/2003

Queixa en relación coa, entón, recente implantación dun novo sistema de aparcamento en superficie na rúa Ecuador que prexudica notoriamente a convivencia, a tranquilidade e o acomodo dos residentes, e que tal implantación non soluciona nin mellora para nada ao anterior; onde antes existía harmonía agora só hai crispación.

A tal conclusión se chega a través das seguintes alegacións:

1) Nunha rúa con escasos 11 metros de vial non se poden establecer aparcadoiros nos dous lados, uns en batería e outros en cordón, deixando só un carril central de a penas 3 metros para a circulación.

2) Imposibilidade de parada diante das vivendas para accións necesarias (maletas, bolsas, recollida e apeadeiro de acompañantes, enfermos, minusválidos).

3) Dificultades para os servizos de taxis e ambulancias.

4) Grandes atascos comprobados a cotío.

O expediente iniciouse o 24/09/2003, reiterándose o pedimento o 29/10/2003, o 4/12/2003, o 24/03/2004 e o 30/04/2004, sen resposta ningunha.

Como peche deste expediente, faise preciso reiterar que a mobilidade resulta un elemento clave na estrutura organizativa dos núcleos urbanos; calquera retención, ben polo fluxo do tráfico ben por calquera outra causa derivada, estase a converter nunha das principais causas que dificultan o avance dos municipios na dirección do desenvolvemento sostible.

De aí que, calquera medida probadamente distorsionadora debería, o máis axiña posible, ser derogada e substituída por outra que sexa menos penosa.

A adopción de calquera medida que non resulte beneficiosa ao fin previsto, é dicir, ao interese xeral, neste suposto a un amplo colectivo veciñal, non debe producir rubor deixala sen efecto.

EXPEDIENTE 82/2003

Queixa relacionada coas obras do aparcamento subterráneo de Urzáiz que producen unha serie de molestias notorias aos veciños das rúas Hernán Cortés e Luis Braille, que ademais provocaron unha considerable mingua da actividade comercial naquela zona, debido especialmente as imposibilidades dunha axeitada mobilidade para clientes e mercadorías, así como a falta de colectores para a recollida do lixo.

Iniciouse o expediente con data 27/10/2003, en tres sentidos:

- Vías e Obras.
- Facenda.
- Seguridade, Tráfico e Transportes.

As solicitudes relativas a Vías e Obras e Limpeza, así como a Facenda, foron informadas e transmitidas aos interesados o 4/11/2003 e 7/11/2003.

Con respecto a Seguridade e Tráfico, reitérase o pedimento de informe o 13/11/2003, e de novo o 10/12/2003, recibíndose o informe o 16/02/2004, no que se di: *"que os motivos das queixas... son por causa maior e por tempo limitado, e en ningún caso xustifican as exencións que pretenden"*.

Con data 17/02/2004, dirixímonos a Mobilidade e Seguridade en resposta ao seu informe e subliñamos: *"A nosa sorpresa, despois de transcorridos case catro meses da petición de informe, é que se nos contesta a temas que non afectan a Seguridade e Tráfico (dispensa temporal de taxas) que si foron informadas puntualmente polo departamento de Tributos, e que non se menciona para nada o parágrafo relativo a: sinalización axeitada, pasos de peóns, semáforos"*.

Esto reafírmanos en que resulta probado que en materia de seguridade, mentres estivo en vigor a medida de modificación do tráfico, foi un verdadeiro risco realizar o tránsito peonil entre as beirarrúas das rúas afectadas.

Deste xeito, é categórica a falta de eficacia nunha atención imprescindible como é a da protección vial. Sempre se pode aducir que non se produciu ningún accidente grave, pero isto non obvia para convir que a saúde e a tranquilidade cidadán foron obxecto de "obrigado esquezo".

EXPEDIENTE 83/2003

Queixa presentada en relación coa desconsideración e o talante groseiro co que o interesado foi tratado polo axente municipal o día 18/09/2002 na Praza de Compostela, á altura do número 12 e non na rúa Areal número 12, como consta na notificación de denuncia.

O interesado, para poder deixar a uns familiares na Praza de Compostela, parou o seu vehículo á altura do número 12; diante do seu vehículo atopábase outro do que se apeou a súa conductora, e detrás atopábase outro vehículo, unha furgoneta.

Mentres estaba aparcada e dentro do vehículo acercóuselle un axente municipal e, sen previo saúdo ou ademán respectuoso, pediulle a documentación. Ante a pregunta de si se lle estaba impoñendo algunha sanción, sen advertencia previa ningunha, o axente, de forma groseira, contestoulle que non lle tiña que advertir de nada, nin a el nin a ninguén, e procedeu a que o interesado asinara a denuncia, ao que este, ante a actitude do axente, se negou; entón o axente tiroulle pola ventá a denuncia dicíndolle que se "largara", xa que de non facelo chamaría ao guindastre.

Ante estes feitos, o reclamante subliña e solicita:

- Que o axente descoñece as rúas da cidade.
- Que el non se ausentou do vehículo.
- Falta de educación e civismo.
- Retirada da sanción.
- Desculpas do axente.

Iniciouse o expediente o 4/11/2003, reiterándose o pedimento do preceptivo informe o 16/12/2003 e posteriormente o 26/01/2004.

Con data 16/02/2004, recíbese informe de Seguridade e Transportes, no que se di: *"comunicase que o expediente de referencia resolveuse desfavorablemente por haberse ratificado o axente nos feitos que orixinaron a denuncia e non desvirtúan os mesmos, os motivos alegados pola interesada"*.

Á vista do exposto, con data 17/02/2004 dirixímonos á Concellería competente indicándolle que tanto ou máis importante que a xustiza da sanción de tráfico é, sen dúbida, a actitude ou comportamento do funcionariado municipal, facéndolle estensivo o contido do noso escrito que lle remitimos con data tamén de 17/02/2004 con número de saída 72 e referido ao expediente 84/2003, no que se di:

"Realmente neste expediente, así como nos rexistrados cos números 25, 65, 83 e 92, considérase que tanto ou máis importante que a xustiza da sanción de tráfico é, sen dúbida, a actitude ou comportamento do funcionariado municipal."

No expediente 84, como veremos, e no escrito subliñado desta Institución faise mención expresa aos malos xeitos e á insolencia do axente que proferiu frases nomeando á nai da cidadá.

É unha máxima no ordenamento xurídico a de que "lex est quod notamus", é dicir, a lei está para que se cumpra, para que se observe, para que se teña en conta.

A Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, ten o seu ancoraxe constitucional no artigo 149.1.18 da Constitución Española, onde se consagra que as bases do réxime xurídico das Administracións Públicas e do réxime estatutario dos seus funcionarios, en todo caso, garantirán aos administrados un tratamento común ante elas, é dicir, garántese o sistema de responsabilidade de tódalas Administracións Públicas.

Deste xeito, no artigo 35.i) d Lei 4/1999 declárase que os cidadáns teñen dereito a ser tratados con respecto e deferencia polas autoridades e funcionarios, que haberán de facilitarlles o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas.

No apartado seguinte, o mesmo artigo sinala o dereito a esixir as responsabilidades das Administracións Públicas e do persoal ao seu servicio, cando así corresponda legalmente.

Por outra banda, o RD 208/1996, de 9 de febreiro, fai mención ao termo "desatencións" ou de calquera outro tipo de actuación irregular.

Como xa é sabido, a eficacia depende en última instancia dos empregados públicos e dunha política funcional que, por riba dos intereses privados ou corporativos, prime o competente e estimule o mérito e a capacidade".

A partires desa data non existen actuacións ou aclaracións complementarias.

EXPEDIENTE 84/2003

Queixa relacionada cunha medida que o interesado considera desproporcionada, polo que solicitou a retirada de tres multas simultáneas de tráfico. O interesado reconece que aparcou o seu vehículo no lugar subliñado polo axente na denuncia, pero sen obstaculiza-lo tráfico, por un tempo de cinco minutos, para recoller na entrada dunha entidade bancaria unha carta de mans do director da mesma que a estaba agardando.

Cando regresaba cara ao seu vehículo estaba esperando un axente municipal que o abordou de malos xeitos. O interesado explicoulle que era grande inválido e que a tarxeta acreditativa se atopaba exposta no parabrisas do vehículo, respondéndolle o axente que el non a vía; o cidadán insistiulle que se fixase, e como proba contundente e irrefutable mostroulle as súas pernas, as dúas postizas, é dicir, que se poden poñer e quitar, que non ten auténticas, que son artificiais, o que motivou a insolencia, unha mostra de desprezo e falta de respecto por parte do axente, que proferiu frases amentándolle á súa nai de forma ofensiva e dicíndolle que o ía bombardear a multas, como aconteceu.

Iniciouse o expediente con data 16/12/2003, instando informe ao respecto, pedimento que se reitera o 26/01/2004.

Con data 11/02/2004 recíbese informe de Seguridade e Transportes no que se di: *"... que o expediente de denuncias instruído contra o interesado por a) estacionar o*

vehículo obstaculizando gravemente o tráfico; b) non obedecer os sinais do axente de circulación e; c) non identificarse ao axente tralo requirimento, resolveuse o mesmo, toda vez que o axente denunciante ratificouse integramente na denuncia, asegurando ser certos os feitos denunciados".

Ante esta sorpresiva resposta, con data 17/02/2004 diriximos novo escrito á Concellería no senso seguinte:

"Realmente neste expediente, así como nos rexistrados cos números 25, 65, 83 e 92, considérase que tanto ou máis importante que a xustiza da sanción de tráfico é, sen dúbida, a actitude ou comportamento do funcionariado municipal.

No expediente 84 e no escrito subliñado desta Institución faise mención expresa aos malos xeitos e á insolencia do axente que proferiu frases nomeando á nai do cidadán que, ademais, é grande inválido.

É unha máxima no ordenamento xurídico a de que "lex est quod notamus", é dicir, a lei está para que se cumpra, para que se observe, para que se teña en conta.

A Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, ten o seu ancoraxe constitucional no artigo 149.1.18 da Constitución Española, onde se consagra que as bases do réxime xurídico das Administracións Públicas e do réxime estatutario dos seus funcionarios, en todo caso, garantirán aos administrados un tratamento común ante elas, é dicir, gárantese o sistema de responsabilidade de tódalas Administracións Públicas.

Deste xeito, no artigo 35.i) d Lei 4/1999 declárase que os cidadáns teñen dereito a ser tratados con respecto e deferencia polas autoridades e funcionarios, que haberán de facilitarlles o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas.

No apartado seguinte, o mesmo artigo sinala o dereito a esixir as respectabilidades das Administracións Públicas e do persoal ao seu servicio, cando así corresponda legalmente.

Por outra banda, o RD 208/1996, de 9 de febreiro, fai mención ao termo "desatencións" ou de calquera outro tipo de actuación irregular.

Como xa é sabido, a eficacia depende en última instancia dos empregados públicos e dunha política funcional que, por riba dos intereses privados ou corporativos, prime o competente e estimule o mérito e a capacidade".

Sen que posteriormente se desen actuacións ou comunicacións ao respecto.

Pola nosa parte, e no ámbito das reflexións de tódalas actuacións que comportan a Memoria anual, fáisenos preciso comentar:

1) Respecto á sanción de estacionamento incorrecto, que sería a única que podería ter cometido o interesado, é importante resaltar que a parada foi moi breve, para recoller un sobre que alguén lle ía entregar e que o estaba esperando a escasos tres metros do vehículo.

Débase salientar e considerar que o interesado é grande inválido, situación sinalizada no vehículo; os seus desprazamentos a pé vense dificultados, máis aínda se temos en conta que na cidade de Vigo abundan as barreiras arquitectónicas, feito lamentable que aínda debía de agudizar máis se cabe a nosa sensibilidade cara ao colectivo de discapacitados. Cando dicimos "nosa", tamén estamos a pensar nos servidores públicos.

2) Obviamente, o interesado realizou un acto, unha conducta activa nun estado de necesidade obxectivo, algo que sucede igualmente nas motivacións de xustificación penal. Non obra, non se comporta desa maneira dunha forma antixurídica, toda vez que actúa nunha situación de preeminencia xurídica, é dicir, é como un privilexio que se concede a alguén sobre os demais polas súas condicións especiais.

Polo tanto, ten dereito a actuar así e pode esixir que ese dereito se lle respecte; é un caso no que se cumpre o presuposto básico do estado de necesidade e por iso eximeo da responsabilidade.

Coa sanción imposta poderíamos estar ante un suposto de desviación de poder, xa que a motivación da sanción non responde aos fins da actividade administrativa, que se orienta á promoción do interese público e está suxeita a ineludibles imperativos de moralidade.

EXPEDIENTE 85/2003

Queixa presentada por mor do trato pouco respectuoso recibido nas dependencias da Policía Local ao solicitar unha certificación de convivencia, séndolle entregado un xustificante para recolle-lo documento en determinada data e hora. Presentado na data subliñada, comunícaselle pola funcionaria de atención ao público, de xeito non amable, que a certificación aínda estaba para asinar, descoñecendo cando o estaría e que non tivese tanta présa que había máis xente en espera.

Ante tal situación, presentou queixa no escrito no Rexistro Xeral con data 27/06/2004, sen que o 5/11/2003 tivera recibido resposta.

Iniciouse o expediente o 5/11/2003 ante a Concellería competente, pedimento reiterado o 16/12/2003, recibíndose o informe do Departamento de Información, dende o que se dan cumpridas desculpas pola atención dispensada.

Con data 16/02/2003, dende Seguridade e Transportes, comunicásenos que, con respecto ao tema que nos ocupa, se dá traslado á Policía Local para informe.

É dicir, oito meses despois, e coa mesma data das escusas xa presentadas pola dependencia de Información, se nos comunica que pasa á Policía Local para informe. Obviamente a tan pretendida e desexada coordinación debida entre os distintos órganos do ente administrativo brilla pola súa ausencia.

Á vista do anterior, co ánimo de afondar na dilixencia de xestión, e tendo en conta o tempo transcorrido, insistimos ante Mobilidade e Seguridade sobre o precitado informe da Policía Local con data 15/03/2004, petición reiterada o 12/04/2004, o 10/06/2004, o 15/07/2004, o 27/08/2004 e o 23/09/2004, recibíndose o 18/11/2004, é dicir, oito meses despois de solicitado. No informe dise:

"Que é o Departamento de Información e non na Oficina Administrativa da Policía Local polo que terá que ser dito departamento onde informen ao respecto".

Sen máis precisións nin comentarios.

EXPEDIENTE 86/2003

Queixa presentada polo interesado en calidade de portavoz de veciños e comerciantes da Travesía de Vigo, en relación coa solicitude dun paso de peóns, indicando que o viñan solicitado dende o 19/09/2003, e que se vían obrigados a camiñar uns 250 metros para poder efectua-lo percorrido. A petición ía avalada por máis de mil sinaturas da veciñanza.

Iniciouse o expediente o 5/11/2003, solicitándose información ao respecto, pedimento reiterado o 16/12/2003 e, de novo, o 26/01/2004, o 24/03/2004, o 12/04/2004, o 11/05/2004 e o 14/06/2004, no que se explicita ademais que:

"Se todo regulamento municipal é un efecto da potestade normativa municipal e forma parte do seu ordenamento xurídico, é lóxico que se lle dea a eficiencia debida.

A eficacia é unha das claves do bo funcionamento de toda Administración Pública. O primeiro interese do cidadán céntrase en que aquelas presten eficazmente a gama de servizos que son da súa competencia e tamén responsabilidade. Estas prestacións van dende a axilidade na resolución dos expedientes e trámites, ata a adopción das medidas tendentes a resolver os problemas da vida cotiá".

Non obstante, o 15/07/2004 reitérase novamente o pedimento instado o 5/11/2003, reiterándose de novo o 27/08/2004 e posteriormente o 23/09/2004.

Con data 18/11/2004 recibese informe de Mobilidade e Seguridade no que se di:

"En contestación ao seu escrito solicitando a sinalización dun paso de peóns no cruce da rúa Antón Meiras e Travesía de Vigo á altura do nº 56 comunicaselle que xa foi dado de alta a día 30 de abril de 2004. O que se pon no seu coñecemento ós efectos oportunos".

É dicir, seis meses e medio despois de ser dado de alta o paso de peóns, comunícase a esta Institución para os efectos oportunos. Rematamos subliñando que, unha vez máis, queda patente o grao e disposición que existe no departamento competente en aras a unha colaboración eficaz para con esta Institución.

CAPÍTULO 4: URBANISMO

EXPEDIENTE 20/2003

Queixa relacionada coa apertura dun local de hostalería no baixo dun edificio, carecendo da licenza preceptiva e exercendo unha actividade non correspondente á licenza que ten solicitado. As obras efectuadas ocasionaron danos na vivenda e molestias por ruidos e fumes.

O interesado xa tiña presentado escritos de denuncia o 24/10/2002, 27/01/2003 e 17/02/2003, sen ter recibido atención a ningún deles.

Iniciase o expediente con data 24/03/2003, reiterando o pedimento o 26/05/2003, o 29/10/2003 e, de novo, o 29/01/2004. Recíbese con data 24/02/2004 o informe da Policía Local, no que se reflicte que, efectuada visita, non existe documentación do local, estando cheo de persoas e con música bastante alta, realizándose medicións sonométricas con resultado positivo.

Con data 2/03/2004 dirixímonos á Concellería competente indicando o seguinte:

"Con data 24 de febreiro do ano que andamos recibimos informe da Policía Local, a súa referencia 12923/2004, do que se achega fotocopia, no que se detallan diversas actuacións policiais, sen que ata o momento se teña coñecemento en relación coas medidas adoptadas en prol dunha solución do problema formulado dende hai case un ano, e sen ter recibido informe de Medio Ambiente, tal como sería nun axeitado proceder.

Pola nosa parte, só nos queda manifestar, unha vez máis como noutros supostos, que o réxime xurídico das Administracións Públicas debe transcender as regras de funcionamento interno para integrarse na sociedade á que serve como instrumento que promove as condicións para que os dereitos constitucionais do individuo e dos grupos que integran a sociedade sexan reais e efectivos.

O moderno Modelo Europeo de Excelencia, entre outras cuestións moi necesarias propugna que para comprender, prever e mellorar o desempeño e rendemento operativo é de maior interese revisa-la duración dos procesos de atención ao público, resolución de queixas e resposta ás demandas do contorno.

Segundo técnicos en temas de sostibilidade, as comunidades locais teñen que imaxinar, planificar, producir e gobernar as cidades de forma máis transparente, eficiente e con eficacia maior que a actual; tense que introducir o concepto de calidade no ámbito municipal como criterio fundamental da xestión municipal. Neste senso maniféstase a Lei 57/2003, de 16 de decembro, Lei de Medidas para a Modernización dos Gobernos Locais, que se concibe como instrumento axeitado para que os nosos gobernos locais afronten os complexos retos que lle presentan os abrentos do século XXI. Requírese de xeito inaprazable a adopción das reformas tendentes á súa racionalización e modernización, medidas estas que xa teñen adoptado varias cidades.

Pero non sempre estas solucións son fáciles de acadar se non se pon en marcha un mecanismo imprescindible, cal é a coordinación, primeiro principio de toda organización que se prece, é dicir, a ordenada disposición do esforzo do grupo á fin de acadar a unidade de acción na procura dun propósito. A coordinación é, en primeiro lugar, un problema de autoridade e, en segundo lugar, unha convicción de servizo mutuo. Calquera medida imperfectamente coordinada pode ser perturbadora.

A doutrina moderna interesa constantemente que os temas de coordinación municipal deberían formar parte das preocupacións esenciais dos dedicados á organización municipal.

O propio Tribunal Supremo (1989) declara que toda coordinación implica un poder de dirección, consecuencia da superioridade en que se sitúa quen coordina.

Nun xeito moi clarificador pronúnciase a Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, cando no seu artigo 18 indica que no exercicio das súas competencias propias, os órganos administrativos axustarán a súa actividade nas súas relacións con outros órganos.

Por todo, prérgase, de novo, información esclarecedora das medidas levadas a cabo no expediente que nos ocupa e que poidan dar a satisfacción debida aos dereitos do cidadán".

Con data 8/03/2004 recibese informe, no que se di e dispón "que no caso de que a tramitación do correspondente expediente sancionador leve ó coñecemento de que o establecemento denunciado non dispón da correspondente licencia, ou a licencia que ten non corresponde coa actividade que desenvolve, o expediente rematará coa súa dilixencia á Xerencia de Urbanismo para que proceda a preceptiva clausura de actividade", co que se achegan copias de medicións sonométricas que superan os límites permitidos.

Con data 11/03/2004, á vista do anterior, dirixímonos á Concellería competente co rogo de que, á vista do seu informe, se proceda a unha actuación decidida e se nos informe de xeito actualizado das xestións levadas a cabo pola unidade urbanística competente, reiterando o pedimento o 24/03/2004 e, de novo, o 16/04/2004.

Con data 19/04/2004 recíbese o informe no que se di que se está a tramitar pola Inspección Técnica de Obras o expediente de protección da legalidade urbanística e que, con respecto á licenza de actividades, o informe de inspección indica que o local se axusta ao proxecto de construción, seguindo o procedemento establecido, que está pendente do informe do laboratorio.

Con data 11/05/2004, solicítase nova información actualizada, que se reitera o 21/06/2004, o 22/07/2004 e o 24/08/2004; recibíndose con data 31/08/2004 informe no que se di que con data 19/08/2004 concédese licenza municipal para o desenvolvemento de café bar sen música; do que se dá cumprida información ao interesado.

Con data 13/12/2004 o interesado reitérase na súa queixa e achega copia do parte de medicións sonométricas efectuadas pola Policía Local o 12/11/2004, no que figura unha superación de 4,1 dBA no suposto de dispor de licenza para música, cousa que non se dá, polo que con data 14/12/2004 instamos a Urbanismo á adopción de medidas axeitadas. Finalmente, a instancia do interesado, con data 16/12/2004 entrégaselle ó mesmo un informe coas actuacións levadas a cabo por esta Institución.

EXPEDIENTE 21/2003

Queixa relacionada coa instalación, na azotea dun inmoible, dunha antena de telefonía móbil.

O interesado, representante dunha comunidade de veciños, presenta no Concello con data 19/11/2002 a reafirmación das denuncias presentadas o 16/04/2002 e o 25/10/2002, coas que achega informes da Policía Local e do Seprona, nos que constan as actividades relacionadas co obxecto da queixa.

Iniciase o expediente con data 10/03/2003, pedimento que se reitera o 30/04/2003, recibíndose o informe o 16/05/2003, no que se di: "*1. Con data 4 de novembro de 2002 a entidade... solicitou licenzas de actividades e instalacións para o emprazamento dunha antena de telefonía móbil no edificio... 2. A día de hoxe a devandita antena carece da preceptiva licenzas municipais de actividades e instalacións, atopándose o expediente en trámite, requiridos os interesados polo técnico municipal á espera de que presenten a aprobación do proxecto técnico polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía a fin de continuar coa tramitación do devandito procedemento*".

Con data 27/05/2003 recíbese novo informe no que, en resumo, se reflicte:

- A existencia dun informe da arquitecta municipal no que se indica a posibilidade de legalización da instalación en función do seu axuste ao establecido na Ordenanza municipal reguladora destes equipos.
- Que se acorde incoar expediente de protección da legalidade urbanística (23/01/2003), ordenando a paralización das obras ao carecer da preceptiva licenzas.

Con data 15/07/2003, solicítase informe actualizado da situación, pedimento reiterado con data 4/11/2003. Con data 22/04/2004 recíbese o informe, no que se indica que á vista da documentación necesaria parece prudente esperar a que o interesado completase o expediente (quinze meses despois da incoación do expediente de protección de legalidade urbanística), e continúa "*o interesado non presentou a documentación requirida*", engadindo que o expediente caducou ao non ter sido resolto no prazo legal, polo que se incoa de novo.

Á vista do anterior, e dado o tempo transcorrido, con data 10/06/2004 solicítase informe actualizado en relación co novo expediente, solicitude que se reitera o 8/07/2004, o 18/08/2004, o 16/09/2004 e finalmente o 25/10/2004. O informe recíbese o 21/12/2004, no que se conclúe coa concesión dun prazo de dous meses para que a empresa demandada complete a documentación precisa para a tramitación da licenzas de obras, e de non achegar a documentación ou de non axusta-

las obras ás condicións da licenza, ordenarase a retirada da citada instalación. Dáse traslado do contido do mesmo ao interesado.

Estamos ante un asunto denunciado o 19/11/2002. Dous anos despois da denuncia, a situación segue sen definición. Esta Institución, pasados os dous meses subliñados, volverá insta-la información pertinente.

As reflexións son obvias, e o estado de indefensión dos afectados xurde da propia falta de rendemento no exercicio das competencias que lle son propias ao ente municipal. A situación dos cidadáns que demandan a acción pública, na protección dos dereitos que lles son propios, non mellora de ningún xeito, producindo un sentimento de exclusión social.

EXPEDIENTE 44/2003

Queixa relacionada con varias denuncias presentadas pola instalación dunha cheminea industrial que produce graves molestias, así como dun letreiro luminoso, todo iso como consecuencia da apertura dun local de hostalería sen licenza.

Iniciouse o expediente o 26/05/2003, facendo alusión á existencia dunha resolución da Xerencia Municipal de Urbanismo ordenando a suspensión da actividade en aras da protección da legalidade urbanística.

Con data 16/07/2003 recíbese informe no que se di que se están a realizar as actuacións precisas para determinar se o local se axusta na actualidade á licenza concedida.

En relación co anterior, solicítase informe de tales actuacións con data 3/09/2003, que se recibe o 13/10/2003, no que se di que se ordena a incoación do expediente de protección da legalidade urbanística e a inmediata suspensión da actividade do local.

Dado traslado da información ao interesado, este comunica con data 31/10/2003 que o resultado das actuacións municipais non proporcionaron satisfacción á súa demanda principal: a retirada da cheminea e do letreiro luminoso.

Desta comunicación deuse o debido traslado á Concellería competente con data 4/11/2003, indicándolle que os afectados seguen a padecer, dende hai ano e medio, unhas molestias que non se teñen erradicado polo exercicio normal dunha actividade pública. Denótase falta de eficacia, xa que o dano non se deriva da legalidade ou non da apertura dun local, senón das actividades complementarias que repercuten na saúde, na tranquilidade e no descanso dos cidadáns; a conta-

minación lumínica ten que ser hoxe obxecto de atención polos poderes públicos locais.

Recíbese informe o 19/11/2004, no que a Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo dinos: *"As únicas competencias atribuídas á Xerencia de Urbanismo son as relativas ó procedemento do restablecemento da legalidade urbanística"*.

Resulta incongruente a resposta, se nos atemos aos problemas competenciais, que claramente se reflicten e solucionan no artigo 20.1 da Lei 30/1992 - 4/1999.

Non obstante, e tras nova comunicación dos afectados, dirixímonos á Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente indicando o sentimento de indefensión e humillación, manifestando a desconfianza dos afectados ante a pasividade do Concello. Pola nosa parte, incidimos en que realmente non se acada unha acción pública dilixente e eficaz en relación cun problema que se vén denunciando dende 2002, e que o escepticismo dos afectados non se detén, é como unha doenza que pouco a pouco lle vai invadindo o corpo, ao estar en contacto cunha realidade que non pode soportar.

Con data 22/03/2004 remítese copia do escrito anterior pregando información actualizada, reiterándose posteriormente o 22/04/2004, 24/05/2004, 24/06/2004, 22/07/2004, 2/09/2004, 6/10/2004 e 17/11/2004, no que se inclúe a nova queixa do interesado, na que expón a total indefensión cando se determine o carácter ilegal da colocación da cheminea no patio do seu edificio e inexplicablemente, nas novas demandas de obras para axusta-lo local á legalidade, non se fai mención ningunha da mesma, co que implicitamente a dá por boa, podéndose considerar, de feito, unha legalización por omisión, deixando á veciñanza indefensa fronte ás obras que constitúen o maior quebranto, esixindo agora, sen comunicación ningunha, unhas medidas de insonorización que producirían menor dano que a presenza da devandita cheminea.

EXPEDIENTE 47/2003

Queixa en relación con diversas consultas presentadas polo interesado ante o Concello, dende novembro de 1999, por mor do peche dunha finca, alegando que o peche lateral esquerdo non se realizou de acordo coa licenza.

Iniciase o expediente o 5/06/2003, reiterándose o pedimento do preceptivo informe o 12/08/2003. Con data 13/10/2003 recíbese o informe, no que se di:

"O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo con data 5/07/2001, acor-

dou declarar como realizadas sen licencia e incompatibles coa ordenación urbanística vixente as obras obxecto do presente expediente... requiríndolle para que no prazo dun mes procedese voluntariamente á derruba das devanditas obras. Así mesmo, acordou declarar como realizadas sen licencia e legalizables as obras consistentes na execución dun peche situado no lateral dereito da parcela, requiríndolle para que no prazo de dous meses solicitase a oportuna licencia.

o interesado alegou que o peche do lateral dereito conta con licencia e que o peche do camiño sempre existiu, polo que a arquitecta municipal emitiu novo informe o 25 de xaneiro de 2002, no que sinala que o peche que conta con licencia é o do lateral esquerdo ou lindeiro norte.

Procede acudir á execución forzosa, mediante a imposición de multas coercitiva para obrigar ao cumprimento do acordo do Consello".

Con data 17/11/2003 solicítase informe con respecto ao parágrafo final anterior; pedimento reiterado o 29/01/2004 e, de novo, o 24/03/2004.

Con data 19/04/2004 recíbese o informe precitado no que se di:

"Mediante resolución de data 7 de abril de 2004 o vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo impuxo a... unha multa coercitiva en contía de 400 euros polo incumprimento da demolición ordenada no acordo do Concello da Xerencia Municipal de Urbanismo, co apercibimento da imposición dunha nova multa coercitiva se transcorrido o prazo dun mes a derruba non se tivese realizado.

Por outra banda láméntase o retraso ocorrido con esta resposta polo que se tentará que a tramitación forzosa mediante a imposición de multas coercitivas se realice coa maior dilixencia".

Resulta alarmante que o 3/10/2003 se reciba información con respecto ao informe de data 25/01/2002, declarándose que procede acudir á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, e que realmente o procedemento executivo se resolva con data 7 de abril de 2004.

Á vista desta falta de eficiencia e eficacia, diriximos escrito con data 20/05/2004 á Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, no que expoñemos o seguinte:

"Con data 19 de abril do ano que andamos recíbese informe desa vicepresidencia de data 7 de abril de 2007, número de saída 062001, data de saída 15 de abril,

o seu número de expediente 12.241/423, núm. de notificación 13443, do que se deu cumprida información a D..., promotor da queixa.

No seu informe dise que con data 7 de abril de 2004 o Vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo impuxo a ... unha multa coercitiva en contía de 400 euros polo incumprimento da demolición ordenada no acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, co apercibimento da posibilidade da imposición dunha nova multa coercitiva se transcorrido o prazo dun mes a derruba non se tivese realizado.

No derradeiro parágrafo do seu informe cítase "se tentará que a tramitación da execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas se realice coa maior dilixencia".

Enténdese xeralmente como dilixencia a eficacia e responsabilidade na execución dalgunha cousa, atención, coidado, prontitude ou axilidade para facer algo, présa.

Facendo memoria dunha recente sentenza xudicial na que xa non se considera válida a imposición de dúas sancións, nun prazo dun ano, xa que as mesmas estimanse como "novas cantidades simbólicas aceptadas polo administrado a xeito de taxa ou contribución periódica, e que non cumpre o previsto na lei", a sentenza reitera que, nestes casos, o Concello debe derrubar subsidiariamente.

Téñase en conta que o expediente que nos ocupa iniciouse pola nosa parte o 5 de xuño de 2003, pero que realmente o interesado xa tiña formuladas peticións ante o Concello en data 29/11/1999 e posteriores.

Por todo, e en aras dunha real dilixencia, prégolle nos informe, á maior brevidade, da situación actual do procedemento de execución forzosa que se está levando a cabo".

Con data 22/07/2004 reiterouse o pedimento citado no escrito anterior, que de novo tivo que ser reiterado o 27/08/2004, o 23/09/2004, requirindo, ademais, documentación ao respecto que o interesado solicita, e novamente o 25/10/2004. Recíbese a resposta con data 21/12/2004, coa que se achega copia das resolucións de 5/07/2001 e de 15/04/2004; nesta, imponse unha multa coercitiva de 400.-€, indicando que se no prazo dun mes non se executa a orde de derruba, procederase á imposición de nova multa, a cal se impón por resolución de 28/09/2004, é dicir, cinco meses despois.

Sublíñase que a axilidade na defensa da legalidade urbanística vaise desenvolvendo en períodos de actividade coercitiva de cinco meses. Reitérase a doutrina xurisprudencial citada anteriormente. Seguirase co expediente no 2005.

EXPEDIENTE 54/2003

O interesado solicita a execución dunha sentenza dictada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de 30/12/1998, pola que se declara firme a sentenza que ordena a demolición das obras de construción dunha vivenda.

Iniciase o expediente o 24/06/2003, reiterándose a petición de informe o 14/08/2003 e o 11/11/2003, recibíndose este o 5/01/2004, no que se di:

"...Desplazouse ao lugar unha pala retroescavadora e un camión. A derruba non puido executarse por canto un numeroso grupo de veciños, que increpaban ós membros da Comisión Municipal a través duns altavoces nun vehículo aparcado diante da cancilla de entrada á vivenda, impediron o acceso á mesma.

Pola Secretaria da Comisión requiriuse ós veciños para que depoñan a súa actitude advertíndolles de que se está a executar unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

A Policía Local identifica a algúns dos veciños que impiden a entrada.

Destes feitos deuse traslado ó Xulgado do Contencioso-administrativo de Vigo que en data 20 de xuño de 2003 dictou sentenza no xuízo de faltas 213/2003 na que absolve ós veciños contra os que se seguiu o xuízo".

Á vista do anterior, con data 4/02/2004 dirixímonos á Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo no seguinte senso:

"En relación co seu escrito de data 29/11/2003, nº de saída 061580, o seu expediente 12.273/423, nº de notificación 11462, e tendo en conta o tempo transcorrido dende as actuacións relatadas no mesmo, e con especial referencia á sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, nº 977, do 12 de novembro de 1998, e en atención ó principio de legalidade que preside a actuación en relación coa ordenación urbanística vixente, prégoille información puntual e actualizada en relación co tema que nos ocupa.

Dende a nosa perspectiva faise preciso recordar que a evolución do contencioso é, en gran medida, a propia de todo o Dereito Administrativo; en termos sinxelos, redúcese todo a que o contencioso-administrativo como técnica impugnato-

ria existe porque ás Administracións Públicas a Lei lles recoñece e outorga privilexios, potestades e poderes exorbitantes do Dereito Común, é dicir, sen potestade non existe actividade administrativa correcta. A Administración só pode face-lo que a Lei lle permite realizar, está positivamente vinculada á Lei e esta é a que lle concede a potestade para actuar de xeito acomodado, é dicir, de xeito legal, como é no caso que nos ocupa e de acordo coa sentenza subliñada anteriormente.

Recórdese o artigo 24.1 da Constitución Española, onde se consagra que todas as persoas teñen dereito a obter a tutela efectiva dos xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, sen que, en ningún caso, poida producirse indefensión. No mesmo eido, hai que recordar o artigo 117.3 sobre o exercicio da potestade xurisdiccional "...xulgando e facendo executa-lo xulgado", e para mellor entendemento o artigo 118, onde se proclama a obriga de cumprir as sentenzas e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como prestar a colaboración requirida por aqueles no curso do proceso e na execución do resolto.

Temos que rematar recordando que o artigo 103 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-administrativa, declara que "as partes están obrigadas a cumprir as sentenzas na forma e termos que en estas se consignen".

A petición do anterior informe reitérase o 2/03/2004, e recíbese resposta en data 6/04/2004, no que, entre outras precisións, indícasenos que: *"Esta Administración Municipal aterase ás ordes directas do Tribunal emitidas nese proceso, ó tratarse dun asunto "sub iudice" no que o Concello intervén como mero axente executor dos mandatos do órgano xudicial. Por este último motivo recoméndase-lle que se dirixa directamente ó Tribunal".*

Esta última recomendación está fóra de lugar, toda vez que o Valedor do Cidadán é, por definición legal, un comisionado do Pleno Municipal e non da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Con data 1/07/2004 dirixímonos novamente á Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo no senso seguinte:

" En relación co expediente de referencia, o seu expediente 12273/423 - 6242/423, por mor da demolición das obras de construción dunha vivenda no Camiño Centieiro, en resposta ó seu escrito de data 25/03/2004, no que se nos informaba que a derruba da edificación estaba sendo examinada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso contencioso-administrativo 2/5558/1996, no que se abraza unha peza específica de execución, informámoslle o seguinte:

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia tense pronunciado ó respecto mediante auto de 2/06/2004, que desestima o recurso de súplica interposto por ... contra a providencia do mesmo tribunal de data 30/04/2004. No citado auto o tribunal expón que a sentenza dictada no proceso limitouse a desestimar as pretensións da demanda interposta por ..., dictándose a sentenza cando xa entrara en vigor a Lei 2/1998, de 13 de xullo, que, no seu artigo 105, que regula a inexecución das sentenzas, non contén referencia ningunha ás sentenzas desestimatorias, polo que resulta de aplicación a doutrina da STS de 22/09/1999: "la ejecución que procede es la del acto, y no la de la sentencia, la cual, a efectos de ejecución, lo ha dejado intacto, sin quitar ni añadir nada a su fuerza ejecutiva. Una sentencia desestimatoria confirma el acto impugnado, lo deja tal como fue dictado por la Administración demandada, y el Tribunal de Justicia no puede decir ni aconsejar ni ordenar a aquélla cómo tiene que ejecutarlo".

Polo exposto, reiteramos a solicitude feita con data 4/02/2004 a esa Xerencia Municipal de Urbanismo; que en atención ao principio de legalidade que preside a actuación en relación coa ordenación urbanística, se adopten as medidas que corresponden en orde a restaurar a legalidade urbanística alterada, en concreto, que por parte desa Administración se executen os seus actos administrativos firmes, e se proceda a cumprir a orde de derruba aprobada por acordo da Comisión de Goberno do 10 de maio de 1996, confirmada pola sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 12 de novembro de 1998.

Prégolle información puntual e actualizada en relación co tema que nos ocupa".

Con data 20/08/2004 reitérase o pedimento de información actualizada, que de novo tense que solicitar o 21/09/2004 e o 25/10/2004, sen resposta ningunha.

EXPEDIENTE 58/2003

O interesado denuncia que vén sufrindo interferencias electromagnéticas reflectidas no funcionamento do equipamento de electrodomésticos dunha vivenda, por mor da instalación dunha empresa dedicada á fabricación de materiais plásticos.

Iniciase o expediente o 1/07/2003, recibíndose o informe o 28/07/2003, no que se di: "*... participolle que a mencionada denuncia foi presentada no Rexistro desta Xerencia Municipal de Urbanismo en data 23/06/2003, polo que o expediente atópase en período de información previa O prazo para a resolución dos expedientes de Protección da Legalidade Urbanística é de un ano, a contar dende a data do acordo de iniciación".*

Tendo en conta o tempo transcorrido, con data 27/11/2003 solicitouse informe actualizado da situación, reiterándose o pedimento o 29/01/2004, e recibíndose o

informe o 17/02/2004, no que se di: *"... con data 20 de xaneiro de 2004 resolveu incoar expediente de protección da legalidade urbanística á entidade ... pola actividade que vén desenvolvendo no local ... dedicado a ... sen dispoñer da preceptiva licenzia municipal e, xa que logo, ordenar a inmediata suspensión da actividade no local"*.

Con data 22/03/2004 solicítase informe actualizado en relación coa execución da orde de protección da legalidade urbanística antes subliñada. Con data 22/04/2004 reitérase o pedimento anterior, recibíndose con data 23/04/2004 o informe, no que se di: *"... con data 22/03/2004 resolveu estima-lo recurso de reposición interposto por ... contra a orde de suspensión da actividade"*.

Comunicada ao interesado a resolución anterior con data 26/04/2004, non se teñen producido actuacións posteriores.

EXPEDIENTE 61/2003

Queixa relacionada coa construción dun portal que, ademais de pechar un camiño, impide o servizo das fincas resultantes da agrupación dunhas parcelas do Plano de Parcelamento, indicando que parte das mesmas foron obxecto de permuta co Concello.

Iniciase o expediente o 17/07/2003, reiterándose o pedimento de informe o 14/08/2003 e, posteriormente, o 11/11/2003.

Recíbese o informe o 24/03/2004, no que se di: *"... comprobouse a construción dun peche, non axustado á licenzia, polo que se procedeu á apertura de expediente de protección da legalidade urbanística, que se atopa nestes intres pendente do preceptivo informe técnico para a súa posterior incoación se procede"*.

Con data 30/04/2004 solicítase, dado o tempo transcorrido, informe actualizado en relación co expediente subliñado. Con datas 31/05/2004 e 15/07/2004 reitérase o pedimento anterior, recibíndose con data 26/07/2004, no que di:

"Que con data 27/04/2004 esta Vicepresidencia ordenou a incoación de expediente de protección da legalidade urbanística... o interesado dentro do trámite de audiencia presentou escrito de alegacións e con data 9 de xullo de 2004 o arquitecto municipal emite informe."

"Nestes intres o expediente atópase pendente da técnica de administración xeral co fin de emitir proposta de acordo ó Concello".

Con data 2/09/2004, e dado o tempo transcorrido, solicítase informe en relación coa actuación da técnica de administración xeral, segundo se cita anteriormente. Con data 6/10/2004 reitérase o pedimento anterior, non téndose recibido resposta ao respecto.

EXPEDIENTE 72/2003

Queixa relacionada coa denuncia feita o 4/10/2002 por mor das obras realizadas por un veciño que efectuou un movemento de terras, baleirando na linde do interesado, o que provocou un aumento da rasante.

Iníciase o expediente o 23/09/2003, reiterándose o pedimento de informe o 28/10/2003 e, posteriormente, o 4/12/2003.

Con data 24/03/2004, é dicir, seis meses despois do pedimento, recíbese informe no que se di:

"As obras denunciadas atópanse amparadas en licencia concedida o 24/09/2003... indicase que se trata dun pequeno montículo de 1 metro por 0,50 de alto.

Á vista do informe do que se deduce o pequeno volume das obras e tendo en conta que o presunto infractor solicitou licencia son as razóns que motivou o que non se incoase expediente de protección da legalidade urbanística.

Non obstante o denunciante en data 5 de decembro de 2003 solicita nova visita de inspección por canto di non estar de acordo co informe do inspector, polo que se remite de novo a denuncia ó servizo de inspección para que realicen nova visita ó lugar das obras.

O 19 de decembro de 2003 o inspector municipal emite informe do que se achega fotocopia".

No informe de inspección, trala descrición do vertido con medidas aproximadas, remátase dicindo que as terras levan algún tempo, atopándose cubertas de herba e restrollos, indicando que o propietario se comprometeu a que tan pronto lle sexa posible procederá a retiralas, non apreciándose na visita que se estean a realizar traballos.

Dada cumprida información ao promotor da queixa con data 26/03/2004, non se teñen dado actuacións adicionais ao respecto.

CAPÍTULO 5: VÍAS E OBRAS

EXPEDIENTE 80/2003

Queixa relacionada coas inundacións que, a causa da choiva, se producen no garaxe dunha vivenda, que ademais provoca a entrada de augas fecais. Situación que, como consta en diversos escritos, vense producindo dende agosto de 2001.

Iniciase o expediente o 27/10/2003, recibíndose o informe o 19/11/2003, no que se di:

"En mi informe de fecha 22/11/2002 explicaba que el problema se presentaba con el comienzo de las primeras precipitaciones fuertes en la ciudad para luego dejar de ocurrir según el relato de los denunciantes, por lo que puede evidenciar una falta de previsión en el mantenimiento por parte de la empresa concesionaria (Aqualia).

Como vemos el problema reaparece de nuevo, coincidiendo con las primeras precipitaciones fuertes, por lo que el técnico que suscribe se reafirma en su informe anterior".

Con data 27/11/2003, e previa información ao interesado, diriximos escrito á Concellería de Vías e Obras, no que se reflicte o seguinte:

"Con data 19 de novembro do ano que andamos acusamos recibo do seu escrito (Negociado de Vías e Obras), nº de saída 011111, a súa referencia 36139/250, co que achega copia do informe que rende o Sr. Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas con data 6/11/2003 e no que se reafirma en que as inundacións evidencian unha falta de previsión no mantemento por parte da concesionaria (Aqualia).

No suposto que nos ocupa atopámonos ante unha situación dun funcionamento anormal dun servicio público que produce, cando menos, resultados molestos para o cidadán, que non ve resolta a súa incomodidade por mor dunha falta de claridade entre unha Administración Pública e unha empresa concesionaria dun servicio público, o que deriva nunhas actuacións insuficientes. As competencias teñen que ser exercitadas con eficacia e coa protección que requiren os dereitos dos cidadáns que afectan á calidade de vida.

O interesado non se ten que ver prexudicado polas discrepancias xurdidas entre o ente público e a concesionaria dun servicio público.

Por todo, é preciso chegar cunha maior axilidade á solución dun problema reiterado dende hai máis de dous anos.

Polo presente prégolle teña a ben adoptar as medidas que lle asisten para acadar a solución do problema que motivou a queixa".

Ao non obter resposta ningunha, e non dándose actuacións posteriores, estimouse que o tema estaría solucionado.

Con data 24/11/2004 comparece o promotor da queixa que nos ocupa, e manifesta que os problemas que deron lugar á incoación do expediente séguense a producir, polo que con data 25/11/2004 instamos de novo a Vías e Obras a unha solución definitiva do mal funcionamento dun servizo público.

EXPEDIENTE 93/2003

Queixa presentada como consecuencia da entrada a chorros de auga procedente do exterior nunha planta de garaxes, indicándose ademais que a rúa estase a fundir na súa parte central, o que produce danos no subliñado garaxe. A situación xa foi denunciada polos interesados o 19/02/2003.

Iniciase o expediente o 30/12/2003, reiterándose o pedimento do informe o 26/01/2004, o cal se recibe o 5/02/2004, no que se di:

1º) O vial ao que se refiren os propietarios atópase sen recibir, pertencendo as obras de urbanización á Xunta de Compensación da U.E. II-01 "Gándara". Polo tanto, o vial de onde derivan os danos aínda non é municipal.

2º) Con data 14/10/2003 notificáronse á Xunta de Compensación da U.E. as deficiencias existentes na urbanización, que deberán corrixir para que poda ser recibida (achégase copia).

Declárase así a non responsabilidade do Departamento de Vías e Obras.

Deste informe deuse cumprida información ao interesado con data 9/02/2004. Con data 12/07/2004 o promotor da queixa, secretario da comunidade de propietarios, expón que o problema denunciado segue afectando, e cada vez máis, á veciñanza, facendo patente o temor de que incluso poida afectar á integridade do edificio.

Á vista do anterior, con data 13/07/2004 diriximos escrito á Concellería de Servizos Xerais (Vías e Obras), no que reflectimos o seguinte:

"En relación co seu escrito de 3 de febreiro do ano que andamos, número de saída 1141, documento 40.006.842, e á vista do seu parágrafo 2: "Con data

11/10/2003 notificase á Xunta de Compensación da U.E. as deficiencias existentes na urbanización, que deberán corrrixir para que poda ser recibida (achégase copia)", maniféstolle o seguinte:

1) Con data 9 de febreiro do ano que andamos informouse a ... do contido do informe, no que se explicita, segundo escrito do sr. Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras que, "para poder continuar con a tramitación da solicitude de recepción das obras de urbanización e correspondentes a U.E. II-01 Gándara deberán arranxar as deficiencias observadas e que se sinalan de seguido".

2) Con data 9 de xullo recibimos escrito do sr. Secretario da Comunidade de Propietarios da rúa Caleira ..., no que nos reitera as queixas que motivaron o expediente de referencia, indicándonos que o Concello e a Xunta de Compensación seguen escusándose uns nos outros e ninguén dá resposta ás demandas dos cidadáns, existindo unha gran preocupación na veciñanza por unha situación que pode afectar á integridade do edificio.

Pola nosa parte, non queda máis remedio que insistir ante unha situación que dá a impresión de que por parte da Administración Municipal non se exerce o impulso necesario que precisa toda actividade pública, o que leva consigo unha falta de eficacia nunha atención imprescindible como é a de procurar con toda a forza legal posible a realización das deficiencias detectadas, aínda que tales reparacións se deban a terceiros. Só deste xeito se pode acadar a mellora da lexitimidade das Corporacións Locais, que só é posible pola vía dos rendementos, e que vai desde a modernización dos sistemas de xestión, ata o desenvolvemento dos papeis de identificación e orientación das demandas dos cidadáns. Este rendimento está inexorablemente unido á capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas do contorno, independentemente de quen sexa o departamento responsable.

O Dereito é unha ciencia práctica, é unha ciencia para ser aplicada, senón non é nada.

Por todo, diriximos o presente ao departamento de Vías e Obras para que, tendo coñecemento da situación, o faga chegar a aquela unidade administrativa que sexa competente para que proceda a emitir informe actualizado da situación".

Con data 8/10/2004 reiteramos as peticións do escrito anterior. Con data 19/10/2004 recíbese informe no que se di:

"Se emite el presente informe a solicitud del "Valedor do Cidadán", relativo al asunto del epígrafe, para dar traslado del mismo a la mencionada Institución.



Las obras de urbanización de la UE-II-01 Gándara, han sufrido una serie de vicisitudes a lo largo de su ejecución que han dado lugar a la situación actual que a continuación se describe.

En abril de 2004 fueron notificadas a la Junta de Compensación una serie de deficiencias observadas y fueron mantenidas reuniones con representantes de las Comunidades de Vecinos de los edificios de esta UTE, Junta de Comensación y Contratista, llegándose a determinar las deficiencias a subsanar por parte de la Junta de Compensación.

Durante los meses de agosto y septiembre del presente año, han sido realizadas las obras comentadas, estando prevista para su inspección una reunión "in situ" el próximo 20 de octubre con representación de las partes comentadas.

Por otra parte la urbanización no ha sido realizada en todo el ámbito de la UE-II-01 Gándara, quedando pendiente una parte de la misma. De tal circunstancia se dará traslado a la Gerencia de Urbanismo con el informe favorable, en su caso, de la zona de urbanización concluida".

Con data 22/10/2004 procedeuse a dar cumprida información de todo o que antecede ao promotor da queixa. Non constan actuacións adicionais posteriores.

CAPÍTULO 6: XESTIÓN MUNICIPAL

EXPEDIENTE 89/2003

Queixa relacionada coa reclamación de danos por un accidente sufrido nas instalacións do Instituto Municipal de Deportes.

Iniciase o trámite da queixa o 10/12/2003, reiterándose o pedimento de informe o 30/12/2003 e, posteriormente, o 26/01/2004, recibíndose comunicación da Unidade de Patrimonio o 19/02/2004, na que se nos informa do seguinte:

"Que o devandito expediente foi remitido con data 1 de xullo de 1999 ó secretario delegado do Organismo Autónomo Instituto Municipal de Deportes, competente para a tramitación do mesmo, trala resolución da Comisión de Goberno de 18 se xuño de 1999".

Con data 23/02/2004 trasládase cumprida información ao respecto ao interesado.

Con data 2/03/2004, e ante o informe precitado da Unidade de Patrimonio, dirixímonos á Dirección do Instituto Municipal de Deportes interesando información sobre as actuacións levadas a cabo, en función do tempo transcorrido.

Ante o silencio, reitérase a petición o 12/04/2004, recibíndose o informe dende a Alcaldía o 26/05/2004, no que se reflicte que a Xunta de Goberno Local adoptou a proposta de desestima-la reclamación polos motivos e fundamentación xurídica que contén no referido acordo que se achega.

Continúa e di *"que unha vez emitido o correspondente dictame preceptivo ó expediente que nos ocupa, posteriormente, a Xunta de Goberno Local adoptará a resolución correspondente e no caso de que esta se apartase do criterio manifestado polo Consello Consultivo, o Concello comunicará o contido da resolución a efectos do previsto no artigo 59 do Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, sen prexuízo claro está de que o interesado poida interpoñer os correspondentes recursos administrativos ou contencioso administrativos contra o acordo que se adopte pola Xunta de Goberno Local"*.

Do que antecede deuse cumprida información ao interesado o 27/05/2004.

RESUMO ESTATÍSTICO

ÁREA DE AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA: 1

AUGA:

Tarifas de subministración de auga: 0

SANEAMENTO: 1

LIMPEZA:

Recollida de lixo: 0

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE: 2

Contaminación Acústica: 1

Olores: 1

Vertidos/ Residuos: 0

Outros: 0

ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE: 13

MOBILIDADE:

Aparcamento/Vados: 4

Multas: 7

Tráfico: 0

Transporte: 0

Vitrasa: 0

Outros: 2

SEGURIDADE:

Seguridade cidadá: 0

ÁREA DE URBANISMO: 8

Execución de ordes de derruba: 1

Infraccións urbanísticas (obras ilegais): 7

Licencias: 0

Afectados PERI/ PEPRI: 0

PXOU e ROLDA: 0

Outros: 0

ÁREA DE VÍAS E OBRAS E INFRAESTRUCTURAS: 2

VÍAS E OBRAS: 2

INFRAESTRUCTURAS: 0

ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL: 1

PATRIMONIO:

Barreiras arquitectónicas: 0

Responsabilidade patrimonial por
danos persoais: 1

Outros: 0

TOTAL EXPEDIENTES: 27

**Nº EXPEDIENTES 2003 POR ÁREAS**

ÁREAS*	Nº EXPEDIENTES
AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA	1
BENESTAR SOCIAL	0
CULTURA, DEPORTES E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	0
DESENVOLVEMENTO LOCAL	0
ECONOMÍA E FACENDA	0
MEDIO AMBIENTE	2
MOBILIDADE E SEGURIDADE	13
PARQUES E XARDÍNS	0
URBANISMO	8
VÍAS E OBRAS, INFRAESTRUCTURAS	2
XESTIÓN MUNICIPAL	1
VARIOS	0
TOTAL EXPEDIENTES	27

*Segundo orde alfabética


REFERENCIA PORCENTUAL DE EXPEDIENTES

ÁREAS*	PORCENTAXES
MOBILIDADE E SEGURIDADE	48,15%
URBANISMO	29,63%
MEDIO AMBIENTE	7,41%
VÍAS E OBRAS, INFRAESTRUCTURAS	7,41%
AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA	3,70%
XESTIÓN MUNICIPAL	3,70%
BENESTAR SOCIAL	0%
CULTURA, DEPORTES E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	0%
DESENVOLVEMENTO LOCAL	0%
ECONOMÍA E FACENDA	0%
PARQUES E XARDÍNS	0%
VARIOS	0%

*Ordenadas porcentualmente de maior a menor



Referencia porcentual de expedientes



REQUISITOS DE EXPEDIENTES INICIADOS NO ANO 2003 CON
 INCIDENCIAS NO ANO 2004 QUE FORON COMPLEMENTADOS E TRAMITADOS

ÁREA DE AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
28/2003	Queixa relacionada coa inundación nunha vivenda por atasco de canos	15-04-04 07-06-04 25-08-04	05-05-04 07-07-04 10-09-04

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
18/2003	Queixa relacionada coas molestias provocadas por unha planta de residuos sólidos	23-03-04/20-04-04 05-07-04/17-08-04 08-09-04/06-10-04	27-01-04 Sen resposta

ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
25/2003	Sanción de tráfico	20-04-04 09-06-04/06-07-04 17-08-04/08-09-04	11-02-04 Sen resposta
40/2003	Sanción de tráfico	13-02-04 15-07-04/23-08-04 22-09-04/25-10-04	11-02-04 18-11-04
45/2003	Sanción de tráfico	*1	13-02-04
52/2003	Sanción de tráfico	*1	11-02-04
57/2003	Solicitud de vado para entrada de garaxe	28-01-04/30-03-04 11-05-04/14-06-04 13-07-04/23-08-04 22-09-04/25-10-04	19-02-04 03-05-04 Sen resposta
65/2003	Sanción de tráfico	30-03-04/30-04-04 31-05-04/13-07-04 25-08-04/23-09-04	16-02-04 18-11-04
82/2003	Molestias ocasionadas polas obras do aparcamento da rúa Urzáiz	*1	16-02-04
83/2003	Sanción de tráfico	26-01-04 17-02-04	16-02-04 Sen resposta
84/2003	Sanción de tráfico	26-01-04 16-02-04	11-02-04 Sen resposta
85/2003	Solicitud de certificado de convivencia	15-03-04/12-04-04 09-06-04/13-07-04 25-08-04/23-09-04	16-01-04 16-02-04 18-11-04
86/2003	Solicitud dun paso de peóns	26-01-04/23-03-04 12-04-04/11-05-04 14-06-04/13-07-04 25-08-04/23-09-04	18-11-04

*1 Petición de informe realizada no ano 2003

ÁREA DE URBANISMO

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
20/2003	Molestias ocasionadas pola actividade dun local de hostalería no baixo dunha vivenda	28-01-04/02-03-04 11-03-04/23-03-04 16-04-04/11-05-04 21-06-04/21-07-04 23-08-04/14-12-04	16-02-04/24-02-04 10-03-04/19-04-04 26-05-04/31-08-04 Sen resposta
21/2003	Instalación dunha antena de telefonía móbil nun edificio	07-06-04 06-07-04/18-08-04 15-09-04/25-10-04	22-04-04 21-12-04
44/2003	Molestias ocasionadas pola instalación dunha cheminea industrial	04-02-04 22-03-04/21-04-04 24-05-04/24-06-04 22-07-04/01-09-04 05-10-04/15-11-04	19-01-04 Sen resposta
47/2003	Queixa relacionada co peche dunha finca	28-01-04 23-03-04/19-05-04 21-07-04/24-08-04 22-09-04/25-10-04	19-04-04 21-12-04
54/2003	Solicitude de execución dunha sentenza que ordena a derruba das obras dunha vivenda	04-02-04/01-03-04 01-07-04/19-08-04 21-09-04/25-10-04	05-01-04 06-04-04 Sen resposta
58/2003	Interferencias electromagnéticas pola instalación dunha empresa	29-01-04 22-03-04/21-04-04	17-02-04 23-04-04
61/2003	Queixa relacionada coa construción dun portal que pecha un camiño	29-04-04 31-05-04/13-07-04 02-09-04/05-10-04	24-03-04 26-07-04 Sen resposta
72/2003	Queixa relacionada con obras realizadas nunha finca	*1	24-03-04

*1 Petición de informe realizada no ano 2003

ÁREA DE VÍAS E OBRAS, INFRAESTRUCTURAS

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
80/2003	Inundacións producidas nun garaxe a causa da choiva	25-11-04	Sen resposta
93/2003	Inundacións en garaxe e afundimento dunha rúa	26-01-04 12-07-04/05-10-04	05-02-04 19-10-04

ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
89/2003	Reclamación patrimonial por danos persoais	26-01-04 01-03-04/12-04-04	19-02-04 26-05-04



PARTE III

Actuacións a instancia de parte

Ano 2004



CAPÍTULO 1: AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA

EXPEDIENTE 1/2004

ASUNTO

O interesado presenta queixa por mor da solicitude que ten realizado ao Servizo Municipal de Abastecemento e Saneamento de Auga do Concello de Vigo -Aqualia- en relación coa conexión ao colector de saneamento dunha vivenda unifamiliar. No seu escrito expón que, tras seis meses de espera, recibiu un orzamento que ascende a 7.644,96.-€, cantidade que considera desorbitada.

Engade que considera un trato discriminatorio que a cantidade a pagar pola conexión ao colector non sexa a mesma para tódolos cidadáns, xa que ten constancia de que noutros casos a mesma ten un custo menor. Ademais, segundo o interesado, a deficiencia deriva da falta de colectores no centro da parroquia de Valadares, que están proxectados dende hai tempo, pero que non se teñen instalado.

SITUACIÓN

A queixa foi presentada con data 7/01/2004, solicitando informe á Concellería de Servizos Xerais con data 8/01/2004 que se reitera o 2/03/2004. Con data 15/03/2004 recibimos o preceptivo informe de Control de Concesionarias, no que se fai referencia aos distintos puntos reclamados polo interesado.

Polo que respecta ao custo da conexión á rede de saneamento, segundo o informe, o mesmo é conforme ao establecido no "Regulamento do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo", así como na "Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas pola prestación de servizos de Subministración de Auga Potable, Rede de Sumidoiros e Depuración de Augas Residuais".

Por outra banda, o informe engade que se están rematando as obras de ampliación da rede de saneamento da parroquia de Valadares, polo que se dará cobertura practicamente a toda a parroquia.

Con data 16/03/2004 dáse traslado do citado informe ao interesado, non recibíndose novas alegacións por parte do mesmo.

REFLEXIÓNS

Nun tema que afecta ao saneamento, non resulta unha axeitada eficacia cando se tardan seis meses entre a solicitude de conexión ao colector e a formulación de

presuposto. É necesaria a axilización dos trámites para que os cidadáns vexan satisfeitas as súas peticións no máis breve prazo de tempo posible.

RECOMÉNDASE

O que se deriva do parágrafo anterior.

EXPEDIENTE 10/2004

ASUNTO

Queixa presentada en relación coa solicitude de instalación dun colector do lixo preto dunha vivenda no barrio de Valadares, recibindo unha negativa ao respecto. Na actualidade, o colector máis próximo atópase a uns 300 metros.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 10/02/2004. Na mesma data, o interesado chama indicando que ese mesmo día, despois de presentar a queixa, a empresa concesionaria indicalle que van proceder á instalación do colector requirido. Con data 9/03/2004 o interesado confirma a instalación do colector, polo que se procede ao peche do expediente.

REFLEXIÓNS

Unha petición formulada polo interesado o 22/07/2003 rematou en data de marzo de 2004. A eficacia e a calidade na prestación dun servizo precisa dunhas medidas máis áxiles na procura da satisfacción das necesidades dos cidadáns, en especial cando afectan á saúde e á eliminación das trabas na procura dun grao máis axeitado en torno á calidade de vida.

Sublíñase que neste caso non foi necesaria a intervención desta Institución, xa que, antes de que transcorrese un mes dende a presentación da queixa, se comunicou polo interesado a solución do pedimento.

CAPÍTULO 2: BENESTAR SOCIAL

EXPEDIENTE 14/2004

ASUNTO

Queixa presentada en relación coa tramitación dunha solicitude urxente de vivenda de titularidade do Concello en réxime de aluguer ou venda. O avogado do matrimonio interesado expón que con data 17/07/03 presentou no rexistro do Concello a solicitude de vivenda social en lista de urxencia, e que en data 10/02/04 o expediente non está nin tramitado nin numerado por Asuntos Sociais. Achega documentación que certifica que os interesados padecen minusvalías superiores ao 33%, sentenza de desafiuzamento e demostrada situación de desamparo.

SITUACIÓN

A queixa foi presentada o 18/02/2004. Con data 19/02/2004 solicitamos informe da Concellería de Asuntos Sociais, que se recibe o 8/03/2004, indicando que as vivendas de promoción pública son competencia da Comunidade Autónoma e que a última promoción en Vigo foi no ano 1996; polo tanto, non hai na actualidade ningunha lista aberta para a solicitude das mesmas. Informe do que se dá traslado ao representante dos interesados o 9/03/2004.

REFLEXIÓNS

Se o interesado formula unha petición o 17/07/2003, non resulta moi eficiente que o 10/02/2004 o expediente se atope inactivo.

As Corporacións Locais deben acada-la mellora da lexitimidade pola vía dos rendementos. Neste ámbito, as estratexias son inesgotables, dende a modernización da xestión, ata o desenvolvemento dos papeis de identificación e orientación das demandas dos cidadáns nos supostos en que non se poidan acometer directamente as prestacións dos servizos.

Esta lexitimidade por rendemento está ligada á capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas do contorno, é dicir, á mellora da situación material daqueles que solicitan a acción pública.

RECOMÉNDASE

Estricto cumprimento da obriga de atende-los dereitos dos cidadáns, segundo se recoñece na Lei 30/1992 - 4/1999 no seu artigo 35 (coñecer o estado da tramitación dos procedementos); así como o disposto no Real Decreto 208/1996, de 9 de febreiro, que regula os servizos de información administrativa e atención ao cidadán, facilitando o exercicio dos seus dereitos.

EXPEDIENTE 32/2004

ASUNTO

O interesado expón que é beneficiario da renda de integración social de Galicia (RISGA) e ten acudido a tódolos cursos para os que foi citado. Con data 4/03/2004 foi requirido para a revisión anual da citada renda, dirixíndose aos servizos sociais correspondentes e recibindo por parte dos mesmos un trato que considera inadecuado, alegando a asistenta social que o interesado, dentro do ámbito do proxecto INTES, non acudiu tras ser requirido mediante correo certificado, extremo que o interesado nega e achega, ademais, diversa documentación en orde a mostrar que ten cumprido con tódolos requirimentos dos servizos sociais.

Por todo, o interesado presenta queixa en relación co trato recibido por parte dos servizos sociais da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, e nas dependencias da Unidade Básica de Acción Social do Concello de Vigo.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 26/04/2004. Na mesma data solicitamos informe ao respecto da Concellería de Asuntos Sociais, o cal que se recibe o 20/05/2004, e no que se fai unha relación das actuacións levadas a cabo, achegando copia do informe presentado pola traballadora social, indicando que o interesado non se presentara para o seguimento no ámbito do proxecto INTES, e copia das cartas que foron enviadas ao interesado requirindo a súa comparecencia. As citadas cartas podemos comprobar que non están asinadas como recibidas polo interesado. Con data 24/05/2004 damos traslado do informe anterior ao interesado.

REFLEXIÓNS

Para evitar interpretacións que poden dar lugar á desconformidade nos tratamentos, sería aconsellable un control rigoroso das notificacións, así como das sinaturas de acuses de recibimento.

En canto ás notificacións, é preciso que inclúan non só a data, senón tamén os números correspondentes aos rexistros de saída que toda unidade administrativa debe formalizar, de acordo co disposto no Real Decreto 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

RECOMÉNDASE

Atención ás prescricións do Real Decreto 208/1996, en orde á información, á orientación e, en xeral, á atención aos cidadáns.

CAPÍTULO 3: CULTURA, DEPORTES E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

EXPEDIENTE 35/2004

ASUNTO

O interesado manifesta o seu desacordo co incumprimento sistemático da Ordenanza de Normalización Lingüística do Concello de Vigo, indicando que a mesma é vulnerada tanto no tratamento das persoas físicas na súa relación co Concello, como no aspecto da imaxe pública da Institución Municipal. En concreto, fai referencia á publicación, con data 2/05/2004, no xornal Faro de Vigo, dun encarte promovido polo Concello única e exclusivamente en castelán.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 11/05/2004. Con data 12/05/2004 solicitamos informe ao respecto da Concellería de Asuntos Sociais que se recibe o 26/05/2004, indicando que por parte do Departamento de Normalización Lingüística se remitiu escrito ao departamento responsable da publicación, lembrándolle o disposto na Ordenanza Municipal de Normalización Lingüística. Informe que se traslada ao interesado con data 27/05/2004.

REFLEXIÓNS

No informe de 26/05/2004 reflíctese que o encarte en prensa exclusivamente en castelán foi debido ao Departamento de Publicacións, toda vez que, polo Departamento de Normalización Lingüística, déronse as instrucións oportunas ao respecto.

Tódolos departamentos, en especial o de publicacións, teñen que presta-la máxima atención no cumprimento do disposto na Ordenanza Municipal de Normalización Lingüística, na que se reflicte a utilización do idioma galego como lingua normal de comunicación e información aos cidadáns.

RECOMÉNDASE

Presta-la debida atención ás Ordenanzas Municipais, que tamén son principios reguladores da conducta municipal.

EXPEDIENTE 53/2004

ASUNTO

O interesado expón que se matriculou no curso 2003-2004 en "Inglés Perfeccionamento II" na Escola de Artes e Oficios, curso no que por parte da súa mestra non se lle permitiu o uso do galego nos seus traballos escritos. Unha vez se dirixiu á mesma, alegando o seu dereito ao uso do idioma galego e, sen obter ningún resultado, entregoulle un escrito ao respecto, que non foi aceptado.

Ante a actitude da mesma, o interesado dirixiuse ao Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo, en dúas ocasións, esixindo que se rectificase a súa situación, así como a adopción das medidas oportunas para que non se repita en vindeiros cursos. En particular, solicita que se impartan cursos do inglés ao galego (do mesmo xeito que existen cursos do inglés ao castelán).

SITUACIÓN

Queixa presentada o 1/07/2004. Con data 5/07/2004 solicítase o preceptivo informe da Concellería de Asuntos Sociais (Normalización Lingüística), que foi recibido con data 22/07/2004 achegando informe do Director da Escola Municipal de Artes e Oficios. No mesmo se indica que, segundo a mestra da materia, as clases de inglés, dende o seu inicio naquel Organismo Autónomo no ano 1978, entendéronse sempre como clases castelán-inglés, engadindo que son moitos os docentes da Escola de Artes e Oficios que desenvolven o seu labor en galego. Informe que se traslada ao interesado o 26/07/2004.

Con data 18/08/2004 recíbese novo escrito do interesado en resposta ao informe antes indicado, no que manifesta a súa desconformidade co mesmo nos seguintes puntos: en primeiro lugar, alega que na matrícula do curso só se facía mención a "clase de inglés" (e non "castelán-inglés"); en segundo lugar, que o acordo do ano 1978 é previo á promulgación da Lei de Normalización Lingüística

de Galicia e á Ordenanza Municipal de Normalización Lingüística do Concello de Vigo; finalmente, engade que non é de recibo contestar que na Escola de Artes e Oficios se emprega moito o galego ante un problema de vulneración de dereitos lingüísticos, por tratarse así mesmo dunha vulneración das leis antes referidas.

Por isto, con data 19/08/2004 dirixímonos novamente ao Servizo de Normalización Lingüística trasladando a postura exposta polo interesado. Con data 25/10/2004 solicitamos do citado servizo se nos informe das medidas adoptadas para evita-los inconvenientes que motivaron a queixa. Recíbese con data 5/11/2004 escrito no que se indica que se solicitou informe ao Director do Centro e ao Secretario Asesor da Xunta Rectora.

Con data 23/12/2004 reiteramos a petición do informe solicitado o 25/10/2004.

REFLEXIÓNS

Entendemos que un informe solicitado pola Concellería de Asuntos Sociais a membros de dependencias da súa área, tería que ser cumprimentado coa axilidade e a eficacia que se require en accións como a que nos ocupa.

Non é correcto responder que na Escola Municipal de Artes e Oficios se emprega moito o galego, o que se interesa é o cumprimento da Lei de Normalización Lingüística e da Ordenanza Municipal de Normalización Lingüística.

É preciso manter o principio de coordinación como unha ordenada disposición do esforzo do grupo, co ánimo de acadar unha unidade de acción na procura dun propósito. A coordinación, en primeiro lugar, é un problema de autoridade e, despois, unha convicción de servizo mutuo.

RECOMÉNDASE

- 1) Axilidade na resolución das peticións.
- 2) Respecto á normativa no ámbito da normalización lingüística.

EXPEDIENTE 73/2004

ASUNTO

Queixa en relación co roubo dun casco de moto nas instalacións da piscina municipal das Travesas. O interesado indícanos que o casco deixouno en custodia a unha empregada da citada instalación, quedando nunha zona de uso exclusivo para

o persoal da piscina. Presentou denuncia na Comisaría ao respecto, así como escrito de reclamación na citada piscina, solicitando se lle abone o importe do casco.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 27/09/2004. Con data 28/09/2004 solicítase informe da Dirección do Instituto Municipal dos Deportes, petición que se reitera o 27/10/2004, recibíndose o 9/11/2004, no que se indica que o citado Instituto non tiña coñecemento dos feitos, polo que, unha vez recibido o noso escrito, se puxo en contacto coa Dirección da Piscina das Travesas, que confirma a veracidade dos feitos mencionados. No mesmo, indícase que nas instalacións existen armarios con chave para poder gardar os obxectos persoais (aínda que recoñece que parece que nos armarios non é posible gardar o casco en cuestión), e que, de forma xeral, non existe ningún apartado para custodiar este tipo de obxectos, xa que non existe garantía nin procedemento para sinalalos. Informe que se traslada ao interesado o 10/11/2004.

REFLEXIÓNS

Recoñécese que nos medios utilizados para a garda e custodia de elementos persoais, non existen capacidades que permitan a garda e custodia de certos equipamentos, así como tamén se recoñece a veracidade do feito relatado.

Téñense que arbitrar medios ou medidas cautelares que proporcionen a custodia axeitada de equipamentos ou elementos de alto consumo hoxe.

RECOMÉNDASE

A que se deriva do parágrafo anterior.

EXPEDIENTE 93/2004

ASUNTO

O interesado, en representación da Mesa pola Normalización Lingüística, presenta queixa en relación coa vulneración do disposto no artigo 7.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, así como da Ordenanza de Normalización Lingüística do Concello de Vigo, que establecen o uso do galego en tódolos actos de carácter público ou administrativo que se realicen en nome das corporacións locais. Indícanos que as comunicacións co público da Coordinadora de Turismo do Concello de Vigo non cumpren coa normativa anteriormente citada, subliñando que a situación reflíctese tamén na páxina web da propia Concellería de Turismo.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 29/11/2004, solicitándose o preceptivo informe á Concellería de Asuntos Sociais (Normalización Lingüística) o 30/11/2004 e recibíndose o mesmo o 28/12/2004, no que se manifesta que con data 23/12/2004 o Servizo de Normalización Lingüística dirixiu escrito á Concellería de Turismo informando da "necesidade e obriga" de cumprir coa lexislación lingüística vixente, engadindo que na mesma data informouse ao interesado da actuación realizada.

REFLEXIÓNS

Resulta necesario que se actúe de xeito coordinado no ámbito da normalización lingüística, co obxecto de evitar actuacións como a que nos ocupa, co fin de que actuacións publicitarias dirixidas á colectividade non produzan sensacións contradictorias como as que se orixinan nos anuncios de prensa.

É indispensable un esforzo en pro dunha maior coordinación dos órganos municipais, xa que calquera medida imperfectamente coordinada pode ter efectos perturbadores. É preciso a aplicación de medidas e sistemas que fagan realidade a homoxeneidade técnica e a acción conxunta no exercicio das respectivas competencias, de tal xeito que se acade a integración de actos parciais na globalidade do sistema.

Non só é necesario facer normal na lei o que é normal na rúa, é indispensable que a xestión pública tamén sexa un claro referente.

RECOMÉNDASE

O cumprimento da normativa no ámbito da normalización lingüística.

EXPEDIENTE 97/2004

ASUNTO

O interesado manifesta o seu desacordo coa actitude que manteñen algúns cargos públicos e funcionarios do Concello de Vigo, entre outros organismos, por mor da non utilización do galego nas súas intervencións públicas ou oficiais.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 22/12/2004, solicitándose o preceptivo informe o 23/12/2004. Espérase a súa continuación no 2005.

CAPÍTULO 4: DESENVOLVEMENTO LOCAL

EXPEDIENTE 37/2004

ASUNTO

O interesado presenta queixa en relación coa recuperación do Casco Vello, indicando que presentou alegacións ao respecto en varios departamentos do Concello. Considera que as medidas adoptadas para a recuperación do mesmo non son suficientes e propón unha serie de medidas que cre mellorarían e rexenerarían a zona. Principalmente, establece como obxectivo prioritario o incremento da poboación residente, para o que deberían adoptarse medidas incentivadoras.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 14/05/2004. Con data 18/05/2004 solicítase o preceptivo informe da Concellería de Promoción Económica, que se recibe o 11/06/2004 e no que se indica que se traslada copia do escrito recibido aos distintos departamentos para informe técnico ao respecto.

Con data 21/07/2004 solicitamos novamente a remisión do informe, recibíndoos con data 6/08/2004 dende a Concellería de Promoción Económica e a Alcaldía, informes nos que se expoñen algunhas das medidas xa adoptadas en orde a promover a zona do Casco vello, indicando que se dá traslado aos distintos departamentos competentes para que informen sobre os distintos puntos expostos polo interesado. Destes informes dáselle cumprida información ao interesado con data 18/08/2004.

Con data 3/09/2004 recibimos novo informe da Concellería de Promoción Económica, co que achega, ademais, copia dos informes remitidos por parte dos distintos departamentos municipais: Administración de Tributos, Xerencia de Urbanismo, Policía Local e Oficina de Rehabilitación. Nos mesmos, relátanse as medidas adoptadas para promover e incentivar a mellora do Casco Vello. Trasládase o seu contido ao interesado o 8/09/2004.

Na mesma data dirixímonos á Concellería de Promoción Económica indicando que non recibimos o informe do Servizo de Turismo e Comercio do que se fai referencia no seu escrito.

Con data 9/09/2004 recibimos novo escrito do interesado en resposta aos informes anteriormente citados, no cal nos manifesta a súa discrepancia en relación coa efectividade dalgunhas das medidas adoptadas, e presenta algunhas propostas que considera mellorarían a zona en cuestión.

Con data 14/09/2004 dirixímonos novamente á Concellería de Promoción Económica solicitando novo informe en relación coas puntualizacións remitidas polo interesado.

O 27/09/2004 recibimos informe por parte do Servizo de Turismo e Comercio, no que se fai unha relación das iniciativas adoptadas por ese servizo co fin de promover o Casco Vello, información que se traslada ao interesado o 29/09/2004.

Con data 9/11/2004 reiteramos a petición de informe de data 14/09/2004, recibíndose o mesmo con data 19/11/2004, no que se subliña a aprobación polo Pleno do Concello do día 4/11/2004 do "Consortio Casco Vello de Vigo", que terá como obxecto a rehabilitación de vivendas do casco histórico. Esta información trasládase ao interesado o 22/11/2004.

REFLEXIÓNS

Estamos ante un suposto que evidencia unha clara preocupación e atención da cidadanía con respecto a unha serie de situacións plasmadas en alegacións en pro dunha sensible recuperación do Casco Vello, con todo o que iso comporta, non só dende o punto de vista urbanístico, senón en xeral, cunha visión de rexeneración integral, con atención a aspectos como:

- Poboacional, humanización.
- Investimentos públicos.
- Investimentos privados a incentivar.
- Seguridade e decoro.
- Non á especulación, medidas axeitadas que actúen de freo.
- Asentamento de instalacións municipais.
- Actividades que xeren mobilidade.
- Turismo.

As distintas áreas afectadas ás que se lles deu traslado das peticións, coordinadas pola Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, deron cumprida información en relación cos pedimentos efectuados.

Terase que manter un grao de confianza en que ideas como a exposta terminen consolidándose.

RECOMÉNDASE

O impulso das previsións contidas nos informes aludidos.

CAPÍTULO 5: ECONOMÍA E FACENDA

EXPEDIENTE 50/2004

ASUNTO

O interesado expón que no ano 1999 solicitou licenza de obra para a construción dunha vivenda familiar, presentando no Concello a documentación e facendo figurar como domicilio o correspondente ao aparelador da obra. Por tal motivo, non recibiu a notificación correspondente ao pagamento do imposto sobre construcións, instalacións e obras. A finais do ano 2000 recibiu no seu domicilio censual notificación da sanción pola falta de pagamento do referido imposto, e nesas mesmas datas procedeu ao pagamento da débeda, non así do importe da sanción nin dos xuros, por estimar que non foi debidamente notificado, procedendo ademais a recorrer a sanción, recurso que non foi estimado.

Por todo, solicita a anulación da sanción e dos xuros de demora, ou, cando menos, o fraccionamento do pago da débeda.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 14/06/2004. Solicítase informe á Concellería de Xestión Municipal o 15/06/2004, recibíndose con data 6/07/2004, co que se achega informe do Xefe do Servizo de Inspección que, despois de facer unha relación das actuacións levadas a cabo pola Inspección de Tributos, conclúe manifestando que, na solicitude presentada polo interesado ante a Xerencia Municipal de Urbanismo para concesión de licenza, fixébase como domicilio para recibir notificacións o mesmo no que efectivamente foi notificado o interesado con data 18/10/1999, polo que considera que foi correctamente notificado. Informe que se traslada ao interesado o 7/07/2004.

REFLEXIÓNS

É de obriga recoñecer a axilidade, eficacia e, por ende, a eficiencia que, neste suposto, así como na case totalidade dos expedientes do ámbito, se produce en canto:

- Prontitude nas respostas ou informes.
- Amplitude e fundamentación dos mesmos.

RECOMÉNDASE

O mantemento da liña apuntada no parágrafo anterior.

EXPEDIENTE 56/2004

ASUNTO

Queixa en relación cunha débeda pendente co Concello en concepto de Imposto de Actividades Económicas e Imposto de Vehículos. O interesado expón que, cando lle foi requirido o pago do citado imposto, solicitara, a través de escrito presentado no Concello, o aprazamento e fraccionamento do mesmo, sen obter ningunha resposta. Por iso, solicita novamente o aprazamento e fraccionamento do principal da débeda, xa que non pode facer fronte doutro modo, e que se anulen o recargo e os intereses de demora.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 4/08/2004. Con data 18/08/2004 solicítase informe de Xestión Municipal (Tesourería), que se recibe o 30/08/2004, e no que se indica que se segue expediente administrativo de constrinximento contra o interesado, expondo ademais unha relación das actuacións levadas a cabo, achegando copia das mesmas. Informe que se traslada ao interesado o 31/08/2004.

Con data 21/09/2004 dirixímonos á Tesourería manifestando que o interesado solicita o pago aprazado e fraccionado da débeda por non poder facer fronte doutro modo. Petición que se reitera o 25/10/2004.

Con data 4/11/2004 recibimos o informe indicando que, de acordo co disposto no artigo 39.3 da Ordenanza Fiscal, non se concederá fraccionamento ou aprazamento nas débedas inferiores a 300,51.-€, motivo polo que non foi tramitada a solicitude de aprazamento do interesado, engadindo que a presentación dunha solicitude de aprazamento ou fraccionamento no período executivo non suspende o procedemento de constrinximento, e polo que respecta a esixibilidade do recargo de constrinximento e dos xuros de mora, estes repórtanse automaticamente dende o inicio do período executivo. Informe que se traslada ao interesado o 8/11/2004.

REFLEXIÓNS

Remitímonos ás reflectidas no expediente 50/2004.

RECOMÉNDASE

Remitímonos ao reflectido no expediente 50/2004.

EXPEDIENTE 74/2004

ASUNTO

Os interesados indicánnos que, a consecuencia do falecemento do pai e marido, respectivamente, presentaron na Delegación Territorial de Economía e Facenda da Xunta de Galicia a documentación relativa ao imposto de sucesións (o 19/10/2000), non facéndose na citada dependencia advertencia ou comentario ningún sobre as xestións que deberían realizar noutros organismos públicos, polo que deron os trámites por finalizados.

Con data 9/04/2003 reciben unha comunicación de incoación dun procedemento por parte do Concello de Vigo, indicándolle no Departamento de Inspección de Tributos do Concello que teñen cantidades pendentes de pagamento do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, en concepto de cota a satisfacer polo imposto e intereses de demora. Comunicaselles ademais o inicio dun expediente sancionador.

Consecuentemente, os interesados proceden ao pago das cantidades reclamadas; nembargantes, solicitan a esta Institución, en primeiro lugar, que se inste ao Concello a comunicación a tódolos cidadáns da obriga do pagamento do imposto en cuestión, xa que consideran que este dispón de información suficiente; en segundo lugar, que se analice se o feito que nos ocupa se fai de maneira reiterada; e, finalmente, se da conducta citada se desprende algunha anomalía, solicitan a devolución dos intereses e da sanción aboada.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 29/09/2004. Solicítase informe o 30/09/2004 á Concellería de Xestión Municipal (Inspección de Tributos), recibíndose o 22/10/2004, no que, en resposta ás solicitudes feitas polos interesados, se indica que entre os tributos hai que distinguir entre aqueles de cobro periódico, e os chamados de liquidación accidental, que, por ocorrer incidentalmente, non se poden coñecer pola Administración tributaria se non existe previa declaración do suxeito pasivo, sendo este segundo suposto o que nos ocupa no tema obxecto da queixa; e continúa, *"no presente caso, os obrigados tributarios tiñan a obriga de presenta-la autoliquidación correspondente dentro do prazo de seis meses seguintes ó día do falecemento do causante"*. Polo que se refire á devolución do ingresado en concepto

de xuros e sanción, o informe indica que a mesma sería improcedente ao ser firmes as liquidacións e os actos de imposición das sancións, engadindo que os interesados ingresaron as citadas cantidades sen presentar reclamación ou recurso ningún.

Informe que traslada aos interesados o 25/10/2004.

REFLEXIÓNS

Destácase a prontitude na resposta da Concellería de Xestión Municipal, coa que se achega un exhaustivo e fundamentado informe da Xefatura de Inspección de Tributos do Concello.

RECOMÉNDASE

O mantemento da liña de actuación seguida nos expedientes desta Concellería de Xestión Municipal.

EXPEDIENTE 88/2004

ASUNTO

O interesado presenta a súa queixa en relación cunha sanción tributaria por non pagar en prazo o imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

Expón que non pagou no seu momento o citado imposto porque descoñecía a obriga de facelo, e non llo comunicaron en ningún momento. Case catro anos despois, foille reclamado o pago por parte do Concello, incluídos os intereses de demora, facendo efectivo o pago da cota tributaria e dos intereses de demora en marzo de 2004.

Finalmente, recibiu notificación da sanción tributaria, presentando alegacións ao respecto e solicitando que se lle retire a mesma, xa que considera que debeu ser informado con anterioridade da obriga tributaria. Engade que fixo efectivo o pago dos xuros de demora e considera excesivo que, ademais, se lle reclame o pago da sanción.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 18/11/2004. Con data 2/12/2004 solicítase informe da Concellería de Xestión Municipal (Tributos), recibíndose o 23/12/2004, co que se

achega informe do Xefe do Servizo de Inspección, no que se fai unha relación dos feitos, dos antecedentes de dereito e da xurisprudencia, concluíndo que as actuacións levadas a cabo por parte daquel son as axeitadas a Dereito e a sanción a procedente con arranxo á normativa vixente ao tempo en que ocorreu o feito imponible, así como á doutrina de toda a xurisprudencia dos Tribunais Constitucional e Supremo e do Xulgado Contencioso-Administrativo de Vigo. Informe que se traslada ao interesado o 23/12/2004.

REFLEXIÓNS

Destácase a prontitude na resposta da Concellería de Xestión Municipal, coa que se achega un exhaustivo e fundamentado informe da Xefatura de Inspección de Tributos do Concello.

Unha vez máis, é preciso facer referencia ás reflexións contidas no expediente número 50/2004.

RECOMÉNDASE

O mantemento da liña de actuación seguida nos expedientes da Concellería de Xestión Municipal.

EXPEDIENTE 89/2004

ASUNTO

O interesado expón que, con data 20/01/2004, solicitou a exención do imposto de vehículos en razón dunha minusvalía acreditada, concedéndoselle a mesma con data 13/04/2004, pero só con efecto dende o ano 2005. Engade que recibiu o vehículo o 30/12/2003, non podendo presentar a documentación necesaria ata a precitada data do 20/01/2004.

Con data 4/05/2004 presentou escrito no Concello solicitando a exención para o ano 2004, subliñando o interesado que xa fixo efectivo o pago do mesmo, non recibindo resposta ao respecto.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 24/11/2004, solicitándose o preceptivo informe o 29/11/2004.

REFLEXIÓNS

O cidadán, para acadar-la credibilidade necesaria que lexitima a actitude pública en función dos rendementos amosados, require unha resposta de xeito áxil ante as súas peticións. Neste suposto, o interesado formulou pedimento razoado en data 4/05/2004, sen obter resposta ningunha.

A eficacia non só é un principio activo, senón tamén desexable e indispensable no funcionamento da xestión pública.

RECOMÉNDASE

Atención puntual en canto aos dereitos que asisten aos cidadáns ante as súas peticións e solicitudes (artigo 35 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999), así como os dereitos de información e asesoramento que reconece o Real Decreto 208/1996.

CAPÍTULO 6: MEDIO AMBIENTE

EXPEDIENTE 2/2004

ASUNTO

O interesado presenta queixa en relación co ruído provocado por unha discoteca sita na Avda. de Beiramar, o cal non permite o descanso dos veciños durante as fins de semana. Engade que ten presentado unha solicitude ao respecto no rexistro xeral do Concello, así como efectuado numerosas queixas ante a Policía Local, sen obter resultado ningún.

SITUACIÓN

A queixa foi presentada con data 9/01/2004, e con data 12/01/2004 solicitouse o preceptivo informe da Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente, que foi recibido o 24/02/2004, co que se achega copia da resolución pola que se ordena á entidade denunciada o cese da actividade ata a obtención da licenza municipal para tal actividade, indicando que tal cese sería definitivo en caso de non obter a citada licenza. Dáse traslado do mesmo ao interesado o 25/02/2004.

Con data 9/07/2004 o interesado dirixese novamente a esta Institución para comunicarnos a reapertura da subliñada actividade, polo que o 12/07/2004 solíci-tase novo informe á Xerencia Municipal de Urbanismo. Con data 9/08/2004 o pro-

motor da queixa presenta documentación recibida da Xerencia de Urbanismo en relación coa citada licenza de apertura, indicando o seu desacordo coa mesma. O 18/08/2004 solicitábase novo informe ao respecto, que se reitera o 20/09/2004 e de, novo, o 25/10/2004.

Con data 4/11/2004 recíbese o informe da Xerencia Municipal de Urbanismo, indicando que, mediante resolución de data 1/07/2004, autorizouse licenza de actividades e instalacións para café-cantante e discoteca no precitado local, subliñando que a mesma se tramitou de conformidade co Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, e que foron emitidos informes técnicos favorables respecto das medidas de seguridade, hixiene e de protección contra a contaminación acústica, axustándose ao ordenamento urbanístico e demais normativa vixente. Informe que se traslada ao interesado o 8/11/2004, sen actuacións posteriores.

REFLEXIÓNS

Independentemente de que despois da data 8/11/2004 non se teñan dado actuacións posteriores con respecto a un expediente iniciado o 9/01/2004, non é óbice para reflexións, válidas non só para este suposto, senón para todos aqueles que teñen incidencias no ámbito da contaminación acústica, e en especial a chamada contaminación acústica por mor da "cultura do ocio":

No 2003 apróbase a Lei 37/2003, á que se incorporan as previsións básicas da Directiva Europea 2002/49 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25/06/2002, sobre avaliación e xestión do Ruído Ambiental.

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a regulación reflíctese na Lei 7/1997, de 11 de agosto, que establece a competencia municipal e regula as seguintes actividades: tráfico, edificación e actividades varias.

Con posterioridade, o Decreto 150/1999, aproba o regulamento de protección acústica e o Decreto 320/2002, describe o regulamento que establece as ordenanzas tipo sobre contaminación acústica para que sirva de modelo aos Concellos.

Destácanse como fontes da orixe as seguintes:

- Tráfico rodado.....80%.
- Actividade industrial.....10%.
- Tráfico ferroviario.....6%.
- Tráfico aéreo, locais de ocio.....4%.

O ruído do ocio, hoxe en día, acadou un nivel destacable de sensibilidade; rúas e zonas de lecer e descanso convértense en infernos, segundo opinións doutrinais e tamén cidadáns, sen que o poder municipal, competente e responsable, acade a protección do cidadán; tanto é así que os expertos na materia sentan a tese dos "ruídos evitables".

O ruído, dende a óptica doutrinal, atópase moi relacionado co dereito á protección da saúde e co aproveitamento dunha vivenda digna e axeitada, no senso que proclama a Constitución Española. Así:

- Artigo 43: reconece o dereito á protección da saúde.
- Artigo 47: reconece o dereito a aproveitar unha vivenda digna e adecuada.

Aproveitar a vivenda non é sufrir, penar ou rabiarse; existe un dereito fundamental clara e directamente afectado polo ruído, como é o dereito ao domicilio inviolable e á intimidade persoal e familiar, tal como proclama o artigo 18 da Constitución Española.

O ruído é unha forma sutil de irromper no domicilio, agresiva, aínda que non implica a presenza de persoas; e os poderes públicos, nestes supostos os Concellos, teñen a obriga de garanti-la defensa dos cidadáns mediante procedementos axeitados en temas, entre outros, de seguridade e saúde.

A doutrina identifica os personaxes desta interpretación:

- Locais de ocio.
- Usuarios ou clientes dos anteriores.
- Convidado de pedra (Administración Local).

Deste último destaca a súa deixadez, incompetencia e pasividade. Ante esta pasividade, o cidadán ten que acudir a outro medio para acadar unha defensa do seu dereito, da súa saúde e da súa tranquilidade; este non é outro que a tutela xudicial.

No ámbito xurisprudencial, hai que citar algúns casos:

- Sentenza do Tribunal Constitucional do 24 de maio de 2001, na que o propio relator fixo un voto particular introducindo novos argumentos non asumidos polo Pleno.

Solicítase unha indemnización ao Concello de Valencia polos ruídos producidos por unha discoteca, e conclúe *"vulnera os dereitos fundamentais á vida, á saúde,*

á intimidade e á inviolabilidade do domicilio", facéndose referencia a populares fallos do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos. A sentenza recolle: "a pasividade dos poderes públicos, o Concello e a súa inoperancia que resulta máis censurable, recalándose que o exercicio das potestades municipais convértese en obrigada cando a agresión aos dereitos fundamentais acada un determinado nivel de gravidade".

Saliéntase que a relación entre o ruído, como axente patóxico, e a saúde, está expresamente recollida na Lei de Ordenación da Edificación (38/1999), incluíndo que aos dereitos fundamentais afectados xa recoñecidos tense que engadir o da libre circulación e libre elección do domicilio (artigo 19 da Constitución Española), que tamén quedarían acurtados a consecuencia das condutas ruidosas.

- O Tribunal Supremo (sentenza 52/2003) declara que a contaminación acústica pode xerar graves prexuízos á saúde física e psíquica; é unha agresión que esixe unha "resposta do Dereito".

- O Tribunal Superior de Xustiza de Murcia (outubro 2002) considerou responsable dun abandono de funcións nesta materia do ruído ao Concello de Cartaxena, por non ordenar o cese da actividade en locais de hostalería, imponéndolle unha indemnización a favor dos denunciante.

- O Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía (outubro 2002) condenou ao Concello de Sevilla, declarando que non é de abondo con regula-la protección mediante as oportunas ordenanzas, téñense que facer efectivas as disposicións reguladoras e, nos supostos de excede-los límites esixibles, tense que proceder ao peche dos establecementos infractores; e incluso dispersar as concentracións dos mozos cando se excedan os límites.

- Na Comunidade Autónoma Galega, en maio de 1989, o Tribunal Supremo revoga un auto da Audiencia Territorial da Coruña que levantou a suspensión de outorgamento dunha licenza de obras e apertura dun local de ocio, mantendo a suspensión por excede-los límites permitidos ao considerar o prexuízo á saúde de tódolos afectados.

- Dentro doutra órbita da contaminación acústica, é de interese subliñar que o Tribunal Superior de Xustiza condenou á Xunta de Galicia (setembro de 2004) polos rúidos causados polo tráfico rodado nunha zona da autopista do Val Miñor, xa que non se adoptaron as medidas para palia-lo impacto acústico ocasionado nunha propiedade privada.

- A nivel máis amplo, o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, condenou á Administración española (16/11/2004) por non evita-lo alboroto que xeran as discotecas, considerando que supón unha violación do dereito ao respecto do domicilio e da vida privada. A vulneración do artigo 8 do Convenio Europeo de Dereitos Humanos provocou a condena, o referido artigo alude á "pasividade da Administración ante o barullo nocturno".

Para rematar, é preciso reiterar que as condicións do acougo público atopáremolas naquela cidade na que os ruídos non superen os límites legais, e nas que pola noite sexamos capaces de concilia-lo sono sen alteracións da intimidade.

A OCU, ten contrastado que nas discotecas o nivel medio sonoro situábase por riba dos 90 dBA e, en momentos puntuais, situábase en 120 dBA. A OMS considera que a superación de 65 dBA pode causar danos ao organismo humano.

Estímase que máis do 50% das vivendas urbanas sofren niveles acústicos superiores ao permitido. Tense que desterrar a falta de medios, de decisión e de axilidade das autoridades municipais.

RECOMÉNDASE

1) O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán (artigo 18).

2) O cumprimento dos principios de axilidade e eficacia na actividade municipal, en defensa dos dereitos dos cidadáns afectados polo ruído.

EXPEDIENTE 6/2004

ASUNTO

O interesado presenta queixa por mor da contaminación acústica que está a padecer na súa vivenda, procedente de dous locais de copas sitos na rúa Teófilo Llorente. Indica que presentou denuncias ao respecto no Rexistro Xeral do Concello e achega, ademais, copia do resultado das medicións santométricas efectuadas pola Policía Local, que reflicten niveis moi superiores aos legalmente permitidos en ambos locais.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 28/01/2004. Con data 3/02/2004 solicitouse o preceptivo informe da Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente, solicitude que se reiterou

o 2/03/2004, recibíndose o informe da Xerencia Municipal de Urbanismo o 10/03/2004, no que se indica que se presentou solicitude de licenza de actividades e instalacións para bar sen música no local subliñado, atopándose o expediente en trámite. Informe do que se dá traslado ao interesado o 11/03/2004.

Con data 11/03/2004 requírese novo informe da Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente, que se reitera o 15/04/2004 e, de novo, o 18/05/2004, recibíndose con data 26/05/2004, no que se indica que o expediente atópase en trámite, pendente do informe técnico. Desta información dáse traslado ao interesado o 27/05/2004.

Con data 28/06/2004 requírese da Xerencia Municipal de Urbanismo informe actualizado, petición que se reitera o 22/07/2004 e que se recibe o 30/07/2004, no que se indica que o expediente segue en trámite, trasladándose a información ao interesado o 2/08/2004. Con data 18/08/2004 recibese novo informe da Xerencia de Urbanismo, no que se indica que o expediente está pendente de que o solicitante da licenza emende as deficiencias atopadas polo técnico municipal. Dáselle traslado do informe, unha vez máis, ao interesado o 19/08/2004.

Con data 27/09/2004 dirixímonos novamente á Xerencia Municipal de Urbanismo solicitando informe actualizado. O mesmo recíbese con data 29/11/2004, co que se achega copia da resolución da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 18/11/2004, pola que se declara a caducidade e se ordena o arquivo das actuacións do procedemento de solicitude de licenza de actividade para café bar sen música, ao transcorrer o prazo de tres meses sen que o petionario presentase a documentación requirida pola Administración Municipal. Informe que se traslada ao interesado o 30/11/2004.

REFLEXIÓNS

Arquívase un expediente por caducidade en novembro de 2004, cando as denuncias e as actuacións de medicións sonométricas por enriba do permitido teñen data de outubro de 2003.

Son totalmente válidas, e polo tanto de aplicación, as reflexións que figuran no expediente 2/2004 deste ámbito de medio ambiente, existindo medicións con resultados positivos tamén en xaneiro de 2004.

Os dereitos constitucionais reflectidos no expediente 2/2004 son os mesmos que neste expediente se ven afectados, de tal xeito que os fillos da familia afectada víanse obrigados, en determinados días da semana, a trasladarse á vivenda doutros familiares para poder atender aos estudos e ao descanso necesario.

Este ruído do ocio está regulado polo texto constitucional (artigos 18, 43 e 47), e alguén ten que asumir as secuelas da súa conducta; non se esqueza que o responsable último destas intromisións é a Administración Pública Local, por non actuar coa dilixencia debida.

A Constitución é algo máis que un libriño pousado nun andel ou nunha mesa de cabeceira. A Constitución, lonxe de ser un simple catálogo de principios de non inmediata vinculación e de non inmediato cumprimento ata que non sexan obxecto de desenvolvemento por vía legal, é unha norma xurídica, a norma suprema; por iso, é indubidable que os seus preceptos son alegables ante os tribunais, como o proclama o Tribunal Constitucional (sentenza 16, de 28 de abril de 1982).

Este principio xeral non terá máis excepcións que naqueles supostos en que así o impoña a propia Constitución, ou nos que a natureza da norma impida considerala inmediatamente aplicable (sentenza do Tribunal Constitucional 15/1982), que evidentemente non é o caso.

"Lex est quod notamus"; a norma está para cumprila. E mentres que a esfera política é a esfera da incerteza, a esfera do dereito é, ou a lo menos pretende ser, a esfera da seguridade (J. Pérez Royo).

As leis, por mor da Constitución, son as que só valen no ámbito dos dereitos fundamentais, e non como antes, que os dereitos fundamentais só valían no ámbito da Lei, porque, en definitiva, as leis só valen no ámbito da Constitución.

O artigo 22 da Constitución, declara o dereito de asociación e a lei de Bases do Réxime Local (artigo 72), impón ás Corporacións Locais as medidas que favorezan o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños. A Lei 14/1986, Xeral de Sanidade, menciona como competencias das Corporacións Locais o control das normas relativas a industrias, actividades, rúidos; todo isto, dentro do artigo 25.2.f da Lei de Bases de Réxime Local (Lei 7/1985).

Tamén o artigo 223 do Real Decreto 2568/1986 (Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais), estipula que estas entidades responderán directamente dos danos e prexuízos causados aos particulares nos seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación no exercicio dos seus cargos.

Cando a realidade dalgunhas actividades supera e quebra outros preceptos normativos xa referidos anteriormente e que afectan a cidadáns en función do espazo físico da súa vivenda, dereitos que non son defendidos e protexidos como

debería ser, antes de ter que acudir á vía xudicial, con todo o que iso comporta, vense obrigados a constituírse, a defenderse, mediante a creación de asociacións, tal como a recentemente fundada en Vigo, baixo o nome de Asociación de Veciños para a Defensa do Ruído, o que veu a confirma-la apatía e desleixo de funcións por parte da súa Administración ou poder público local.

RECOMÉNDASE

1) O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán (artigo 18).

2) Axilidade e eficacia na aplicación da normativa municipal reguladora, a Ordenanza de 28 de xullo de 2000, así como sensibilización efectiva en consonancia coa doutrina xurisprudencial xa coñecida.

EXPEDIENTE 9/2004

ASUNTO

O interesado presenta queixa en relación coa contaminación acústica provocada por tres locais-discootecas nos baixos dun edificio da rúa Colón, situación que ten denunciado ante a Concellería de Urbanismo dende o ano 2001 pola carencia de licenza para a actividade que desempeñan.

Denuncia, ademais, unhas obras ilegais no semisoto do citado edificio, que afectan á estrutura do mesmo, supostamente para a instalación dunha discoteca.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 5/02/2004. Con data 9/02/2004 solicitamos o preceptivo informe á Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente, petición que se reitera o 2/03/2004, o 14/04/2004 e, de novo, o 18/05/2004, recibíndose o 26/05/2004, no que se indica que, dous dos locais denunciados, solicitaron as correspondentes licencias de obra de adaptación dos locais, así como licenza para o desenvolvemento de actividade de bar con música, atopándose os procedementos en trámite. Respecto ao terceiro local denunciado, indica o informe que consta na oficina de Inspección Técnica de Obras expediente de protección da legalidade urbanística, atopándose pendente de que o inspector municipal informe se a actividade desenvolvida se axusta á licenza concedida. Con data 27/05/2004 trasládase o citado informe ao interesado.

Con data 28/06/2004 solicítase informe actualizado en relación aos tres locais denunciados, solicitude que se reitera o 22/07/2004, o 25/08/2004, o 27/09/2004, o 26/10/2004 e, de novo, o 23/11/2004, sen resposta ningunha.

REFLEXIÓNS

Tralo informe oficial, recibido o 26/05/2004, no que se indica que as solicitudes de licenza están pendentes do informe de Inspección Técnica de Obras, solicitouse, ata seis veces, o informe en cuestión, sen resposta ningunha.

Estamos a falar dunha situación da que por parte do interesado xa se formulou denuncia en marzo do ano 2001; tres anos e medio despois aínda descoñecemos a súa situación.

Non só nos encontramos cunha situación que afecta a cuestións relacionadas coa defensa da legalidade urbanística, senón que, en paralelo, afecta negativamente ao dereito á tranquilidade e, polo tanto, á saúde da veciñanza, por mor dos ruídos e perturbacións difíciles de aturar, entre os que é preciso citar os altercados que provocaron intervencións frecuentes dos axentes da orde.

Dende o punto de vista urbanístico, parece existir unha posición contradictoria:

- Expediente 11727/423, pendente de informe en canto ao cumprimento do contido da licenza concedida.
- Expediente 10795/423, onde consta que as obras non serían legalizables se o local fose destinado a actividade de bar.

Sexa o que sexa, a realidade é que funcionan locais de ocio sen que a legalidade estea determinada, e polo tanto declarada. ¿Que ocorre cos principios de legalidade e de eficacia?.

Tódalas revisións deben contempla-los argumentos de fondo, axiliza-los trámites legalmente previstos respecto dos expedientes de reposición da legalidade urbanística e o aspecto sancionador coas obras ilegais, aínda que posteriormente sexan legalizables.

Por outra banda, e isto é o máis importante para os cidadáns directamente afectados, a veciñanza, estes locais, ademais de funcionar sen licenza, producen trastornos serios en materia de contaminación sonora, co que implica na calidade de vida e na propia saúde.

Xa en 1974, o entón Ministro de Sanidade de Canadá, facía mención de algo como isto: hai que engadir vida aos anos, e non só anos á vida.

Dise que falta por demostrar a vontade pública para acadar un tratamento axeitado, pois as medidas máis avanzadas poden non ser efectivas se non hai vontade política para aplicalas. Xa non cabe a dúbida de que o ruído excesivo viola dereitos fundamentais, incluso o Tribunal Constitucional fai unha equiparación entre a contaminación acústica e a polución atmosférica, subliñando que é unha fonte permanente de perturbación da calidade de vida dos cidadáns.

RECOMÉNDASE

1) O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán (artigo 18).

2) O cumprimento da legalidade dos principios de eficacia no tratamento de expedientes de legalidade urbanística.

3) O cumprimento da normativa recollida na Ordenanza Municipal do propio Concello de Vigo, de 28 de xullo de 2000.

EXPEDIENTE 12/2004

ASUNTO

Queixa presentada por un veciño da rúa Xulián Estévez en relación cunha fuga de gas dun colector instalado na estación de Mercancía de Renfe-Guixar. O interesado engade que na citada zona se depositan bidóns con símbolos de substancias explosivas, corrosivas e perigosas, a dez metros da súa vivenda.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 18/02/2004, solicitándose o preceptivo informe con data 3/03/2004, que se reitera o 30/03/2004 e que se recibe o 22/04/2004, no que se indica que, segundo informe da Policía Local, os feitos denunciados producíronse nun colector dunha empresa sita na terminal de colectores de Renfe, engadindo que, en relación cos riscos provocados polas citadas actividades vinculadas ao tráfico ferroviario, as queixas deben ser remitidas ao Ministerio de Fomento. Por último, o informe indica que nos terreos lindantes coas instalacións ferroviarias concedeuse licenza de actividade e instalación para unha terminal pública de colectores. O Informe trasladouse ao interesado o 26/04/2004, indicando a posibilidade de remitir o expediente ao Defensor del Pueblo.

REFLEXIÓNS

Se ben se dan actuacións municipais, segundo consta no informe da Policía Local de 1/04/2004, por mor dunha fuga de gas, non se esquece que polo que respecta ás actividades que realiza RENFE, calquera queixa, segundo se indica no informe da Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, debería remitirse ao Ministerio de Fomento.

É lóxico que, ante situacións como a que nos ocupa, o cidadán tenda a dirixirse á Administración que ten máis próxima, que ademais é na que se atopa máis integrado.

O Tribunal Constitucional (1981) declara que a autonomía (municipios, provincias, comunidades autónomas) é unha garantía institucional, e que esta garantía non asegura un contacto concreto ou un ámbito competencial determinado e fixado dunha vez por todas, senón a preservación da institución en termos recoñecibles para a imaxe que da mesma ten a conciencia social en cada tempo e lugar.

O que se garante é o dereito de tódolos entes a intervir en tódolos asuntos que afectan á comunidade, con independencia do dato da relevancia local ou supralocal; intervención que pode ser de distinta intensidade, pois a garantía institucional non asegura un contido concreto senón a preservación da institución como tal.

A propia Lei 7/1985 (Lei de Bases do Réxime Local) articula ámbitos competenciais de colaboración, mellor que núcleos separados de competencias.

A doutrina afirma que a consolidación do estado democrático e autonómico esixe a consolidación definitiva das institucións locais capaces de responsabilizarse dos seus propios intereses, así como de perpetuar a súa acción avivecedora de toda a trama e urda do Estado.

Son raras as materias que na súa integridade poidan atribuírse ao exclusivo interese das corporacións locais, pero tamén son raras aquelas nas que non exista un interese local en xogo.

No suposto que nos ocupa, o Concello non pecaría por exceso se adoptase unha actitude positiva en prol dunha solución preventiva duns riscos promovidos pola actividade ferroviaria, por moito que sexan de competencia estatal.

Existe, ademais, un principio básico normativo, como é o da cooperación, que responde á libre vontade de actuar conxuntamente co obxectivo de acadar determinados fins que son comúns para os cooperantes, tal como o concibe a propia

Lei 7/1985; outro tanto se reflicte na propia Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, que a define como algo indispensable.

RECOMÉNDASE

Especial atención a actuacións que, pola súa urxencia e transcendencia, poden evitar riscos incontrolables.

EXPEDIENTE 15/2004

ASUNTO

Queixa en relación cunha solicitude de autorización para a apertura temporal dun pozo negro, en tanto non recaia sentenza definitiva sobre unha servidume de desaugadoiro para proceder á conexión á rede de sumidoiros na rúa Ramón Nieto. Solicita, ademais, a visita dun inspector municipal para que certifique a situación que está a padecer, para os efectos da elaboración dun informe que poida presentar no xulgado. Achega copia do recibo da empresa concesionaria que está a pagar sen recibir ningún servizo a cambio.

SITUACIÓN

Recibida a queixa o 23/02/2004, solicitouse informe de Sanidade o 4/03/2004, que se reiterou o 26/03/2004, sendo recibido o 5/04/2004. No mesmo, indícase que por parte desa Concillería se fixeron distintas solicitudes en orde a acadar unha solución, solicitando diversa documentación ao interesado, informe técnico á empresa concesionaria Aqualia e, finalmente, á Delegación Provincial de Sanidade e Servizos Sociais, unha inspección sanitaria, así como o correspondente informe. Deuse traslado da información ao interesado o 6/04/2004.

Con data 7/05/2004, o interesado achéganos copia da documentación presentada no Concello, polo que o 10/05/2004 solicitase a Sanidade que se acade unha solución ao problema exposto. Con data 10/06/2004 solicitase información actual sobre o tema exposto, que se reitera o 12/07/2004, o 18/08/2004 e, de novo, o 20/09/2004.

Con data 6/10/2004, o interesado manifesta que recaeu sentenza no xuízo de cognición por el interposto, declarándose o xulgado incompetente por entender que non é posible constituír unha servidume de acueducto sen previo expediente administrativo, xa que se trata dunha competencia puramente administrativa. Achega copia da citada sentenza e do informe do técnico municipal de medio ambiente. O promotor da queixa indica que, unha vez coñecida a sentenza, diri-

xiuse a Augas de Galicia, onde lle indicaron que de tratarse dun asunto da súa competencia trataríase dun procedemento longo.

Tendo en conta que a solución definitiva do problema que motivou a queixa, posiblemente, tardará anos en acadarse, o interesado solicita unha vez máis a nosa intervención para obter a autorización temporal para a apertura do pozo negro por parte do Concello.

Con data 22/10/2004 recíbese informe da Concellería de Medio Ambiente, no que se indica que o expediente atópase en trámite, pendente de que o interesado presente a documentación que se lle requiriu, así como de ter información relativa ao procedemento de cognición iniciado. Informe que se traslada ao interesado o 26/10/2004.

Con data 25/10/2004 dirixímonos á Concellería de Asuntos Sociais (Sanidade) manifestando as novas alegacións presentadas polo promotor da queixa o 6/10/2004, e interesando unha actuación decidida que lle permita a utilización temporal do pozo requirido. Con data 26/10/2004 dirixímonos á Concellería de Medio Ambiente achegando copia do escrito dirixido á Concellería de Asuntos Sociais, e subliñando que no procedemento citado recaeu sentenza con data 29/09/2004, solicitude que foi reiterada o 23/11/2004 e o 23/12/2004 á Concellería de Medio Ambiente.

REFLEXIÓNS

Expediente que comezou ante Asuntos Sociais (Sanidade), posteriormente trasladouse a Medio Ambiente e que se atopa sen unha solución axeitada.

O interesado ve prexudicada a súa saúde, non obstante ter cumprido no seu día as obrigas de conectarse á rede, resultando incompreensible que se lle prohiba a apertura dun pozo negro despois de verse obrigado a acudir á xustiza por mor da aptitude insolidaria doutro cidadán.

Ata cando se vai ver nesta situación que afecta seriamente a dereitos constitucionais tales como: protección da saúde (artigo 43 CE), protección da calidade de vida (artigo 45 CE), protección a usuarios mediante procedementos eficaces en temas de saúde (artigo 51 CE), dereito a utiliza-los servizos públicos municipais conforme ás normas (artigo 18 LBRL), dereito a esixir a prestación e, de se-lo caso, ao establecemento do correspondente servizo público, no suposto de constituir unha competencia municipal propia de carácter obrigatorio (artigo 28 LBRL).

Téñense que evita-las actuacións insuficientes, máxime cando están en xogo dereitos constitucionais dos cidadáns, que ademais xa mostraron o cumprimento das obrigas que lles son propias e non poden beneficiarse do servizo público.

Esta é unha situación que nos fai recordar que hai que engadir vida aos anos e non só anos á vida.

RECOMÉNDASE

1) O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán (artigo 18).

2) Mellora sensible das actuacións municipais, que teñen que buscar con afán solucións áxiles a temas que inciden na saúde e na calidade de vida dos cidadáns.

EXPEDIENTE 17/2004

ASUNTO

O interesado, en representación de veciños das rúas D. Cadaval e Lugo, expón que presentaron no Concello denuncias pola instalación, no baixo dun edificio da rúa, de aparatos electrónicos de orixe descoñecida que emiten ruído e calor, e que sospeitan perigosos. Non recibiron resposta do Concello sobre se hai concedida licenza ao respecto.

SITUACIÓN

Queixa recibida o 25/02/2004, da que se solicita o preceptivo informe o 26/02/2004 que se reitera o 22/03/2004, o 20/04/2004, o 20/05/2004, o 24/06/2004 e, de novo, o 21/07/2004.

REFLEXIÓNS

Atopámonos cun suposto no que o interesado formulou cinco denuncias, entre xullo do 2003 e xaneiro do 2004, sen ter recibido resposta ningunha; actitude contraria á obriga da Administración, obriga que se lle impón por lei.

É claro que a eficacia resulta un principio activo de tódalas Administracións Públicas. O Estado de Dereito apela a uns contidos, e significa a loita contra as inmunidades do poder, tarefa na que o Dereito Administrativo asume un destacado protagonismo porque vai ser o dereito que reconduza as grandes palabras.

O primeiro interese do cidadán céntrase en que as Administracións Públicas presten eficazmente a gama de servizos que son da súa responsabilidade e competencia, que van dende a axilidade na resolución dos expedientes e trámites, ata a adopción das medidas tendentes a resolver os problemas da vida cotiá.

O cidadán ten dereito a obter información e orientación en relación coas actuacións ou solicitudes que se propoñan.

Por outra banda, existe unha responsabilidade na tramitación dos asuntos e a obriga de resolver, así como de dar información ao respecto.

Estamos ante a inxenuidade dunha veciñanza porque a actividade se realiza nun edificio antigo, con tódalas instalacións, incluídas as eléctricas, antigas; unha actividade sen licenza, con aparello eléctrico, ventiladores e outro tipo de aparellos, cun ruído insistente, e efectos de calor elevada, non descartándose outro tipo de efectos na saúde por mor das radiacións.

A interrogante xurde no suposto de que se produza un accidente, se a cuestionada instalación carece de licenza, ¿que rol lle corresponde ao Concello por non actuar en tempo e forma?.

RECOMÉNDASE

1) O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán (artigo 18).

2) O cumprimento da normativa en materia de reposición da legalidade urbanística con implicacións serias en Medio Ambiente.

EXPEDIENTE 47/2004

ASUNTO

Queixa en relación coas molestias padecidas por un veciño de Cabral por mor dos fumes e cheiros procedentes das fogueiras provocadas por unha veciña do mesmo, fogueiras que se repiten periodicamente, afectando á saúde das persoas do seu contorno.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 4/06/2004. Solicítase informe o 7/06/2004 da Concellería de Medio Ambiente, recibíndose o 29/06/2004, no que indican que as denuncias

presentadas polo interesado ante o Concello foron remitidas á Consellería de Medio Ambiente por tratarse dun asunto da súa competencia. O informe trasládase ao interesado o 30/06/2004.

REFLEXIÓNS

Temos que remitirnos ás reflexións feitas no expediente 12/2004, tamén no ámbito do Medio Ambiente, con especial atencións a dous puntos:

a) O cidadán, ante situacións como a que nos ocupa, tende a dirixirse á Administración que ten máis próxima, que ademais é na que se atopa máis integrado.

b) Estamos ante ámbitos competenciais de colaboración, máis que ante núcleos separados de competencias; o interese local tamén ten que manifestarse en situacións que poden ser prementes. É preciso adecua-la vontade de actuacións conxuntas, co obxectivo de acadar fins comúns aos cooperantes.

RECOMÉNDASE

Especial atención ás actuacións que, pola súa urxencia e transcendencia, poden evitar riscos e situacións perigosas.

EXPEDIENTE 49/2004

ASUNTO

Queixa en relación co servizo de recollida do lixo. O interesado mostra a súa desconformidade co servizo prestado, xa que o punto de recollida se atopa lonxe e ten que facer el mesmo parte do traballo. No ano 2001 solicitou no Concello que se lle prestase un servizo completo ou, noutro caso, se lle cobrase só a metade do recibo. Por outra banda, o interesado expón que recibiu a reclamación de débeda e posterior dilixencia de embargo por unha cantidade non especificada, referida ao recibo do ano 2001, cando tal periodo foi efectivamente aboadado.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 9/06/2004. Con data 9/06/2004 solicítanse informes ás Concellerías de Xestión Municipal (Tributos) e Medio Ambiente (Recollida de Lixo). Esta petición foi reiterada o 12/07/2004 a ámbalas dúas concellerías e recibese por parte da Xefatura de Tributos o 16/07/2004.

No informe se indica que a reclamación da débeda corresponde aos exercicios fiscais 1998, 1999 e 2000. Engade que, segundo o informe do Departamento de Limpeza, a distancia ao colector é de 300 metros, comprendida, polo tanto, dentro do límite que establece a Ordenanza Fiscal da Taxa lixo-vivenda. Finalmente, e respecto da solicitude de aplicación de cota reducida, indica que non consta tal solicitude, aínda que si unha petición de colector que foi remitida ao servizo de limpeza. O contido do informe trasládase ao interesado o 20/07/2004.

Con posterioridade, en data 6/08/2004, recíbese escrito de Medio Ambiente no que se indica que se remitiu o informe correspondente á oficina do Lixo, por trátarse dun asunto da súa competencia. Sen resposta ningunha.

REFLEXIÓNS

Resulta inoperante que, dun escrito dirixido a Medio Ambiente (Recollida do Lixo) en data 9/06/2004, se acuse recibo dous meses despois dende Medio Ambiente dicindo que o 15/06/2004 se lle deu traslado á oficina do Lixo, sen actuación ningunha posterior por parte de ninguén.

O primeiro principio de toda organización é o de coordinación que, en primeiro lugar, é un problema de autoridade e, en segundo lugar, é unha convicción de servizo mutuo. O esforzo por unha axeitada coordinación dos órganos da Administración, en xeral, ocupa un posto preponderante e, polo tanto, calquera medida inadecuadamente coordinada pode, e de feito o é, ser perturbadora.

É indispensable a homoxeneidade técnica e a acción conxunta que faciliten e fagan posible a información recíproca no exercicio das respectivas competencias.

RECOMÉNDASE

Abonda con cita-lo artigo 6.1. da Lei 7/1985 (LBRL): *"Las entidades locales sirven con objetividad los intereses públicos que les están encomendados y actúan de acuerdo con los principios de eficacia, descentralización, desconcentración y coordinación, con sometimiento pleno a la ley y al Derecho"*.

EXPEDIENTE 59/2004

ASUNTO

Queixa en relación cos rúidos provocados por un local de copas na rúa Oliva que impiden o descanso dos veciños. O interesado achega copia do informe da Policía Local, no que se indica que con data 10/06/2004 os axentes actuantes comproba-

ron que no interior do local denunciado soaba música a gran volume, engadindo que unha hora máis tarde volveron acudir ao lugar, comprobando que novamente soaba a música.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 11/08/2004. Solicitase informe á Concellería de Medio Ambiente o 18/08/2004, petición que se reitera o 22/09/2004. Con data 23/09/2004 o interesado remítenos copia dun novo informe da Policía Local, no que se indica que con data 25/08/2004 os axentes actuantes puideron comprobar que existía son musical, comunicando á encargada que debía retirar a instalación de música para axustarse á licenza concedida (bar sen música); o informe engade que, no mes de setembro, comprobaron novamente que o local seguía exercendo actividade con música.

Con data 27/09/2004 solicitamos informe das actuacións levadas a cabo, facendo referencia aos precitados informes da Policía Local, petición que foi reiterada o 27/10/2004, o 29/11/2004 e, de novo, o 15/12/2004, sen resposta.

REFLEXIÓNS

Dedúcese da exposición anterior que as reflexións quedan suficientemente expostas nos apartados referentes aos expedientes deste mesmo capítulo numerados cos epígrafes: 2/2004, 6/2004 e 9/2004.

RECOMÉNDASE

1) O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán (artigo 18).

2) O cumprimento dos principios de axilidade e eficacia na actividade municipal, en defensa dos dereitos dos cidadáns afectados pola contaminación acústica.

EXPEDIENTE 84/2004

ASUNTO

O interesado expón que unha denuncia por parte dun veciño, deu lugar á incoación dun expediente por tenencia de animais en zona incompatible coas ordenanzas municipais. Realizada visita de inspección por parte de Inspección de Sanidade e Veterinaria, emite informe, de data 28/04/2004, no que se indica que o estado hixiénico-sanitario no momento da visita é normal, sen detectarse malos olo-

res e subliñando que é necesario informe de urbanismo para saber se o domicilio do denunciado se atopa en zona urbana ou rural.

O interesado engade que por parte da Xerencia Municipal de Urbanismo emitiuse informe no que se indica que a propiedade (no barrio de Teis) está situada en solo clasificado como urbano, polo que por parte da Concellería de Medio Ambiente, segundo o establecido na Ordenanza municipal para a protección e tenencia de animais, que no seu artigo 6 prohibe a cría doméstica en domicilios particulares dentro do núcleo urbano, se lle requiriu ao promotor da queixa para que procedera ao sacrificio dos animais.

O interesado quere resaltar que tódolos veciños da zona se dedican á cría dalgún tipo de animal para o consumo propio.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 20/10/2004, á espera de que o interesado achegue copia da resolución de Medio Ambiente. Con data 24/11/2004 o interesado infórmanos que aínda non recibiu a mesma.

CAPÍTULO 7: MOBILIDADE E SEGURIDADE

EXPEDIENTE 4/2004

ASUNTO

O interesado expón que con data 30/03/2003 foi sancionado pola Policía Local por condución negligente, indicando que nesa mesma data, circulando co seu vehículo pola circunvalación en dirección Castrelos, viuse obrigado a realizar un cambio repentino de carril ao atoparse cun vehículo accidentado, lugar onde se encontraba a Policía Local, pero que aínda non existía a sinalización oportuna, polo que considera inxustificada a precitada sanción.

SITUACIÓN

Queixa recibida o 16/01/2004. Con data 21/01/2004 informamos ao interesado que, de acordo co artigo 17.2 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, non é posible entrar no exame da queixa por estar pendente de resolución administrativa, quedando a mesma en suspenso en tanto non se resolva o recurso de reposición interposto polo interesado.

Con data 5/07/2004 solicítase a Mobilidade e Tráfico que nos informe da resolución do subliñado recurso, reiterándose a mesma o 17/08/2004, o 8/09/2004, o 25/10/2004 e, de novo, o 11/11/2004.

REFLEXIÓNS

Os recursos administrativos configúranse como un elemento de control e garantía, tendo por obxecto a revisión dun acto administrativo que, doutra maneira, só nos supostos de revisión de oficio se podería facer.

É obvio que o recurso de reposición que se presentou polo interesado non foi respondido, o que nos reafirma en que nos atopamos ante unha "actividade pasiva". A Constitución Española (artigos 9 e 10) consagra os principios de legalidade e eficacia nas actuacións públicas; a seguridade xurídica, aínda que non pode constituír un valor absoluto, si afecta á confianza dos cidadáns.

O recurso tense que resolver. Este feito vén dado polo artigo 42 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no que, ademais, no punto 7 reflicte a obriga dos funcionarios que teñan ao seu cargo o despacho dos asuntos, de instruír e resolver en prazo.

Doutrinalmente, conclúese que a razón de non responder ante unha solicitude é sinxela: a desestimación por silencio dunha petición non se considera un acto, é unha ficción legal para permitir ao cidadán o acceso ao recurso.

Pero neste caso, non é a petición o que non se resposta, senón que a deixadez é ante o propio recurso, o que empurra ao cidadán a dirixirse á vía xudicial, con todo o que isto comporta, o que racha co fundamento do recurso, que non é outro que o carácter de control e garantía que permite revisa-los actos.

A Administración Pública goza dun carácter instrumental, posto ao servizo dos cidadáns e o seu réxime xurídico debe transcende-las regras de funcionamento interno, para integrarse na sociedade, a quen serve como instrumento que promove as condicións para que os dereitos dos cidadáns sexan reais e efectivos. A tal fin, o procedemento administrativo é o instrumento axeitado para dinamiza-lo seu avance e as regras fundamentais do procedemento son peza esencial no proceso de modernización da sociedade e da súa Administración.

O procedemento é unha serie ou secuencia cronolóxica de actos relacionados entre si e orientados a un determinado fin ou resultado, actos que sirvan de sopor-

te a unha resolución, a través da que se exterioriza a vontade do órgano administrativo.

O procedemento ten un fin unitario: protexer de xeito inmediato a orde xurídica e mediatamente o dereito do cidadán, sendo o interese primordial do cidadán que a Administración Pública exerza eficazmente as competencias que por lei lle correspondan.

En ningunha institución ou agrupación se integra mellor e de forma natural o cidadán que na institución municipal, por iso se ten que acadar que a realidade sexa tan satisfactoria como a posibilidade.

RECOMÉNDASE

1) Se as ordenanzas municipais e os seus regulamentos son unha manifestación da competencia da Administración Local de producir normas de obrigado cumprimento para os cidadáns, tamén son de obrigado cumprimento para o propio ente municipal. Concretamente, estamos a referirnos ao artigo 18 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, de 26 de marzo de 2001, xa que a solicitude de informe se presentou ata cinco veces sen resposta ningunha, o que non implica un ánimo de colaboración coa Institución do Valedor do Cidadán.

2) A dedicación debida ás peticións do cidadán, segundo subliña o artigo 42 da Lei 4/1999.

3) A observancia das obrigas que teñen ás Administracións Públicas en relación cos temas que afectan aos rexistros públicos (do que se fai puntualización expresa no capítulo referido aos expedientes do 2003 con actividade en 2004), que se regula no artigo 38 da Lei 30/1992 e 4/1999, así como nos artigos 151 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais), sobre procedemento administrativo.

EXPEDIENTE 5/2004

ASUNTO

O interesado expón que, como residente no barrio histórico, solicitou a concesión da tarxeta correspondente para acceder co seu vehículo ao mesmo, non concedéndolla alegando que só teñen dereito á mesma os residentes nos números pares da rúa Elduayen, sendo o domicilio do interesado un número impar. Con

datas 26/03/2003 e 15/10/2003 solicitou información ao respecto no Concello, non recibindo resposta ningunha.

Por outra banda, recibe unha sanción de tráfico por aparcar na beirarrúa esquerda da rúa Poboadores, cando se lle indicara, e así lle consta, que esa non era zona exclusiva de residentes.

SITUACIÓN

A queixa foi presentada con data 22/01/2004. Con data 26/01/2004 foi solicitado informe á Concellería de Mobilidade e Seguridade, o cal se recibe o 23/02/2004, no que se confirma o manifestado polo interesado, indicando que o número da rúa Elduayen onde reside non está dentro do ámbito de aplicación do Bando que regula a circulación de vehículos no Barrio Histórico. Dáse traslado do mesmo ao interesado con data 24/02/2004.

Nesa mesma data solicítase informe complementario respecto á sanción de tráfico antes subliñada, petición que se reitera o 15/04/2004, o 18/05/2004, o 5/07/2004, o 17/08/2004 e, de novo, o 8/09/2004, recibíndose o mesmo o 18/11/2004, no que se fai referencia ao disposto no precitado Bando de 8/02/2002. Do contido do informe dáse traslado ao interesado con data 19/11/2004.

REFLEXIÓNS

Atopámonos ante un suposto que, iniciado o 26/01/2004, foi respondido con data 23/02/2004, declarando que o número do domicilio do interesado non está comprendido no ámbito de aplicación do Bando da Alcaldía de 8/02/2002; e sen facer mención á información recibida polo interesado en dependencias municipais, e incluso por un axente da Policía Local, así como tampouco polo feito de ser sancionado cunha multa por facer caso das orientacións recibidas.

Con data 24/02/2004 dirixímonos ao departamento competente indicándolle estas incidencias, así como o incumprimento do artigo 38 da Lei 30/1992 e 151 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, engadindo que o interesado tiña promovido dúas solicitudes (marzo e outubro de 2003) sen recibir resposta ningunha. Isto vén a contradicir o disposto no artigo 42 da Lei 30/1992 - 4/1999, no que se establece a obriga de resolver en tódolos procedementos.

Subliñase tamén que o artigo 21 do Real Decreto 2568/1986, tamén citado, impón ás dependencias afectadas un prazo de vinte días para informar ao cidadán das actuacións realizadas e das medidas adoptadas.

Téñense que dicta-las resolucións pendentes como consecuencia das solicitudes presentadas; o que lle interesa ao cidadán é que o decisivo sexa a eficacia, a calidade do servizo, e logo, que a Administración sexa responsable. Ínstase para que se complete o informe recibido con data 23/02/2004, tendo que ser reiterado o pedimento ata cinco veces.

Con data 18/11/2004 recíbese informe, case nove meses despois do pedimento inicial, no que se fai un relatorio do exposto no Bando de 8/02/2002, é dicir, o mesmo do informe de 23/02/2004.

Non se proporciona información sobre o requirimento feito o 24/02/2004.

RECOMÉNDASE

1) O cumprimento das obrigas derivadas do acordo do Pleno Municipal de 26 de marzo de 2001, no que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán (artigo 18).

2) O cumprimento do artigo 42 da lei 30/1992 - 4/1999.

3) O cumprimento do artigo 38 da Lei 30/1992 - 4/1999, e dos artigos 151 e seguintes do Real Decreto 2568/1986.

EXPEDIENTE 11/2004

ASUNTO

O interesado presenta queixa en relación coa subtracción dun vehículo, con abandono do mesmo enriba dunha beirarrúa na rúa Romil, indicando que cando se dirixiu á Comisaría para formular a correspondente denuncia non llo permitiron, informándolle que o vehículo se atopaba no depósito municipal. Por iso, presentou tres escritos a modo de reclamación no Concello, solicitando ademais que se lle facilitase copia da denuncia e da fotografía, contestándolle que non lle podían facilitar a mesma debido a un problema técnico.

SITUACIÓN

A queixa foi presentada o 11/02/2004. Con data 16/02/2004 solicítase informe á Concellería de Mobilidade e Seguridade, que se reitera o 15/03/2004 e que se recibe o 5/04/2004, indicando que non se dispón de ningunha fotografía e que, ademais, o vehículo en cuestión carece do seguro obrigatorio e non pasou a correspondente ITV. Información que se traslada ao interesado con data 06/04/2004.

Con data 18/05/2004 o interesado achéganos copia do escrito por el presentado no rexistro do Concello coa mesma data, no cal declara que o vehículo en cuestión permaneceu durante varios anos no patio interior dun edificio de vivendas e coas rodas do lado esquerdo desinchadas, polo que con data 26/08/2004 solicita-se novo informe ao respecto, petición que se reitera o 27/09/2004 e, de novo, o 26/10/2004. Recíbese o mesmo o 18/11/2004, reiterándose no contido do informe recibido con data 5/04/2004. Dáse traslado do mesmo ao interesado con data 19/11/2004, sen actuacións posteriores.

REFLEXIÓNS

Ante a petición cursada o 26/08/2004, e reiterada o 27/09/2004, por mor da nova declaración efectuada polo interesado e entregada no Rexistro Xeral do Concello en data 16/05/2004, recíbese novo informe no que se reflicte o contido do recibido o 5/04/2004, e no que se afirmou que foron recibidos os documentos achegados polo interesado o 16/05/2004.

Ante esta información, precísase o seguinte:

- O deber de comunicar ao interesado o recibimento dos segundos documentos e informarlle do que proceda ao respecto.

- Séguese a faltar ao disposto no artigo 38 da Lei 30/1992-4/1999, así como aos artigos 151 e seguintes o Real Decreto 2568/1986.

RECOMÉNDASE

1) O cumprimento da legalidade regulamentaria en relación co Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

2) O cumprimento das obrigas contidas nos artigos 38 da Lei 30/1992 - 4/1999 e 151 e seguintes do Real Decreto 2568/1986.

EXPEDIENTE 13/2004

ASUNTO

Queixa presentada por uns usuarios do servizo de transportes efectuado pola empresa Castromil, xa que dende que foi comprada polo grupo Mombús téñense suprimido servizos e modificado o lugar das paradas e percorridos dentro do núcleo urbano, prexudicando aos usuarios para beneficio económico da empresa, que consideran debería prestar un servizo público.

SITUACIÓN

A queixa foi presentada o 18/02/2004. Con data 23/02/2004 solicitase informe á Concellería de Mobilidade e Seguridade, que se reitera o 15/03/2004 e que se recibe o 17/03/2004, indicando que se dá traslado da mesma ao Servizo Provincial de Transportes da Consellería de Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, por ser a Administración competente na materia, engadindo que por parte do Concello non se autorizou ningunha modificación en relación aos itinerarios ou paradas do citado servizo. Informe do que se dá traslado ao interesado con data 18/03/2004.

Con data 10/05/2004 dirixímonos novamente á Concellería de Mobilidade e Seguridade co fin de que instase ao Servizo Provincial de Transportes a que procedese a emitir a información requirida, solicitude que se reitera o 10/06/2004, o 12/07/2004, o 18/08/2004, o 20/09/2004 e, de novo, o 25/10/2004.

REFLEXIÓNS

Á vista do informe antes precitado, do que resulta:

a) A competencia é da Xunta de Galicia, representada no ámbito provincial polo Servizo Provincial de Transportes.

b) A Concellería de Mobilidade e Seguridade do Concello de Vigo non autorizou ningunha modificación en relación aos itinerarios ou paradas do citado servizo, que lle competen.

Transcorridos dous meses, o 10/05/2004 instamos á Concellería de Mobilidade e Seguridade a que activase a resposta do órgano autonómico, xa que esta concellería, no seu ámbito municipal, non tiña autorizado ningunha modificación.

O pedimento foi reiterado con data 10/06/2004, facendo especial reflexión a que a ninguén se lle oculta que é do maior interese que tódalas Administracións Públicas convertan o principio constitucional de eficacia en fórmulas precisas, pois iso é o que máis lle interesa aos cidadáns, para evitar deste xeito as penalidades que se desprenden da tardanza das solucións requiridas ás que teñen dereito.

Continuando así: *"Tendo en conta que no ámbito competencial desta Institución non figuran temas extramunicipais, sen esquecer que o caso que nos ocupa incide nunha actividade vinculada co Concello, encarázolle de novo teña a ben insistir ante o Servizo Provincial de Transportes a fin de que emita a información requirida, co ánimo de solucionar o tema obxecto da queixa promovida con data*

23/02/2004, máxime cando dende o Concello non se autorizaron cambios nin modificacións nos itinerarios acordados co consorcio".

De novo, o 12/07/2004, reitérase a petición e, posteriormente, o 18/08/2004, o 20/09/2004 e o 25/10/2004; sen resposta ningunha no momento de pecha-la Memoria relativa ao ano 2004.

Queda claro que o consorcio, que é unha unión de persoas físicas ou xurídicas co ánimo de realizar unha actividade en común, ten como indispensable manter unha acción e un efecto de coordinar as relacións que os vinculan.

Hoxe, con carácter xeral, pódese soste que as áreas de actuación dos distintos niveis de goberno non están definidas como esferas separadas con contidos mutuamente excluíntes, hoxe priman as competencias compartidas. O predominio do sistema de competencias compartidas e o intercambio de recursos entre actores, dá lugar a unha situación na que o éxito da xestión depende da capacidade para facer da acción conxunta unha acción eficaz.

A Ciencia da Administración pronúnciase no senso de que un dos principais condicionantes da xestión pública non é outro que o principio de coordinación, que se define como o primeiro principio de toda organización, e se diseña como a ordenada disposición do esforzo de grupo, a fin de acadar a unidade de acción na persecución dun propósito. A coordinación, segundo a doutrina é, en primeiro lugar, un problema de autoridade e, en segundo lugar, unha convicción de servizo mutuo.

No ámbito da reforma administrativa, o esforzo por unha maior coordinación dos órganos da Administración ocupa un posto preponderante; calquera medida imperfectamente coordinada pode ser perturbadora.

A doutrina actual, ao amparo das pautas do Tribunal Constitucional (sentenzas de 28 de abril e de 20 de maio de 1983), mantén o criterio de que a coordinación xeral debe entenderse como a aplicación de medios e sistemas que fagan posible a información recíproca, a homoxeneidade técnica e a acción conxunta no exercicio das respectivas competencias, de tal xeito que se acade a integración dos actos parciais na globalidade do sistema. Isto está moi lonxe do caso que nos ocupa.

RECOMÉNDASE

1) O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán (artigo 18), aprobado polo Pleno do Concello o 26 de marzo de 2001.

2) A sensibilidade en temas que, por falta de coordinación, non acadan unha solución dos problemas aos que o cidadán ten dereito.

EXPEDIENTE 16/2004

ASUNTO

O interesado, no seu escrito de queixa, indícanos que reside nun baixo que dá directamente a unha beirarrúa de só un metro de ancho. Dende hai un mes aproximadamente un veciño aparca un furgón diante da súa casa, tapando completamente as ventás de dúas habitacións e impedindo totalmente a visibilidade. Aínda cando no lugar está permitido o aparcamento de turismos, descoñece se está permitido o estacionamento de vehículos de maiores dimensións e solicita a mediación desta Institución para alcanzar unha solución ao problema.

SITUACIÓN

Queixa formulada o 23/02/2004, solicitándose informe da Concellería de Mobilidade e Tráfico o 25/02/2004. Reitérase a petición o 22/03/2004, o 20/04/2004, o 20/05/2004, o 12/07/2004 e, de novo, o 19/08/2004.

REFLEXIÓNS

Tras requirir a petición de informe ata seis veces, nun período aproximado de seis meses, sen recibir resposta ningunha, parécenos axeitado indicar que os regulamentos de ámbito municipal forman parte do ordenamento xurídico; así, a sentenza do Tribunal Supremo, do 15 de setembro de 1995, declara que o Regulamento é norma xurídica e, por iso, susceptible de aplicación reiterada. O regulamento innova o ordenamento, é dicir, introduce unha novidade, unha situación nova nun proceso, e responde ás nocións de xeneralidade e carácter abstracto. O regulamento é revogable, pero en tanto non se revogue é de obrigado cumprimento. O regulamento colabora coa lei, pode aclarar, desenvolver e concreta-los preceptos legais, dictar normas de procedemento e regula-la organización.

Polo tanto, é unha disposición que existe para ser observada, é dicir, para ser tida en conta, para que se cumpra.

RECOMÉNDASE

O cumprimento do disposto no Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, aprobado polo Pleno do Concello o 26 de marzo de 2001.

EXPEDIENTE 22/2004

ASUNTO

Queixa en relación cunha sanción de tráfico. O interesado expón que en xullo de 2003 detivo o seu vehículo na rúa México co fin de que se apeasen do mesmo o seu fillo e un amigo, momento no que foi requirido por un axente da Policía Local para mover o coche, cousa que realizou. Meses máis tarde, recibiu notificación de sanción por estacionar en prohibida a parada, indicando ademais que o conductor estaba ausente do vehículo.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 9/03/2004. Con data 10/03/2004 comunicamos ao interesado que a tramitación do seu expediente quedará en suspenso en tanto non recaia resolución no recurso de reposición por el interposto. Con data 27/05/2004, despois de ser informados polo interesado de que o Concello non contestara ao recurso antes citado, dirixímonos á Concillería de Mobilidade e Seguridade solicitando o preceptivo informe, petición que se reitera o 28/06/2004, o 27/07/2004, o 17/08/2004, o 13/09/2004 e, de novo, o 25/10/2004.

REFLEXIÓNS

Requirida a información preceptiva ata cinco veces sen resposta, procede subliñar que no caso que nos ocupa, ademais do incumprimento do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, obsérvase que neste expediente se faga caso omiso do seguinte:

O promotor da queixa, cando recibe a notificación da sanción, formula as correspondentes alegacións en tempo e forma, e solicita expresamente a realización dun período probatorio, con identificación dunha testemuña, petición esta transcendental que non se tivo en conta no momento de dicta-la resolución pertinente, non facéndose sequer mención desta particularidade.

Doutrinal e practicamente é sabido, e así se recoñece, que o procedemento administrativo supón, ou ten que supoñer, unha garantía, unha verdadeira protección xurídica simple para os dereitos e intereses do administrado.

A finalidade do procedemento é unitaria; mediante el, o que se protexe de xeito inmediato é a orde xurídica e mediatamente o dereito do particular. Trátase dunha situación que obriga á Administración a actuar con atención ás normas de economía, celeridade e eficacia. O recurso interposto e non respondido ten como finalidade que a autoridade recorrida poida examina-lo actuado e resolto polo inferior ou por si mesmo.

Neste caso, non só non se contesta, senón que se racha co deber das partes de axudar ao decisor no acto a resolver; esta axuda ou colaboración indispensable, que non se presta, pretende esculcar a verdade, sen que ninguén poida alegar feitos falsos ou admitilos, nen sequera o silencio debe considerarse como admisión. O interesado ten dereito a solicitar do decisor a citación de terceiros; esta intervención de terceiros tería que ser favorecida, perseguindo así o fin de estende-lo asunto en cuestión a tódolos que de tal sorte participaran.

Co rexeitamento da testemuña, estase rexeitando realmente un medio probatorio, o que pode supoñer unha desviación de poder por terse exercitado unha potestade administrativa con finalidade distinta das fixadas polo ordenamento. A motivación, que non a hai, é evidente que non responde ao sentir da actividade administrativa, que ten que estar, pola súa propia esencia, orientada a promoverlo interese público.

O primeiro interese do cidadán é que as Administracións Públicas exerzan eficazmente as súas competencias, e a desestimación, entendemos que por silencio segundo a documentación obrante, sen motivación, produce un quebranto do dereito do interesado.

RECOMÉNDASE

1) O cumprimento da legalidade imposta polo Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

2) O cumprimento da obriga de responder ás peticións dos cidadáns, segundo o artigo 42 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999.

3) Mellora-la lexitimidade pola vía dos rendementos. Non esquece-los piares constitucionais da eficacia e o control (artigo 103 da Constitución Española).

EXPEDIENTE 27/2004

ASUNTO

Queixa en relación coa denegación por parte do Concello de autorización para inserir publicidade nun taxi. O interesado expón que interpuxo recurso de reposición contra a resolución do Concello, pola que se desestimou a súa solicitude para colocar publicidade nun auto-taxi.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 2/04/2004. Con data 5/04/2004 indicámoslle ao interesado que a súa queixa quedará en suspenso en tanto non recaia resolución ao recurso de reposición por el interposto, solicitándose da Concellería de Mobilidade e Tráfico con data 15/07/2004 informe da situación do expediente, dado o tempo transcorrido. Esta petición reitérase o 23/08/2004, o 28/09/2004 e, de novo, o 25/10/2004.

Recíbese o informe con data 18/11/2004, no que se indica que se desestimou a solicitude interposta polo interesado por non axustarse ao disposto no artigo 17 da Ordenanza Municipal Reguladora do Servizo de Autotaxi, que establece que a solicitude en cuestión debe realizarse polas Organizacións Representativas do Sector, e os ingresos derivados da mesma deben investirse na mellora do servizo, engadindo que, respecto ao recurso de reposición interposto polo interesado, o mesmo está en fase de contestación. O contido do mesmo se traslada ao interesado o 19/11/2004.

Con data 23/11/2004 recíbese novo informe da Concellería de Mobilidade e Seguridade, co que se achega fotocopia da resolución adoptada en relación co recurso de reposición, desestimando o mesmo por non cumprir a solicitude cos requisitos recollidos no artigo 17 da xa citada Ordenanza Reguladora do Servizo de Autotaxi, subliñando que na actualidade a citada ordenanza está sendo obxecto de revisión. Informe que se traslada ao interesado con data 24/11/2004.

REFLEXIÓNS

Estamos ante un suposto no que, tendo o interesado interposto recurso de reposición o 15/03/2004, e que tras catro requirimentos para coñecer o resultado do mesmo, con data 18/11/2004 comunicásenos dende o Departamento de Seguridade e Transportes que o *"recurso de Reposición contra a Resolución 18/02/04 dictada pola Sra. Alcaldesa, atópase en fase de contestación e do cal se lle dará traslado unha vez resolto e notificado debidamente ao interesado"*.

Con data 23/11/2004 recíbese comunicación coa que se achega copia da precitada resolución do recurso de reposición. Á vista do exposto, faise preciso indicar:

1) ¿De que prazo goza a unidade de Mobilidade e Seguridade para resolver os recursos de reposición? Á vista do que antecede, subliñar que un recurso interposto o 15/03/2004 resólvese o 19/11/2004, en total nove meses.

2) É de salientar que, por primeira vez, o Departamento de Seguridade e Transportes se atén ao disposto nos artigos 38 da Lei 30/1992 - 4/1999 e 151 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, xa que no escrito no que se comunica a resolución adoptada, figura o número de rexistro de saída e a data do documento.

A eficacia dunha acción pública, vén presidida pola axilidade na resolución dos expedientes e trámites ata a adopción das medidas tendentes a resolve-los problemas da vida cotiá. O que verdadeiramente transcende é que a Administración sexa efectivamente un instrumento da sociedade ao servizo dos intereses xerais, e non caia na frecuente tentación de erixirse nun fin en si mesmo.

As Administracións Públicas, nas súas relacións cos particulares, someten a súa actividade á disciplina do Dereito Administrativo; pero este Dereito, como contrapartida, prevé tamén os mecanismos que permiten o control da actividade pública. Deste xeito, se pretende inescusablemente a potenciación da eficacia administrativa; o que interesa é a calidade, a axilidade e a rapidez que conduzan á eficacia e, polo tanto, ao bo funcionamento. A Administración Pública só serve intereses alleos, intereses xerais.

RECOMÉNDASE

1) O cumprimento da legalidade derivada do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán (artigo 18), aprobado polo Pleno do Concello o 26 de marzo de 2001.

2) O cumprimento dos prazos que subliña o artigo 47, de forma xeral, da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999 e, en especial, dos prazos en vía de recurso de reposición, o subliñado no artigo 117 da mesma Lei.

EXPEDIENTE 31/2004

ASUNTO

Queixa en relación cunha sanción de tráfico na rúa Urzáiz. O interesado manifesta a súa desconformidade coa mesma, indicando que na denuncia recollida na

súa caixa de correos non figura a situación exacta do obxecto da denuncia. Con posterioridade, recibe unha nova notificación modificando a anterior, polo que presenta novas alegacións respecto á mesma, recibindo escrito do Departamento de Seguridade e Transportes, de data 10/05/2004, e recibido polo interesado o 16/06/2004, no que non se fai referencia ao último escrito de alegacións por el presentado, nin á nova denuncia.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 23/04/2004. Con data 26/04/2004 dirixímonos ao interesado indicando que o trámite do seu expediente queda en suspenso en tanto non recaia a resolución do recurso de reposición por el interposto. Con data 31/05/2004 recibimos novo escrito do interesado no que expón que, unha vez recibida nova notificación da sanción modificando a anterior, presentou novo recurso á mesma. Con data 6/07/2004 recibimos novo escrito do interesado achegando copia da notificación que lle remitiu o Departamento de Seguridade e Transportes do Concello de Vigo.

Con data 7/07/2004 dirixímonos á Concellería de Mobilidade e Seguridade solicitando o preceptivo informe, petición que foi reiterada o 26/07/2004 e, de novo, o 6/08/2004. Con data 24/09/2004 recibimos novo escrito do interesado, achegando copia do escrito recibido, no que se lle dá audiencia, e as alegacións presentadas polo mesmo.

Con data 27/09/2004 reiteramos novamente a petición do precitado informe á Concellería de Mobilidade e Seguridade e, de novo, o 26/10/2004.

Con data 15/12/2004 recibimos novo escrito do promotor da queixa, no que nos indica que, recibida proposta de resolución por parte do Concello, presentou con data 30/11/2004 recurso de reposición á mesma, polo que con data 16/12/2004 dirixímonos ao interesado solicitando que, unha vez reciba a resolución do recurso, nos faga chegar unha copia.

REFLEXIÓNS

En relación co expediente de referencia, segundo consta na situación exposta do mesmo, esta Institución, no seu escrito precitado de 7/07/2004, reflicte que na resposta dada ao interesado polo Departamento de Seguridade e Transportes do 10/05/2004, non se fai referencia ningunha ás alegacións por aquel formuladas con data 24/05/2004, o que é obvio; pero si chama a atención que o escrito que se expide con data 10/05/2004 sexa recibido polo interesado (con residencia en Vigo) o 16/06/2004.

No escrito en cuestión non se ten en conta a nova denuncia que lle foi cursada, e sublíñase que a decisión de rexeita-la práctica doutras probas demostra o talante do instructor do expediente, solicitándose por parte desta Institución informe en relación coa queixa presentada, sen esquecer a modificación dos datos relativos aos preceptos infrinxidos.

O requirimento anterior precisou de reiteración ata en catro ocasións, sen resposta á data de peche desta Memoria, precisando que, con data 24/09/2004, recibese escrito do interesado manifestándonos a súa indignación, indefensión e esgotamento.

Ante esta situación, dirixímonos, por última vez, á Concellería de Mobilidade e Seguridade, facendo un relatorio dos pedimentos reiterados, co ánimo de reconducir-la situación, pregándolle se instrumentalice a información requirida (26/10/2004). Todo isto como consecuencia da insistencia lexitima do interesado.

É obvio que estamos ante unha situación na que o procedemento administrativo instruído presenta unha actitude impropia, cal é a dun rexeitamento dos medios de proba, tal como se presentan nos escritos de alegacións, o último rexistrado oficialmente o 20/09/2004 co número 40095847; esto implica que a canle formal legalmente esixida para a válida adopción da resolución administrativa, que afecta aos intereses lexitimos do interesado, non é tida en consideración. O órgano competente decidirá sobre tódalas cuestións suscitadas, incluso aínda no suposto de que non fosen presentadas polo interesado, de aí que se poida considerar que o obxecto do procedemento non se corresponde de forma congruente cos fins previstos no ordenamento xurídico.

O exercicio da potestade non se axusta á finalidade do ordenamento, do que se induce unha situación de desviación de poder.

Ao cidadán, o que lle interesa é que a Administración Pública, no exercicio das súas competencias atribuídas legalmente, o faga de xeito áxil e eficaz e, en última instancia, interésalle o recurso que ten que estar previsto. A eficacia vai desde a axilidade na resolución dos expedientes, ata a adopción das medidas que resolvan os problemas de acordo coa finalidade de todo procedemento, é dicir, a conservación da orde xurídica e a protección do dereito do particular de xeito unitario.

RECOMÉNDASE

1) O cumprimento da legalidade do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

2) O cumprimento do exercicio formal dos elementos constitutivos do procedemento administrativo.

EXPEDIENTE 33/2004

ASUNTO

O interesado manifesta o seu desacordo coa forma en que se desenvolveron as festas de San Roque no ano 2003, xa que, trala remodelación da finca do recinto de San Roque, as atraccións de gran volume pasaron a instalarse na rúa pública, a rentes das vivendas, polo que as molestias que se ocasionaban inevitablemente nas festas se converteron en insoportables para a veciñanza. Engade que teñen presentado escritos de queixa no Concello coa sinatura dos veciños, sen recibir resposta ningunha.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 3/05/2004, solicitándose informe ao respecto á Concellería de Asuntos Sociais-Festas con data 3/05/2004, petición que se traslada o 7/06/2004 á Concellería de Mobilidade e Seguridade por ser da súa competencia, e se reitera o 20/07/2004, o 24/08/2004, o 29/09/2004 e, de novo, o 26/10/2004.

Recíbese o informe o 18/11/2004, no que se indica que co obxecto de evitar molestias aos veciños da zona, establecéronse unha serie de limitacións para a celebración das festas, segundo o acordo adoptado pola Xunta de Goberno o 9/08/2004, facendo ademais unha relación das citadas limitacións. Informe que se traslada ao interesado o 19/11/2004.

REFLEXIÓNS

Iniciado o expediente ante a Concellería de Asuntos Sociais con data 3/05/2004, trasládase, con data 7/06/2004, a Mobilidade e Seguridade por ser da súa competencia, segundo se nos comunica dende Asuntos Sociais.

Tras cinco requirimentos, con data 18/11/2004 dende Seguridade (cinco meses despois), infórmasenos do Acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de 9/08/2004, é dicir, infórmase dun acordo adoptado 4 días antes da festividade, e que se fai chegar a esta Institución tres meses despois de celebradas as festas; informe no que se indica "*o que se pon no seu coñecemento aos efectos oportunos*". Sabido é que oportuno é todo o que é adecuado ou apropiado para un certo momento, situación ou tempo.

A calidade da labor informativa non trastorna o feito de pasar o tempo puntual da festividade.

RECOMÉNDASE

- 1) O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.
- 2) A atención ao principio de oportunidade.

EXPEDIENTE 38/2004

ASUNTO

O interesado presenta queixa en relación co que considera unha actitude abusiva e arbitraria dun axente da Policía Local, manifestando que con posterioridade aos incidentes nos que o axente se extralimitou nas súas funcións, este denunciou ao interesado por "falta de consideración a un agente de la autoridad", resultando absolto, segundo sentenza do xulgado de instrucción nº 5 de Vigo.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 20/05/2004. O 25/05/2004 solicítase informe da Concellería de Mobilidade e Seguridade, petición que se reitera o 28/06/2004, o 27/07/2004, o 26/08/2004, o 29/09/2004 e, de novo, o 27/10/2004. Recíbese o mesmo o 18/11/2004, no que se indica que os feitos son constitutivos de infracción grave e que o recurso de reposición interposto polo interesado foi desestimado. Informe que se traslada ao interesado o 19/11/2004.

REFLEXIÓNS

Estamos ante un suposto que, iniciado o 25/05/2004, e reiterado ata cinco veces, foi respondido o 18/11/2004, case seis meses despois.

No caso que nos ocupa, preséntase no seu desenvolvemento unha sentenza do Xulgado de Instrucción nº 5 de Vigo, na que se absolve ao interesado, denunciado por un axente da Policía Local, da falta de consideración debida ao axente da autoridade, xa que tal actitude non foi probada.

Previamente, polo Departamento competente da Concellería de Mobilidade e Seguridade, rexéitase a práctica das probas solicitadas, xa que, ao seu xuízo, basta coa ratificación da denuncia do axente local.

Posteriormente, con data 3/12/2003, ultimada a instrucción do procedemento, dáselle audiencia ao interesado para que formule alegacións, o que fai o 26/12/2003, recalcando que en ningún momento se procedeu ao apagado do motor e non se apeou do vehículo ningún ocupante; o motivo da parada era para permitir a baixada dun ocupante que vive no inmobile de en fronte.

Máis adiante, o 12/02/2004, formúlase a proposta de resolución, na que se indica que da práctica dos medios de proba se consideran os feitos probados, o que desvirtúa as manifestacións vertidas polo recorrente. Interponse recurso de reposición o 31/03/2004, e o 6/04/2004 recae resolución na que se declara o desestímulo do mesmo.

Rexéitanse medios probatorios por non pertinentes; esta actitude parece ser a habitual neste tipo de procedementos, non se analizan, pola contra, as actitudes non propias dun axente da autoridade.

O cidadán ten dereito a ser tratado con respecto e deferencia polas autoridades e funcionarios, que terán que facilitarlle o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas. Este dereito pode reflectir responsabilidades disciplinarias.

O órgano competente para dicta-la resolución que procede deberá ter en conta as alegacións e demais documentos ou probas que se presentan na instrucción do expediente.

As cuestións presentadas polo interesado non definen por si mesmas exclusivamente o obxecto do procedemento, constitúen o contido mínimo do mesmo, por canto ao resolverse polo órgano competente, este poderá decidir sobre tódalas cuestións suscitadas, fosen ou non presentadas ou alegadas por aquel, favorecendo sempre a intervención de terceiros presentes no momento.

RECOMENDACIÓNS

1) O Cumprimento da legalidade que deriva do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán (artigo 18).

2) O respecto estrito das normas do procedemento administrativo.

EXPEDIENTE 39/2004

ASUNTO

Queixa en relación cunha sanción de tráfico. O interesado expón que con data 18/05/2004 se atopaba o seu vehículo na Avda. de Madrid, onde non existen sinais que establezan prohibición ningunha e sen obstaculizar o tráfico, sendo sancionado por un axente da Policía Local, feito que estima discriminatorio, xa que só sancionou aos outros vehículos estacionados no mesmo lugar ante a insistencia do interesado, engadindo que a actitude do axente non foi correcta nin educada.

SITUACIÓN

Queixa recibida o 21/05/2004, da que se solicita o preceptivo informe á Concellería de Mobilidade e Seguridade o 24/05/2004. A petición reitérase o 28/06/2004, o 27/07/2004 e, de novo, o 26/08/2004. Con data 10/09/2004 recibese novo escrito do interesado, no que se reitera nos feitos expostos e solicita se estudien os escritos por el presentados.

Con data 13/09/2004 dirixímonos ao interesado facendo unha relación das actuacións levadas a cabo por parte desta Institución.

Con data 25/10/2004 solicítase novamente informe á Concellería de Mobilidade e Tráfico.

REFLEXIÓNS

Este expediente, iniciado o 24/05/2004, foi requirido ante a falta de correspondencia o 28/06/2004, 27/07/2004 e 26/08/2004.

Con data 10/09/2004 recibese escrito do interesado, solicitando información con respecto ao estado do seu expediente, toda vez que non ten recibido información do procedemento que emprega o axente municipal para promove-la sanción de xeito tan irregular. Achega copias dos escritos dirixidos ao Sr. Xefe da Policía Local (18/05/2004) e á Sra. Xefa do Departamento de Seguridade e Transportes (13/08/2004), nos que expón as súas alegacións en defensa do dereito que lle asiste.

Á vista do anterior, esta Institución informa ao interesado, con data 13/09/2004, das xestións que se teñen feito ante a Concellería competente, segundo consta anteriormente. Deixando un tempo prudencial, á espera de que os precitados requirimentos fosen atendidos, e ao non selo, con data 25/10/2004

íntase á Concellería, expoñendo tódolos antecedentes, a que se instrumentalice a información requirida, con esta, ata cinco veces.

A insatisfacción do cidadán é patente, a falta de eficacia volve a repercutir neste, xa que o seu primeiro interese vese rexeitado. A falta de axilidade na resolución do expediente provoca un abandono na adopción das medidas que teñen que propiciar a solución dun problema da vida cotiá.

O que realmente transcende é que a Administración Pública sexa efectivamente un instrumento da sociedade ao servizo dos intereses xerais, e non caia na constante tentación de erixirse nun fin en si mesma.

O procedemento ten que manter o seu fin unitario, protexer de xeito inmediato a orde xurídica e de xeito mediato o dereito do particular.

RECOMÉNDASE

1) O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán (artigo 18).

2) O estricto cumprimento da Lei 30/1992 - 4/1999, en especial, neste caso, os dereitos recoñecidos nos artigos 35 e 42.

EXPEDIENTE 41/2004

ASUNTO

O interesado formulou reclamación alegando que solicitou en diversas ocasións unha tarxeta personalizada de acceso ao Casco Vello, sen recibir resposta ningunha ao respecto. Engade que, como el non conduce, vese obrigada a acceder á súa vivenda, sita na Praza da Pedra, utilizando os servizos dun taxi, situación que se repite cada vez que a visitan os seus pais, agravándose o custo do taxi en numerosas ocasións en que se producen demoras de ata 20 minutos para conseguir paso.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 26/05/2004. Solicitase informe á Concellería de Mobilidade e Seguridade o 28/05/2004, petición que se reitera o 30/06/2004, o 19/08/2004, o 20/09/2004, o 25/10/2004 e, de novo, o 18/11/2004.

REFLEXIÓNS

No pedimento da información preceptiva, de data 28/05/2004, á vista da particularidade do caso, expoñiamos que, pola nosa parte, e con tódolos respectos e consideracións á normativa vixente, fáisenos preciso facer algunha reflexión:

Tense que desterrar a idea de que os Concellos son só unha unidade burocrática, tense que proxectar a faceta política e a súa organización pública. Hoxe por hoxe a entidade local é máis permeable ao contorno que as outras Administracións Públicas.

As estruturas municipais presentan dúas vertentes: a política e a administrativa, que teñen puntos de vista distintos sobre a institución, dúas culturas antagónicas: política e funcionarial. O técnico pode propiciar decisións políticas, incluso definindo obxectivos, pero nun caso concreto como o que nos ocupa tense que reflexionar sobre un principio, moitas veces esquecido, que non é outro que a equidade.

O concepto de equidade resulta, certamente, equívoco; xa numerosos textos legais históricos sinalábana como fonte complementaria ou subsidiaria da norma (Foro das Aragón, Foro das Costumes de Valencia), que ligan á equidade coa razón natural e coa función do xuíz.

As leis, aínda sendo xustas, fallan en certos casos nos que a súa estricta observancia iría contra o Dereito natural. Non hai entón que xulgar segundo a literalidade desa norma, senón consonte á equidade, que non é outra cousa que a xustiza do caso concreto. Non se trata dunha violación da xustiza, non é suavidade senón xusteza, non ten que ver co indulto, é simplemente un personaxe conciliador.

Non se trata de pedirlle á autoridade o que excede das súas posibilidades. A autoridade ten o deber de asegura-las condicións xerais de felicidade que constitúen as bases mínimas para acadar unha vida social satisfactoria.

O propio Código Civil, no seu artigo 3, fai referencia á equidade ao reflectir que as normas se interpretarán segundo o senso propio das súas palabras, en relación co contexto, cos antecedentes históricos e legislativos e coa realidade social do tempo en que se van aplicar, atendendo fundamentalmente ao seu espírito e finalidade.

Independentemente do anterior, neste suposto, o interesado non ve unha acción eficaz con respecto á axilidade na resolución das súas peticións; xa fixera tres solicitudes antes de dirixirse a esta Institución. Ao cidadán, o que realmente

Ile interesa, é o bo funcionamento da Administración, en termos de calidade, axilidade e rapidez, o que supón tamén un maior acercamento na procura da credibilidade.

RECOMÉNDASE

1) O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

2) O cumprimento da legalidade que dimana da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, en especial dos seus artigos 35, onde se detallan os dereitos dos cidadáns, e do 42, onde se detalla a obriga de resolver.

3) O respecto á motivación da lei subliñada, onde, entre outros principios, indícase o da confianza lexítima dos cidadáns en que a actuación pública non pode ser alterada arbitrariamente.

EXPEDIENTE 48/2004

ASUNTO

O interesado presenta queixa en relación cunha sanción de tráfico, indicando que en novembro de 2003 recibiu notificación dunha sanción supostamente cometida no mes de outubro do mesmo ano na rúa Urzáiz. Engade que presentou reclamación no Concello ao respecto por descoñecemento dos feitos denunciados, solicitando se lle indicase a que altura da citada rúa se cometeu a infracción, non recibindo resposta á mesma.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 7/06/2004, solicitándose informe o 7/06/2004 á Concellería de Mobilidade e Seguridade. Con data 25/06/2004 o interesado infórmanos que acudiu novamente ao Concello, onde lle informaron que lle retirarían a sanción, información que espera recibir por escrito. Con data 8/07/2004 solicitamos novamente que se nos remita informe por parte da Concellería de Mobilidade e Seguridade, petición que se reitera o 17/08/2004, o 8/09/2004, o 6/10/2004 e, de novo, o 9/11/2004. Con data 9/12/2004 o interesado manifesta que non recibiu a confirmación por escrito da retirada da sanción, aínda que si foi informado verbalmente, unha vez máis, da anulación da mesma.

REFLEXIÓNS

As actuacións do Concello con respecto ao cidadán interesado rematan oficialmente o 24/04/2004, data na que se asina a proposta de resolución dun expediente sancionador iniciado o 18/10/2003 e na que se propón a sanción por infracción considerada grave, e reflectíndose "*respectando os dereitos do presunto responsable*".

Para coñecer a información da queixa presentada, tívose que requirir á Concellería competente ata seis veces, a última o 9/11/2004, sen recibir resposta ningunha.

Con data 25/06/2004, o interesado comunica a esta Institución que no departamento responsable da tramitación do expediente se decidira retirarlle a sanción, estando á espera de recibir a citada información por escrito, así como a explicación correspondente, extremo este do que non temos confirmación.

Hai que ter en conta que na denuncia do axente municipal as circunstancias do lugar da infracción non son descritas axeitadamente: indícase rúa Urzáiz, pero non se fai referencia a que altura e en que dirección.

O interesado interpón recurso de reposición o 18/06/2004, do que non recibiu resposta. Cando menos, estamos ante un incumprimento das obrigas reflectidas no artigo 41 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, ao non se resolver o despacho de asuntos ao seu cargo ou non adoptar as medidas oportunas para removelos, que impiden, dificultan ou atrasan o exercicio do dereito ou o respecto de intereses lexítimos.

¿Como se oficializa unha proposta de sanción por infracción grave? ¿Infórmase verbalmente da retirada da sanción e non se comunica oficialmente?

¿Como o 24/04/2004 se expide proposta de resolución condenatoria e, trala presentación do recurso o 25/06/2004, aínda non consta resolución do recurso de reposición?

Reitérase unha actuación novamente desprovista dos seus elementos presupostos, como son a axilidade na resolución de expedientes e, polo tanto, exenta da eficacia requirida. Ao cidadán o que máis lle interesa é o bo funcionamento en termos de calidade, axilidade e rapidez, o que supón un maior acercamento na procura da credibilidade.

Neste senso, a Lei xa citada pola que se regula o procedemento administrativo común, tamén fai referencia ao termo de celeridade nos seus artigos 74 e 75, certamente esquecidos.

A actuación da Administración Pública transcende da súa estricta formulación constitucional, reflectida no artigo 35 da Lei procedimental, onde se determinan os dereitos dos cidadáns, que terán que ser notificados puntualmente das actuacións que con respecto a eles se tivesen realizado.

RECOMÉNDASE

1) O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

2) O cumprimento da legalidade que dimana da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, en especial dos artigos 35, 42, 74 e 75.

EXPEDIENTE 54/2004

ASUNTO

O interesado presenta queixa por mor dunha sanción de tráfico cualificada como grave. Expón que, por unha banda, estacionar en lugar sinalizado para carga e descarga, segundo o RD 13/1992, non está considerado como unha infracción grave; e, por outra, a sinalización atopábase tapada por outra sinal da ORA, segundo a posición do seu vehículo.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 13/07/2004. Con data 14/07/2004 solicítase informe á Concellería de Mobilidade e Seguridade, petición que foi reiterada o 25/08/2004, o 23/09/2004, o 25/10/2004 e, de novo, o 18/11/2004.

REFLEXIÓNS

Subliñar que o informe preceptivo foi requirido ata cinco veces, sen resposta ningunha.

Destácase que, nun procedemento sancionador iniciado o 17/11/2003, recaía unha proposta de resolución o 19/05/2004. Na mesma indícase que, segundo o artigo 91 do RD 13/1992, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación,

a cualificación da infracción é correcta (infracción grave). O referido artigo refírese ao modo e forma de executa-las paradas e estacionamentos.

O interesado, pola súa parte, manifesta o seu desacordo coa cualificación da infracción, que, segundo o xa citado Regulamento Xeral de Circulación, non debe ser considerada como grave. Ante esta desconformidade, compareceu no negociado correspondente, onde un funcionario mostroulle a normativa, artigo 94 do precitado regulamento, no que se contempla que o estacionamento en zonas sinaladas para carga e descarga non terá a consideración de grave e que, polo tanto, debería presentar un recurso, trámite que fixo en data 5/05/2004, o cal non se tivo en conta, segundo a proposta de resolución do 19/05/2004 recibida polo interesado o 12/07/2004. Descoñécese se houbo actuacións posteriores.

Se o procedemento administrativo é unha canle formal legalmente esixida para a válida adopción de resolucións administrativas que poidan afectar á esfera dos dereitos ou intereses lexítimos dos administrados e, sendo, ademais, a súa finalidade de carácter unitario polo que se protexe de xeito inmediato, a orde xurídica, e de xeito mediato, o dereito do particular, as cuestións presentadas polo interesado nas súas instancias constitúen o contido mínimo do mesmo, por canto, ao resolverse polo órgano competente, este tería que decidir sobre tódalas cuestións suscitadas, fosen ou non alegadas polo interesado.

RECOMÉNDASE

1) O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

2) O cumprimento da legalidade que deriva da normativa vixente en materia de aparcamentos.

EXPEDIENTE 55/2004

ASUNTO

Queixa por mor dunha sanción de tráfico na Avda. Castelao. O interesado indicanos que, unha vez recibida a notificación da sanción, presentou alegacións manifestando a súa desconformidade, xa que, por unha banda, confunden os datos do denunciado e, por outra, confunden a situación do vehículo, sendo o motivo da non notificación da denuncia "vehículo infractor en rota" e o feito denunciado "estaciona-lo vehículo en dobre fila sen conductor".

Nunha segunda notificación de denuncia, examinadas as alegacións do interesado, modifícanse os datos do titular por terse producido un erro na gravación informática. Nembargantes, o interesado segue sen recibir resposta en relación coa confusión da situación do vehículo, considerando que se produciu un defecto de forma e solicitando a anulación da mesma.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 28/07/2004. Solicitase informe á Concellería de Mobilidade e Seguridade o 29/07/2004, petición que é reiterada o 8/09/2004, o 6/10/2004, o 10/11/2004 e, de novo, o 15/12/2004.

REFLEXIÓNS

Ante unha primeira notificación, con data 16/01/2004, o interesado alega en apoio da súa desconformidade un erro nos datos do denunciado e, ademais, un erro substancial no motivo da infracción cando se di "*estaciona-lo vehículo en dobre fila sen conductor*", cando a realidade é "*vehículo infractor en rota*".

Posteriormente, con data 28/05/2004 recibe comunicación na que se indica que por "*error en la grabación informática de la denuncia practicada por el agente*" anúlase a primeira notificación e practícase unha nova.

Débase subliñar que as denuncias dos axentes notificaranse no acto, e nos supostos de "*sen parar aos denunciados*" non serán válidas, a menos que consten nas mesmas as causas concretas e específicas polas que non foi posible dete-lo vehículo; entre estas causas, enténdense a grande intensidade de circulación, ou outros motivos debidos a factores meteorolóxicos adversos, obras ou outros que poidan derivar en riscos concretos, así como cando se fixese un uso de medios de captación e reprodución de imaxes que permitan a identificación do vehículo.

A denuncia practícase case seis meses despois da infracción; non é de recibo a alusión "*error informático*". Resulta evidente que o interesado foi notificado de xeito incongruente, segundo consta na notificación ao respecto, ao comunicárse-lle o motivo da non notificación, totalmente contradictorio co feito denunciado, así como co artigo infrinxido, o que racha co principio de igualdade e co propio ordenamento xurídico, xa que cando os datos básicos da denuncia, ou ben se ocultan ou ben non son verdadeiros, o expediente debe ser desestimado por nulidade.

Unha Administración Pública é eficiente, congruente e sa cando os seus servidores promoven e xestionan servizos e desenvolven liñas de cooperación con e entre os cidadáns.

A Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, introduce dous principios de actuación dos entes públicos: por unha parte, o principio de boa fe e, por outra, tamén recollido pola xurisprudencia, o da confianza lexítima dos cidadáns en que a actuación das Administracións Públicas non se pode alterar arbitrariamente.

RECOMÉNDASE

1) O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

2) O cumprimento da legalidade, segundo o Real Decreto 320/1994, e as súas modificacións dos anos 1998, 2000 e 2003.

3) O cumprimento do preceptuado na Lei 30/1992 modificada pola Lei 4/1999, en especial no referido nos artigos 35, 105 e 135.

EXPEDIENTE 66/2004

ASUNTO

Queixa en relación coa situación de indefensión na que, segundo o interesado, se atopa por mor dunha sanción de tráfico. Indica que recibiu no seu domicilio, tres meses despois dunha suposta infracción, unha denuncia por "estacionar no medio da calzada obstaculizando gravemente a circulación", na que se di que "o conductor estaba ausente". Engade que presentou escrito de alegacións ao respecto, as cales foron desestimadas, e que, posteriormente, presentou novo escrito, do que non ten recibido resposta.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 8/09/2004. Con data 13/09/2004 solicítase informe á Concellería de Mobilidade e Seguridade, petición que foi reiterada o 25/10/2004, o 15/11/2004 e, posteriormente, o 15/12/2004.

REFLEXIÓNS

Neste caso, trátase dunha sanción por unha suposta infracción que se comunica tres meses despois do feito que se cuestiona, e se subliña como lugar da mesma unha rúa, a rúa Areal, e sen número, fixando como data o 25/09/2003 e como data da notificación o 22/01/2004.

Ante tal situación, é necesario reflectir que a rúa Areal está practicamente urbanizada na súa totalidade, polo que o lóxico sería indica-lo número máis próximo, facendo unha aclaración da situación.

Os feitos cualifícanse de estacionamento, cando en realidade foi unha parada que non superou os dous minutos. Non se facilitou ao interesado copia dos documentos que serven de apoio ao expediente (artigo 79 da Lei de Tráfico e Circulación, e artigo 35 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común).

Na notificación da denuncia non figura o cargo, nome, apelidos e demais datos do instructor do expediente, producíndose unha infracción do procedemento que supón unha diminución efectiva, real e transcendente de garantías (artigo 63.2 da Lei 30/1992). Non se explicita o lugar da rúa onde se produce a infracción, o que pode propiciar un presuposto nulo do acto en si mesmo.

Asemade, o promotor da queixa presenta posteriormente un escrito, o 4/02/2004, a modo de novas alegacións, antes da notificación efectuada o 30/03/2004, na que non se fai referencia ao mesmo. No mesmo, o interesado expón fundamentos como:

- Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Catalunya (13/10/1993), na que se reafirma que os datos da denuncia son fundamentais para poder formular alegacións. Nula defensa pode opoñer quen ignora o lugar onde supostamente comeceu a infracción, sendo insuficiente designar como lugar a rúa X, sen especificación de número ou indicando o número 0. A Administración non pode dar lugar a ningún tipo de indefensión durante o procedemento sancionador.

- O rexeitamento das probas alegadas como descargo, segundo o disposto no artigo 80 da Lei 30/1992.

- O rexeitamento das probas ten que ser motivado. A imposición da sanción, se non se practicaron as probas solicitadas, non pode materializarse.

RECOMÉNDASE

- 1) O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán (artigo 18).

- 2) O cumprimento estrito dos requisitos esixidos en vía de procedemento en relación cos datos indispensables que deben figurar na denuncia dos supostos como o que nos ocupa, así como na admisión e práctica das probas alegadas e a

motivación explícita no suposto de rexeitamento (Lei de Seguridade Vial e Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común).

EXPEDIENTE 68/2004

ASUNTO

O interesado indícanos que un día, ao chegar á súa casa, na Baixada á Salgueira, atopou un paso de peóns e un sinal de reserva de parada para autobús dun colexio sobre unha entrada da súa propiedade, da que se serven sete propietarios máis. Segundo o mesmo, o paso de peóns, nun principio, estaba situado a uns tres metros do actual e o traslado do mesmo realizouse para beneficiar ao colexio alí situado.

Por todo isto, dirixiuse ás dependencias municipais en varias ocasións manifestando a súa queixa, desprazándose un inspector, que recoñeceu o erro, indicando que se procedería á súa rápida solución. Pasados uns meses, asfaltouse a rúa, polo que o interesado compareceu novamente nas dependencias municipais para que se situasen correctamente o paso de peóns e a reserva de parada. Nembargantes, ao mes seguinte, o interesado atopou de novo o paso de peóns sobre a entrada á súa vivenda, dirixíndose en distintas ocasións ao Concello sen conseguir unha solución ao problema exposto.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 10/09/2004. Con data 13/09/2004 solicítase informe á Concellería de Mobilidade e Seguridade, recibíndose por parte da mesma con data 28/09/2004, no que se indica que con data 30/06/2004 se procedeu ao repintado da marca vial e que fora borrada polas obras de reposición da capa de rodadura na rúa. Informe que se traslada ao interesado o 29/09/2004.

Con data 6/10/2004 o promotor da queixa reitérase nos feitos por el expostos, e subliña que o paso de peóns actual se atopa en propiedade privada, ademais de ser perigoso, xa que se atopa nunha saída de vehículos na que non existe a visibilidade necesaria, tal como están aparcados os autobuses do colexio. Con data 25/10/2004 diriximos escrito á Concellería de Mobilidade e Seguridade trasladando as novas alegacións do interesado, tendo que reiterar o mesmo o 16/11/2004 e, de novo, o 15/12/2004, sen resposta.

REFLEXIÓNS

Obsérvase no desenvolvemento deste expediente unha clara contradicción:

Trala visita da inspección pertinente, que recoñece un erro na sinalización dun paso de peóns, pasado un tempo asfaltase a rúa e solicitase que a situación do paso de peóns e reserva de parada se faga correctamente. Despois de un mes, o interesado atopa de novo o paso de peóns sobre a entrada da súa vivenda.

Actualmente, o paso de peóns se atopa en propiedade privada, con perigo, ademais, por estar situado nunha saída de vehículos sen a visibilidade necesaria por estar xunto a unha parada de autobuses dun colexio.

Estamos a tres meses do inicio dun expediente que segue sen solución, a pesar da posibilidade de producir danos irreparables nas persoas. Non é congruente que, para permitir a comodidade dun colexio, se poña en dificultades e en situación de perigo aos cidadáns de sete vivendas.

É obvio que a lexitimidade por rendemento non se acada, os resultados non son os adecuados, xa que non se fai efectiva a capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas do contorno.

RECOMÉNDASE

- 1) O cumprimento dos dereitos que teñen os cidadáns a obter información puntual en relación coas peticións que teñen formulado (artigo 35 da Lei 30/1992 - 4/1999).
- 2) A atención ás consultas que de forma personalizada teñan realizado (Real Decreto 208/1996).

EXPEDIENTE 72/2004

ASUNTO

Queixa en relación coa falta de aparcamento na rúa Tomás A. Alonso. O interesado manifesta que na rúa Barcena existe un campo de fútbol en estado de total abandono, e considera que no mesmo se podería autorizar o aparcamento, o que suporía un alivio para tódolos traballadores da zona.

SITUACIÓN

Queixa recibida o 23/09/2004. Solicítase informe á Concellería de Mobilidade e Seguridade con data 27/09/2004, petición que foi reiterada o 27/10/2004, o 29/11/2004 e, de novo, o 28/12/2004.

REFLEXIÓNS

Estamos ante unha solicitude individual que afecta, pola súa situación, a un continxente considerable de cidadáns que se ven afectados, por mor das dificultades de aparcamento, nas súas relacións laborais.

Tras tres meses de silencio por parte da entidade local, fainos reflexionar que non se acada unha acción pública dilixente e eficaz.

A lexitimidade por rendemento está ligada á capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas do contorno, é dicir, á mellora da situación material dos actores que demandan unha acción pública que proporcione unha mellora nas condicións de traballo pola vía da adopción dunhas medidas en prol da mobilidade.

O escepticismo dos afectados non se detén, ao estar en contacto cunha realidade que só lles ofrece dificultades, unha realidade que só lles ofrece un trato desigual.

RECOMÉNDASE

1) O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

2) A atención puntual a temas como o que nos ocupa, que non é outro que tratar de proporcionar un medio para o asentamento de traballadores que facilite a súa mobilidade en relación co seu lugar de traballo.

EXPEDIENTE 76/2004

ASUNTO

Queixa en relación cunha sanción de tráfico. O promotor da queixa expón que con data 1/10/2004 foi multado, previo enganche do seu vehículo, na rúa Lepanto, facendo efectiva a taxa pola inmovilización. O motivo da sanción foi estar aparcado en zona reservada para discapacitados, manifestado o interesado que non existe sinal que indique tal prohibición e que, ademais, a rúa en cuestión estaba

ocupada por varios vehículos en dobre fila, sen que ningún deles fose sancionado, enganchando o seu vehículo por serlle fácil a operación.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 1/10/2004. Solicitase informe á Concellería de Mobilidade e Seguridade con data 4/10/2004, petición que foi reiterada o 4/11/2004 e, de novo, o 9/12/2004.

REFLEXIÓNS

Ao igual que noutros supostos xa revisados, neste atopámonos cunha clara deficiencia na referencia aos datos que se subliñan na denuncia. No número subliñado no boletín da denuncia, nº 2 da rúa Lepanto, non existe ningunha prohibición de reserva de minusválidos.

Por outro lado, dáse unha situación discriminatoria, toda vez que aos demais vehículos aparcados xuntamente co do interesado, a ningún se lle procedeu a sancionar, vehículos en zona de obras e con aparcamento en dobre fila.

O erro é atribuíble á Administración Pública, xa que o dato referido non é correcto, así como a pasividade mostrada con outros vehículos infractores, de aí que o expediente debería ser declarado nulo.

RECOMÉNDASE

- 1) O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.
- 2) O cumprimento estrito da normativa reguladora dos temas de Seguridade Vial.

EXPEDIENTE 77/2004

ASUNTO

O interesado presenta a súa queixa en relación coa solicitude, presentada en distintas ocasións no Concello, de sinalización expresa, tanto vertical como horizontal, que prohiba o aparcamento no Camiño do Castañal.

Manifesta que como consecuencia do estacionamento de vehículos no citado camiño, de aproximadamente 4 metros, a circulación normal no mesmo vese dificultada e, nalgúns casos, imposibilitada, como sucede con ambulancias e camións

de reparto de gas. Achega ademais informe do servizo de urxencias sanitarias (061) no que se fai constar as dificultades de acceso ao citado camiño, subliñando ata tres ocasións nas que non se puido acceder ao domicilio do interesado debido ao estacionamento duns vehículos nunha curva do camiño.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 7/10/2004, solicitándose o preceptivo informe á Concellería de Mobilidade e Seguridade o 25/10/2004 e reiterándose o 15/12/2004, sen resposta.

REFLEXIÓNS

O interesado ten presentado, dende o 9/09/2003, e posteriormente en maio, xuño e setembro de 2004, escritos solicitando actuacións en relación coas dificultades de aparcamento na zona do seu domicilio (San Xoán do Monte), que impide a prestación de servizos mínimos como urxencias médicas, reparto de butano, gasóleo, etc., instando a sinalización vertical e horizontal correspondente, sen recibir resposta ningunha ao respecto.

Atopámonos ante unha debilidade da organización da atención cidadán no ámbito rural, variable substantiva pero escasamente considerada polos gobernos locais. Ademais, situacións como esta reflicten unha reducida cualificación profesional nas distintas áreas de xestión. Todo isto implica unha política xestora triste e decepcionante, impropia do século XXI, que non reflicte unha actitude eficiente, xa que os seus servizos non se promoven en liñas de cooperación con e entre os cidadáns.

Con desatencións como esta, o cidadán do rural especialmente, vese condenado a un perpetuo abaneo entre a felicidade e o infortunio, permanecendo sempre, pese a tódolos esforzos, a distancias inconmensurables do obxectivo soñado.

A lexitimidade por rendemento está inexorablemente vencellada á capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas do contorno; non é máis que a mellora da situación material dos actores que demandan a acción pública.

É preciso acudir ás motivacións da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, onde de forma clara se proclama que a eficacia nas Administracións Públicas resulta un principio activo non só desexable, senón indispensable no seu funcionamento en termos de calidade, axilidade e rapidez; só así se logra o achegamento na procura da credibilidade.

RECOMÉNDASE

1) O cumprimento da legalidade que dimana do regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

2) O cumprimento dos imperativos da Lei 30/1992 - 4/1999, en canto á confianza lexítima dos cidadáns en relación a que a actuación pública non se pode alterar arbitrariamente; así como o respecto dos seus dereitos contemplados no artigo 35 do referido texto legal.

EXPEDIENTE 81/2004

ASUNTO

Queixa en relación cunha sanción de tráfico. O interesado expón que, tendo o seu vehículo correctamente aparcado á altura do número 74 da rúa Romil, onde non existe sinal de prohibición de aparcamento nin de vado, foille retirado polo guindastre municipal e sancionado cunha multa por estacionar nunha entrada de carruaxes. O interesado indícanos que presentou ata tres escritos no Concello solicitando que se lle indique cal é a infracción cometida, a anulación da sanción e a devolución do pagamento efectuado pola retirada, depósito e custodia do vehículo. Achega fotografías do lugar do estacionamento, podéndose comprobar que non existe sinal de prohibición de aparcamento.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 14/10/2004, solicitándose informe á Concellería de Mobilidade e Seguridade o 25/10/2004, petición reiterada o 8/11/2004 e, de novo, o 9/12/2004.

REFLEXIÓNS

Sanción de tráfico, sen existencia de sinal que impida o aparcamento, achegándose fotografías como medio probatorio; retíraselle o vehículo e, para recuperalo, ten que aboar a taxa correspondente. Solicita a anulación e a devolución do pagamento en tres ocasións sen obter resposta ningunha, facendo a primeira solicitude o 17/06/2004.

Non consta instrucción de procedemento ningún, dado o tempo transcorrido. Dáse, ademais, a circunstancia de que os feitos obxecto da denuncia non son verdadeiros, existindo polo tanto un erro atribuíble á propia Administración que só se

pode arranxar declarando nulo todo o actuado, procedendo á devolución das taxas ao interesado e, cando menos, a declaración de desculpas.

Este erro provoca unha desviación de poder, que tería que ter sido arranxado xa no momento en que o cidadán presentou as probas contradictorias.

RECOMÉNDASE

1) O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

2) O cumprimento do impulso e celeridade en canto á reposición da legalidade, segundo a Lei 30/1992 - 4/1999.

EXPEDIENTE 91/2004

ASUNTO

Queixa en relación cunha sanción de tráfico por estacionar en dobre fila. O interesado manifesta que efectivamente aparcou o seu vehículo en dobre fila na Praza de Compostela, pero subliña que o fixo sen estorbar o tráfico, por un tempo inferior a 5 minutos e debido á necesidade de acudir a un servizo, xa que é diabético, motivo polo que presentou o 20/11/2004 recurso de reposición ao respecto.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 26/11/2004. Con data 29/11/2004 dirixímonos ao interesado indicándolle que, segundo o disposto no artigo 17.2 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, a queixa queda en suspenso en tanto non recaía resolución ao recurso de reposición por el interposto.

EXPEDIENTE 94/2004

ASUNTO

O interesado indicanos que con data 14/10/2004 presentou escrito no Concello solicitando que a liña circular centro 1, do servizo de transportes público, se poña en funcionamento os domingos, aínda que se reduza a súa frecuencia en relación ás xornadas laborais, indicando que esta medida beneficiaría especialmente aos cidadáns que se desprazan e regresan ao Morrazo. Non recibindo resposta ningunha ao respecto, solicita a intervención desta oficina.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 2/12/2004, solicitándose o preceptivo informe á Concelleira de Mobilidade e Seguridade o 3/12/2004.

REFLEXIÓNS

O uso excesivo do transporte privado na cidade leva consigo unha serie de efectos que producen unha palmaria diminución da calidade de vida dos cidadáns, tales como: contaminación acústica, vibratoria e atmosférica, ocupación do espazo público, incremento do consumo enerxético, impacto visual, etc.

Actualmente, a mobilidade resulta un elemento clave na estrutura organizativa dos núcleos urbanos, de modo que a elección ou posibilidade de elección de medios de transporte debe considerarse como fundamental no tema que nos ocupa, sobre todo cando afecta á seguridade e á economía.

RECOMÉNDASE

A adopción de medidas como a que se suxire no suposto recollido neste expediente.

CAPÍTULO 8: PARQUES E XARDÍNS

EXPEDIENTE 20/2004

ASUNTO

Queixa en relación cos danos producidos nunha vivenda da rúa Pino debido á filtración de auga por mor da rotura dun cano dos aspersores dun xardín municipal, o que provocou diversos danos na vivenda do interesado. Esta situación foi denunciada o 31 de xullo do 2001, tardando máis de dous anos en reparar os citados canos. Despois de diversos arranxos, segue a entrar auga na vivenda, e os danos producidos non foron compensados polo Concello.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 27/02/2004. Con data 1/03/2004 solicitamos o preceptivo informe, petición que se reitera o 26/03/2004. Con data 14/04/2004 o interesado envía novo escrito reiterándose na súa denuncia.

O 15/04/2004 recíbese o informe da Concellería de Montes, Parques e Xardíns, no que se indica que o problema denunciado inicialmente polo interesado foi resolto mediante a impermeabilización da parede e a recollida e canalización das augas á rede xeral, engadindo que as posibles entradas de auga actuais non son debidas á zona axardinada limítrofe coa vivenda. Informe que se traslada ao interesado con data 19/04/2004.

Con data 26/04/2004 recíbese un correo do interesado expresando o seu desacordo co informe remitido pola Concellería de Montes, Parques e Xardíns e insistindo en que as humidades que se producen na súa vivenda son debidas á rotura dun entubado do Concello, polo que con data 27/04/2004 dirixímonos á Concellería de Servizos Sociais - Parques e Xardíns, solicitando unha nova visita á vivenda afectada para acadar unha solución definitiva ao tema obxecto da queixa, petición que se reitera o 31/05/2004 e, de novo, o 30/06/2004. Recíbese o informe do Enxeñeiro Técnico Agrícola con data 16/07/2004, no que se ratifica no escrito de abril de 2004, indicando que non se observa na zona ningún tipo de encharcamento que poida afectar á vivenda. Informe que se traslada ao interesado o 22/07/2004.

Recíbese novo escrito do interesado o 9/08/2004, manifestando o seu desacordo coa información recibida. Con data 6/10/2004 dirixímonos de novo a aquel, indicando que os informes técnicos facilitados polo Concello persisten no senso exposto.

REFLEXIÓNS

Neste suposto, denunciado polo interesado o 31/07/2001, e iniciado o expediente nesta Institución o 1/03/2004, procédese a efectuar unha reparación, parece que definitiva, aos dous anos de ocorridos os desperfectos.

Ao cidadán, o primeiro que lle interesa é que a Administración Pública preste con eficacia tódolos servizos que son da súa responsabilidade e competencia; estas prestacións van dende a axilidade na resolución dos expedientes e trámites, ata a adopción das medidas tendentes a resolver os problemas da vida cotiá, é dicir, ao cidadán interésalle o bo funcionamento en termos de axilidade, rapidez e, en definitiva, de calidade, o que supón tamén un achegamento na procura da credibilidade.

RECOMÉNDASE

As actuacións acordadas coas obrigas que derivan dos principios de eficacia e axilidade.

CAPÍTULO 9: URBANISMO

EXPEDIENTE 7/2004

ASUNTO

Os interesados presentan queixa en relación cunha recualificación urbanística que consideran irregular. Trátase da recualificación dunha finca do Peri do Calvario herdada polos interesados do seu pai; segundo estes, produciuse unha modificación do acordo da Xunta de Compensación con posterioridade ao mesmo, recualificándose a metade do terreo para a construción dun novo edificio.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 29/01/2004. Con data 25/02/2004 solicítase informe á Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente, solicitude que se reitera o 22/03/2004.

Con data 23/03/2004 recíbese o informe requirido, co que se achega copia do informe do Técnico municipal, así como a documentación relativa aos acordos da Xunta de Compensación, informe que se traslada aos interesados con data 24/03/2004, recibíndose por parte dos mesmos resposta manifestando a súa desconformidade co citado informe.

Con data 28/10/2004 dáse traslado á Concellería de Urbanismo das novas alegacións presentadas polo interesado, así como da solicitude de información máis detallada que require o mesmo. Recíbese resposta con data 7/12/2004, coa que achega copia do informe redactado polo técnico municipal da que se dá traslado ao interesado o 9/12/2004. Non hai actuacións posteriores, aínda que existe a posibilidade de que se dean no 2005.

EXPEDIENTE 18/2004

ASUNTO

O promotor da queixa indícanos que presentou denuncias no Concello respecto á actividade que se realiza no baixo do edificio contiguo á súa vivenda, sita na avenida Suárez Llanos, actividade de tipo industrial con maquinaria pesada, nunha zona exclusivamente residencial, ademais de almacenamento de substancias explosivas. Engade que tamén presentou denuncias en relación cos ruídos procedentes do citado local.

SITUACIÓN

Queixa recibida o 26/02/2004, solicitándose informe a Urbanismo con data 1/03/2004, que se recibe o 24/03/2004, e co que se achega copia dunha notificación ao interesado conforme a empresa denunciada ten licenza para exercer a citada actividade, e copia do informe do inspector municipal de data 19/07/2004 indicando que as obras se axustan á licenza concedida. No citado informe engádesse que con data 17/02/2004 o interesado reitera a súa denuncia, polo que con data 12 de marzo de 2004 se solicita nova visita de inspección. Informe que se traslada ao interesado o 26/03/2004.

Con data 24/05/2004 dirixímonos novamente á Xerencia de Urbanismo para solicitar informe actualizado en relación coa nova visita de inspección, solicitude que se reitera o 24/06/2004, o 21/07/2004, o 24/08/2004, o 23/09/2004 e, de novo, o 25/10/2004.

REFLEXIÓNS

O interesado presentou cinco denuncias no Concello, dende o 17/11/2000 ata o 17/02/2004, sen obter solución ningunha ao o tema exposto.

Con data 24/03/2004, esta Institución recibe o informe solicitado o día 1 do mesmo mes. No mesmo reflíctese: "Con data 12 de marzo do 2004 remitiuse novamente ó Servicio de Inspección co fin de realizar nova visita de inspección".

Solicítase informe actualizado, dado o tempo transcorrido, en razón da ordenada visita de inspección subliñada, petición reiterada ata cinco veces sen resposta ningunha na data de peche desta memoria.

Resulta claro que o rendemento mostrado pola actividade inspectora e o seu control non responde a criterios de lexitimidade, xa que a capacidade para dar resposta ás demandas do contorno non produce a mellora da situación material á que teñen dereito.

A coordinación interna non responde ao criterio de actividade fundamental, o que debe ser corrixido oportunamente, incidindo a maiores no criterio existente en relación coa reducida cualificación profesional en diversas áreas de xestión.

A eficacia na actuación pública quebra co principio constitucional recollido no seu artigo 103. Sabido é que a eficacia nas Administracións Públicas resulta un principio activo, non só desexable, senón indispensable no seu funcionamento (Lei 30/1992 - 4/1999).

RECOMÉNDASE

1) O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán (artigo 18).

2) O cumprimento da legalidade que dimana da norma reguladora do procedemento administrativo común (artigo 35 da Lei 30/1992).

3) O cumprimento da legalidade que dimana do Real Decreto 208/1996, do 9 de febreiro, en termos de atención cidadá.

EXPEDIENTE 19/2004

ASUNTO

O interesado indicanos que no baixo do edificio onde vive, sito na rúa Zamora, se están levando a cabo obras para as oficinas da Delegación Provincial de Tráfico, e que puido comprobar que estas están invadindo a propiedade da Comunidade, sen a autorización da mesma. Así mesmo, instalaron unha plataforma sobre a cuberta que non consta no proxecto presentado para a licenza. Dirixiuse en distintas ocasións á Delegación de Tráfico e tamén ao Concello solicitando unha inspección, non recibindo resposta.

SITUACIÓN

Queixa recibida o 26/02/2004. Con data 1/03/2004 solicitamos o preceptivo informe de Urbanismo, petición que se reitera o 26/03/2004 e o 22/04/2004. Recíbese o informe o 23/04/2004, co que se achega copia do informe do aparelador municipal, no que se indica que respecto aos equipos de climatización instalados sobre a cuberta do local, o arquitecto entendeu que, segundo os planos, os mesmos serían instalados baixo a cuberta e non sobre a mesma, xa que, ademais, a Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións prohibe a instalación de equipos de climatización en fachadas ou patios. Deuse traslado do mesmo ao interesado con data 26/04/2004.

Na mesma data dirixímonos novamente á Cancellaría de Urbanismo para solicitar información sobre as medidas adoptadas en relación coas irregularidades recoñecidas no informe técnico, petición que se reitera o 24/05/2004, recibíndose con data 27/05/2004 informe da Xerencia Municipal de Urbanismo, no que se indica que mediante resolución desa Xerencia do 11 de maio de 2004 ordenouse incoar expediente de protección da legalidade urbanística á Dirección General de Tráfico-Jefatura Provincial de Pontevedra, indicando que achega copia da citada resolu-

ción, pero sen achegarse efectivamente a mesma. Informe que se traslada ao interesado o 28/05/2004.

Con data 31/05/2004 solicitamos que se nos faga chegar copia da citada resolución, petición que foi reiterada o 28/06/2004, solicitando, ademais, informe sobre a situación actual do expediente. Esta petición reitérase novamente o 27/07/2004 e se recibe o 30/07/2004, achegando copia da precitada resolución, na que se recoñece a instalación dos citados equipos de climatización e a ilegalidade dos mesmos, por non axustarse á licenza e non ser permisibles segundo a Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións. Información que se traslada ao interesado o 2/08/2004.

Con data 18/08/2004, e a instancia do interesado, esta Institución diríxese novamente ao Sr. Vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo solicitando información actualizada en relación ao expediente que nos ocupa, así como petición dunha copia compulsada da memoria e planos de obra, solicitude reiterada en distintas ocasións polo interesado e que non foi atendida. Esta petición foi reiterada o 21/09/2004.

Con data 29/09/2004, a instancia do interesado, emítese informe das actuacións realizadas ata a data.

Con data 18/11/2004 recibimos novo escrito do interesado, co que achega copia dos distintos escritos que o mesmo dirixiu a Urbanismo e Medio Ambiente. No mesmo, expón a nova situación e as actuacións por el levadas a cabo, subliñando a súa desconformidade coa nova instalación das bombas de calor obxecto da queixa, xa que, aínda que as mesmas foron trasladadas e instaladas debaixo da cuberta e a plataforma foi desmantelada, as citadas bombas levan incorporados uns ventiladores, de maneira que o aire sae por 12 troncos deixados no patio de luces, incumprindo así o disposto no artigo 26 da Ordenanza Municipal de Protección do Medio Ambiente.

Con data 29/11/2004 dirixímonos novamente á Xerencia Municipal de Urbanismo trasladando as novas alegacións expostas polo interesado.

REFLEXIÓNS

En base ao auto de data 14/04/2004, dictado polo Xulgado Contencioso-Administrativo número 1 de Vigo, en Procedemento Ordinario nº 66/2004, no que se dispón: "*...prohibición del uso del inmueble durante la tramitación de este procedimiento*", o interesado instou do Concello de Vigo a suspensión do procedemento que se atopa en trámite para o outorgamento da licenza de apertura ou actividade.

Con data 29/11/2004, faise preciso instar ao Concello para que se atendan as peticións do interesado, así como que se teñan en conta diversas puntualizacións:

1) Que as bombas de calor na situación actual incumpren o artigo 26 das Normas de Medio Ambiente.

2) A sorpresa pola información recibida no Negociado de Electromecánicos, por terse aberto outro expediente de infracción urbanística (12652/423) no que se restablece a legalidade da obra. Non se entende como tendo presentado tres denuncias un mes antes, non se tivo en consideración ningunha delas.

3) Reunión co Sr. Xefe de Medio Ambiente, concluíndo a falta de cumprimento do artigo 26 antes citado.

4) Que polo responsable de Medio Ambiente, que ten que informar ao respecto, non se ten coñecemento da existencia de ningún escrito sobre o anotado no punto 2 anterior.

5) Que ante as anormalidades citadas, en Medio Ambiente maniféstase que ten que resolver Urbanismo. Inténtase entrevista co responsable de Licencias de Urbanismo, intento errado.

6) Que con data 4/11/2004 preséntase en Urbanismo escrito dirixido a Infraccións Urbanísticas para incorporar ao expediente. Con data 9/11/2004 contáctase co responsable, que manifesta que por el non pasou ningún escrito para informe e que contactase coa Xefatura de Infraccións, onde se manifesta que o expediente de legalidade está informado favorablemente e pechado, para o seu envío a Tráfico. Coméntanse as denuncias e contéstaselle que "non sabe onde" e que o expediente está pechado.

7) Á vista do anterior, acudiu ao Rexistro Xeral de Urbanismo, onde se atopaban os escritos, e ali lle indicaron que se dirixise a infraccións, onde lle manifestaron que dos tres escritos, dous chegaran aquela mañá e que faltaba un; dos presentados en Medio Ambiente non chegara ningún.

8) Que o día 15/11/2004 acudiu a Infraccións Urbanísticas para inquirir sobre os escritos/denuncias, onde se lle informa que so chegara un, e que o último, presentado o día 3, no que denunciaba a anormalidade da resolución do expediente de infracción urbanística, aínda non o vira a Xefa do Negociado; solicitou falar con ela, dicíndolle que non recibía a ninguén.

É obvio que, cando menos, a descoordinación é patente e manifesta. A coordinación xeral ten que entenderse como a aplicación de medios e sistemas que fagan posible a información recíproca, a homoxeneidade técnica e a acción conxunta no exercicio das respectivas competencias, de tal xeito que se acade a integración dos actos parciais na totalidade do sistema. Nada máis lonxe da realidade, segundo o exposto.

Como é posible que funcionarios competentes para entender do procedemento non teñan intervido por mor de non se sabe que. Como é posible que os documentos, solicitudes e denuncias non se axilien nos percorridos internos da mesma Concellería.

RECOMÉNDASE

1) O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

2) O cumprimento da legalidade que dimana dos principios de eficacia e axilidade na tramitación dos procedementos.

3) O cumprimento da legalidade que dimana das obrigas de atender aos interesados, respondendo ao seu dereito de información nos temas dos que son interesados (Lei 30/1992 e Real Decreto 208/1996).

EXPEDIENTE 21/2004

ASUNTO

Queixa en relación coa construción ilegal por parte dun veciño dun muro, invadindo terreos alleos á súa propiedade no Camiño dos Carballeiros, cortando, ademais, o paso por invadir o mesmo un camiño público.

SITUACIÓN

A queixa foi presentada con data 4/03/2004, solicitándose informe á Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente o 8/03/2004, a cal foi reiterada o 6/04/2004, o 27/04/2004, o 24/05/2004, o 23/06/2004 e, de novo, o 26/07/2004. Recíbese o mesmo con data 29/07/2004, no que se indica que o Enxeñeiro de Vías e Obras informa que as pedras que forman o peche se atopan en propiedade privada, aínda que no informe emitido polo Arquitecto municipal se indica que o citado peche non reúne as condicións de seguridade e ornato públicos, polo que mediante resolución de 4/05/2004 ordenouse a incoación de expediente de orde de execución. Información que se traslada ao interesado con data 3/08/2004.

Con data 8/09/2004 dirixímonos novamente á Xerencia Municipal de Urbanismo para solicitar información actualizada sobre o tema que nos ocupa, petición que é reiterada o 6/10/2004, o 8/11/2004 e, de novo, o 9/12/2004, sen resposta.

REFLEXIÓNS

Con data 22/07/2004 indícasenos que, mediante resolución da Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo de 4/05/2004, ordenouse a incoación de expediente de orde de execución. Non obstante, e transcorrido un tempo prudencial que permite o desenvolvemento dos mecanismos correspondentes, solicítase informe actualizado en relación coa resolución citada o 8/09/2004, o 6/10/2004, o 8/11/2004 e, por último, o 9/12/2004, sen resposta ningunha.

Por todo, indúcese que o interese do cidadán non se ve satisfeito, dada a falta de dilixencia e de eficacia na actuación do órgano competente. Non se dá unha prestación obrigada coa axilidade necesaria na resolución do expediente, xa que o carácter instrumental que a Administración Pública debe ter, segundo imperativo constitucional, non se manifesta, ao non prestar un servizo de interese xeral, cal é a defensa da legalidade urbanística, o que se vén comprobando polo efecto de que o réxime xurídico da Administración Pública, que debe transcender ás propias regras de funcionamento interno para integrarse na sociedade a quen serve como instrumento que promove as condicións para que os dereitos sexan efectivos, non se ve acadado.

O control posterior esixe que o Concello utilice con rigor os medios de que dispón, en especial os técnicos, como neste caso, pero aínda así a actuación eficaz non se acada, porque os procedementos paralizanse sen xustificación ningunha. Falla o impulso dos mecanismos, ou quizais o interese, o cal que non é máis que unha obriga legal. Entre a norma e a realidade existen, ás veces, distancias esgotadoras; fai falta un exercicio de reflexión histórica, cantos expedientes de disciplina urbanística se iniciaron e cantos se completaron (Álvarez Corbacho).

RECOMÉNDASE

1) O cumprimento da legalidade que dimana do regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán (artigo 18).

2) Unha acción dilixente e eficaz nos temas de defensa da legalidade urbanística.

EXPEDIENTE 23/2004

ASUNTO

Queixa en relación coa ilegalidade dunha obra na parroquia de Alcabre. O interesado denuncia a instalación na finca veciña dun galpón que contén unha caldeira que provoca cheiros e ruidos. Engade que denunciou a situación en urbanismo, sen acadar ningunha solución ao respecto.

SITUACIÓN

Queixa recibida o 9/03/2004. Con data 10/03/2004 solicitamos da Concellería de Urbanismo o preceptivo informe, petición que se reitera o 6/04/2004, recibíndose o 23/04/2004, no que indica que, unha vez iniciado o expediente de reposición da legalidade urbanística, requiríuse ao interesado para que procedese á derruba das obras de construción dos galpóns, así como das consistentes na adición dun piso á edificación xa existente, engadindo que a seguir se iniciará a execución forzosa do acordo de derruba dos galpóns. Do mesmo, dáse traslado ao interesado o 26/04/2004.

Con data 27/05/2004 dirixímonos novamente á Xerencia Municipal de Urbanismo solicitando informe actual en relación cos expedientes antes citados, petición que se reitera o 29/06/2004, o 27/07/2004, o 26/08/2004, o 5/10/2004, o 4/11/2004 e, de novo, o 9/12/2004, sen resposta.

REFLEXIÓNS

Con data 13/09/2001 declaráronse as obras como realizadas sen licenza e incompatibles coa ordenación urbanística vixente, requiríndose a derruba das mesmas.

Contra tal acordo, o afectado interpón recurso de reposición, sen indicar a data do mesmo, e o 15/04/2004, desestímase o mesmo. ¿Cánto tempo transcorre entre un acto e o outro?

Por outra banda, subliñar que o 4/04/2002 se acorda a imposición dunha multa coercitiva; a partires desa información, nunca máis se tivo coñecemento da situación, non obstante terse instado ata seis veces información actualizada.

Coñecida é a doutrina xurisprudencial recaída en supostos análogos, as multas coercitivas supoñen, en moitos casos, unha mera contribución a cargo do infractor.

O obxectivo da norma é o respecto dos dereitos dos afectados. A legalidade urbanística debe prevalecer sobre outras consideracións, sen esquecer a crítica sobre a manifesta pasividade da acción municipal. A vía dos rendementos queda en dúbida, xerando unha desconfianza nos cidadáns afectados, ao non ver resoltas as súas lexítimas peticións.

RECOMÉNDASE

1) O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán (artigo 18).

2) O cumprimento da normativa, de xeito eficaz, que dimana da obriga da reposición da legalidade urbanística.

EXPEDIENTE 24/2004

ASUNTO

Queixa en relación coa ampliación dunha nave dentro dunha propiedade lindante coa do interesado, sita na rúa Cabalaria, instando do Concello en reiteradas ocasións a execución da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que desestima o recurso interposto polo denunciado e confirma a orde de derruba das obras de ampliación.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 17/03/2004, solicitándose o preceptivo informe o 18/03/2004 á Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente, petición que se reitera o 12/04/2004 e o 10/05/2004. Recíbese o mesmo con data 31/05/2004 da Xerencia Municipal de Urbanismo, no que se fai unha relación das diversas multas que foron interpostas ao denunciado. Do mesmo dáse traslado ao interesado o 2/06/2004.

Con data 16/06/2004 dirixímonos novamente á Xerencia Municipal de Urbanismo solicitando información actualizada sobre as medidas adoptadas con posterioridade ao informe remitido, petición que se reitera o 14/07/2004. Recíbese o informe con data 29/07/2004, no que se manifestan as dificultades existentes para notificar as multas ao denunciado, así como as resolucións dos recursos que sucesivamente interpón aquel, engadindo que se procedeu á apertura de novo expediente polo exercicio de actividade de almacén e reparación de portas sen licenza na citada nave. Dáse traslado do mesmo ao interesado o 3/08/2004.

Con data 2/09/2004 solicitamos novo informe actualizado á Xerencia municipal de Urbanismo, petición que se reitera o 5/10/2004, o 4/11/2004 e, de novo, o 9/12/2004, sen resposta.

REFLEXIÓNS

Asunto con orde de derruba confirmada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que se ten denunciado en xuño de 2003, iniciándose o expediente nesta Institución o 18/03/2004.

O Concello xa foi repulsado pola súa pasividade polo órgano xudicial; estamos ante unha actitude pasiva e dilatoria en canto ás obrigas de defensa que impón a norma de disciplina urbanística. Dáse un abandono de funcións, un abandono fronte á ilegalidade urbanística, ilegalidade constatada polos servizos técnicos municipais, non sendo de recibo as pretendidas xustificacións, nin sequera a imposición de multas coercitivas, que veñen impulsando unha credibilidade dubidosa, xa que o cidadán adopta unha actitude de asumilas como unha contribución ou taxa periódica, non sendo esta a finalidade das mesmas.

RECOMÉNDASE

1) O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán (artigo 18).

2) A rigorosidade na defensa das infraccións de legalidade urbanística, mediante unha actuación dilixente e eficaz coa finalidade da norma.

EXPEDIENTE 25/2004

ASUNTO

Queixa en relación coa instalación dunhas chemineas no patio de luces dun edificio na rúa López Mora. As mesmas instaláronse á altura das ventás da vivenda do interesado, que considera que incumpren a legalidade, por non respectar as distancias esixidas. O interesado expón que presentou tres escritos na Xerencia Municipal de Urbanismo, sen obter ningún resultado.

SITUACIÓN

Recibida a queixa o 18/03/2004, con data 22/03/2004 solicitamos o preceptivo informe á Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente, petición que se reitera o 14/04/2004, o 11/05/2004, o 15/06/2004, o 14/07/2004 e, de novo, o

23/08/2004. Con data 8/09/2004 dirixímonos ao interesado informándolle das actuacións feitas ata a data.

Con data 6/10/2004 solicitamos, unha vez máis, que se nos remita o preceptivo informe á Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente, petición que foi reiterada o 15/11/2004, sen resposta.

REFLEXIÓNS

Queixa presentada polo cidadán interesado, que formulou tres escritos de denuncia, en outubro e decembro de 2003 e xaneiro de 2004. Sen actuación municipal ningunha, acudiu a esta institución en petición de axuda.

Tras seis peticións de informe por parte de esta Institución, sen resposta ningunha, o interesado instounos a dar unha explicación do silencio ante as súas demandas, o que propiciou que se lle dese unha información en canto ás actuacións desta oficina, e que motivou un requirimento máis, o sétimo, de forma explícita ante a Concellería competente en data 6/10/2004, e que se reiterou novamente o 15/11/2004, sen resposta ningunha, estimando esta actitude como entorpecedora.

Nun senso doutrinal, está claramente indicado que o Dereito é unha ciencia para a vida, para ser aplicada, ou senón non é nada. A norma xurídica require por parte do individuo un cumprimento por grao ou por forza; a arbitrariedade propiamente atenta contra a seguridade normativa.

De tal xeito, as actuacións debidas no ámbito do urbanismo implican consideracións como a comentada polo Fiscal Xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ao dicir: "*O urbanismo é considerado no Dereito comparado como o medio ambiente artificial que condiciona de xeito decisivo a calidade de vida*".

Estamos ante situacións que promoven a necesidade de superar radicalmente a indisciplina e os comportamentos primarios que nesta materia mantén a Administración Pública.

Tense que exercer de xeito eficaz a competencia que lle asiste á autoridade facultada; para iso, téñense que evitar as actuacións insuficientes, e moito máis a falta de actuacións, como se desprende dos antecedentes expostos.

Non só se teñen que adoptar os trámites legalmente previstos respecto dos expedientes de reposición da legalidade urbanística, incoando o expediente sancionador que proceda por infracción urbanística pola realización de obras sen pre-

via licenza, aínda que posteriormente sexa legalizable, senón que os citados trámites requiren de actuacións áxiles e dilixentes.

RECOMÉNDASE

1) O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán (artigo 18).

2) O cumprimento da legalidade que impón a Lei 30/1992 - 4/1999, en canto á atención debida aos dereitos do cidadán (artigo 35).

3) O cumprimento da legalidade que se deriva da normativa en materia de urbanismo (Lei 9/2002).

EXPEDIENTE 28/2004

ASUNTO

O interesado presenta queixa en relación cunha obra sen licenza en San Miguel de Oia, manifestando que presentou a correspondente denuncia na Xerencia Municipal de Urbanismo, así como solicitado entrevista cos técnicos da mesma.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 2/04/2004. Con data 5/04/2004 solicitamos informe ao respecto á Concellería de Urbanismo, petición que se reitera o 27/04/2004, o 31/05/2004, o 30/06/2004 e, de novo, o 28/07/2004. Con data 30/07/2004 recibimos o informe solicitado, indicando que, segundo o informe da aparelladora municipal de 10/11/2003, as obras realizadas, consistentes na substitución da cuberta sen modificación do volume, axústanse á licenza concedida polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo con data 22/07/2003. Informe que se traslada ao interesado o 3/08/2004.

Con data 19/08/2004 recibimos novo escrito do interesado facendo referencia ao contido do informe remitido pola Xerencia de Urbanismo. No mesmo indica que, en relación coa tramitación da licenza, a mesma se concedeu en 17 días hábiles, engadindo que algúns dos documentos son falsos e carecen do selo de entrada no rexistro do Concello, así como a súa desconformidade coas datas ás que se fai referencia no citado informe.

Con data 24/08/2004 dirixímonos ao interesado en resposta do seu escrito antes citado, indicando que na mesma data procedemos a solicitar da Xerencia

Municipal de Urbanismo novo informe aclaratorio das discrepancias formuladas polo mesmo. Esta petición foi reiterada o 28/09/2004, recibíndose o informe o 28/10/2004, co que se achega copia dos expedientes relacionados co asunto obxecto da queixa. Informe que se traslada ao interesado o 2/11/2004.

REFLEXIÓNS

Tema que xa foi abordado polo Defensor del Pueblo en xullo de 2004 e amplamente informado pola Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo en setembro de 2004.

A axilidade no tratamento de esta queixa tería que servir de modelo para todas as que se presenten no ámbito da competencia que nos afecta.

Pola nosa parte, dáselle cumprida información ao interesado con data 2/11/2004; non existindo actuacións posteriores.

RECOMÉNDASE

O Cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán (artigo 18).

EXPEDIENTE 29/2004

ASUNTO

Queixa en relación cunha obra ilegal consistente na construción dunha vivenda de planta baixa en Saiáns. O interesado expón que no terreo lindeiro coa súa propiedade realizouse una obra sen a preceptiva licenza, sen respectar os recuamentos esixidos e en terreo afectado pola ampliación dun vial. Engade que, ademais, se realizou o peche da finca cunha altura de aproximadamente 2 metros, cegando unha curva que fai de entrada e saída da vivenda do interesado. Situación denunciada polo mesmo na Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, sen recibir contestación ningunha ao respecto.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 19/04/2004. Con data 20/04/2004 solicitamos o preceptivo informe da Concellería de Urbanismo, petición reiterada o 20/05/2004, o 21/06/2004 e, de novo, o 20/07/2004. O mesmo se recibe o 26/07/2004, no que se indica que, realizada a visita do inspector municipal, a técnica municipal emite informe no que se indica que a edificación se atopa en solo non urbanizable de

especial protección agrícola, polo que se procederá a paraliza-las obras, dando conta á Consellería de Política Territorial. Informe que se traslada ao interesado o 27/07/2004.

Con data 8/09/2004 solicitamos informe actualizado en relación coas medidas citadas no informe da técnica municipal, petición que se reitera o 25/10/2004, o 11/11/2004 e, de novo, o 9/12/2004, recibíndose o mesmo o 21/12/2004, no que se indica que con data 1/10/2004 remitiuse o expediente á Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, toda vez que a Administración Municipal non é competente para tramitalo (artigo 214 da Lei de Ordenación Urbanística e artigo 59 do Decreto 28/1999, Regulamento de disciplina urbanística). Dáse traslado do mesmo ao interesado o 22/12/2004.

REFLEXIÓNS

Estamos ante un suposto no que a dilixencia e a axilidade na tramitación do procedemento non responden aos criterios proclamados na normativa xeral. A eficacia nas Administracións Públicas resulta un principio activo, é dicir, que se está en disposición de obrar, que se actúa con rapidez e eficacia, é o feito que realiza o ser humano como efecto da súa vontade, que dá lugar a unha acción puntual e, no ámbito público, cando se realiza no exercicio das súas funcións ou traballo que se lle ten asignado. Este principio de actividade non só é desexable, senón indispensable no seu funcionamento.

A propia Constitución Española, no seu artigo 103, di que a Administración serve con obxectividade aos intereses xerais e actúa (activo, obrante) de acordo co principio de eficacia. O mesmo texto legal, na súa exposición motivada, dinos que o primeiro interese do cidadán soe centrarse en que as Administracións Públicas presten con eficacia tódolos servizos que son da súa responsabilidade e competencia. Estas prestacións van desde a axilidade na resolución dos expedientes e trámites, ata a adopción das medidas tendentes a resolver os problemas da vida cotiá, citándose a continuación unha serie de servizos, entre os que figura o urbanismo. Só así acadaremos un achegamento na procura da credibilidade.

No informe da Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 19/07/2004, dise: "*Esta Administración procedeu á apertura do expediente nº 12755/423, o inspector municipal realizou visita o 15 de maio de 2003 e a técnica municipal emitiu o preceptivo informe o 13 de xullo de 2004*".

Precisamos:

- a) Con data 25/03/2003, o interesado presentou no Concello a súa primeira denuncia.
- b) Con data 15/05/2003, o inspector municipal realizou a visita.
- c) Con data 20/04/2004, esta Institución, por mor da queixa do cidadán interesado, promoveu a apertura de expediente e solicitou información ao respecto.
- d) Con data 13/07/2004, a técnica municipal emitiu informe.

Este informe emítese 14 meses despois da data da visita efectuada polo inspector municipal. A axilidade, a actividade como criterio de rapidez e eficacia, non se fai patente. Recórdese que, o artigo 83 da Lei 30/1992 modificada pola Lei 4/1999, estipula que os informes serán evacuados no prazo de dez días, agás que unha disposición ou o cumprimento do resto dos prazos do procedemento permita ou esixa outro prazo maior ou menor. Ese prazo maior, ¿será de 15 meses?

No mesmo informe indícase: "*procederose a paraliza-las obras dando conta ao Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda*". Isto motivou que, con data 8/09/2004, solicitásemos información actualizada das medidas levadas a cabo, petición reiterada o 25/10/2004, o 11/11/2004 e o 9/12/2004, con resposta o 21/12/2004, indicando que o 1/10/2004 deuse traslado á Consellería correspondente da Xunta de Galicia por razón de competencia.

RECOMÉNDASE

- 1) O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán (artigo 18).
- 2) A obriga de respecta-los dereitos do interesado, segundo o artigo 35 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999.
- 3) A reposición da legalidade urbanística, en base a criterios de axilidade e eficacia.

EXPEDIENTE 30/2004

ASUNTO

O interesado presenta queixa en relación coa construción no ano 1998 dunha nave industrial na rúa Espiñeiro, data dende a que vén solicitando do Concello as actuacións pertinentes. Engade que por parte da Xerencia Municipal de Urbanismo se incoou expediente en relación coa actividade desenvolvida na citada nave,

así como expediente coercitivo pola construción ilegal, coa imposición de tres multas.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 23/04/2004. Con data 26/04/2004 solicitamos a remisión do preceptivo informe á Concellería da Xerencia Municipal de Urbanismo, petición que se reitera o 25/05/2004, o 28/06/2004 e, de novo, o 26/07/2004 e que se recibe o 29/07/2004. No mesmo, indícase que se tramitou expediente de protección da legalidade urbanística, resolto por acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 1/06/2000, que declarou as obras citadas como realizadas sen licenza e incompatibles coa ordenación urbanística vixente, decretando a súa derruba, imponéndose tres multas coercitivas ao respecto. Engade que tamén se ordenou o cese definitivo da actividade desenvolvida no citado local mediante resolución de 21/05/2003. Informe que se traslada ao interesado o 3/08/2004.

Con data 8/09/2004 dirixímonos novamente á Xerencia Municipal de Urbanismo solicitando informe actualizado dos expedientes anteriormente citados, petición que se reitera o 25/10/2004, o 11/11/2004 e o 13/12/2004.

REFLEXIÓNS

A denuncia no Concello foi instada en decembro de 1998. Por parte desta Institución iníciase o expediente o 26/04/2004 a petición do interesado, en escrito de queixa do 23/04/2004.

Da situación exposta anteriormente non cabe reflexionar máis que o seguinte:

Moitas liberdades públicas esixen, para ser efectivas, o bo funcionamento da Administración. O primeiro interese do cidadán, céntrase en que a Administración preste eficazmente a gama de servizos que son da súa responsabilidade e competencia; estas prestacións, van dende a axilidade na resolución dos expedientes e trámites (o que nos ocupa iniciouse polo interesado hai seis anos), ata a adopción das medidas tendentes a resolver os problemas da vida cotiá, o verdadeiramente importante é que a Administración sexa efectivamente un instrumento da sociedade ao servizo do interese xeral. Estes intereses veñen subliñados pola norma xurídica; sen un funcionamento axeitado en temas de calidade, axilidade e rapidez, non pode darse unha aproximación á credibilidade.

Estamos ante un suposto dun esaxerado burocratismo dos gobernantes, que non reflicte de ningunha maneira unha tarefa de administración do colectivo, o que afasta que a realidade sexa tan satisfactoria como a probabilidade coa que

finalizan as accións lexítimas e concordantes coa lei; máxime no caso que nos ocupa, no que existe unha sentenza (17 de xaneiro de 2002) que desestima o recurso contencioso-administrativo interposto polo denunciado, no que se explicita que a derruba das obras realizadas por razóns de restauración da legalidade urbanística material non pode considerarse contraria a Dereito.

Coñecida é a decisión xudicial na que se recrimina ao Concello por non ter derrubado a obra no tempo transcorrido (estamos a falar de maio de 2004), sen que teña valor o argumento das multas coercitivas, xa que estas non son máis que unha mera cantidade simbólica acatada polo cidadán a xeito de taxa ou contribución periódica e que non cumpren o previsto na lei. O Concello tería que derrubar subsidiariamente.

RECOMÉNDASE

- 1) O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán (artigo 18).
- 2) A rigorosidade na aplicación e, polo tanto, no cumprimento da legalidade que dimana das normas reguladoras, en pro da defensa da legalidade urbanística.

EXPEDIENTE 34/2004

ASUNTO

O interesado presenta queixa en relación coas molestias ocasionadas por unha chatarreiría na rúa Baixada a Ermida. Expón que vén denunciando a situación ante o Concello dende o ano 2002, xa que a citada chatarreiría provoca unha contaminación ambiental e acústica, impedindo a tranquilidade e o descanso dos veciños.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 4/05/2004. Con data 5/05/2004 solicitamos o preceptivo informe da Concellería de Medio Ambiente e Urbanismo, petición que foi reiterada o 7/06/2004, e que se recibe o 29/06/2004. No mesmo, indícase que non consta Licenza de Actividades e Instalacións para chatarreiría no devandito enderezo, que o inspector municipal informa que no lugar existe depositada diversa chatarra, polo que se solicita informe do técnico municipal para determinar se procede a apertura de expediente de protección de legalidade urbanística. Informe que se traslada ao interesado o 30/06/2004.

Con data 26/07/2004 dirixímonos novamente á Xerencia Municipal de Urbanismo solicitando informe actualizado das actuacións levadas a cabo, petición que se reitera o 26/08/2004, o 29/09/2004, o 26/10/2004, o 23/11/2004 e o 23/12/2004.

REFLEXIÓNS

Asunto que se iniciou como competencia de Medio Ambiente, pero, de acordo co informe de data 28/06/2004 da Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, trasladouse a Urbanismo, xa que con data 31/03/2004 a oficina de Licenzas de Actividades informa que non consta licenza de actividade e instalación para chatarreiría, e que con data 17/06/2004 solicítase ao técnico municipal informe sobre se o denunciado se pode considerar unha actividade ou non para proceder, no seu caso, á apertura do correspondente expediente de protección da legalidade urbanística ou orde de execución.

Con data 26/07/2004, tendo en conta o tempo transcorrido, solicítase informe actualizado en relación co exposto anteriormente, petición que se ten que reiterar ata catro veces máis, a última o 23/11/2004, sen resultado ningún.

A disciplina urbanística esixe que o Concello controle o proceso constructivo primeiro, paso previo e obrigatorio, que nace coa autorización ou licenza que se outorga para construír e, segundo, a esixencia de comprobar que o construído se axusta ao proxecto autorizado; da non observancia destes presupostos, xurde o descontrol e, ás veces, a anarquía.

A autoridade municipal ten a obriga inescusable de abrir expediente e suspender de inmediato calquera obra ou actuación que, ou ben carece de licenza, ou non se axusta ás condicións daquela.

Cando non se adoptan as medidas necesarias xurde a responsabilidade correspondente, mais, como di a doutrina (X. Álvarez Corbacho), entre a norma e a realidade danse ás veces distancias esgotadoras. Sería preciso facer unha reflexión histórica e coñecer cantos expedientes de disciplina urbanística se incoaron nos últimos dez anos, cantos se completaron, cantas multas se puxeron e cantas se cobraron, cantas obras ilegais foron derrubadas, cantos incumpridores públicos foron requiridos e denunciados ante o Ministerio Fiscal.

Nestes temas, a xustiza xa ten expresado a súa repulsa pola pasividade adoptada en temas de urbanismo. Non cabe xustificala demora ou pasividade baseándose nos trámites dos expedientes polo elevado número de asuntos que se abordan; isto non é unha xustificación. A Administración Pública dispón de competencias para adoptar as medidas en torno ás necesidades e capacidades do persoal ao seu servizo.

Segundo o que antecede, procede preguntarse canto tempo se require para emiti-lo informe técnico ordenado o 17/06/2004.

Baste citar o artigo 103.1 da Constitución Española, onde se proclama que a tódalas Administracións Públicas lles corresponde servir con obxectividade aos intereses xerais e actuar de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización e coordinación, con sometemento pleno á Lei e ao Dereito.

O primeiro interese do cidadán céntrase en que as Administracións Públicas presten eficazmente a gama de servizos que son da súa responsabilidade e competencia; estas prestacións, van dende a axilidade na resolución dos expedientes e trámites, ata a adopción das medidas tendentes a resolver os problemas da vida cotiá.

RECOMÉNDASE

1) O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán (artigo 18).

2) O cumprimento dos principios constitucionais aludidos, e dos principios que derivan da protección da legalidade urbanística.

EXPEDIENTE 43/2004

ASUNTO

O interesado presenta queixa por mor dunha obra executada na rúa Ecuador, manifestando que a licenza outorgada non cumpre coas normas do PXOU, en concreto, no que se refire á altura da edificación, feitos polos que presentou escrito de denuncia na Xerencia Municipal de Urbanismo, sen obter resposta ningunha.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 28/05/2004. Con data 31/05/2004 solicítase informe á Concellería de Urbanismo, petición que se reitera o 30/06/2004 e o 28/07/2004, recibíndose da Xerencia Municipal de Urbanismo con data 23/08/2004, co que se achega copia do informe da apareladora municipal, indicando que se procedeu á incoación de expediente de protección da legalidade urbanística pola execución de obras de aproveitamento baixo cuberta non axustadas á licenza e non legalizables. Informe que se traslada ao interesado o 24/08/2004.

Con data 20/09/2004 instase á Xerencia Municipal de Urbanismo para que nos remita informe actualizado en relación ao expediente incoado, petición que foi reiterada o 25/10/2004.

REFLEXIÓNS

O expediente iníciase o 31/05/2004, a pesar de que o interesado presentara a denuncia o 15/01/2004, sen que merecera atención ningunha. Sublíñase que o informe da Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 6/08/2004, di que por mor do informe de data 22/07/2004 procédese á incoación de expediente de protección da legalidade urbanística pola execución de obras non axustadas á licenza e non legalizables.

Parece lóxico que dende o inicio do expediente, finais de xullo, ata finais de outubro, o expediente tería que ter recibido o impulso procedimental axeitado, e que estimamos sería do maior interese coñece-la situación do mesmo.

Tense que fuxir do risco do burocratismo inoperante que permita chegar máis axilmente á natural proxección da tarefa administrativa que importa a todo suxeito administrado. Tense que procurar que a realidade temporal sexa tan satisfactoria como a posibilidade. O funcionalismo verdadeiro, onde se fai patente posiblemente é no Estado de Dereito, mediante a loita contra as inmunidades do poder; nesta tarefa é onde o Dereito Administrativo, mediante o uso adecuado dos seus procedementos, asume un destacado protagonismo, reflectido na súa concreta, diaria e artesá aplicación, o que fai posible o seu funcionalismo. Preséntase así, segundo a doutrina moderna, o problema da actividade administrativa de carácter social, dándolle a este termo o significado de solidariedade.

RECOMÉNDASE

1) O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán (artigo 18).

2) O cumprimento da legalidade imposta pola Lei 30/1992 - 4/1999, en canto aos dereitos que lles asisten aos cidadáns (artigo 35).

3) Un impulso áxil na tramitación dos expedientes, de acordo cos principios que inspiran as actuacións dos entes públicos (Constitución Española).

EXPEDIENTE 45/2004

ASUNTO

O interesado indicanos que, sendo propietario de dúas vivendas sitas na Avenida Beiramar e na rúa Simancas, presentou dous escritos na Xerencia Municipal de Urbanismo solicitando información sobre a posible afectación das citadas vivendas por mor da apertura dunha nova rúa entre Tomás A. Alonso e Beiramar, solicitude á que non ten recibido resposta ningunha.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 1/06/2004. Con data 2/06/2004 solicítase informe ao respecto á Concellería de Urbanismo, o cal se recibe o 28/06/2004, no que se indica que a aparelladora municipal informa que existe unha contradicción no Plan Especial de Protección e Reforma Interior de Bouzas que ordena as vivendas citadas, polo que solicitou informe ao respecto á redactora do devandito PEPRI. Informe que se traslada ao interesado o 30/06/2004.

Con data 17/08/2004 solicítase informe actualizado, que se recibe o 13/09/2004. No mesmo, se indica que as citadas vivendas inclúense no ámbito da Actuación illada 4, na que se prevé a expropiación destas e doutras edificacións co obxectivo de conseguir a apertura da rúa Simancas. Informe que se traslada ao interesado o 14/09/2004.

REFLEXIÓNS

Estamos ante un suposto que, polo seu desenvolvemento, cabe considerar que se procedeu a unha actuación informativa en tempo razoable, o que permitiu a aclaración das inxerencias do interesado, o que implica un rendemento lexítimo.

RECOMÉNDASE

Adoptar este exemplo en tódalas actuacións.

EXPEDIENTE 51/2004

ASUNTO

O interesado indicanos que presentou no Concello varias peticións sobre a instalación dunha antena de telefonía móbil que vén funcionando sen permiso na Avda. Manuel de Castro, achegando copia dun informe da Inspección de Urbanismo no que se reflicte que, realizada visita de inspección o 11/07/2003, comprobouse a existencia de tal antena, que ten en trámite a solicitude de licenza. O interesado pide o peche da instalación en tanto non se fagan os trámites necesarios ata a obtención da licenza, no caso de cumprir as normas ao efecto.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 21/06/2004. Con data 23/06/2004 solicítase informe da Concellería de Urbanismo, petición que foi reiterada o 22/07/2004, recibíndose o mesmo o 30/07/2004, co que se achega informe do arquitecto municipal indicando que se trata dunhas instalacións sen a preceptiva e previa licenza, atopándose a mesma en trámite, e que serían legalizables de cumprir coas determinacións da Ordenanza Municipal reguladora das condicións urbanísticas de localización, instalación e funcionamento de elementos e equipos de telecomunicacións. Informe que se traslada ao interesado o 3/08/2004.

Con data 8/09/2004 dirixímonos novamente á Xerencia Municipal de Urbanismo solicitando informe actualizado, petición que foi reiterada o 6/10/2004, o 10/11/2004 e o 14/12/2004, sen resposta.

REFLEXIÓNS

No informe recibido o 30/07/2004, reflíctese: *"que as obras serían legalizables de cumprir as determinacións da Ordenanza municipal reguladora das condicións urbanísticas de localización, instalación e funcionamento de Elementos e Equipos de Telecomunicación no termo municipal de Vigo e demais determinacións urbanísticas e normativa sectorial de aplicación"*.

Ínstase, ata catro veces, a información actualizada que se deriva daquela "posibilidade de legalización", sen resposta ningunha.

¿Que pasa entre a instalación e funcionamento da antena ata que se adopte o acordo de legalización? ¿Que pasa no suposto contemplado na Lei 38/1972 de Protección do Medio Ambiente Atmosférico (modificada pola Lei 16/2002, de Prevención e Control Integrados da Contaminación) de darse o caso de que houberse

presencia no aire de formas de enerxía que implicasen risco, dano ou molestias graves para as persoas e bens de calquera natureza?

A planificación estratéxica das cidades cobra unha dimensión prioritaria, xa que o desenvolvemento futuro depende, en gran medida, dunha axeitada identificación das súas vantaxes comparativas e da posta en práctica de actuacións orixinais e específicas. Isto tense que basear en compromisos nos que a imaxinación, a planificación e a produción conduzan a xestionar as cidades de xeito máis transparente, eficiente e eficaz. Como se di en algún ámbito doutrinal, non abunda o procedemento de actuar baixo perspectivas estratéxicas, xa que o horizonte máximo de actuación, responsabilidade e toma de decisións, vincúlase ao "tempo político" dos anos que dure o mandato.

Esto fai, polo común, que se actúe con miras moi curtas e sen prospección de futuro, o que leva ao desaproveitamento de recursos e esforzos.

Téñense que exercitar eficazmente as competencias municipais que teñan por finalidade a preservación dos dereitos constitucionais dos cidadáns, e incoar os expedientes sancionadores por infracción urbanística por realización de obras sen previa licenza, aínda que posteriormente sexan legalizables.

RECOMÉNDASE

1) O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán (artigo 18).

2) A eficacia na aplicación da normativa de protección da legalidade urbanística.

EXPEDIENTE 52/2004

ASUNTO

Queixa en relación coas obras, internas e externas, nun local situado na rúa Carral, consistentes na instalación dun forno con saída de gases pola planta baixa do edificio, o que produce molestias de cheiros e rúidos derivados da extracción. Asemade, obrouse na fachada, cando se trata dun edificio considerado a conservar. O interesado indica que presentou no Concello varios escritos de denuncia, sen ter recibido resposta ao respecto.

Engade que con data 16/04/2004 presentou escrito dirixido á Xerencia Municipal de Urbanismo alegando a falta de notificación da solicitude de licenza de acti-

vidades aos veciños afectados, tal como recolle o Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 24/06/2004. Con data 28/06/2004 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Urbanismo, recibíndose o mesmo o 3/08/2004, no que se indica que con data 21/01/2004 solicítase licenza de actividades e instalacións para a ampliación da actividade que se vén realizando no citado local, engadindo que, tralos trámites oportunos de información e exposición pública, o inspector municipal emitiu informe segundo o cal o local se axusta ao proxecto de construción, así como ao cumprimento da normativa esixible, estando pendente na actualidade do informe do técnico municipal. Informe que se traslada ao interesado con data 4/08/2004.

Con data 8/09/2004 solicítase á Xerencia Municipal de Urbanismo que nos remita o resultado do informe do técnico municipal e, no seu caso, das actuacións posteriores levadas a cabo, petición que foi reiterada o 6/10/2004, o 10/11/2004 e o 14/12/2004, sen resposta.

REFLEXIÓNS

Con data 3/08/2004 recíbese informe da Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, no que se reflicte: *"a data de hoxe (29/07/2004), o expediente queda pendente do informe do técnico municipal para continuar co seu trámite"*.

Posteriormente, ata catro veces, instase o informe con relación á xestión encomendada ao técnico municipal, sen terse recibido resposta, descoñecéndose polo tanto o resultado final en relación coa coincidencia práctica das ampliacións con respecto ao proxecto de construción.

Sabido é que a mellora da lexitimidade das corporacións locais tense que buscar pola vía dos rendementos e, neste ámbito, as estratexias son inesgotables. Todo vén definido pola capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas do contorno, sen que a estrutura burocrática xere a proliferación de excesivos mecanismos que leven a unha lentitude excesiva nas solucións.

RECOMÉNDASE

1) O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán (artigo 18).

2) A axilización das actuacións internas que definen as axeitadas canles para a definición ou non da legalidade urbanística.

EXPEDIENTE 57/2004

ASUNTO

Queixa en relación coa construción dun galpón no Camiño Vivas. O interesado indícanos que en agosto de 2002 presentou denuncia contra o propietario da finca veciña por ter en fase de construción un galpón nun espazo destinado ao recuado, segundo esixencia da Ordenanza vixente, na zona entre as dúas vivendas, sen constar licenza. Engade que legalmente os recuados establecidos son de 4 metros e a obra que se denuncia apoia no muro divisorio das dúas fincas. Indica que en agosto de 2003 a denuncia en cuestión estaba aínda pendente do informe de inspección de obras e que en febreiro do 2004 reiterou a denuncia, solicitando novamente a suspensión inmediata das obras e a reposición da legalidade urbanística.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 6/08/2004. Con data 18/08/2004 solicítase informe á Concellería de Urbanismo, petición que se reitera o 21/09/2004, o 25/10/2004 e o 15/11/2004. Recíbese o mesmo o 21/12/2004, co que se achega copia do informe técnico emitido polo arquitecto municipal, no que se indica como presunta infracción *"obras de construción adosada a fachada e lindeiro en licenza e non legalizable por non respectar recuados (4 m) esixibles segundo a ordenanza de aplicación 1.3.B"*. Informe que se traslada ao interesado con data 22/12/2004.

REFLEXIÓNS

Expediente iniciado o 18/08/2004, pero do que xa constan denuncias do interesado dende o ano 2002 (agosto), nas cales se fixeran precisións con respecto á Lei 1/1997, do Solo de Galicia (artigos 175, 176 e 177).

A falta de rendemento, lexitimador das actuacións municipais, é clara, o que está a producir unha situación de total indefensión pola actitude de abandono fronte a unha ilegalidade denunciada, máxime cando, segundo indica o interesado, en agosto de 2003, un ano despois da denuncia, o tema cuestionado estaba aínda pendente de informe por parte de inspección de obras.

Non caben xustificacións baseadas no elevado número de asuntos. Non se poden esquecer e, polo tanto, é preciso reiterar, as motivación legais da norma

reguladora do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (Lei 30/1992 - 4/1999), onde se reafirma que a eficacia das Administracións Públicas resulta un principio activo, non só desexable, senón tamén indispensable no seu funcionamento.

Pero xa antes, a Constitución Española, no seu artigo 103, tiña consagrado o principio de eficacia, sen esquecer o de control.

A coordinación municipal é fundamental e debería ser a máxima preocupación a recoller nos regulamentos orgánicos e na súa actividade; diso depende o bo funcionamento municipal. A estrutura burocrática actual vén poñendo de manifesto unha lentitude na actividade e, polo tanto, nos resultados. Tense que fuxir das actuacións insuficientes, axiliza-los trámites establecidos legalmente, con especial referencia aos temas urbanísticos, así como á actividade sancionadora en relación coas obras ilegais.

Con data 21/12/2004 recíbese informe técnico no que se di que o expediente foille remitido o 30/07/2004 e indicase que se trata dunha obra sen licenza e non legalizable; é dicir, máis de dous anos dende a súa denuncia. Seguiranse as actuacións durante o 2005.

RECOMÉNDASE

1) O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán (artigo 18).

2) O Cumprimento da legalidade que dimana da Lei 30/1992 - 4/1999 (artigos 35, 41, 42 e 74), así como das actuacións previstas na Lei do Solo de Galicia.

EXPEDIENTE 62/2004

ASUNTO

O interesado, en representación dunha asociación de comerciantes, indícanos que teñen solicitado no Concello unha reunión cos representante de Urbanismo por mor do que consideran un trato desigual que se vén dando entre os locais dedicados á hostalería en canto ás inspeccións dos mesmos, xa que estas só se levan a cabo en determinados locais. Estas inspeccións están promovidas por un grupo de veciños, sabendo do incumprimento da normativa vixente por parte de moitos outros establecementos, polo que solicitan un tratamento idéntico para tódolos locais do sector en cuestión e que se revisen tódalas licencias con igualdade do criterio seguido na normativa vixente.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 18/08/2004. Solicítase informe o 23/08/2004 á Concelle-
ría de Urbanismo, reiterándose a petición o 25/10/2004, o 22/11/2004 e o
16/12/2004, sen resposta.

REFLEXIÓNS

Estamos ante unha queixa promovida pola Asociación de Comerciantes e Hos-
taleiros "Vigo Vello", cunhas finalidades determinadas, como son:

- Realizar obras e desempeñar servizos útiles para os intereses xerais.
- Difundir e promove-las ensinanzas comerciais.
- Asesoramento aos asociados en temas de financiamento, apoio e subvencións para o seu desenvolvemento.
- Desenvolvemento do Centro Comercial Aberto Vigo Vello.

Ante o trato desigual que se formula na queixa en canto aos locais dedicados á
hostalería, é preciso recordar:

a) As entidades locais serven con obxectividade aos intereses públicos, é dicir,
con imparcialidade, xulgando con exactitude a realidade e prescindindo de facto-
res afectivos ou persoais, e actúan de acordo co principio de eficacia (artigo 6 da
Lei de Bases do Réxime Local).

b) As entidades locais deben favorece-lo desenvolvemento das asociacións para
a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños (artigo 72 do mesmo tex-
to legal).

c) O dereito ao tratamento idéntico para tódalas entidades do sector, procedén-
dose á revisión das licenzas de acordo coa normativa vixente.

RECOMÉNDASE

1) O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento de Organización
e Funcionamento do Valedor do Cidadán (artigo 18).

2) O cumprimento da legalidade que dimana dos dereitos recoñecidos no arti-
go 35 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999.

EXPEDIENTE 65/2004

ASUNTO

Queixa en relación coa construción ilegal dunha vivenda en Beade. O interesado, no seu escrito de queixa, expón que a citada construción, que se atopa en fase de execución, non conta coa correspondente licenza e carece de calquera tipo de permiso, sendo polo que solicita a paralización das obras. Presentou na Xerencia Municipal de Urbanismo dous escritos ao respecto con datas 30/08/2004 e 24/09/2004.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 7/09/2004. Con data 4/10/2004 solicitamos informe á Concellería de Urbanismo, petición que se reitera o 3/11/2004 e o 9/12/2004, sen resposta.

REFLEXIÓNS

Estamos ante unha pasividade que non atopa xustificación, dándose, ademais, actitudes por parte de veciños que implican agresións e ameazas, tal como consta na sentenza do 26/11/1993.

Ademais, consta informe da Policía local de data 6/09/2004, no que reflicte que o denunciado manifesta que carece de todo tipo de permiso.

É claro que a eficacia, como principio activo indispensable que debe presidir o exercicio de tódalas competencias, non goza de presenza neste suposto.

A lexitimidade por rendemento, está ligada á capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas xustificadas do contorno; cando esto non se acada, o escepticismo dos afectados non se detén e impulsa a vivir nunha realidade que non se pode soportar e que, incluso, chega ás agresións e ao risco de danos máis graves. De aí que a norma xurídica require por parte do cidadán o seu cumprimento, por grao ou por forza. O dereito, para ser eficaz, require coactividade, téñense que preservar de xeito eficaz as competencias que teñen por obxecto a preservación dos dereitos constitucionais dos cidadáns afectados.

A reposición da legalidade urbanística require de axilidade no cumprimento dos trámites establecidos; coa norma nada é imposible, só fai falta a vontade de coñecer contra que irregularidade, contra que inxustiza se quere loitar. Téñense que incoar con rapidez os expedientes sancionadores por infraccións comprobadas,

aínda que posteriormente as obras fosen legalizadas, o non facelo implica un manifesto abandono de funcións.

RECOMÉNDASE

1) O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán (artigo 18).

2) O cumprimento da normativa en temas de infraccións urbanísticas, en canto ás obrigas dunha actuación áxil e eficaz.

EXPEDIENTE 69/2004

ASUNTO

O interesado indicanos que con data 30/03/2004 presentou escrito de alegacións na Xerencia Municipal de Urbanismo en relación coa ordenación urbanística prevista no novo Plano Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Vello, por estar afectada unha edificación da súa propiedade, sen ter recibido resposta ningunha ao citado escrito.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 13/09/2004. Con data 14/09/2004 dirixímonos á Concelleira de Urbanismo solicitando informe ao respecto, que se recibe o 27/09/2004, e no que se fai unha relación das actuacións seguidas en relación coa aprobación do citado Plano e co trámite de información pública do mesmo, indicando que será cando remate o citado trámite (3/10/2004) o momento no que se remitirán as alegacións presentadas ao equipo redactor do Plano para o seu estudio e informe. Informe que se traslada ao interesado o 29/09/2004, sen actuacións posteriores.

REFLEXIÓNS

Recibido o preceptivo informe dentro do prazo previsto no Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán e, unha vez trasladado o contido do mesmo ao interesado, sen recibir novas alegacións ao respecto por parte deste, dáse por concluído o expediente.

EXPEDIENTE 70/2004

ASUNTO

O autor desta queixa, en representación da Coordinadora pola supresión da Rolda de Vigo, indícanos que no avance e documento para a aprobación inicial do PXOM de Vigo inclúese un vial chamado ROLDA de Vigo, que cruza o Concello de Vigo de noroeste a sudoeste, percorrendo as parroquias de Teis, San Xoán de Poullo, Sampaio, Candeán, Lavadores, Cabral-Aeroporto, Sárdoma, Castrelos, Matamá, Comesaña, Coruxo, Oia e Saiáns.

Ante este proxecto, crease a Coordinadora, tendo en conta a falta de claridade de argumentos e a dubidosa xustificación nos documentos que o describen, contradicións nos mesmos e o convencemento de que orixinará danos irreparables.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 14/09/2004. Solicítase informe o 16/09/2004 á Concelleira de Urbanismo, que se recibe o 4/10/2004, no que, en primeiro lugar, se xustifica a necesidade da mesma; a continuación, faise unha relación das actuacións en orde a garantir a máxima difusión do PXOM e, finalmente, indica que o Concello procederá á súa aprobación inicial e seguidamente virá o trámite de información pública. Informe do que se dá traslado ao interesado o 5/10/2004.

Con data 14/12/2004 recibimos por parte do interesado copia do informe elaborado polo Laboratorio de Ecoloxía Aplicada da Universidade de Vigo, en relación coa sostibilidade do plano xeral de ordenación municipal e da construción da rolda de Vigo, elaborado no mes de novembro de 2004.

REFLEXIÓNS

Se ben estamos ante un tema pendente de acordo definitivo, por estar á espera de aprobación inicial e posterior información pública, estimase axeitado prestar atención con detalle a informes e opinións técnicas de equipos recoñecidos:

- Laboratorio de Ecoloxía Aplicada da Universidade de Vigo, que nas súas conclusións fai reflexións como as seguintes:

- 1- Coherencia cos principios xerais de sostibilidade, estimándose que no proxecto dáse unha aplicación limitada.
- 2- Coherencia de obxectivos e actuacións.
- 3- Calidade do Estudio de Sostibilidade do PXOM.

- 4- Modelo territorial.
- 5- Crecemento demográfico e vivendas.
- 6- Impactos sobre a diversidade biolóxica.
- 7- Xustificación da proposta da construción da Rolda de Vigo.
- 8- Impacto ambiental da Rolda de Vigo.
- 9- Mobilidade sostible.
- 10- Avaliación global da sostibilidade do Plano e alternativa.

RECOMÉNDASE

Dar as máximas facilidades para que a cidadanía teña un amplo coñecemento do contido do proxecto, o que permitirá un sosegado estudio do mesmo e, deste xeito, que se poidan presenta-las emendas, suxestións e propostas fundadas que poidan dar lugar ao encontro das solucións máis xustas e á vez fructíferas para os intereses xerais das comunidades afectadas.

EXPEDIENTE 75/2004

ASUNTO

Queixa en relación cos ruídos provocados por un taller de serrar pedra situado a uns 100 metros da vivenda do interesado, na parroquia de Matamá, situación que é denunciada polo interesado dende outubro do 2002, recibindo o 5/08/2003 notificación da Xerencia Municipal de Urbanismo na que se indica que non consta licenza de actividades e instalación no enderezo denunciado.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 1/10/2004. Solicitase informe á Concellería de Urbanismo o 4/10/2004, petición que foi reiterada o 4/11/2004 e o 9/12/2004, sen resposta.

REFLEXIÓNS

Asunto que, en principio, correspondería a Medio Ambiente pero que se pasa a Urbanismo toda vez que, con data 5/08/2003, o Director dos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, Licenza de Actividades e Instalacións, comunicalle ao interesado que "*Non consta licencia de actividades e instalacións*".

Non obstante as denuncias efectuadas polo interesado, así como a medición de ruídos efectuada no seu momento pola Policía Local, o tema segue pendente, por non terse recibido información a partires da data antes citada.

Atopámonos, por carecer de información, cunha presunta falta de actividade por parte da Concellería competente, unha pasividade patente que deixa aos cidadáns afectados na máis palmaria situación de abandono fronte a unha ilegalidade denunciada e que, segundo o escrito dos Servizos Técnicos, a denuncia é correcta, xa que tal ilegalidade está constatada.

Cómpre expoñer que, entre a norma e a realidade, danse distancias esgotadoras, aínda que a norma nestes supostos é clara e contundente.

A eficacia da Administración Pública, neste caso, non é dende logo un principio activo non só desexable, senón indispensable, producindo un retroceso claro na mellora da lexitimidade da Corporación Local, dado que o rendemento é negativo. Esta lexitimidade está inexorablemente vencellada á capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas do contorno.

RECOMÉNDASE

1) O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán (artigo 18).

2) O cumprimento dos dereitos que lle asisten ao cidadán pola vía do artigo 35 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999.

3) O Cumprimento das obrigas de actuar en defensa da legalidade urbanística, aínda que posteriormente as obras sexan legalizables.

EXPEDIENTE 78/2004

ASUNTO

O interesado indicanos que con data 7/10/2004 presentou denuncia na Xerencia Municipal de Urbanismo en relación coa realización de obras sen licenza e non susceptibles de legalización na parroquia de Beade. As citadas obras consisten na edificación dunha vivenda unifamiliar de nova planta sobre unha edificación en ruínas, así como o recheo en finca lindeira e a construción do peche da mesma.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 8/10/2004. Con data 10/11/2004 solicitamos o preceptivo informe da Concellería de Urbanismo, petición que foi reiterada o 15/12/2004, sen resposta.

REFLEXIÓNS

Non obstante a denuncia presentada polo interesado (7/10/2004) sobre a realización de obras sen licenza non susceptibles de legalización por tratarse dunha edificación catalogada como ruínosa, segundo informe da Policía Local de data 5/10/2004 consta licenza municipal para un cambio de cuberta e obras interiores co número de expediente 48666/421, aprobada o 13/05/2004.

A denuncia detallada, complementada con gráficos e fotografías, baséase en diversos defectos formais, segundo o disposto na vixente Ordenanza 1.3.B de Edificación Familiar, así como no establecido no artigo 217.3 da LOUG.

Non obstante, e dado o tempo transcorrido dende a denuncia, espérase unha acción decidida en aras ao restablecemento da legalidade urbanística, unha vez comprobados os feitos alegados na denuncia.

Entendemos que, neste ámbito do urbanismo, as inspeccións téñense que axiliza-lo máximo e, en consecuencia, de existirlas infraccións, as respostas que procuren un restablecemento da legalidade teñen que ser rápidas e eficaces, aínda no suposto de que posteriormente as obras fosen legalizables.

RECOMÉNDASE

A eficacia, como principio indispensable das actuacións públicas.

EXPEDIENTE 96/2004

ASUNTO

O interesado presenta queixa por mor dos rúidos que vén padecendo no seu domicilio, sito na Baixada á Salgueira, indicando que os mesmos son causados polo funcionamento no baixo do edificio dunha Asociación Cultural, sen licenza, que produce rúidos insoportables ata altas horas da madrugada, e na que ademais se despachan bebidas alcohólicas.

Engade que presentou denuncias ao respecto no Concello de Vigo, non recibindo resposta; a única actuación foi a realizada por parte da Policía Local o 27/11/2004, achegando copia do informe emitido pola mesma, no que consta a falta de licenza.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 16/12/2004, solicitándose o preceptivo informe con data 17/12/2004 da Concellería de Urbanismo.

CAPÍTULO 10: VÍAS E OBRAS, INFRAESTRUCTURAS

EXPEDIENTE 40/2004

ASUNTO

O interesado, en calidade de presidente dunha comunidade de propietarios da rúa Sanjurjo Badía, indícanos que as obras do proxecto de actuacións puntuais para a mellora da rede de saneamento do núcleo urbano, afectaron á comunidade que representa, provocando o desprendemento de azulexos, fendas e afundimentos no piso. Engade que se ten dirixido á Concellería de Servicios Xerais solicitando unha revisión dos desperfectos, sen recibir resposta.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 25/05/2004. O 27/05/2004 solicitase informe da Concellería de Servicios Xerais, recibíndose o 4/06/2004 por parte do Negociado de Vías e Obras, no que se indica que a reclamación presentada pola comunidade denunciante remitiuse ao enxeñeiro técnico de obras públicas, estando á espera de que o mesmo emita informe técnico ao respecto. Información que se traslada ao interesado o 7/06/2004.

Con data 21/07/2004 solicitamos novamente que se nos remita informe por parte da Concellería de Servicios Xerais, indicando que o interesado nos comunicou que persoal técnico do Concello estivera na zona afectada. Esta petición reitérase o 26/08/2004, recibíndose o informe o 27/09/2004, co que se achega copia do informe do enxeñeiro técnico de Vías e Obras. No mesmo, indícase que, á vista dos desperfectos (fendas, desperfectos nos azulexos e repisamento na escaleira), encargouse a inspección da "tajea" construída no ámbito do proxecto de Mellora da Rede de Saneamento do Núcleo Urbano Zona litoral Norte, determinando que os desperfectos ocasionados no local non están relacionados coa obra executada. Información que se traslada ao interesado o 29/09/2004.

REFLEXIÓNS

Unha denuncia presentada o 31/01/2000, trasládase a esta Institución en forma de queixa en maio de 2004 debido a que non existe resposta nin actuación ningunha por parte do Concello de Vigo.

O artigo 35 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, declara a realidade duns dereitos dos cidadáns que comprometen a actuación das Administracións Públicas, someténdooas a unhas regras de comportamento en canto á información e ás comunicacións con aqueles. Estas regras de comportamento, baséanse nas liberdades que asisten aos cidadáns para acceder ás fontes documentais en mans dos entes públicos, así como na colaboración destes entes con aqueles cidadáns. Só se pretende que quede garantida a transparencia da actuación administrativa, así como favorece-la proximidade aos administrados.

A capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas do contorno para acadar-la mellora dunha situación material inflúe na lexitimidade por rendemento.

O propio artigo 6 da Lei de Bases do Réxime Local, proclama que as entidades locais serven con obxectividade aos intereses públicos que lles están encomendados e actúan de acordo co principio de eficacia, entre outros.

O cidadán ten, como primeiro interese, que se presten con eficacia a gama de servizos que a Administración Pública ten encomendados, en especial a axilidade na resolución dos expedientes e trámites e, logo, a adopción de medidas tendentes a resolver-lo problema que lle aprema.

RECOMÉNDASE

- 1) O cumprimento da normativa contemplada no artigo 35 da Lei 30/1992 - 4/1999.
- 2) O Respecto aos principios de axilidade e eficacia nas actuacións debidas.

EXPEDIENTE 42/2004

ASUNTO

Queixa en relación coas deficiencias detectadas nunha mina de auga, chamada Mina Souto do Chan de Riva. O interesado indícanos que solicitou no Concello, en Augas de Galicia e na propia AAVV de Beade que se emenden as deficiencias na citada mina para evitar posibles derrubas da mesma, así como outros posibles

danos á veciñanza. Solicita, ademais, que se proceda ao inventario e rexistro da mina.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 27/05/2004. Con data 28/05/2004 solicitase informe á Concellería de Asuntos Xerais, o cal se recibe o 3/06/2004, e no que se indica que a citada mina non figura rexistrada como municipal, motivo polo que o Concello non puido actuar sobre a mesma; engade que a documentación presentada polos veciños ao respecto foi remitida a Augas de Galicia para que procedesen ao seu rexistro a nome do Concello de Vigo, atopándose o expediente en trámite. Con data 3/06/2004 dáse cumprida información ao interesado do citado informe.

Con data 21/07/2004 solicitase informe actualizado do expediente en trámite, petición que foi reiterada o 26/08/2004 e, de novo, o 29/09/2004, recibíndose o 19/10/2004. No mesmo se indica que o expediente se atopa paralizado, pendente da presentación por parte do interesado de documentación requirida pola Concellería de Medio Ambiente. Información que se traslada ao interesado o 20/10/2004.

Con data 2/11/2004 recibimos novo escrito do interesado en resposta ao informe da Concellería de Servizos Xerais, polo que con data 18/11/2004 dirixímonos novamente á citada Concellería trasladando o manifestado por aquel, ao que se fai referencia no apartado seguinte das reflexións.

REFLEXIÓNS

Faise referencia á proposta efectuada o 18/11/2004 e que reflectimos a continuación, co ánimo de acadar unha solución a unha situación que vén manifestándose dende marzo de 2003:

1) O interesado, trala última información recibida dende o Concello, manifesta o seguinte:

a) A imposibilidade de achegar a documentación solicitada, que é moito máis extensa que a subliñada no informe. Entenden que a titularidade da mina tería que ser do Concello, xa que nin os residentes, nin os regadores a teñen; de aí que os seus elevados custes, informes técnicos, xestión administrativa, deberían ser a cargo da propia Administración.

b) Que en toda a documentación instrumentalizada, non consta que a veciñanza solicitase a concesión administrativa ao seu nome, soamente a súa inscrición,

potabilidade da auga, conservación e arranxo da mina, e a conseguinte tramitación regulamentaria, asignándoselle a concesión ao Concello de Vigo.

c) Alude, ademais, ao silencio practicado polo Concello, así como á falta de coordinación entre as distintas dependencias, como Medio Ambiente, Vías e Obras e a propia Concellería de Distrito.

d) Remata instando a esta Institución para que interceda ante o Concello (Medio Ambiente e Augas de Galicia) para que se leve a termo a concesión da citada mina "Souto do Chan".

2) Pola nosa parte instase unha solución en base a:

1. O uso da auga procedente da mina "Souto do Chan de Riva" vén sendo utilizado desde tempo inmemorial pola comunidade de regadores, non estando inscrita e, polo tanto, carece de legalidade.

2. Á vista da existencia, desde tempo inmemorial, dunha comunidade de regadores, a cal renova os dereitos que lle podan asistir, tería que ser o Concello de Vigo o único solicitante da concesión que se cuestiona, e o aproveitamento da mesma reverter en beneficio da comunidade constituída en Asociación de veciños, non sendo preciso que se constituía en comunidade de regadores, pasando o Concello a exercer-la tutela, e renunciando a todo tipo de dereito que lles asiste en canto á titularidade da concesión das augas se refire.

De aí que se estime que os interesados, dado que non reclaman a concesión do caudal, non son parte do expediente e, polo tanto, o mesmo debe continuar coa soa presenza do Concello como órgano tutelar e solicitante da concesión en beneficio da comunidade constituída en asociación de veciños e, unha vez solicitado, o mantemento, reparación e demais custes deben correr a cargo do solicitante da concesión.

RECOMÉNDASE

Prestar a máxima atención ao problema suscitado que afecta a unha colectividade que, de non acadar-la proposta, podería verse sometida a unha situación de exclusión social.

EXPEDIENTE 64/2004

ASUNTO

Queixa en relación coa falta de resposta por parte da empresa concesionaria Aqualia. O interesado, no seu escrito de queixa, indicanos que con data 9/06/2003 presentou escrito na citada empresa solicitando duplicado dos recibos correspondentes aos anos 1992 a 1995 para presentar a reclamación do pago dos mesmos.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 6/09/2004. Con data 8/09/2004 solicítase informe á Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente (Control de Concesionarias), petición que foi reiterada o 25/10/2004 e, de novo, o 15/11/2004. Recíbese o 26/11/2004 resposta por parte do Servizo de Atención Cidadá, indicando que non teñen recibido fotocopia da queixa, tal como se indica na solicitude de informe de 8/09/2004, polo que con data 29/11/2004 dirixímonos á Concellería de Medio Ambiente facendo referencia á resposta recibida e subliñando a falta de coordinación entre os distintos departamentos da entidade local, achegando, ademais, copia dos escritos de solicitude de informe.

Con data 15/12/2004 remitímoslle copia da reclamación presentada á Concellería de Vías e Obras.

REFLEXIÓNS

Un expediente que andou errático dunhas dependencias para outras, esquecendo a obriga que determina o artigo 20 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, sobre as decisións de competencia, e obviándose ademais os principios reflectidos nos artigos 6 e 10 da Lei de Bases de Réxime Local, en canto á coordinación e colaboración debida entre os órganos da Administración Pública.

É obvio que deste xeito o cidadán non chegue a acadar a credibilidade requirida en canto á súa Administración máis próxima se refire, e producindo deste xeito un afastamento non desexado.

O cidadán ten dereito ao acceso aos documentos que lle afectan, neste caso ás copias dos recibos, aínda que sexan dunha concesionaria.

RECOMÉNDASE

O cumprimento da normativa reflectida no capítulo das reflexións.

EXPEDIENTE 71/2004

ASUNTO

O interesado indicanos que, con data 14/06/2004, recibiu notificación da orde de execución na que lle concedían 15 días para retirar unhas cadeas e pivotes postos na vía pública. Por iso, formulou recurso de reposición, baseado fundamentalmente na omisión do trámite de audiencia, ao tempo que formulaba alegacións que acreditan a propiedade do lugar onde se sitúan as cadeas e pivotes. Con data 17/08/2004 reitérase a citada orde de execución, sen ter en conta ningunha das alegacións presentadas, polo que solicita a revisión de oficio da mesma. Con data 6/09/2004 reitéraselle novamente a citada orde. Entende o interesado que no procedemento levado a cabo se teñen vulnerado os dereitos do administrado, non respectándose o procedemento adecuado.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 15/09/2004. Solicítase informe o 16/09/2004 á Concellería de Servizos Xerais (Vías e Obras), que se recibe o 24/09/2004, indicando que, á vista dos informes de inspección, alegacións da responsable e certificacións catastrais e municipais, compróbase que o interesado ocupou parte da rúa con cadeas e pivotes para uso particular. Engade que en todo momento se lle deu trámite de audiencia e se lle facilitou copia do expediente, subliñando que a continuación se procederá á execución subsidiaria da retirada dos postes e cadeas, así como á apertura do correspondente expediente sancionador. Informe do que se dá cumprida información ao interesado o 27/09/2004.

REFLEXIÓNS

Desde o traslado da información ao interesado con data 27/09/2004, non se teñen producido aclaracións nin actuacións posteriores no tema que nos ocupa, o que fai concluír que neste suposto estase a aplicar a lexislación urbanística por obras na vía pública sen licenza.

RECOMÉNDASE

O exercicio eficaz nas competencias municipais que teñan por obxecto a preservación da normativa urbanística, incoándose axilmente os expedientes sancionadores que procedan pola realización de obras sen licenza, aínda que posteriormente sexan legalizables.

EXPEDIENTE 87/2004

ASUNTO

O interesado, en representación dun grupo de veciños, indícanos que presentaron escritos no Concello nos que interesan resposta ás súas demandas en relación coas obras de saneamento do Camiño do Lago en Beade, xa que cando chove non poden acceder ás súas vivendas.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 10/11/2004, solicitándose informe o 11/11/2004 á Concellería de Servizos Xerais (Vías e Obras), solicitude que foi reiterada o 13/12/2004, sen resposta.

REFLEXIÓNS

Tema relacionado con problemas de saneamento, sen ter recibido axuda nin actuación ningunha para a súa solución.

A Constitución Española consagra o principio de eficacia nas actuacións da Administración Pública; as competencias municipais téñense que exercer eficazmente, sobre todo cando se trata da defensa de dereitos constitucionais dos cidadáns que se ven afectados no ámbito do medio ambiente axeitado, na calidade de vida e na súa saúde. De non ser así, caemos unha situación penosa de exclusión social.

Tense que converter o principio de eficacia en fórmulas precisas, que é o que realmente lle interesa ao cidadán, para evitarlle as penalidades que por mor da lentitude e da inoperancia vese sometido con frecuencia.

A conversión destas situacións de necesidade en feitos reais depende, en gran medida, da profesionalidade e da responsabilidade dos empregados públicos que están suxeitos a unha función colectiva. O decisivo é a eficacia e a calidade do servizo e, por tanto, que a Administración sexa responsable.

RECOMÉNDASE

Unha actuación decidida e eficaz na solución de problemas que afectan á calidade mínima de vida dos cidadáns.

CAPÍTULO 11: XESTIÓN MUNICIPAL

EXPEDIENTE 8/2004

ASUNTO

O interesado expón que con data 10/10/2002 sufriu unha caída debido ao mal estado das lousas da beirarrúa, ocasionándolle unha escordadura cervical, do que precisou tratamento ata o 21/03/2003. Con data 7/11/2002 presentou no Concello reclamación indemnizatoria por responsabilidade patrimonial. Transcorrido o prazo sinalado no Real Decreto 429/93, do 26 de marzo, que aproba o regulamento de procedemento das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial, sen obter resolución ningunha, o interesado, con data 27/10/2003, solicitou do Concello resolución expresa, non recibindo a mesma.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 3/02/2004. Con data 4/02/2004 solicitamos informe da Concellería de Xestión Municipal- Patrimonio, que nos remite o mesmo o 13/02/2004, no que se indica que o expediente se atopa en trámite, non podendo ser resolto en prazo debido ao excesivo volume de expedientes sobre reclamacións patrimoniais, estimando que os próximos trámites a seguir serán a audiencia ao interesado, a redacción da proposta de resolución e a solicitude do dictame ao Consello Consultivo de Galicia. Con data 17/02/2004 dáse traslado ao interesado do informe recibido.

Con data 1/09/2004 solicítase informe actualizado, que se recibe o 8/09/2004, indicando que o expediente se atopa pendente da elaboración do Informe-proposta de Resolución para o seu envío ao Consello Consultivo de Galicia, información que se traslada ao interesado o 9/09/2004.

Con data 25/10/2004 solicítase información actualizada do expediente en trámite, petición que se reitera o 11/11/2004, e que se recibe o 16/11/2004. No informe indícase que o expediente foi remitido ao Consello Consultivo de Galicia o 11/11/2004 para a emisión de dictame. Información que se traslada ao interesado o 17/11/2004.

REFLEXIÓNS

Resulta chamativo que un expediente iniciado polo interesado en novembro de 2002, estea sen resolver en novembro de 2004, máxime cando o Real Decreto

429/1993, do 26 de marzo, declara no seu artigo 13 que o prazo para resolver será de seis meses.

Esta normativa trata de regular o marco deseñado na Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, na que se estipula a posibilidade de acudir a procedemento abreviado, posibilidade que non se plasma na realidade cotiá; máxime cando, coma neste suposto, non se cumpre nin sequera o prazo que subliña o artigo 13 do Real Decreto citado, incluíndo o período de proba do artigo 9 (trinta días).

Da desculpa alegada de "*excesivo volume de expedientes*", non se pode inducir unha xestión áxil e eficaz. O primeiro interese do cidadán vai dende a axilidade na resolución dos expedientes e trámites, ata a adopción das medidas tendentes a resolver os problemas da vida cotiá. Nas súas relacións cos cidadáns, tódalas Administracións Públicas someten a súa actividade á disciplina do Dereito Administrativo; este Dereito outórgalle notables privilexios, que se xustifican como instrumentos para que o ente público poida cumprir coas finalidades que a Lei e a Constitución lle atribúen. Pero este mesmo Dereito, como contrapartida inescusable, define mecanismos que permiten o control da actividade administrativa.

Tense que potencia-la eficacia administrativa, xa que o cidadán mantén un elevado interese en que a Administración se mostre en termos de calidade, axilidade e rapidez.

A eficacia e o control son os piares básicos do ámbito constitucional (artigo 103).

Tense que eludir o risco dun burocratismo gobernante, e propiciarse unha axeitada proxección en dirección á administración real de tódolos cidadáns.

A entidade local ten á súa disposición mecanismos regulamentarios para dotarse dos medios humanos e materiais necesarios para a procura dunha xestión eficaz.

RECOMÉNDASE

O cumprimento da legalidade que dimana da Lei 30/1332 - 4/1999, así como do RD 429/1993.

EXPEDIENTE 26/2004

ASUNTO

Queixa en relación cunha caída na rúa Travesía de Vigo debida a un desperfecto na beirarrúa, necesitando asistencia médica e quedando impedido para realizar os labores diarios durante 6 meses.

SITUACIÓN

A queixa foi presentada o 1/4/2004. Con data 5/04/2004 solicitamos o preceptivo informe á Concellería de Xestión Municipal (Patrimonio), que se recibe o 21/04/2004 indicando que o expediente de reclamación de danos interposto polo interesado se atopa en trámite. Información que se traslada ao interesado o 22/04/2004.

Con data 15/07/2004 solicitamos informe da situación actual do expediente, que se recibe o 12/08/2004, e no que se indica que se solicitara determinada documentación ao interesado. Con data 21/09/2004 solicitamos informe actual do expediente, que se recibe o 29/09/2004, e no que se indica que se deu trámite de audiencia ao interesado. Dáse traslado do mesmo ao promotor da queixa o 30/09/2004.

Con data 27/10/2004 dirixímonos novamente a Patrimonio solicitando informe da situación actual do expediente, recibíndose o mesmo o 16/11/2004, no que se indica que o expediente foi remitido ao Consello Consultivo de Galicia o 10/11/2004 para o seu informe preceptivo. Información que se traslada ao interesado o 17/11/2004.

REFLEXIÓNS

Accidente acaecido o 17/06/2003, presentándose a documentación requirida o 16/12/2003. En decembro de 2004 atópase pendente de resolución.

Son de incluír neste expediente as reflexións feitas no expediente número 8/2004, en canto á axilidade e á eficacia na tramitación e na resolución destes supostos que se requiren para acadar unha credibilidade na xestión pública por parte dos cidadáns afectados no seu vivir cotián por incidencias das que non son responsables.

RECOMÉNDASE

O mesmo que no expediente número 8/2004.

EXPEDIENTE 36/2004

ASUNTO

O interesado presenta queixa en relación coas barreiras arquitectónicas coas que se atopa nos aparcamentos dos xulgados e da Porta do Sol. Indica que acudiu aos citados aparcamentos co seu fillo de curta idade no seu carro, e que en ningún deles se lle facilitou o uso do ascensor.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 12/05/2004. Con data 14/05/2004 solicitamos o preceptivo informe á Concellería de Mobilidade e Seguridade, petición que foi reiterada o 16/06/2004, o 20/07/2004 e o 25/08/2004. Recíbese o informe con data 13/09/2004, no que se indica que se dá traslado ao Departamento de Patrimonio por ser un asunto da súa competencia. Informe que se traslada ao interesado o 14/09/2004.

Con data 6/10/2004 solicitamos da Concellería de Xestión Municipal (Patrimonio) o preceptivo informe, petición que se reitera o 8/11/2004. Con data 11/11/2004, dende Mobilidade e Seguridade, devólvesenos o expediente, polo que con data 15/11/2004 dirixímonos novamente a Xestión Municipal, recibindo resposta o 18/11/2004, na que se indica que non consta expediente a nome do interesado, polo que con data 19/11/2004 enviamos á Concellería de Xestión Municipal copia do escrito de Mobilidade e Seguridade, reiterándose a petición de informe o 13/12/2004. Este recíbese o 17/12/2004, co que se traslada a información do inspector de Vías e Obras unha vez visitados os aparcamentos en cuestión, e que manifesta que o ascensor do aparcamento da Porta do Sol funciona con normalidade e, pola contra, os da rúa Coruña aparentemente non funcionaban dende había tempo, subliñando que en ámbolos dous casos o ascensor funciona entre plantas sen que saia á superficie exterior. Información que se traslada ao interesado o 20/12/2004.

REFLEXIÓNS

O expediente iniciouse ante a Concellería de Mobilidade e Seguridade o 14/05/2004, e tras tres requirimentos máis, con data 13/09/2004, catro meses despois do inicio, recíbese escrito desa concellería no que se informa que con data 7/09/2004 dáse traslado a Patrimonio por ser tema da súa competencia.

Constátase unha falta de impulso e celeridade nas obrigas de Mobilidade e Seguridade, onde tardan catro meses en comprobar que o asunto en cuestión non

é da súa competencia, aínda que o artigo 20 da Lei 30/1992 - 4/1999 non indique prazo para efectua-lo traslado do expediente.

O mesmo procede reflectir en relación coas obrigas impostas polo artigo 6 da Lei de Bases de Réxime Local en canto á eficacia e á coordinación que deben presidi-las actuacións das entidades locais.

A coordinación xeral tense que entender como a aplicación de medios e sistemas que fagan posible a información recíproca, a homoxeneidade técnica e a acción conxunta no exercicio das respectivas competencias, de tal xeito que se acade a integración dos actos parciais na globalidade do sistema.

RECOMÉNDASE

- 1) O cumprimento da legalidade que dimana do artigo 18 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.
- 2) Unha maior atención aos principios de axilidade e eficacia na xestión pública.

EXPEDIENTE 46/2004

ASUNTO

O interesado indícanos que presentou no Departamento de Patrimonio do Concello solicitude de reclamación de danos en relación cunha caída como consecuencia do mal estado dunha arqueta nunha rúa pública, o que lle provocou unha rotura no pé dereito. Esta solicitude deu lugar á instrución do correspondente expediente, do que o interesado solicita se dicte resolución expresa no mesmo, dado o tempo transcorrido.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 4/06/2004. Solicítase informe o 7/06/2004 á Concellería de Xestión Municipal, recibíndose o 7/07/2004, no que se indica que respecto ao expediente en trámite, citáronse ás testemuñas e ao reclamante para realizar a proba testemuñal para o día 3/08/2004. Información que se traslada ao interesado o 8/07/2004.

Con data 26/08/2004 solicítase informe da situación actual do referido expediente, recibíndose o 10/09/2004, no que indica que o mesmo está pendente da valoración dos danos por parte da Compañía de Seguros, e que a continuación

daráselle trámite de audiencia ao reclamante. Informe do que se dá traslado ao interesado o 13/09/2004.

Con data 27/10/2004 solicítase información actualizada do expediente, que se recibe o 23/11/2004, indicando que, unha vez recibida a valoración dos danos físicos, deuse trámite de audiencia á concesionaria do servizo de abastecemento de augas. Información que se traslada ao interesado o 24/11/2004.

REFLEXIÓNS

Estamos ante un suposto que motivou o inicio do expediente de reclamación de danos o 25/11/2003, e que trece meses despois aínda non ten recaído resolución ao respecto.

Son de incluír neste expediente as reflexións feitas no expediente número 8/2004, en canto á axilidade e á eficacia na tramitación e na resolución destes supostos se require para acadar unha credibilidade na xestión pública por parte dos cidadáns afectados no seu vivir cotiá por incidencias das que non son responsables.

RECOMÉNDASE

O mesmo que no expediente número 8/2004.

EXPEDIENTE 58/2004

ASUNTO

O interesado expón que con data 13/10/2003 sufriu unha caída no Paseo de Alfonso XII por mor do mal estado no que se atopaba a rúa, sendo atendido no ambulatorio de diversas contusións e recibindo puntos nunha cella. Ademais, como consecuencia da caída rompeu as gafas graduadas que levaba. Engade que na súa reclamación ao Concello non reclamou danos físicos, aínda que os houbo, senón que se limita a reclamar o abono das gafas que rompeu como consecuencia da caída.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 10/08/2004. Solicítase informe á Concellería de Xestión Municipal (Patrimonio) o 18/08/2004, que se recibe o 9/09/2004, e no que se indica que o expediente de reclamación de danos atópase pendente do informe do servizo de ambulancias. Informe que se traslada ao interesado o 13/09/2004.

Con data 23/09/2004 o interesado indicanos que recibiu escrito do Concello, co que se achega copia do expediente en trámite e no que se lle dá trámite de audiencia, presentando o mesmo novas alegacións no Concello de Vigo.

Con data 25/10/2004 solicitamos informe actual da situación do expediente, que se recibe o 9/11/2004, indicando que o expediente se atopa pendente de informe do servizo de ambulancias, tralo escrito presentado polo interesado. Informe que se traslada ao interesado na mesma data.

REFLEXIÓNS

Atopámonos cun expediente en fase de tramitación no que se instou informe dun servizo de ambulancias dende o 24/09/2004 e do que, ao peche desta memoria, non consta a súa existencia.

Insístese na conveniencia de esgota-los procedementos nos prazos que se subliñan no Real decreto 429/1993, xa que os mesmos, segundo o artigo 47 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, obrigan ás autoridades e ao persoal ao servizo das Administracións Públicas competentes para a tramitación dos asuntos.

RECOMÉNDASE

O cumprimento dos prazos, segundo o exposto anteriormente.

EXPEDIENTE 63/2004

ASUNTO

O interesado presenta queixa en relación cuns feitos que sucederon no Concello de Vigo despois de que o mesmo sufrise un accidente, requirindo a actuación da Policía Local. Con data 5/08/2004 dirixiuse ao Concello co fin de obter o informe da Policía para presentar no seguro do vehículo. Unha vez alí, indicanos que só para cubrir os impresos de solicitude e entregalos tivo que agardar en distintas ocasións filas de ata 15 minutos, polo que, o que considera un simple trámite, levoulle demasiado tempo. Manifesta, ademais, que ao dirixirse ás dependencias da Policía Local o trato que alí recibiu por parte dun axente foi, segundo el, "burlón" e "intento de humillación", a pesar de que nas dúas seguintes ocasións, nas se viu obrigado a acudir a aquelas dependencias, tentou unha actitude conciliadora co citado axente, pero este non desistiu na súa actitude.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 20/08/2004. Solicitase informe o 23/08/2004 á Concellería de Mobilidade e Seguridade e á Concellería de Xestión Municipal, recibíndose por parte da Unidade de Persoal con data 3/09/2004, co que achega informe da Policía Local, no que se indica que o trato do axente en cuestión foi en todo momento o correcto. Información que se traslada ao interesado o 8/09/2004.

Na mesma data, dirixímonos novamente á Concellería de Xestión Municipal, expoñendo novamente os motivos da queixa no que se refire á axilización dos trámites e á coordinación dos servizos, así como á normalización de impresos e á adaptación a súa finalidade, recibindo resposta ao mesmo con data 21/09/2004. Dáse traslado da mesma ao interesado con data 22/09/2004 que, por non recibida, se envía novamente o 21/10/2004. Sen actuacións posteriores.

REFLEXIÓNS

Tema especialmente relacionado coa axilización de trámites e coordinación dos servizos, así como coa normalización de impresos e adaptación á súa finalidade.

Hoxe, tanto no ámbito da xestión privada como na pública, estase a vivir unha situación de afán renovador: acadar mellores resultados mediante un axeitado emprego dos medios pertinentes. O que comezou sendo unha experiencia privada, empresarial, puramente mercantil e, polo tanto, competitiva, empeza a manifestarse e plasmarse no ámbito da xestión pública; non é outra cousa que a denominada calidade.

O perfil ao que atende a actividade administrativa non é outro que o interese público, e as distintas formas desa actividade non son compartimentos estancos, senón que se atopan en íntima correlación, todas se poden empregar alternativamente.

A Administración Local, como toda Administración, ten que producir. O termo productividade comezou sendo unha fórmula de carácter eminentemente técnico, para transformarse logo nunha verdadeira doutrina económica, instrumentalizándose como un proceso con tres fases:

- Racionalización.
- Mecanización.
- Automatización.

Comézase a falar de mellora de métodos de traballo, supresión de trámites inútiles, superación de rutinas, renovación documental, realización de operacións con intervención de máquinas de alta tecnoloxía, etc.

Hoxe, as doutrinas da política local envórcanse na mellora da lexitimidade das Corporacións Locais, a cal se ten que buscar pola vía dos rendementos. Para isto, é imprescindible a modernización da xestión, sendo as tarefas de coordinación as que maior preocupación espertan. Non se trata de coordina-las áreas, senón tamén estas e os distritos, de unhas e dos outros cos organismos supramunicipais e coas empresas públicas que integran o sector municipal, regulando mediante os regulamentos orgánicos; diso depende o bo funcionamento municipal.

Dentro da reforma administrativa, a coordinación ocupa un lugar preferente. Non esquecer ao Tribunal Constitucional (1989), cando proclama que toda coordinación implica certo poder de dirección, consecuencia da superioridade en que se sitúa quen coordina.

Cómpre que se adopten sistemas de calidade na xestión e autoconcienciarse en dotarse dunha metodoloxía de mellora continua que facilite e permita unha evolución da calidade dos servizos, e que tería que ter presente os seguintes parámetros:

- A satisfacción dos clientes, externos e internos.
- A profesionalización da xestión.
- A formación continua do persoal.
- A mellora dos procesos.

Só así se acadarán os fins pretendidos e garantidos pola lexislación básica (artigo 103 da Constitución Española, artigo 6 da Lei de Bases de Réxime Local).

Hoxe xa existe un modelo europeo para a xestión da calidade, adoptado por numerosos municipios do estado español. Todo municipio ten que apostar por configurar unha nova Administración, máis áxil, sinxela e eficiente, cun só referente esencial, cal é o cidadán, que esixe con razón uns servizos públicos máis eficaces, de maior calidade na mellora permanente, incorporando as transformacións derivadas das novas tecnoloxías e da sociedade, e para acadalo téñense que prioriza-las estratexias. Hai que aceptar que a Administración Local se actualice, se incruste no século XXI e se renove, introducindo a calidade como criterio fundamental da xestión e como princi-

pal compromiso co cidadán e, ademais, integra-las novas tecnoloxías como ferramenta de transformación da organización administrativa actual.

Todo iso co ánimo de que se acade unha xestión municipal eficiente, na que non se produzan situacións como a posta de manifesto no expediente de referencia.

RECOMÉNDASE

1) Actuacións puntuais como as que se reflicten nos temas que competen á Concellería de Xestión Municipal.

2) A posta en práctica das intencións manifestadas pola Concellería de Xestión Municipal cando nos transmite, no caso que nos ocupa, o seu sentir e as súas intencións:

"En resposta o seu escrito referencia, prácame comunicarlle que todo o que vostede expón para axilizar e modernizar a xestión municipal é unha tarefa na que todos os membros do Goberno Municipal e, por suposto, eu mesmo como concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, está a traballar todos os días para tratar de conseguir un servizo público e de calidade para toda a cidadanía.

Agradézolle as súas interesantes propostas que, unha vez máis, demostran a súa preocupación polos intereses da nosa cidade e que tomaremos en conta para tratar de mellorar día a día a xestión municipal e evitar situacións como a explicitada no documento de referencia."

EXPEDIENTE 86/2004

ASUNTO

Queixa en relación cunha caída na rúa Montero Ríos. O interesado expón que con data 15/01/2004 tropezou cunha lousa da beirarrúa que se atopaba levantada na precitada rúa, á altura do Hotel Universal. Por mor da caída, sufriu diversos danos, consistentes en contusións nos xeonllos e na cara, especialmente na dentadura, movéndosele algúns dentes. Presentou a correspondente reclamación no Concello con data 29/09/2004, sen recibir resposta.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 9/11/2004, solicitándose informe á Concellería de Xestión Municipal (Patrimonio) con data 10/11/2004.

Con data 11/11/2004, o interesado recibe escrito do Departamento de Responsabilidade Patrimonial, no que se lle solicita que achegue unha relación de documentos e informes relacionados coa súa solicitude.

Con data 18/11/2004 recíbese o informe solicitado por esta Institución, no que se indica que o expediente atópase na Xefatura da Policía Local para que remitan o parte orixinal da intervención policial referida ao sinistro sufrido polo reclamante. Informe que se traslada ao interesado con data 19/11/2004.

Con data 28/12/2004 solicítase informe da situación actual do expediente.

REFLEXIÓNS

Con data 15/11/2004, o expediente atopábase en poder da Policía Municipal para informe; descoñécese ao peche desta Memoria a situación do mesmo.

É do maior interese que o procedemento se adecúe ao disposto no Real Decreto 429/1993, así como a rigorosidade no cumprimento dos prazos, segundo estipula o artigo 47 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999.

RECOMÉNDASE

O cumprimento dos prazos, segundo o exposto anteriormente.

EXPEDIENTE 90/2004

ASUNTO

O interesado presenta queixa en relación cunha caída sufrida debido ao mal estado da beirarrúa, feito sucedido na rúa Policarpo Sanz, á altura da Casa das Artes. Engade que tivo que ser trasladada en ambulancia ao Hospital e que precisou repouso durante quince días. Por todo, presentou a correspondente reclamación no Concello, sendo requirida, despois de sete meses, para que presentase os partes de baixa e alta médica. Unha vez presentados, non recibiu noticia ningunha por parte do Concello.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 24/11/2004. Con data 29/11/2004 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Xestión Municipal (Patrimonio), recibíndose o 30/12/2004, no que se indica que o expediente foi remitido á asesoría médica para a valoración dos danos físicos, así como que se solicitou información ao reclamante.

REFLEXIÓNS

Atopámonos cun expediente iniciado ante o Concello o 23/07/2003, segundo consta na data de rexistro de entrada da solicitude do interesado. Posteriormente, con data 12/02/2004 e número de documento 40014236, reitera a súa petición.

Con data 24/11/2004 presenta queixa nesta Institución, indicando que, sete meses despois da súa solicitude, reclámanselle o parte de baixa e mailo de alta, sen máis noticias respecto ao expediente.

Con data 30/12/2004 recíbese nesta Institución informe no que se indica que con data 22/12/2004 remítese o expediente á asesoría xurídica para a valoración dos danos físicos.

Se o Real Decreto 429/1993 establece un prazo de seis meses para resolver, máis un mes de período de proba, se fose necesario, atopamos que transcorren 19 meses sen resolución definitiva, o que impulsa a recoñecer a falta de eficacia na prestación dun servizo. A falta de axilidade maniféstase na extremada lentitude na resolución do expediente, así como na adopción das medidas tendentes a resolver o problema. A Administración Local tamén está obrigada a somete-la súa actividade á disciplina do Dereito Administrativo; a eficacia depende, en última instancia, dos empregados públicos e dunha política funcional que prime aos competentes e estimule o mérito e a capacidade.

A lexitimidade por rendemento non reside en que sexa representativa, senón no seu carácter servicial; a Constitución Española xa o di: a Administración serve.

Esto fainos lembrar aquel pensamento de que "o home non pode aturar tanta realidade".

RECOMÉNDASE

O cumprimento da legalidade que dimana do Real Decreto 429/1993 e da propia Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999).

EXPEDIENTE 92/2004

ASUNTO

O interesado presenta queixa en relación co que considera unha subida excesiva da cota de abono do aparcamento da rúa Venezuela, subliñando que no último ano sucedéronse tres subidas, resultando que na actualidade ten que pagar 100.-€, cando un ano atrás a cota era de 60.-€.

Polo exposto, presentou a correspondente queixa no Concello, sen recibir ningún tipo de resposta. Presentou, ademais, queixa ante o Valedor do Pobo, que o remitiu ao Concello de Vigo.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 26/11/2004, solicitándose o preceptivo informe á Concellería de Xestión Municipal (Patrimonio) o 13/12/2004.

REFLEXIÓNS

Se ben a queixa fórmulase ante esta Institución o 26/11/2004, existe unha reclamación do interesado ante unha dependencia municipal (OMIC) o 22/01/2004, sen ter recibido resposta nin información de ningún tipo.

RECOMÉNDASE

Dar cumprida resposta e información ás peticións e solicitudes presentadas polos cidadáns, de acordo co disposto no artigo 35 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, e o Real Decreto 208/1996.

CAPÍTULO 12: OUTROS

EXENCIÓNS SEGUNDO O REGULAMENTO DO VALEDOR DO CIDADÁN

EXPEDIENTE 3/2004

ASUNTO

O interesado, en condición de presidente da Asociación Veciñal de Cabral, presenta queixa en relación cos cortes no subministro de enerxía eléctrica sufridos os días 24 e 31 de decembro de 2003 no barrio do Carballal.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 16/01/2004. Con data 19/01/2004 comunicase ao interesado que de acordo co artigo 14 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, esta Institución non ten competencia para atender a queixa por afectar a unha Administración allea ao ámbito municipal. Indicaselle, ademais, a posibilidade de trasladar a mesma ao Valedor do Pobo, segundo o establecido no artigo 13 do citado regulamento.

EXPEDIENTE 44/2004

ASUNTO

Queixa por mor das condicións laborais ás que se ven sometidos un grupo de traballadores dun Centro de Atención sito en Chapela e dependente da Xunta de Galicia.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 1/06/2004. Con data 2/06/2004 dirixímonos aos interesados indicando que, segundo establece o artigo 14 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, esta Institución non ten competencia para atender a mesma por afectar a unha Administración Pública allea ao ámbito municipal, como é a Xunta de Galicia, engadindo que, se o desexa, podemos dar traslado da queixa ao Valedor do Pobo en Santiago de Compostela, segundo establece o artigo 13 do citado regulamento.

EXPEDIENTE 61/2004

ASUNTO

Queixa en relación cunha avaría provocada por unha irregularidade no abastecemento de enerxía eléctrica por parte da empresa Fenosa con data 18/07/2004. O interesado expón que tras facer varias xestións para solucionar o problema, tivo que chamar a un electricista, que lle cobrou a cantidade de 156,66.-€, non conseguindo que por parte da empresa responsable se lle abone a cantidade citada.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 18/08/2004. Na mesma data dirixímonos ao interesado indicando que, de acordo co artigo 13.c do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, non procede a admisión da súa queixa por tratarse dunha actividade que fai referencia a unha Administración Pública allea á Administración Municipal de Vigo.

Con data 24/08/2004 o interesado infórmanos que Fenosa abooulle a cantidade citada, polo que se procedeu ao peche do expediente sen necesidade de dar traslado do mesmo ao Valedor do Pobo.

EXPEDIENTE 83/2004

ASUNTO

Queixa en relación coa subida do imposto sobre bens inmobles derivada do incremento do valor catastral da vivenda do interesado en San Paio de Navia, multiplicándose o valor catastral respecto ao ano anterior case sete veces, ao que hai que engadir unha subida no tipo aplicado, que pasa do 0,715 ao 0,720, polo que a contía a pagar pasou de 134,39.-€ no 2003 a 870,84.-€ no 2004. Engade que presentou con data 9/02/2004 recurso de reposición ante a Dirección Xeral do Catastro contra a decisión do aumento do valor catastral.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 19/10/2004. Con data 4/11/2004 o interesado achega documentación relativa á súa queixa, entre a que se atopa copia da resposta do Negociado de Tributos á súa solicitude, indicando que deberá dirixir a queixa á Xerencia Territorial do Catastro, por ter asumida a competencia da xestión catastral do imposto.

EXPEDIENTE 85/2004

ASUNTO

Queixa en relación cun conflito laboral no servizo de bombeiros do Concello de Vigo, conflito derivado dun accidente laboral que, debido á gravidade das secuelas, determina, nun principio, unha invalidez parcial e permanente para a profesión habitual do interesado, polo que o mesmo solicita a readaptación a un posto apropiado á súa situación de saúde, solicitude que lle é denegada en distintas ocasións. Por mor de seguir desenvolvendo as funcións normais do seu traballo, as lesións padecidas foron agravándose, derivando na proposta, por parte do Equipo de Valoración de Incapacidades da Seguridade Social, a unha invalidez en grado total e permanente para a profesión habitual do interesado, que provocaría a perda da condición de funcionario do Concello de Vigo.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 25/10/2004. Non hai actuacións posteriores por tratarse dunha cuestión de persoal, expresamente excluída da competencia desta Institución.

EXPEDIENTE 95/2004

ASUNTO

O interesado presenta queixa en relación coas carencias no subministro eléctrico na zona do Salgueiro, en Candeán. Indica que os veciños xa presentaron distintas reclamacións en Fenosa, na Oficina Municipal de Información ao Consumidor e na Consellería de Industria da Xunta de Galicia.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 14/12/2004. Con data 17/12/2004 dirixímonos ao interesado indicando que, de acordo co artigo 13.c do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, non procede a admisión da queixa por tratarse dun tema que afecta a unha Administración allea ao ámbito municipal, engadindo que, se o require, daremos traslado da mesma ao Valedor do Pobo, institución competente, xa que afecta á Administración Autonómica.

EXPEDIENTES REMITIDOS AO VALEDOR DO POBO

EXPEDIENTE 60/2004

ASUNTO

Queixa en relación coa falta de axudas por parte das institucións públicas, denunciando a situación de desamparo en que se atopan moitas persoas maiores. O interesado denuncia ademais a situación na que se atopan as persoas aseguradas no réxime especial de empregados do fogar, xa que, ante a súa solicitude de baixa, o I.N.S.S informoulle que a prestación económica por incapacidade temporal naquel réxime só se percibe a partir do vixésimo noveno día.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 13/08/2004. Con data 18/08/2004 dirixímonos ao interesado indicando que, de acordo co artigo 13.c do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, non procede a admisión da súa queixa por tratarse dunha actividade que fai referencia a unha Administración Pública allea á Administración Municipal de Vigo. Na mesma data, conforme ao solicitado polo interesado, damos traslado da queixa ao Valedor do Pobo en Santiago de Compostela.

EXPEDIENTE 79/2004

ASUNTO

O interesado presenta queixa en relación co funcionamento da Oficina de Formación e Emprego de López Mora, indicando que durante os dez meses nos que estivo inscrito na precitada oficina non foi chamado nin para acudir a cursos de formación, nin para entrevistas de traballo.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 11/10/2004. Con data 13/10/2004 e, segundo solicitude do interesado, damos traslado da queixa ao Valedor do Pobo. Con data 14/10/2004 dirixímonos ao interesado indicando o traslado da mesma.

EXPEDIENTE 82/2004

ASUNTO

Queixa en relación cunha solicitude de emerxencia social para a instalación do abastecemento eléctrico e de auga nunha vivenda en San Pelayo de Navia. O interesado manifesta que a citada solicitude foille denegada pola Consellería de Asuntos Sociais, polo que interpuxo recurso en vía contencioso-administrativa contra a resolución da mesma, estimando o xulgado o recurso e condenando á Consellería a recoñecer e aboar a axuda solicitada.

A pesar da estimación do recurso, a contía finalmente concedida pola Xunta de Galicia non é suficiente para cubrir os gastos derivados da instalación do servizo de auga, subliñando que aínda habería que engadir a instalación do subministro eléctrico. Tendo en conta que, segundo a notificación recibida, a contía concedida supón a máxima establecida, o interesado solicita se lle conceda algunha axuda complementaria para cubrir o total dos gastos.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 18/10/2004. Na mesma data dirixímonos ao interesado indicando que, de acordo co artigo 13.c do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán e, segundo a súa solicitude, damos traslado da súa queixa ao Valedor do Pobo, por tratarse dunha actividade que fai referencia á Administración Autónoma de Galicia. Na mesma data trasladamos a queixa ao Valedor do Pobo.

EXPEDIENTES REMITIDOS AO "DEFENSOR DEL PUEBLO"

EXPEDIENTE 67/2004

ASUNTO

Queixa en relación cunha caída na rúa Urzáiz por mor de que a beirarrúa se atopaba totalmente levantada e sen sinalización ningunha. O interesado expón que por causa dos citados feitos, interpuxo acción de responsabilidade extracontractual contra a empresa contratista das obras e as empresas subcontratadas, resultando desestimada a súa demanda e sendo condenado, ademais, ao pago das costas procesuais, que ascenden á cantidade de 4.278,62.-€.

O interesado manifesta que, tendo en conta os seus ingresos económicos, que consisten nunha pensión de xubilación por incapacidade total e unha pensión de viuvez, considera unha grande inxustiza verse obrigado a pagar a precitada cantidade, polo que solicita a nosa mediación para acadar a exención do citado pago.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 10/09/2004. Con data 13/09/2004 dirixímonos ao interesado indicando que, de acordo co artigo 13.c do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, non procede a súa admisión por tratarse dunha actividade que fai referencia a unha Administración Pública allea á Administración Municipal de Vigo, polo que, seguindo as súas instrucións, damos traslado do seu escrito de queixa, así como da documentación presentada, ao Defensor del Pueblo para a súa tramitación.

EXPEDIENTE 80/2004

ASUNTO

Queixa en relación coa actuación da Guardia Civil de Tráfico por mor dun accidente de tráfico sucedido na circunvalación M50, á altura de Fuenlabrada.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 13/10/2004. Con data 13/10/2004 e, segundo solicitude do interesado, damos traslado da queixa ao Defensor del Pueblo. Con data 14/10/2004 dirixímonos ao interesado notificándolle o traslado da queixa, de acordo co artigo 13.c do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

RESUMO ESTADÍSTICO

ÁREA DE AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA: 2

AUGA:

Tarifas de subministración de auga: 0

SANEAMENTO: 1

LIMPEZA:

Recollida de lixo: 1

ÁREA DE BENESTAR SOCIAL: 2

Asistencia social: 1

Orientación: 0

Vivenda: 1

ÁREA DE CULTURA, DEPORTES E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA: 5

CULTURA: 0

DEPORTES: 1

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA: 4

ÁREA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL: 1

Participación Cidadá: 0

Recuperación do Casco Vello: 1

ÁREA DE ECONOMÍA E FACENDA: 5

ECONOMÍA E FACENDA:

TRIBUTOS:

Imposto de Actividades Económicas: 1

Imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Urbana: 0

Imposto de Circulación de Vehículos: 1

Imposto sobre Construcións,
Instalacións e Obras: 1

Incremento de Valor dos Terreos

de Natureza Urbana: 2

Outros: 0

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE: 10

Contaminación Acústica: 4

Olores: 2

Vertidos/ Residuos: 2

Outros: 2

ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE: 23

MOBILIDADE:

Aparcamento/Vados: 4

Multas: 13

Tráfico: 1

Transporte: 1

Vitrasa: 1

Outros: 2

SEGURIDADE:

Seguridade cidadá: 1

ÁREA DE PARQUES E XARDÍNS: 1

ÁREA DE URBANISMO: 23

Execución de ordes de derruba: 2

Infraccións urbanísticas (obras ilegais): 16

Licencias: 0

Afectados PERI/ PEPRI: 3

PXOU e ROLDA: 1

Outros: 1

ÁREA DE VÍAS E OBRAS E INFRAESTRUCTURAS: 5

VÍAS E OBRAS: 5

INFRAESTRUCTURAS: 0

ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL: 9

PATRIMONIO:

Barreiras arquitectónicas: 1

Responsabilidade patrimonial por danos
persoais: 6

Outros: 2

VARIOS: 11

Ámbito civil entre particulares: 0

Consumo: 0

Exentos segundo regulamento: 6

OUTRAS ADMINISTRACIÓN:

Administración estatal/Defensor del Pueblo: 2

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA/
VALEDOR DO POBO: 3

OUTRAS CCAA: 0

OUTROS CONCELLOS: 0

**Nº EXPEDIENTES 2004 POR ÁREAS**

ÁREAS*	Nº EXPEDIENTES
AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA	2
BENESTAR SOCIAL	2
CULTURA, DEPORTES E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	5
DESENVOLVEMENTO LOCAL	1
ECONOMÍA E FACENDA	5
MEDIO AMBIENTE	10
MOBILIDADE E SEGURIDADE	23
PARQUES E XARDÍNS	1
URBANISMO	23
VÍAS E OBRAS, INFRAESTRUCTURAS	5
XESTIÓN MUNICIPAL	9
VARIOS	11
TOTAL EXPEDIENTES	97


*Segundo orde alfabética

REFERENCIA PORCENTUAL DE EXPEDIENTES

ÁREAS*	PORCENTAXES
MOBILIDADE E SEGURIDADE	23,71%
URBANISMO	23,71%
VARIOS	11,34%
MEDIO AMBIENTE	10,31%
XESTIÓN MUNICIPAL	9,28%
CULTURA, DEPORTES E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	5,15%
ECONOMÍA E FACENDA	5,15%
VÍAS E OBRAS, INFRAESTRUCTURAS	5,15%
AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA	2,06%
BENESTAR SOCIAL	2,06%
DESENVOLVEMENTO LOCAL	1,03%
PARQUES E XARDÍNS	1,03%

*Ordenadas porcentualmente de maior a menor

Referencia porcentual de expedientes



REQUIRIMENTOS DE EXPEDIENTES INICIADOS NO ANO 2004

ÁREA DE AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
1/2004	Solicitude de conexión ao colector de saneamento dunha vivenda unifamiliar	08-01-04 02-03-04	15-03-04
10/2004	Solicitude de instalación dun colector do lixo	*1	

*1 O interesado indica que o problema está solucionado, sen necesidade de requirimento por parte desta Institución.

ÁREA DE BENESTAR SOCIAL

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
14/2004	Solicitude urxente de vivenda social	19-02-04	08-03-04
32/2004	Queixa en relación co trato recibido por parte dos servizos sociais	26-04-04	20-05-04

ÁREA DE CULTURA, DEPORTES E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
35/2004	Incumprimento da Ordenanza de Normalización Lingüística	12-05-04	26-05-04
53/2004	Incumprimento da Ordenanza de Normalización Lingüística na Escola de Artes e Oficios	05-07-04 19-08-04 25-10-04/23-12-04	22-07-04 05-11-04 *1
73/2004	Subtracción de equipamento nas instalacións da piscina municipal	28-09-04 27-10-04	09-11-04
93/2004	Incumprimento da normativa de normalización lingüística na publicidade do Concello	30-11-04	28-12-04
97/2004	Incumprimento da normativa de normalización lingüística por parte de cargos e funcionarios	23-12-04	*1

*1 Pendente de recibir informe.

ÁREA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
37/2004	Suxestións en relación coa recuperación do Casco Vello	18-05-04/21-07-04 14-09-04 09-11-04	11-06-04/06-08-04 03-09-04/27-09-04 19-11-04 *1

*1 Distintos requirimentos e respostas en función dos distintos Departamentos afectados.

ÁREA DE ECONOMÍA E FACENDA

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
50/2004	Sanción por incumprimento no pago do Imposto sobre Construcións	15-06-04	06-07-04
56/2004	Débeda en relación co IAE e Imposto de Circulación	18-08-04 21-09-04/25-10-04	30-08-04 04-11-04
74/2004	Sanción por incumprimento no pago do Imposto sobre o Incremento dos Terreos N.U.	30-09-04	22-10-04
88/2004	Sanción por incumprimento no pago do Imposto sobre o Incremento dos Terreos N.U.	02-12-04	23-12-04
89/2004	Solicitude de exención do Imposto de Circulación en relación dunha discapacidade	29-11-04	*1

*1 Pendente de recibir informe.

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
2/2004	Contaminación acústica causada por unha discoteca	12-01-04 12-07-04/18-08-04 20-09-04/25-10-04	24-02-04 04-11-04
6/2004	Contaminación acústica provocada por un local de copas	03-02-04/02-03-04 11-03-04/15-04-04 18-05-04/28-06-04 22-07-04/27-09-04	10-03-04 26-05-04/30-07-04 18-08-04/29-11-04
9/2004	Contaminación acústica provocada por tres locais-discotecas	09-02-04/02-03-04 14-04-04/18-05-04 28-06-04/22-07-04 25-08-04/27-09-04 26-10-04/23-11-04	26-05-04 Sen resposta
12/2004	Queixa relacionada cunha fuga de gas na Estación Renfe-Guixar	03-03-04 30-03-04	22-04-04
15/2004	Solicitude de autorización para apertura temporal dun pozo negro	04-03-04/26-03-04 10-05-04/10-06-04 12-07-04/18-08-04 20-09-04/25-10-04 23-11-04/23-12-04	05-04-04 22-10-04 *1
17/2004	Denuncia de instalación no baixo dun edificio de aparatos electrónicos que emiten ruído e calor	26-02-04/22-03-04 20-04-04/20-05-04 24-06-04/21-07-04	Sen resposta
47/2004	Queixa en relación cos fumes procedentes de fogueiras realizadas por un veciño	7-06-04	29-06-04
49/2004	Solicitude de instalación de colector para a recollida do lixo	09-06-04 12-07-04	16-07-04 06-08-04
59/2004	Contaminación acústica provocada por un local de copas	18-08-04/22-09-04 27-09-04/27-10-04 29-11-04/15-12-04	Sen resposta
84/2004	Queixa en relación coa incoación de expediente por tenencia de animais en zona urbana	*2	

*1 Pendente de recibir informe final.

*2 Pendente de que o interesado presente a resolución de Medio Ambiente.

ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
4/2004	Sanción de tráfico	05-07-04 17-08-04/08-09-04 25-10-04/11-11-04	Sen resposta
5/2004	Denegación de tarxeta para acceder ao Barrio Histórico	26-01-04 24-02-04/15-04-04 18-05-04/05-07-04 17-08-04/08-09-04	23-02-04 18-11-04
11/2004	Subtracción de vehículo con retirada do mesmo por parte do guindastre	16-02-04 15-03-04/26-08-04 27-09-04/26-10-04	05-04-04 18-11-04
13/2004	Queixa presentada por usuarios dun servizo de transporte público	23-02-04/15-03-04 10-05-04/10-06-04 12-07-04/18-08-04 20-09-04/25-10-04	17-03-04 Sen resposta
16/2004	Solicitude de prohibición de aparcamento diante dunha vivenda	25-02-04/22-03-04 20-04-04/20-05-04 12-07-04/19-08-04	Sen resposta
22/2004	Sanción de tráfico	27-05-04/28-06-04 27-07-04/17-08-04 13-09-04/25-10-04	Sen resposta
27/2004	Solicitude para inserir publicidade nun taxi	15-07-04/23-08-04 28-09-04/25-10-04	18-11-04 23-11-04
31/2004	Sanción de tráfico	07-07-04 26-07-04/06-08-04 27-09-04/26-10-04	Sen resposta
33/2004	Queixa en relación co desenvolvemento das Festas de San Roque do ano 2003	03-05-04/07-06-04 20-07-04/24-08-04 29-09-04/26-10-04	18-11-04
38/2004	Actitude abusiva e arbitraria dun axente municipal	25-05-04/28-06-04 27-07-04/26-08-04 29-09-04/27-10-04	18-11-04
39/2004	Sanción de tráfico	24-05-04 28-06-04/27-07-04 26-08-04/25-10-04	Sen resposta
41/2004	Solicitude de tarxeta personalizada de acceso ao Casco Vello	28-05-04/30-06-04 19-08-04/20-09-04 25-10-04/18-11-04	Sen resposta
48/2004	Sanción de tráfico	07-06-04/08-07-04 17-08-04/08-09-04 06-10-04/09-11-04	Sen resposta
54/2004	Sanción de tráfico	14-07-04 25-08-04/23-09-04 25-10-04/18-11-04	Sen resposta
55/2004	Sanción de tráfico	29-07-04 08-09-04/06-10-04 10-11-04/15-12-04	Sen resposta



66/2004	Sanción de tráfico	13-09-04/25-10-04 15-11-04 15-12-04	Sen resposta
68/2004	Queixa relacionada coa sinalización dun paso de peóns en propiedade privada	13-09-04 25-10-04 16-11-04/15-12-04	28-09-04 *2
72/2004	Falta de aparcamento nunha rúa	27-09-04/27-10-04 29-11-04/28-12-04	Sen resposta
76/2004	Sanción de tráfico	04-10-04 04-11-04/09-12-04	Sen resposta
77/2004	Solicitude de prohibición de aparcamento nunha rúa	25-10-04 15-12-04	Sen resposta
81/2004	Sanción de tráfico	25-10-04 08-11-04/09-12-04	Sen resposta
91/2004	Sanción de tráfico	*1	
94/2004	Solicitude de ampliación da Liña C1 de Vitrasa os domingos	03-12-04	*2

*1 Queda o trámite en suspenso por estar pendente da resolución do recurso de reposición interposto.

*2 Pendente de recibir informe (última petición).

ÁREA DE PARQUES E XARDÍNS

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
20/2004	Danos producidos nunha vivenda por filtración de augas	01-03-04 26-03-04/27-04-04 31-05-04/30-06-04	15-04-04 16-07-04

ÁREA DE URBANISMO

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
7/2004	Queixa en relación cunha recualificación urbanística	25-02-04 22-03-04/28-10-04	23-03-04 07-12-04
18/2004	Queixa en relación coa realización de actividade industrial en zona residencial	01-03-04 24-05-04/24-06-04 21-07-04/24-08-04 23-09-04/25-10-04	24-03-04 Sen resposta
19/2004	Queixa relacionada coa instalación dunha plataforma no patio dun edificio	01-03-04 26-03-04/22-04-04 26-04-04/24-05-04 31-05-04/28-06-04 27-07-04/18-08-04 21-09-04/29-11-04	23-04-04 27-05-04 30-07-04 Sen resposta



21/2004	Construcción ilegal dun muro	08-03-04/06-04-04 27-04-04/24-05-04 23-06-04/26-07-04 08-09-04/06-10-04 08-11-04/09-12-04	29-07-04 Sen resposta
23/2004	Construcción ilegal dun galpón	10-03-04 06-04-04/27-05-04 29-06-04/27-07-04 26-08-04/05-10-04 04-11-04/09-12-04	23-04-04 Sen resposta
24/2004	Construcción ilegal dunha nave	18-03-04 12-04-04/10-05-04 16-06-04/14-07-04 02-09-04/05-10-04 04-11-04/09-12-04	31-05-04 29-07-04 Sen resposta
25/2004	Instalación de cheminea nun patio dun edificio	22-03-04/14-04-04 11-05-04/15-06-04 14-07-04/23-08-04 06-10-04/15-11-04	Sen resposta
28/2004	Obras sen licenza	05-04-04 27-04-04/31-05-04 30-06-04/28-07-04 24-08-04/28-09-04	30-07-04 28-10-04
29/2004	Obra ilegal consistente nunha vivenda de planta baixa	20-04-04/20-05-04 21-06-04/20-07-04 08-09-04/25-10-04 11-11-04/09-12-04	26-07-04 21-12-04
30/2004	Construcción dunha nave industrial	26-04-04/25-05-04 28-06-04/26-07-04 08-09-04/25-10-04 11-11-04/13-12-04	29-07-04 Sen resposta
34/2004	Molestias ocasionadas por unha chatarreiría sen licenza	05-05-04/07-06-04 26-07-04/26-08-04 29-09-04/26-10-04 23-11-04/23-12-04	29-06-04 Sen resposta
43/2004	Execución de obra sen axustarse á licenza outorgada	31-05-04 30-06-04/28-07-04 20-09-04/25-10-04	23-08-04 Sen resposta
45/2004	Solicitud de información en relación coa afectación dunhas vivendas pola apertura dunha rúa	02-06-04 17-08-04	28-06-04 13-09-04
51/2004	Instalación de antena de telefonía móbil sen licenza	23-06-04/22-07-04 08-09-04/06-10-04 10-11-04/14-12-04	30-07-04 Sen resposta
52/2004	Queixa por obras no baixo dunha vivenda	28-06-04 08-09-04/06-10-04 10-11-04/14-12-04	03-08-04 Sen resposta
57/2004	Construcción ilegal dun galpón	18-08-04/21-09-04 25-10-04 15-11-04	21-12-04



62/2004	Queixa relacionada co trato desigual aos locais dedicados a hostalería	23-08-04 25-10-04 22-11-04/16-12-04	Sen resposta
65/2004	Construcción ilegal dunha vivenda	04-10-04 03-11-04/09-12-04	*1
69/2004	Solicitude de información sobre o PEPRI do Casco Vello	14-09-04	27-09-04
70/2004	Queixa relacionada coa ROLDA de Vigo	16-09-04	04-10-04
75/2004	Molestias ocasionadas por un taller sen licenza	04-10-04 04-11-04/09-12-04	*1
78/2004	Realización de obras sen licenza	10-11-04 15-12-04	*1
96/2004	Molestias provocadas por un local sen licenza	17-12-04	*2

*1 Pendente de recibir informe (última petición).

*2 Pendente de recibir informe.

ÁREA DE VÍAS E OBRAS, INFRAESTRUCTURAS

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
40/2004	Danos nunha vivenda producidos por obras na rede de saneamento	27-05-04 21-07-04/26-08-04	04-06-04 27-09-04
42/2004	Deficiencias nunha mina de auga	28-05-04 21-07-04/26-08-04 29-09-04/18-11-04	03-06-04 19-10-04 *1
64/2004	Solicitude reiterada de copia de recibos de auga	08-09-04 25-10-04/15-11-04 29-11-04/15-12-04	26-11-04 *1
71/2004	Instalación de cadeas e pivotes na vía pública	16-09-04	24-09-04
87/2004	Solicitude de información respecto a obras de saneamento	11-11-04 13-12-04	Sen resposta

*1 Pendente de recibir informe (última petición)

ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
8/2004	Reclamación patrimonial por danos persoais, caída na rúa pública	04-02-04 01-09-04 25-10-04/11-11-04	13-02-04 08-09-04 16-11-04
26/2004	Reclamación patrimonial por danos persoais, caída na rúa pública	05-04-04 15-07-04 21-09-04/27-10-04	21-04-04 12-08-04 29-09-04 16-11-04
36/2004	Barreiras arquitectónicas en aparcamentos	14-05-04 16-06-04/20-07-07 25-08-04/06-10-04 08-11-04/13-12-04	13-09-04*1 18-11-04 17-12-04
46/2004	Reclamación patrimonial por danos persoais, caída na rúa pública	07-06-04 26-08-04 27-10-04	07-07-04 10-09-04 23-11-04
58/2004	Reclamación patrimonial por danos persoais, caída na rúa pública	18-08-04 25-10-04	09-09-04 09-11-04
63/2004	Queixa relacionada coa tramitación dun informe e co trato recibido nas dependencias municipais	23-08-04 08-09-04	03-09-04 21-09-04
86/2004	Reclamación patrimonial por danos persoais, caída na rúa pública	10-11-04 28-12-04	18-11-04 *2
90/2004	Reclamación patrimonial por danos persoais, caída na rúa pública	29-11-04	30-12-04
92/2004	Queixa pola suba excesiva da cota de abono nun aparcamento	13-12-04	*2

*1 Ata esta data solicitouse o informe a Mobilidade e Seguridade, que resposta que non é da súa competencia. A partir do 6/10/2004 solicítase a Xestión Municipal.

*2 Pendente de recibir informe.



PARTE IV

Entrevistas



**ÁREA DE AUGA, SANEAMENTO
E LIMPEZA: 8**

AUGA:

Tarifas de subministración de auga: 2

SANEAMENTO: 4

LIMPEZA:

Recollida de lixo: 2

ÁREA DE BENESTAR SOCIAL: 10

Asistencia social: 4

Orientación: 2

Vivenda: 4

**ÁREA DE CULTURA, DEPORTES
E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA: 0**

CULTURA: 0

DEPORTES: 0

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA: 0

ÁREA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL: 2

Participación Cidadá: 2

Recuperación do Casco Vello: 0

ÁREA DE ECONOMÍA E FACENDA: 8

ECONOMÍA: 0

FACENDA:

TRIBUTOS:

Imposto de Actividades Económicas: 0

Imposto sobre Bens Inmóbles
de Natureza Urbana: 4

Imposto de Circulación de Vehículos: 0

Imposto sobre Construcións,
Instalacións e Obras: 0

Incremento de Valor dos Terreos
de Natureza Urbana: 2

Outros: 2

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE: 26

Contaminación Acústica: 24

Olores: 2

Vertidos/ Residuos: 0

Outros: 0

**ÁREA DE MOBILIDADE
E SEGURIDADE: 30**

MOBILIDADE:

Aparcamento/Vados: 8

Multas: 12

Tráfico: 0

Transporte: 0

Vitrasa: 4

Outros: 2

SEGURIDADE:

Seguridade cidadá: 4

ÁREA DE PARQUES E XARDÍNS: 0

ÁREA DE URBANISMO: 78

Execución de ordes de derruba: 16

Infraccións urbanísticas (obras ilegais): 40

Licencias: 8

Afectados PERI/ PEPRI: 4

PXOU e ROLDA: 10

Outros: 0

**ÁREA DE VÍAS E OBRAS
E INFRAESTRUCTURAS: 10**

VÍAS E OBRAS: 10

INFRAESTRUCTURAS: 0

ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL: 12

PATRIMONIO:

Barreiras arquitectónicas: 0

Responsabilidade patrimonial
por danos persoais: 12

Outros: 0

VARIOS: 30

Ámbito civil entre particulares: 12

Consumo: 0

Exentos segundo regulamento: 4

OUTRAS ADMINISTRACIÓN:

Admon. estatal/Defensor del Pueblo: 8

Admon. Autonómica/ Valedor do Pobo: 6

OUTRAS CCAA: 0

OUTROS CONCELLOS: 0

**Nº ENTREVISTAS POR ÁREAS**

ÁREAS*	Nº ENTREVISTAS
AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA	8
BENESTAR SOCIAL	10
CULTURA, DEPORTES E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	0
DESENVOLVEMENTO LOCAL	2
ECONOMÍA E FACENDA	8
MEDIO AMBIENTE	26
MOBILIDADE E SEGURIDADE	30
PARQUES E XARDÍNS	0
URBANISMO	78
VÍAS E OBRAS, INFRAESTRUCTURAS	10
XESTIÓN MUNICIPAL	12
VARIOS	30
TOTAL ENTREVISTAS	214

*Segundo orde alfabética


REFERENCIA PORCENTUAL DE ENTREVISTAS

ÁREAS*	PORCENTAXES
URBANISMO	36,45%
MOBILIDADE E SEGURIDADE	14,02%
VARIOS	14,02%
MEDIO AMBIENTE	12,15%
XESTIÓN MUNICIPAL	5,61%
BENESTAR SOCIAL	4,67%
VÍAS E OBRAS, INFRAESTRUCTURAS	4,67%
AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA	3,74%
ECONOMÍA E FACENDA	3,74%
DESENVOLVEMENTO LOCAL	0,93%
CULTURA, DEPORTES E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	0%
PARQUES E XARDÍNS	0%

*Ordenadas porcentualmente de maior a menor



Referencia porcentual de expedientes







PARTE V

Consultas correo electrónico



**ÁREA DE AUGA, SANEAMENTO
E LIMPEZA: 1**

AUGA:

Tarifas de subministración de auga: 0

SANEAMENTO: 1

LIMPEZA:

Recollida de lixo: 0

ÁREA DE BENESTAR SOCIAL: 1

Asistencia social: 1

Orientación: 0

Vivenda: 0

**ÁREA DE CULTURA, DEPORTES
E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA: 7**

CULTURA: 2

DEPORTES: 4

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA: 1

ÁREA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL: 1

Participación Cidadá: 1

Recuperación do Casco Vello: 0

ÁREA DE ECONOMÍA E FACENDA: 1

ECONOMÍA: 0

FACENDA:

TRIBUTOS:

Imposto de Actividades Económicas: 0

Imposto sobre Bens Inmóbles

de Natureza Urbana: 0

Imposto de Circulación de Vehículos: 1

Imposto sobre Construcións,

Instalacións e Obras: 0

Incremento de Valor dos Terreos

de Natureza Urbana: 0

Outros: 0

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE: 5

Contaminación Acústica: 3

Olores: 1

Vertidos/ Residuos: 1

Outros: 0

**ÁREA DE MOBILIDADE
E SEGURIDADE: 17**

MOBILIDADE:

Aparcamento/Vados: 4

Multas: 2

Tráfico: 7

Transporte: 1

Vitrasa: 1

Outros: 0

SEGURIDADE:

Seguridade cidadá: 2

ÁREA DE PARQUES E XARDÍNS: 1

ÁREA DE URBANISMO: 1

Execución de ordes de derruba: 0

Infraccións urbanísticas (obras ilegais): 1

Licencias: 0

Afectados PERI/ PEPRI: 0

PXOU e ROLDA: 0

Outros: 0

**ÁREA DE VÍAS E OBRAS
E INFRAESTRUCTURAS: 3**

VÍAS E OBRAS: 2

INFRAESTRUCTURAS: 1

ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL: 3

PATRIMONIO:

Barreiras arquitectónicas: 1

Responsabilidade patrimonial

por danos persoais: 1

Outros: 1

VARIOS: 15

Ámbito civil entre particulares: 1

Consumo: 4

Exentos segundo regulamento: 0

OUTRAS ADMINISTRACIÓN:

Admon. estatal/Defensor del Pueblo: 6

Admon. Autonómica/Valedor do Pobo: 2

OUTRAS CCAA: 1

OUTROS CONCELLOS: 1



Nº CONSULTAS POR ÁREAS	
ÁREAS*	Nº CONSULTAS
AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA	1
BENESTAR SOCIAL	1
CULTURA, DEPORTES E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	7
DESENVOLVEMENTO LOCAL	1
ECONOMÍA E FACENDA	1
MEDIO AMBIENTE	5
MOBILIDADE E SEGURIDADE	17
PARQUES E XARDÍNS	1
URBANISMO	1
VÍAS E OBRAS, INFRAESTRUCTURAS	3
XESTIÓN MUNICIPAL	3
VARIOS	15
TOTAL CONSULTAS	56


*Segundo orde alfabética

REFERENCIA PORCENTUAL DE CONSULTAS	
ÁREAS*	PORCENTAXES
MOBILIDADE E SEGURIDADE	30,36%
VARIOS	26,79%
CULTURA, DEPORTES E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	12,50%
MEDIO AMBIENTE	8,93%
VÍAS E OBRAS, INFRAESTRUCTURAS	5,36%
XESTIÓN MUNICIPAL	5,36%
AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA	1,79%
BENESTAR SOCIAL	1,79%
DESENVOLVEMENTO LOCAL	1,79%
ECONOMÍA E FACENDA	1,79%
PARQUES E XARDÍNS	1,79%
URBANISMO	1,79%

*Ordenadas porcentualmente de maior a menor



Referencia porcentual de expedientes







PARTE VI

Resumo estatístico global

Consultas, entrevistas e expedientes



**ÁREA DE AUGA, SANEAMENTO
E LIMPEZA: 12**

AUGA:

Tarifas de subministración de auga: 2

SANEAMENTO: 7

LIMPEZA:

Recollida de lixo: 3

ÁREA DE BENESTAR SOCIAL: 13

Asistencia social: 6

Orientación: 2

Vivenda: 5

**ÁREA DE CULTURA, DEPORTES
E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA: 12**

CULTURA: 2

DEPORTES: 5

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA: 5

ÁREA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL: 4

Participación Cidadá: 3

Recuperación do Casco Vello: 1

ÁREA DE ECONOMÍA E FACENDA: 14

ECONOMÍA: 0

FACENDA:

TRIBUTOS:

Imposto de Actividades Económicas: 1

Imposto sobre Bens Inmóbles
de Natureza Urbana: 4

Imposto de Circulación de Vehículos: 2

Imposto sobre Construcións,
Instalacións e Obras: 1

Incremento de Valor dos Terreos
de Natureza Urbana: 4

Outros: 2

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE: 43

Contaminación Acústica: 32

Olores: 6

Vertidos/ Residuos: 3

Outros: 2

**ÁREA DE MOBILIDADE
E SEGURIDADE: 84**

MOBILIDADE:

Aparcamento/Vados: 20

Multas: 34

Tráfico: 8

Transporte: 2

Vitrasa: 7

Outros: 6

SEGURIDADE:

Seguridade cidadá: 7

ÁREA DE PARQUES E XARDÍNS: 2

ÁREA DE URBANISMO: 119

Execución de ordes de derruba: 21

Infraccións urbanísticas (obras ilegais): 69

Licencias: 10

Afectados PERI/ PEPRI: 7

PXOU e ROLDA: 11

Outros: 1

**ÁREA DE VÍAS E OBRAS
E INFRAESTRUCTURAS: 20**

VÍAS E OBRAS: 19

INFRAESTRUCTURAS: 1

ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL: 25

PATRIMONIO:

Barreiras arquitectónicas: 2

Responsabilidade patrimonial por
danos persoais: 20

Outros: 3

VARIOS: 56

Ámbito civil entre particulares: 13

Consumo: 4

Exentos segundo regulamento: 10

OUTRAS ADMINISTRACIÓN:

Admon. estatal/Defensor del Pueblo: 16

Admon. Autónoma/ Valedor do Pobo: 11

OUTRAS CCAA: 1

OUTROS CONCELLOS: 1

**Nº EXPEDIENTES 2002/2003/2004 POR ÁREAS**

ÁREAS*	Nº EXPEDIENTES
AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA	12
BENESTAR SOCIAL	13
CULTURA, DEPORTES E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	12
DESENVOLVEMENTO LOCAL	4
ECONOMÍA E FACENDA	14
MEDIO AMBIENTE	43
MOBILIDADE E SEGURIDADE	84
PARQUES E XARDÍNS	2
URBANISMO	119
VÍAS E OBRAS, INFRAESTRUCTURAS	20
XESTIÓN MUNICIPAL	25
VARIOS	56
TOTAL	404

*Segundo orde alfabética

REFERENCIA PORCENTUAL DE EXPEDIENTES

ÁREAS*	PORCENTAXES
URBANISMO	29,45%
MOBILIDADE E SEGURIDADE	20,79%
VARIOS	13,86%
MEDIO AMBIENTE	10,64%
XESTIÓN MUNICIPAL	6,18%
VÍAS E OBRAS, INFRAESTRUCTURAS	4,95%
ECONOMÍA E FACENDA	3,46%
BENESTAR SOCIAL	3,21%
AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA	2,97%
CULTURA, DEPORTES E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	2,97%
DESENVOLVEMENTO LOCAL	0,99%
PARQUES E XARDÍNS	0,44%

*Ordenadas porcentualmente de maior a menor



Referencia porcentual de expedientes

